

AS POLÍTICAS CULTURAIS NAS SETE PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS

Observatorio da Cultura Galega

D O C U M E N T O S E I N F O R M E S



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Consello da Cultura Galega. Observatorio da Cultura Galega

As políticas culturais nas sete principais cidades galegas / Observatorio da Cultura Galega ; [dirección, Xan M. Bouzada Fernández ; equipo técnico Mercedes Fernández Gestido, Miguel Valverde Juncal] . — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, 2007. — 249 p. ; 21 cm. — (Documentos e Informes)

D.L. C 1005-2007 . — ISBN 978-84-96530-30-0

1. Galicia-Política cultural. I. Bouzada Fernández, Xan M. II. Fernández Gestido, Mercedes. III. Valverde Juncal, Miguel. IV. Título.

DIRECCIÓN
Xan M. Bouzada Fernández

EQUIPO TÉCNICO
Mercedes Fernández Gestido
Miguel Valverde Juncal

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 957 202 Fax 981 957 205
correo@consellodacultura.org
Web: <http://www.consellodacultura.org>

Proxecto gráfico
e deseño de cubertas
MANUEL JANEIRO

ISBN 978-84-96530-30-0
Depósito legal C 1005-2007

Realización
Lúdica7

ÍNDICE

LIMIAR	9
INTRODUCCIÓN	11
AS POLÍTICAS CULTURAIS NAS PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS	15
1. O MARCO TEÓRICO DE ANÁLISE DAS POLÍTICAS CULTURAIS LOCAIS	17
1.1. O marco teórico de análise das políticas culturais	17
1.2. Para comprender a gobernabilidade cultural española	21
1.2.1. A especificidade do caso español	21
1.2.2. A gobernabilidade cultural española: xénese e modelo actual	22
1.3. A política cultural na España das autonomías	27
1.3.1. As etapas das políticas culturais autonómicas en España	30
1.3.2. Entre a construción sociocultural da memoria e a asunción dos novos desafíos económicos e culturais da sociedade globalizada	31
2. A MUNICIPALIZACIÓN DA CULTURA E O AUXE RECENTE DAS POLÍTICAS CULTURAIS URBANAS: ALGUNHAS REFLEXIÓNS INSPIRADAS NO CASO GALEGO	39
2.1. A institucionalización da cultura no ámbito municipal	39
2.2. Os concellos como mediadores culturais coa sociedade local	43
2.3. O novo compromiso dos responsables locais coa cultura	44
2.4. Os avances na <i>competencia</i> cultural local	45
2.5. As políticas culturais locais: dos pioneiros aos executantes	47
2.6. Novos actores e novos protagonismos na escena cultural local	49
3. A SITUACIÓN CULTURAL DAS SETE PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS: ALGÚNS DATOS INTRODUTORIOS	53
3.1. Museos e arquivos	55
3.2. Bibliotecas públicas, produción editorial e de xornais	58
3.3. Espazos e actividades escénicas	62
3.4. Sector audiovisual	64
3.5. Hábitos culturais	66

4. CARACTERIZACIÓN DOS DEPARTAMENTOS DE CULTURA DAS SETE PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS	75
4.1. Os departamentos de Cultura das sete principais cidades galegas	76
4.2. Convenios, subvencións e recursos orzamentarios dos departamentos de Cultura	84
4.3. Acerca do deseño das políticas culturais locais	88
4.4. Dotacións municipais en equipamentos e infraestruturas culturais	92
4.5. Os eixes centrais das políticas culturais galegas urbanas	94
4.6. Un balance dos desafíos político-culturais dos departamentos de Cultura das sete principais cidades galegas	97
CIDADE A CIDADE	99
A CORUÑA. Cultura, desenvolvemento urbano e cidadanía: o desafío integrador	101
1. A cidade da Coruña	101
2. A política cultural da Coruña e os seus obxectivos	102
3. Demandas, carencias e prioridades	105
4. Eixes centrais da actividade cultural municipal e dotacións	106
5. A ollada dos actores culturais locais	107
6. Valoración da política cultural da cidade	109
7. Propostas e alternativas	111
FERROL. A continuidade respectuosa	113
1. A cidade de Ferrol	113
2. A política cultural de Ferrol e os seus obxectivos	113
3. Demandas, carencias e prioridades	114
4. Eixes centrais da actividade cultural municipal e dotacións	115
5. A ollada dos actores culturais locais	116
6. Valoración da política cultural da cidade	119
7. Propostas e alternativas	122
LUGO. Creando referentes e tecendo a malla da cultura	125
1. A cidade de Lugo	125
2. A política cultural de Lugo e os seus obxectivos	126
3. Demandas, carencias e prioridades	128
4. Eixes centrais da actividade cultural municipal e dotacións	129
5. A ollada dos actores culturais locais	130
6. Valoración da política cultural da cidade	132
7. Propostas e alternativas	133
OURENSE. Construindo un futuro da cultura desde a tradición e a sociedade civil	137
1. A cidade de Ourense	137
2. A política cultural de Ourense e os seus obxectivos	138
3. Demandas, carencias e prioridades	140
4. Eixes centrais da actividade cultural municipal e dotacións	141
5. A ollada dos actores culturais locais	142

6. Valoración da política cultural da cidade	143
7. Propostas e alternativas	145
PONTEVEDRA. Unha acción municipal orientada á vertebración cultural e social da comunidade	149
1. A cidade de Pontevedra	149
2. A política cultural de Pontevedra e os seus obxectivos	150
3. Demandas, carencias e prioridades	152
4. Eixes centrais da actividade cultural municipal e dotacións	153
5. A ollada dos actores culturais locais	156
6. Valoración da política cultural da cidade	158
7. Propostas e alternativas	159
SANTIAGO DE COMPOSTELA. Excelencia e transversalidade	163
1. A cidade de Santiago de Compostela	163
2. A política cultural de Santiago de Compostela e os seus obxectivos	164
3. Demandas, carencias e prioridades	166
4. Eixes centrais da actividade cultural municipal e dotacións	167
5. A ollada dos actores culturais locais	168
6. Valoración da política cultural da cidade	172
7. Propostas e alternativas	173
VIGO. A oscilante xénese do campo da acción cultural local	175
1. A cidade de Vigo	175
2. A política cultural de Vigo e os seus obxectivos	176
3. Demandas, carencias e prioridades	178
4. Eixes centrais da actividade cultural municipal e dotacións	179
5. A ollada dos actores culturais locais	180
6. Valoración da política cultural da cidade	183
7. Propostas e alternativas	185
OS DILEMAS ESTRATÉXICOS DOS PRINCIPAIS CONCELLOS GALEGOS	187
1. Introducción e metodoloxía	189
2. <i>Dilemas estratéxicos</i>	193
3. Análise dos <i>dilemas estratéxicos</i> por concellos	213
CONCLUSIÓNS FINAIS	223
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	243

LIMIAR

A publicación deste documento de traballo sobre *As políticas culturais nas sete principais cidades galegas* é indicador, por máis dun concepto, do rumbo que o Consello da Cultura Galega está a seguir na actualidade. O texto é unha análise cuantitativa e cualitativa moi polo miúdo das políticas culturais seguidas nas principais cidades galegas nos últimos anos, con enfoques de carácter global e con achegas particulares ás accións culturais de cada unha delas. Trátase, por tanto, dun documento de traballo que é resultado dun informe tecnicamente ben elaborado sobre a situación cultural destas cidades a principios do século XXI, no que a pericia investigadora do equipo que o realiza se pon de manifesto. Como documento e investigación especializada, trátase tamén dunha achega que o Consello da Cultura Galega, como institución dedicada ao estudo e á promoción dos valores culturais do pobo galego, debe facer á sociedade galega, aquí representada pola súa poboación máis urbana.

O equipo técnico que realizou este informe foi dirixido polo profesor de Socioloxía da Universidade de Vigo Xan Bouzada, un recoñecido experto na socioloxía da cultura e na análise das políticas culturais de base local, tema sobre o que organizou no Consello da Cultura varios encontros e xornadas, cuxas actas xa foron publicadas. Non se trata, pois, dunha obra que apareza agora de forma súbita, senón que é o resultado dun traballo de cooperación institucional entre o Consello, a Universidade de Vigo e a Fundación Isla Couto, que é o marco de traballo onde se elaboraron basicamente este informe e outros estudos sectoriais que irán saíndo nos vindeiros meses.

Doutra banda, alén do contido concreto deste documento, con esta publicación inauguramos ou, mellor dito, remodelamos a vella colección de publicacións que, baixo a rúbrica de «Informes», leva en vigor varios anos. Elixiuse un formato máis próximo ao que en toda institución pública se estima como documento de traballo e, ademais, esta será unha das coleccións máis atendidas na política de publicacións que pretendemos

fixar como propia do Consello. De feito, outros estudos e informes, incluídos os que fixo o Consello sobre diversos servizos da Cidade da Cultura, serán publicados en breve tamén nesta colección.

Alén do recoñecemento ao traballo feito polo equipo técnico, debo engadir que tanto este estudo como os que veñan no futuro están vencellados institucionalmente a un dos servizos propios do Consello, o Observatorio da Cultura Galega, que, despois de permanecer algún tempo *in partibus infidelium*, pasou agora a formar parte, mesmo fisicamente, das dependencias do propio Consello da Cultura Galega.

Neste Observatorio desenvolverase, desde agora, un traballo sistemático de documentación e realización de traballos técnicos sobre a situación da cultura galega, comezado polo Informe Cero, que deberá estar realizado a finais deste ano 2007. Se unha das funcións máis específicas do Consello é xustamente aquela que ten que ver coa análise periódica da cultura galega, dos seus equipamentos e servizos e dos resultados concretos que aqueles ofrecen, este Observatorio da Cultura Galega vai ser o instrumento que permita realizar esa tarefa, para o que non só se destinarán algúns dos recursos humanos cos que conta actualmente o Consello, senón que se recorrerá cando sexa preciso ás asesorías externas que, como no caso do equipo que dirixiu este Informe das sete cidades, tan bos resultados produciu.

Ramón Villares

INTRODUCCIÓN

O traballo que aquí presentamos foi elaborado para dar conta do crecente protagonismo político-cultural acadado ao longo dos últimos anos polas instancias administrativas situadas en vilas e cidades e ao mesmo tempo para realizar un primeiro achegamento que permita ir establecendo calas significativas no coñecemento dese mesmo fenómeno. O novo pulo que están a lograr as políticas culturais municipais propicia un incremento crecente da súa visibilidade nuns ámbitos culturais urbanos que se nos mostran cada vez máis competentes no compromiso coa cultura así como na abordaxe e na resolución técnica desa mesma tarefa.

En particular, as cidades están a tomar unha conciencia crecente da transcendencia que os equipamentos, programacións e políticas culturais en xeral representan para o cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento social e económico. A cultura está a actuar nelas como un motor privilexiado que potencia o seu capital humano e a densificación e vertebración do seu capital social e tamén como motor dinamizador das súas potencialidades turísticas e económicas na medida en que a cultura e a comunicación están a se constituír cada vez máis como continentes e contidos de novas e múltiples propostas e empresas que teñen na cidade o seu berce privilexiado.

Neste senso resulta constatable o feito de que as políticas culturais foron culminando un tránsito sucesivo que as encamiñou cara a ámbitos territoriais distintos e cada vez máis próximos. Se inicialmente as políticas culturais tiveron como centro a nación como ente territorial e o Estado como actor protagonista, a medida que foi avanzando o século xx puidemos ver como as rexións e, máis tarde, as vilas e cidades souberon irse tamén incorporando como territorios con iniciativa para dotarse de competencias e funcións propias. Tanto é así que, cando chegamos á última década do século xx e á primeira do XXI, a cidade estaba a se configurar xa como un auténtico laboratorio microsocioal particularmente dotado e eficiente na asunción do desafío que representaba a progresiva incorporación das políticas culturais. A cidade convertíase agora no marco privilexiado no que a proximidade ás arelas dos creadores, promotores, emprendedores e colectivos culturais permitía acadar un eco e unha plasmación máis áxil e axeitada. Así mesmo, as cidades foron descubrindo, ao abeiro dese novo reto, as diversas virtualidades que se agochaban na polisémica potencialidade das iniciativas culturais.

As políticas culturais foron culminando un ciclo aínda vivo en virtude do cal as tarefas culturais souberon irse depurando e multiplicando. Se as primeiras formulacións pioneiras das políticas culturais atenderon a fins como o apoio por parte de mecenas diversos á arte e aos artistas e creadores, o avance na densificación e conformación dos novos estados estaría chamado tamén a outorgarlle un maior protagonismo ao seu papel parceiro no reforzamento das identidades nacionais. O orgullo das propias formas de esplendor creativo ou as mesmas tradicións en que se pretendía resumir o espírito do pobo tenderon a configurarse como eixes principais no quefacer político por parte dos estados nacionais no eido da cultura.

A institucionalización, propiamente dita, das políticas culturais a mediados do século xx trouxo consigo a entronización dun novo obxectivo que ía estar destinado a modular durante décadas o seu crecente protagonismo. A consolidación das democracias occidentais, coas súas novas canles de lexitimación, estableceu como un novo horizonte engadido o logro dos dereitos culturais dos cidadáns como corolario daqueles dereitos políticos, económicos e sociais que o precederan no seu recoñecemento e polos que tan decididamente apostara o mesmo modelo do estado do benestar. En virtude disto, o obxectivo da democratización do acceso á cultura vai ser un *numen* que oriente e alente o decidido avance das políticas culturais na lente dos distintos estados occidentais. Iso si, esa aposta levaríase a cabo con xeitos e estilos bastante diferenciados segundo a área xeográfica na que pousemos a nosa ollada. Ao seu xeito, o mundo anglosaxón atendeu máis a estimular a iniciativa cultural da sociedade civil e o mercado; os países latinos, con Francia á cabeza, preferiron apostar polo papel da Administración do Estado; mentres que o norte de Europa ía procurar un modelo mixto e equidistante entre os dous anteriores.

Por outra parte, o alento promisorio da democratización do acceso á cultura pronto se arrequeceu coa tarefa complementaria do recoñecemento das virtualidades presentes nas formas culturais relegadas; algo que a terminoloxía convencional deu en definir como a aspiración á democracia cultural. Aquí a cultura configurábase como unha realidade cada vez máis próxima e accesible.

As dúas últimas décadas do século xx foron testemuñas dunha fecunda eclosión de obxectivos con vocación para ampliar as tradicionais funcións culturais «intrínsecas», abríndolle paso tamén a novas aspiracións orientadoras de carácter «extrínseco», as cales non facían senón levantar acta da crecente permeabilidade social da cultura ou, se se prefire, do carácter cada vez máis ubicuo e secular da presenza dos continentes e dos contidos culturais.

A eclosión da importancia económica da cultura, non só como variable independente susceptible de alentar o cambio económico-cultural, a innovación e a eficiencia, senón tamén na súa calidade de variable dependente, a cultura como soporte e contido de actividades tan dinámicas como o consumo cultural ou o turismo cultural, provocou un imparable efecto imitativo entre cidades, rexións e mesmo estados en moi diversos lugares do globo. Máis recentemente, a crise do modelo democrático occidental suscitou e mesmo axudou a recuperar algunhas das vellas preocupacións que foran ben queridas, tanto para os pioneiros rexeneracionistas españois da

Institución Libre de Enseñanza, precursores en Europa coa súa aposta polas Misións Pedagóxicas, como para os membros adiantados do colectivo francés *Peuple et Culture*, que algúns anos máis tarde, e tras a fin da Segunda Guerra Mundial, botarían a andar a proposta da animación sociocultural, que non pretendía ser outra cousa que unha metodoloxía para o desenvolvemento da cidadanía e o enraizamento da democracia a través da cultura. Nos últimos anos, a aposta pola cidadanía cultural tenta tamén buscar na propia historia da acción cultural rudimentos e inspiracións de sentido que nos axuden hoxe no desafío rexenerador de recuperar o sentido profundo da propia institución democrática.

O que pretendemos poñer de manifesto con esta investigación é o feito de que as cidades galegas non permaneceron alleas a este tipo de tendencias, respondendo cada unha delas, ao seu xeito, aos desafíos que o tempo ía debullando. Cada cidade pode ser lida como un microlaboratorio social no que a relación entre recursos, tanxibles ou intanxibles, iniciativa política e marco de oportunidade foron propiciando a posta en marcha dunhas ou doutras iniciativas de acordo cunha ecuación e cuns equilibrios locais sempre provisorios e sempre abertos.

O presente traballo representa o resultado dunha minuciosa pescuda promovida polo Consello da Cultura Galega a través do Observatorio da Cultura Galega, a cal pretendeu abrir un camiño orixinal ao se centrar na análise específica das políticas culturais municipais das sete cidades galegas. Cómpre subliñar que na abordaxe deste traballo tentouse achegar unha interpretación e unha análise complementaria de carácter teórico e metodolóxico. Por unha banda pretendeuse proporcionar pistas teóricas que axudasen a entender hoxe o interese e a relevancia das políticas culturais urbanas dentro do marco do proceso de municipalización da cultura. Por outra, efectuar unha recollida de datos exhaustiva e multidimensional de carácter cuantitativo e cualitativo que nos permitise interpretar non só os aspectos estruturais do fenómeno, senón tamén entendermos as lóxicas dos distintos actores implicados no proceso (responsables políticos, técnicos, creadores, emprendedores, promotores...). A calquera lector interesado, a obra vai permitirle observar o laborioso e exhaustivo despregamento efectuado para a recollida de datos, o que contribúe a salientar o rigor da presente aposta. Para a elaboración dos datos foron mobilizados diversos recursos de carácter metodolóxico, entre os que se contan o manexo exhaustivo das bases de datos culturais relativas a Galicia, a elaboración propia de estatísticas orixinais, a realización de enquisas dirixidas a distintos actores culturais, etc., tamén se desenvolveu unha ampla estratexia de entrevistas en profundidade efectuadas a unha mostra moi significativa dos axentes culturais máis relevantes situados en cada unha das sete cidades. Particularmente orixinal resultou a enquisa a responsables políticos culturais municipais, na que se lles preguntaba acerca dos criterios valorativos que orientaban as súas políticas culturais locais. Nese senso, e na forma de dilemas estratéxicos, foron sometidos a unha laboriosa enquisa que só a súa amabilidade e comprensión permitiu culminar cun resultado satisfactorio.

O período de recollida de datos contou cunha ampla marxe temporal chamada a completar dun xeito favorable e exhaustivo todo o proceso de recollida de información que nos

propuxeramos. O ano 2005 foi no que se centrou a maior parte do traballo de campo. A elaboración de datos e a redacción do informe final da investigación rematou ao longo dos primeiros meses de 2006, sendo nese ano a entrega da versión final para a súa avaliación polo Consello da Cultura Galega.

Convencidos do interese que pode suscitar o presente traballo de investigación, non resta máis que, lembrando a todos aqueles que o fixeron posible (responsables políticos culturais municipais, técnicos, directivos de entidades culturais, emprendedores, creadores e promotores culturais, etc.), agradecerlles a súa paciencia e amabilidade ao proporcionarnos unha información que, se ben non sempre puidemos aproveitar en todo o seu interese e matices, si procuramos que dalgún xeito ficase sempre recollida de forma equilibrada e arrequecedora.

Xan M. Bouzada Fernández

AS POLÍTICAS CULTURAIS NAS PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS

1. O MARCO TEÓRICO DE ANÁLISE DAS POLÍTICAS CULTURAIS LOCAIS

1.1. O MARCO TEÓRICO DE ANÁLISE DAS POLÍTICAS CULTURAIS

De acordo coa proposta de Philippe Urfalino (1989), investigador do equipo de políticas culturais que desde hai anos traballa en Francia con apoio do Ministerio de Cultura, se se desexa establecer un marco metodolóxico axeitado que permita abordar a análise específica das políticas culturais será preciso definir os seguintes trazos:

1. A existencia dun ámbito institucional de intervención acoutado.
2. A aceptación desta anotación por parte dos actores implicados.
3. Certa autonomía do campo definido por unha regularidade relativamente sólida e estable das interaccións.

Recentemente H. K. Nielsen (1999), tras considerar que o campo da cultura é un espazo no que se producen confrontacións caracterizadas pola súa peculiar complexidade, subliñaba o feito adicional de que o investigador debe facer aflorar os problemas ocultos para axudar a que se lles busquen solucións políticas idóneas. A partir desa consideración Nielsen pasaba a establecer tres contextos de análise diferenciados:

1. o contexto político e económico;
2. as institucións artísticas;
3. o mundo da vida como ámbito específico.

Na nosa opinión, as perspectivas de análise no ámbito ampliado da *Acción Social Cultural* deben atender polo menos a un triplo aspecto desde tres puntos de vista distintos:

Cadro 1. Perspectivas de análise no ámbito da *Acción Social Cultural*

Perspectiva	Dimensión	Desenvolvemento
Analítico-distributiva	Prácticas, usos, recursos	Análise dos públicos da cultura, lóxicas actoriais
Relacional e institucional	Relacións endo e exo institucionais. Lóxicas actoriais e decisionais	Análise de políticas culturais. Avaliacións, estudos de caso
Crítico-reflexiva	Teórico-crítica	Estudos e ensaios teórico-críticos

Fonte: Elaboración propia

De todos os xeitos, o noso recurso a esta taxonomía posible do campo non ha de facernos esquecer a dificultade práctica existente cando nos vemos compelidos a realizar, usando a terminoloxía do profesor Pérez Agote, *teoría quente*, é dicir, unha reflexión achegada estreitamente á realidade. Nese caso, e tal como nolo recorda o equipo investigador encargado da realización do *Programme Européen d'Évaluation* (1988), os esforzos para determinar de xeito preciso o que debe ser ou non incluído no campo de interese do investigador en políticas culturais resultan sempre arduos.

As liñas de investigación e análise teórico-crítica neste campo son moi variadas e incrementan a súa diversidade ao longo dos últimos anos en paralelo co despregamento irrefreable do campo da cultura e da comunicación, así como en función do forte auxe das políticas culturais de contido específico ou afín.

Tradicións como a da crítica teórica da cultura marcan unha liña de continuidade bastante estable que, neste caso, a fixo transitar desde as súas orixes na Teoría Crítica da *Escola de Frankfurt* ata o amplo e diverso caixón de xastre constituído hoxe polos *Cultural Studies*. Así mesmo, habemos de facer referencia ás frecuentes achegas de estudos relativos ás prácticas e consumos culturais que nalgúns países, como Francia (Donnat, 1998) ou Canadá (Pronovost, 1994), chegaron a consolidarse como liñas de traballo sólidas e relevantes, mentres que entre nós foron máis ben obxecto concreto de atención por parte de entidades como o Ministerio de Cultura ou dalgúns poucos autores que se achegaron ocasionalmente ao tema (Piñuel, 1987).

Desde unha perspectiva diferente, e caracterizada pola súa vontade aplicada, acharíanse as tradicións da *socioloxía da comunidade* e a tradición do *community building*, así como a súa correspondente francófona, a Escola de Animación Sociocultural. Estas correntes directamente vinculadas a unha concepción do desenvolvemento cultural como ferramenta útil para a articulación cívica das comunidades mantén unha vitalidade estimable e segue ocupando un lugar relevante nos estudos sociais sobre o cultural. Dentro desta corrente, a relación entre acción cultural, equipamentos e servizos culturais (Clinton, 1993; Karp *et alii*, 1992) segue suscitando interrogantes acerca dos seus límites e potencialidades para facer comunidade en contextos anómicos e aparentemente refractarios ás dinámicas comunitarias (Tresser, 1996; Huet, 1994). Ao seu lado desenvolvéronse formulacións do mesmo asunto en termos conceptuais relativamente renovados como o da análise deste tipo de dinámicas en función da súa capacidade para desenvolver o compromiso cívico democrático (Worpole, 1992) e o sentimento de cidadanía a través da cultura (Ilczuk, 2001). Recentemente os autores vinculados á teoría do *capital social* souberon outorgarlle un novo impulso a esta tradición ao reformular as vellas hipóteses latentes na teoría do *community development*. A cultura como ferramenta de activación para promover non só o capital social *vinculante*, senón máis ben outro máis aberto e renovador capaz de abrir novas *pontes* baseándose en crecentes oportunidades de aperturas expansivas (De Souza Briggs, 1998).

Tamén recentemente, aínda que en ocasións desde liñas moi próximas á tradición da Teoría Crítica e os *Cultural Studies*, estanse a realizar achegas e análises que teñen en común o obxectivo

de mostrar algúns procesos substanciais de cambio social que se reflicten no ámbito do cultural. Neste aspecto realizáronse diagnósticos sobre os efectos do recente impacto das industrias culturais (O'Connor, 2003; Bustamante, 2001) así como acerca dos seus efectos sobre as prácticas sociais e as políticas da cultura (Street, 2000; García Canclini, 1989). En particular, o tema da globalización cultural foi un dos máis atendidos por esta matriz de preocupacións emerxentes (Robertson, 1992; García Canclini, 1999) derivadas dos actuais procesos de cambio social en curso.

Durante os últimos anos, no campo da investigación en políticas culturais irrompeu cunha vitalidade particular unha liña que ten como eixe de atención prioritario os factores territoriais. Asuntos como as políticas de alcance local, urbana, comarcal, de áreas metropolitanas ou rexións, en ámbitos urbanos ou rurais, estanse a converter nun núcleo de atención particularmente activo ao fío dos novos problemas que este ámbito formula: descentralización, creación de novos espazos político-administrativos, potenciación do desenvolvemento local urbano ou rural, etc. A atención ás políticas locais foi común a autores de países diferentes (Appleton, 2000; Moulinier, 1995; López de Aguilera, 1999). Así mesmo, a aparición de novos marcos espaciais de carácter político-administrativo suscitou interese en contextos xeoterritoriais e nacionais variados (Negrier, 2002; Pongy e Saez, 1994; Schuster, 2002; Langsted, 1991). Tanto Pongy e Saez como Schuster subliñan a conveniencia hoxe de que se aborde o estudo das políticas culturais nos niveis subnacionais, rexionais e provinciais (Pongy e Saez, 1994: 226). Pola súa parte, Schuster, desde a súa realidade concreta dos Estados Unidos, recomendaba no seu traballo a ampliación de horizontes ao levantar acta do feito de que, dos 116 artigos publicados nos primeiros 14 números do *International Journal of Cultural Policy*, 20 estiveran centrados no ámbito local, só 1 en niveis intermedios, mentres os 94 restantes (catro de cada cinco) se ocuparan das políticas estatais ou doutros niveis supraestatais. Desde Bianchini (1993), a relación entre cultura e desenvolvemento urbano chegou a se converter nun asunto recorrente con tendencia a xeneralizarse. O vínculo, en fin, entre cultura e desenvolvemento local foi abordado tamén de forma rigorosa por Guindani e Bassand (1982), desde hai xa un par de décadas.

Na nosa opinión resulta posible afirmar que, de entre as liñas de investigación actuais neste ámbito, unha das máis vigorosas sexa posiblemente aquela que se orientou na dirección de definir modelos (frecuentemente nacionais) de políticas culturais. Esta esixencia analítica áchase sen dúbida relacionada coa busca orientadora de modelos de políticas públicas no campo da cultura que nos permitan seguir mantendo activo o obxectivo de conciliar uns dereitos humanos igualitarios con aquelas desigualdades inherentes á estrutura social.

Recentemente, desde unha perspectiva máis macrosociolóxica, as investigacións de Toepler e Zimmer (1996, 1997 e 1998), inspiradas no estudo de Esping Andersen (1993) sobre os tres mundos do estado do benestar, van permitirles establecer tres modelos definidos baseándose no maior ou menor peso de variables polarizadas como as de «excelencia cultural / cultura cívica» e, en particular, «protagonismo financeiro do estado / protagonismo financeiro do sector privado»:

- Excelencia cultural e intervención pública (continental).
- Estado que apoia e protagonismo da sociedade civil (nórdico).
- Pouco estado e sector privado que apoia (liberal anglosaxón).

En calquera caso, debemos subliñar que os modelos propostos han de ser sometidos a unha dobre relativización, tanto respecto do seu grao de definición interno como respecto dos diversos cambios e transformacións aos que estes se ven sometidos en todos os países e en direccións frecuentemente opostas e complementarias (v. en particular, Toepler e Zimmer, 1997).

A través dun proceso de análise das características de varias das políticas culturais nacionais en Latinoamérica, vinculándoo tamén cunha estimación das tendencias culturais emerxentes conectadas con modelos e propostas político-culturais externas, o sociólogo latinoamericano N. García Canclini propuxo desde a súa particular atalaia unha tipoloxía de modelos máis variada que a anteriormente comentada:

- O mecenado liberal.
- O tradicionalismo patrimonialista.
- O estatalismo populista.
- A privatización neoconservadora.
- A democratización cultural.
- A democracia participativa.

De todos estes modelos, o primeiro e os tres últimos responden a tendencias xerais recoñecidas ou xa comentadas por nós, mentres que o segundo e terceiro responderían a situacións bastante específicas, propias dalgúns modelos autárquicos latinoamericanos de países como Arxentina ou Brasil e que non deixan de evocar entre nós situacións ibéricas como as relativamente recentes da España de F. Franco ou o Portugal de O. Salazar.

Un enfoque orixinal neste tipo de investigacións é o seleccionado por Johanson e Rentschler (2002), que no seu estudo sobre os modelos de liderado político-cultural na xestión do Australian Council of the Arts, a partir da súa posta en funcionamento tras a Segunda Guerra Mundial, detectaron a existencia de tres tipos de xestores: *o visionario*, *o home de Estado* e *o reformador*. Constataron como estes perfís se correspondían con fases sucesivas de: *creación*, *xustificación* e *reforma*. En todo caso é xusto recoñecer, cos autores do estudo, que aquilo que os estilos de xestión recobren non son senón etapas e tendencias político-culturais semellantes ás que se produciron noutros países: unha primeira fase de centralidade do cultural e do sociocultural que dá progresivamente paso a un segundo período en que os reformadores estenden a percepción do cultural en función da crecente importancia da perspectiva económica.

Outro traballo que resultou orixinal na análise das políticas culturais en Europa foi o de Ellmaier e Rasky (1998). Na realización do seu estudo, Bela Rasky establece unha división dos modelos de políticas culturais nacionais en catro tipos: *facilitador*, *patrón*, *arquitecto* e *enxeñeiro*. Ao concretar a súa análise constata como a correspondencia de modelos e realidade resulta frecuentemente borrosa, que estes cambian de forma a miúdo, e mostra así mesmo a existencia de

certa tendencia xeneralizada favorable cara ao modelo *arquitecto*. Por outro lado, a súa análise confirma tamén que no noroeste de Europa é onde se atopan os modelos de políticas culturais máis elaborados e acabados. Pero quizais un dos aspectos que máis nos van interesar aquí, e en particular de cara ao desenvolvemento do noso seguinte apartado, sexa o da atención que este estudo presta á tradición de *governabilidade* específica de cada país. Para iso, e inspirándose no estudo de Benedict Anderson sobre as *comunidades imaxinadas*, observa como as tradicións nacionais foron reinventadas como políticas culturais. Esta constatación será a que lle permita explicar a Bela Rasky a diferenza existente entre o modelo do noroeste de Europa, máis planificado, e o modelo máis étnico do sueste de Europa.

1.2. PARA COMPRENDER A GOVERNABILIDADE CULTURAL ESPAÑOLA

1.2.1. A ESPECIFICIDADE DO CASO ESPAÑOL

Retomaremos aquí unha idea á que aludiamos máis arriba respecto da conveniencia de acudir á análise das tradicións nacionais específicas cando se trata de coñecer as claves das estruturas de *governabilidade* dos diferentes países.

En sintonía tamén coa proposta de Rhodes (1997) na súa obra *Understanding Governance*, para un cabal coñecemento das claves que rexen os procesos político-culturais consideramos preciso recorrer ao método sociohistórico como ferramenta auxiliar, na mesma medida tamén en que a resolución deste tipo de desafíos require o recurso permanente á análise da situación actual e ao exercicio dunha reflexividade responsable por parte dos actores sociais e políticos implicados.

Sen dúbida, o ámbito das políticas culturais en España é un dos que estivo influído nunha maior medida por Europa, en xeral, e por Francia, en particular. Ese parentesco e mutua influencia foise tecendo entre o azar e a necesidade. Azaroso foi que durante a primeira metade do século XVIII o rei de España fose Felipe V, un neto de Luis XIV, que se encargaría de trasladar a España a ideoloxía e os valores propios do Despotismo Ilustrado, á sombra do que se crearán en España a Biblioteca Nacional, as reais academias da Lingua e da Historia ou, algúns anos máis tarde con Carlos III (1759-1788), o Museo do Prado. De necesidade serán as influencias contemporáneas que España e as súas elites intelectuais, como o resto de Europa, van recibir por parte de iniciativas de tanta importancia e efecto como a política cultural de Malraux ou o feito de que en virtude dos esforzos europeístas e democratizadores do Consello de Europa, xa desde mediados da década dos cincuenta, España empece a ser tida en conta e a participar no desenvolvemento dalgúns dos seus programas e congresos. De todos os xeitos, e se de constatar influencias se trata, o período máis denso e intenso en intercambios –así como na busca por parte de España de itinerarios orientadores compartidos– é sen dúbida a etapa de consolidación democrática, que ademais coincide cronoloxicamente co segundo gran momento da política cultural francesa baixo os auspicios de F. Mitterrand e J. Lang.

A este parentesco debemos engadir o feito, metade azar, metade necesidade, de que mesmo en pleno réxime franquista e durante o período en que se ocupou das responsabilidades culturais, o ministro Ruiz Jiménez puxera en marcha un programa pioneiro de construción de «casas da cultura» (Pérez-Rioja, 1971) que estaba vinculado ao prestixioso impacto provocado en Europa pola iniciativa culturalista abandeirada por André Malraux, aínda que aquí, ao revés do sucedido en Francia nesa época, as casas da cultura foron concibidas máis ben como un modesto equipamento que xiraba arredor dunha biblioteca. Este proxecto mantívose ao longo dos anos seguintes, pero nunca resultou excesivamente ambicioso, dado que no ano 1975 o número de casas construídas non superaba en todo o país as sesenta (Fernández Prado, 1992). Así mesmo, a política de Manuel Fraga Iribarne á fronte do Ministerio de Información e Turismo a partir de 1961 emprenderá, entre outros proxectos, un con claros ecos e paralelismos na recondución sociocultural das propostas equipamentais francesas, o da creación de 4500 *teleclubs*, centros de reducida dimensión que se situarían en pequenas localidades ao servizo dunha asociación voluntaria, ao cargo dos que estaría un coordinador-animador (Llorca, 1971). Chama a atención a coincidencia cronolóxica desta iniciativa recondutora dun equipamento cultural como as casas da cultura, nas que se fundamentara a anterior proposta de Ruiz Jiménez, cara a outra de carácter sociocultural, levada a cabo polo ministro Fraga, na medida en que esta resulta paralela no tempo coa reformulación realizada en Francia no mesmo período por P. Moinot cando promoveu, como reorientación da liña Malraux, a súa proposta de creación alternativa duns equipamentos (*os CAC, Centros de Animación Cultural*) que serían máis modestos e sensibles á realidade asociativa que as máis elitistas casas da cultura.

1.2.2. A GOVERNABILIDADE CULTURAL ESPAÑOLA: XÉNESE E MODELO ACTUAL

A situación española presenta tamén hoxe nalgúns aspectos uns trazos de especificidade bastante definidos, entre os que o máis acusado é o seu relativamente alto nivel de descentralización. É este un modelo cuxos compoñentes foron madurados ao abeiro do actual consenso democrático constitucional. Para unha comprensión cabal desta especificidade haberemos de retrotraernos, moi probablemente, a etapas anteriores da nosa historia recente que nos permitan aprehender a xénese deses trazos peculiares que hoxe caracterizan as políticas culturais españolas. Neste sentido, é moi probable que o noso inestable s. XIX fose a época durante a que empezou a fraguar entre nós unha clara diferenza respecto do xacobinismo cultural centralista característico da situación francesa. Así se a idea de centralismo cultural en Francia camiñou da man dunha arela de excelencia, no caso español (salvo o honorable hiato da Segunda República e ata a recondución democrática de finais do século XX) tendeu a confundir en exceso a idea de cultura española cos candores provincianos dun casticismo de modestos voos.

O século XIX español foi unha etapa particularmente inestable a nivel social e político, durante a que se alternaron períodos de guerra con situacións políticas cambiantes que, entre

outras cousas, esgotaron o impulso renovador que no seu momento concitaran os monarcas ilustrados; ademais xerouse unha situación en que a idea centralizada de España parecía convocar de xeito espasmódico e recorrente o recurso a un repregamento impregnado de casticismo conservador. A idea de España como referente de democracia verase sistematicamente ameazada pola posición autodefensiva dunhas elites tradicionais inseguras ante o desafío representado polos riscos derivados da nova empresa.

Os inicios do XIX en España contemplaron como quebraba a influencia ilustrada e revolucionaria despois de producirse o rexeitamento da ocupación napoleónica, o que abriría o paso ao casticismo de Fernando VII e á profunda inestabilidade do XIX, que chegará a provocar tamén o desgaste das opcións republicanas españolas xa nos inicios do século XX.

Ademais diso, explicaríase tamén o *quiásmo* pola deriva de correntes como o carlismo, que o levaron a abandonar a liña iniciada con Carlos VII en 1869 ao devolverlle os seus foros a Cataluña, ao acabar asumindo os principios do movemento franquista.

Pero esta diferenza débese entender, sobre todo, como corolario de dous feitos fundamentais acontecidos xa no século XX: en primeiro lugar, por causa da solidez das reaccións autoritarias do centralismo, evidenciadas polas dúas Ditaduras de Primo de Rivera (1923-1930) e sobre todo polos efectos derivados do longo e anacrónico período de Ditadura franquista (1939-1975). E, en segundo lugar, polo feito concomitante de que o conservadorismo centralista deixou aberto o camiño para que entre as elites intelectuais e políticas periféricas reforzasen as súas propostas e posicións autonomistas ou federalistas xustificándoas con base en ideais democráticos e progresistas¹. Este proceso favoreceu o repregamento en xeral das posicións periféricas conservadoras ao tender a vincularse estas coas correntes de ámbito español do mesmo signo. Este proceso non faría senón facilitar a eventual identificación entre a idea de España e os valores conservadores.

Neste sentido debe ser entendida a afirmación do profesor Ll. Bonet (1995) cando constata como, tras a seca de iniciativas e a inestabilidade sociopolítica do século XIX, un dos modelos máis conscientes de política cultural en España foi precisamente o que promoveu La Mancomunidad de Catalunya (1914-1924), ao poñer en marcha un proxecto de desenvolvemento da soberanía nacional baseado nunha acción educativa e cultural durante o seu breve período de goberno autónomo anterior ao inicio da Ditadura do xeneral Primo de Rivera. Un modesto proxecto que consistiu na creación dun simple órgano de coordinación entre as catro provincias dirixido a promover a educación profesional e artística, a normalización académica da lingua, a coordinación da política de museos e patrimonio e mais a creación de academias das ciencias e das artes.

1. Resulta sintomático, por exemplo, que no País Vasco, como zona periférica onde existía unha tradición localista máis conservadora, vaia ser precisamente ao inicio da Guerra Civil cando o nacionalismo «se decante pola fidelidade ás institucións republicanas para facilitar a aprobación do Estatuto de Autonomía» (De Luis, 1996).

Neste aspecto, a Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) vai truncar o inicio das políticas culturais autonómicas catalá e vasca que, despois de dous séculos de centralismo borbónico, iniciaran un tímido espertar. Con Primo de Rivera sentaranse tamén as bases que haberían de servir de pauta ao réxime ditatorial do xeneral Franco. Entre estas dúas ditaduras, o curto período da Segunda República (1931-1936) suporá un breve respiro ao desenvolvemento das políticas culturais. Durante esta etapa favorecerase a libre expresión de ideas e de movementos de vangarda, o desenvolvemento das culturas periféricas co recoñecemento dos estatutos catalán, vasco e galego, así como o desenvolvemento de novas iniciativas no ámbito da pedagogía e da cultura popular, como foron no seu momento as denominadas Misións Pedagóxicas.

Tras ese breve *interim*, e durante a longa etapa franquista (1939-1975), a connotación entre estado central e repregamento conservador vai rexurdir con todas as súas forzas. Este período vai estar marcado por unha obsesiva busca da pureza ideolóxica, para o cal o Réxime, tras evacuar por vías diversas os seus adversarios, vai facer moitos esforzos para intentar manter o país liberado de calquera contaminación ideolóxica e cultural procedente do exterior. Para iso vai exercer un rixido control centralizado sobre a cultura, utilizando un elaborado sistema de censura que complementará o control burocrático profesado sobre os distintos medios de información e comunicación (Equipo Reseña, 1977). No seu conxunto, o réxime vai ir evolucionando desde unha primeira etapa de carácter fascista fortemente ideoloxizada a un segundo momento durante o que se ha ir facendo evidente unha inexorable transformación da sociedade española que dará lugar ao inicio de políticas de control cada vez máis burocratizadas e tecnocráticas. Cara ao final do Réxime, a pauta que prevaleza será a da conflitividade entre unha sociedade civil activa e consciente na súa demanda de liberdades culturais e sociais fronte ás estreitas marxes de control impostas pola Ditadura.


Durante a recente democracia a importancia asignada a un ámbito tan cheo de simbolismos como o das políticas culturais non conseguiu probablemente disolver na súa totalidade a impresión catalizadora e centralizadora a pesar dos sucesivos esforzos realizados tanto polo goberno democrático da Unión de Centro Democrático no seu momento, como pola acción emprendida no ámbito político-cultural durante o período socialista que, nunha mestura de política de imaxe e afán por resolver a *débeda coa cultura*, e tras importantes proxectos construtivos e lexislativos, non daría eludido os desaxustes e os conflitos cunhas comunidades autónomas celosas da preservación tanto dos seus signos de identidade como das súas competencias no sector (Bouzada, 1999).

Isto haberá de conducir a algúns teóricos a formular algunhas críticas de fondo (Marcé, 1999) aos modos de concepción e xestión cultural establecidos desde o poder político, no sentido de que, durante as dúas décadas longas de democracia transcorridas, os grandes cambios do país non se reflectiron coa profundidade suficiente no ámbito das políticas culturais. Nese aspecto, as carencias evidenciadas no momento de establecer un diagnóstico aplicable ao conxunto de España serían varias:

1. Non se definiu o papel vertebrador do estado en cada unha das súas formas.
2. Non se lograría dar forma suficientemente estable a un pacto da cultura.
3. Non se crearon as estruturas de financiamento nin os mecanismos xurídicos que permitirían unha institucionalización sólida das entidades culturais.

De acordo con este diagnóstico, o sector da cultura permanecería nunha medida estimable como un ámbito borroso no que terían unha presenza excesivamente avultada as redundancias e as ineficacias tanto como a ausencia dunhas estruturas de cooperación interterritorial susceptibles de favorecer unha acción cultural simultánea en España que se afirmase no seu respecto e sensibilidade pola diversidade, articulando todo iso dunha forma axeitada e sinérxica que faga visibles tamén os grandes logros culturais colectivos ao mesmo tempo que permita mellorar os modos de acción cultural das diferentes administracións e ámbitos territoriais, coordinándoos e potenciándoos.

Gráfico 1. O SISTEMA DA CULTURA (ESPAÑA)



1.3. A POLÍTICA CULTURAL NA ESPAÑA DAS AUTONOMÍAS

Vimos ao final do apartado anterior como estaban establecidas as grandes liñas da política cultural española de acordo coa distribución dos diferentes ámbitos administrativos. Se nos detemos a observar como se distribúen os recursos financeiros en cada un destes ámbitos con competencias no sector teremos unha visión máis completa da situación.

Cadro 2. Orzamentos anuais de cultura segundo administracións (en miles de euros)

ESPAÑA	1991	1996
Administración central	435 896	635 780
Comunidades autónomas	590 705	670 735
Deputacións	—	250 051
Concellos	—	357 807

Fonte: Elaboración propia a partir do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (2002)

As observacións que se poden realizar respecto dos datos reflectidos no cadro precedente son varias. A primeira delas, xa coñecida, é a da prevalencia da Administración autonómica na capacidade de competencia e de gasto en cultura. Non obstante, hai algo que non ha de ser subestimado: a pesar da capacidade financeira relativamente baixa que parece caracterizar os municipios españois, non debemos ignorar que nos territorios específicos dos concellos é onde se negocian e concretan moitas das iniciativas culturais doutras administracións, sobre todo aquelas que son financiadas desde as deputacións e as comunidades autónomas. Pero non só ocorre isto, pois entre as competencias exercidas pola Administración central no sector da cultura, moitas delas outórganse e radican ao longo de todo o territorio español. Algúns dos programas consignados nos seus orzamentos, como protección e administración do patrimonio histórico, conservación e restauración de bens patrimoniais, bibliotecas, arquivos, cooperación cultural ou múltiples acontecementos culturais celebrados en distintos lugares de España, teñen como lugar de plasmación concreto os diferentes concellos españois. Xa que logo, neste punto contentarémonos con deixar subliñado que os concellos posúen un protagonismo no ámbito da cultura vía subvencións e outras, en todo caso superior ao que deixaría entender a súa participación neta directa nos orzamentos xerais asignados a cultura.

Retomando a constatación realizada máis arriba, consideramos que se pode afirmar que na actualidade a política cultural autonómica é o corolario dun proceso descentralizador que iluminou as novas comunidades autónomas e que este proceso resultou particularmente dinámico, aínda que non só naquelas comunidades definidas como *nacionalidades históricas*.

Neste aspecto, consideramos que as políticas culturais autonómicas das denominadas *nacionalidades históricas* resultan hoxe indisolubles duns obxectivos xerais, entre os que a esencia coa que se acharon estes ámbitos político-territoriais de constituír un referente de lexitimi-

midade cultural e identitaria pode ser acaso o máis sólido e consistente de todos eles. Este feito debe ser matizado no caso de Galicia, onde o goberno da comunidade, aínda estando durante varios lustros baixo a responsabilidade dun partido de carácter non nacionalista, non eludiu unhas esixencias básicas de lexitimación que fundamentan certo recoñecemento cara ao legado e os valores culturais e identitarios da comunidade.

Na recoñecida investigación do sociólogo suízo M. Bassand (1992) acerca da situación cultural das rexións europeas, encargada no seu momento pola Comunidade Europea, a tese central que este autor postulaba na súa obra era que a incidencia das segmentacións territoriais na articulación dos fenómenos culturais non só non perdera vigor ante os embates contemporáneos da cultura electrónica e deslocalizada senón que, paradoxalmente, estaría a cobrar unha maior importancia tanto no relativo aos seus elementos simbólicos coma respecto dos seus compoñentes político-administrativos. Constatacións desta orde fariannos pensar que nos atopamos ante unha tendencia que hoxe, máis alá da especificidade española, podería estar a experimentar unha revitalización de alcance e transcendencia superior ao das nosas propias fronteiras. En sintonía con iso, e a finais dos anos oitenta (Bassand, 1992: 201), a Conferencia Permanente dos Poderes Locais e Rexionais de Europa achegaba pautas ao indicar que «a política cultural das colectividade locais e rexionais non debería apuntar a operacións de prestixio, como foi demasiado a miúdo o caso sobre todo a nivel nacional, senón conceder prioridade ás manifestacións máis variadas da cultura rexional e local, no marco dunha auténtica descentralización cultural, e isto tanto no ámbito das rexións como no ámbito municipal». Neste caso, as directrices emanadas desde a Unión Europea pretenden apoiar os obxectivos de articulación social e cívico-identitaria característicos da liña de *democracia cultural*, fronte ás apostas máis efectistas, eventuais e a curto prazo do consumo cultural e a cultura evento-espectáculo.

Por todo iso, a relación entre descentralización e (re)producción identitaria emerxe como un dos nódulos máis substantivos na xénese das políticas culturais. Como afirmaba Castells (1998:29), as identidades son *organizadoras do sentido*, entendendo por sentido o modo de identificación simbólica que realiza un actor social co obxectivo da súa acción. Esta construción identitaria recorre a unha múltiple diversidade de materiais que inclúen desde as formas da cultura-coñecemento ata as diversas formas en que se manifesta a memoria colectiva. As sociedades procesan todos eses materiais segundo as determinacións sociais e os proxectos culturais implantados na súa estrutura social. As identidades poden orixinarse nas institucións dominantes, pero isto só sucede se os actores sociais as interiorizan e constrúen os seus sentidos arredor desa interiorización. Con frecuencia, tamén os sentidos e as identidades van fraguando a partir de valores que contradín en boa medida os valores dominantes; as comunidades autónomas non fan senón asumir o desafío de intervir na loita simbólica pola (re)producción dun determinado enfoque identitario que sirva de soporte lexitimador á estrutura político-territorial que a conforma. Neste sentido, non debe ser ignorada a importancia crecente da cultura e dos valores cívicos democráticos nas sociedades modernas occidentais en forma de referentes simbólicos xeradores de novas formas

de *religamento* e vinculación social. Desde Malraux, a patria republicana asumiu a cultura como unha fonte inspiradora e como referente de identificación dos valores colectivos. Unha cultura como feito social que vai moito máis alá dos reduccionismos sociolóxicos ao modo da cultura-*distinción* (perspectivas, Veblen ou Bourdieu) e que remite en boa medida a unha redefinición social dos procesos de inclusión e produción do vínculo social, que, asumindo elementos de xerarquización e de distinción, os transcende tanto no relativo ao seu contido como respecto dos seus obxectivos.

Certamente, como nos recordaba N. Elías no seu *Proceso de civilización* ao reflexionar acerca do concepto alemán de cultura como *volksgeist*, tras esa acepción ocultaríase un mecanismo vinculado a un sentimento psicolóxico de inferioridade. Isto sería así grazas á idea alemá de que a cultura sería creada por unha clase media dubidosa de si mesma, a cal se sentiría afastada das honras do poder e que procuraría, por medio dela, conquistar unha vía de lexitimación social. Ao cabo, trataríase de recorrer a unha modulación da cultura en clave de identidade para facilitar a produción dun novo espazo de lexitimación cuxo acceso resultase máis viable e cuxa construción permitise a súa posterior institucionalización e a súa consecuenta tradución en novas formas de poder e influencia social. Acaso ao modo da circulación das elites *paretianas* ou, se se prefire, por utilizar un referente máis moderno, ao modo de Hobsbawn, trataríase de inventar e reinventar constantemente a propia tradición: estratexia propia de «especialistas en produción simbólica (intelectuais, artistas, académicos, intermediarios culturais) interesados en construír e deconstruír as representacións da comunidade». Isto é, os que teñen interese en presentar unha cultura común como algo que se deu no pasado ou que se dá hoxe, ou como un valor que deberíamos lograr no futuro (Hobsbawn e Ranger, 1983). Tamén é igualmente certo (Malm e Wallis, 1993) que, en ocasións, as fontes locais de poder lexitimadas desde a identidade se empregan unhas veces para defender as culturas autóctonas da invasión estranxeira e outras para expoñelas a ela. Quizais esta mesma constatación non sexa senón o reclamo dun feito sobre o que xa traballamos (Bouzada, 2002) e que remite á imposibilidade efectiva dun repregamento endolocal nunha sociedade e cultura globalizada. O envite globalizador zumega tamén riqueza cultural e diversidade por todos os seus poros (Featherstone, 1995: 13). Se, como nos recordaba Morin (1987), a construción da identidade europea fragua inspirada por valores universalistas e ilustrados, o certo –e acaso aparentemente paradoxal– é tamén, tal e como apuntabamos máis arriba no noso esquema sobre o *sistema cultural español*, que foi, ao cabo, a mesma Unión Europea un dos actores políticos que máis apoiou, tanto de xeito directo como indirecto, a riqueza e a diversidade cultural dentro de Europa².

2. Se observamos os contidos do Programa Cultura 2000 da Unión Europea, cun orzamento de 167 millóns de euros para o período 2000-2004, vemos como entre os obxectivos principais que orientan a concesión de axudas se atopan algúns tan explícitos como o fomento da diversidade cultural en Europa ou a promoción do patrimonio cultural.

1.3.1. AS ETAPAS DAS POLÍTICAS CULTURAIS AUTONÓMICAS EN ESPAÑA

En sintonía co que acabamos de dicir no apartado anterior, podemos afirmar que o proceso de institucionalización das políticas culturais no ámbito autonómico en paralelo con todo un proceso de construción e desenvolvemento de referentes lexitimadores transitou, no caso das tres *nacionalidades históricas* (Cataluña, País Vasco e Galicia), por un itinerario que pode ser resumido en tres momentos ou estadios razoablemente detectados e definidos:

1.º Unha primeira fase de *resistencia cultural* que afunde as súas raíces no franquismo e que foi disolvéndose coa chegada da democracia e o recoñecemento dos dereitos das diferentes linguas e culturas españolas.

2.º Unha segunda fase de *construción identitaria* que asumiu perfís relativamente diferentes en cada unha das tres comunidades, pero que tería como trazo común o esforzo pola recuperación dos elementos tanxibles e intanxibles da propia cultura a partir dunhas institucións culturais en vías de consolidación e que compartiría tamén o apoio ás manifestacións de tipo cultural, folclórico e tradicional, así como a común sensibilidade pola promoción lingüística. Característica desta etapa será tamén a política de creación dunha rede de equipamentos culturais e socioculturais de base, así como a creación dalgunhas institucións museísticas, arquivos, orquestras, centros dramáticos, institutos de imaxe, televisións e radios autonómicas, etc. cun marcado acento simbólico dirixido a reforzar a institucionalización do proxecto sociopolítico da comunidade.

- Animación: Castelletts-asociacionismo; Herriz-herri; folclore tradicional.
- Redes de equipamentos: centros cívicos e socioculturais, casas da cultura, etc.
- Equipamentos e institucións autonómicas simbólicas: museos, arquivos, orquestras, centros dramáticos ou de danza, etc.
- Promoción lingüística, literaria e identitario-cultural.
- Medios de comunicación propios: televisións, xornais, etc.

3.º A terceira fase corresponderíase basicamente co momento actual de auxe do consumo e das industrias culturais, así como tamén de confrontación cos desafíos derivados do proceso de globalización cultural. Esta etapa podería ser definida como un período de proxección dos valores identitarios e de busca de novos espazos e oportunidades para o aproveitamento da dimensión económica da cultura.

- Macroequipamentos de proxección externa (museos, centros de arte contemporánea, centros temáticos científicos e culturais, etc.).
- Interese pola crecente dimensión económica da cultura con dous eixes de atención preferentes (o turismo cultural e o apoio institucional á promoción da industria cultural e audiovisual).

1.3.2. ENTRE A CONSTRUCCIÓN SOCIOCULTURAL DA MEMORIA E A ASUNCIÓN DOS NOVOS DESAFÍOS ECONÓMICOS E CULTURAIS DA SOCIEDADE GLOBALIZADA

A maduración do proceso de desenvolvemento das políticas culturais autonómicas supuxo o inicio dunha etapa de *posta en valor* dos propios signos e contidos culturais que foi fraguando en paralelo co xurdimento dun novo período civilizador marcado polo auxe do consumo coas súas secuelas de globalización social, cultural e económica. Nese contexto, a emerxencia de fenómenos como o turismo cultural supuxo un estímulo indubidable para unha aspiración natural dirixida á exposición dos propios logros e valores no escaparate da cultura global.

A un período en que se consolidaron múltiples iniciativas de creación de museos e equipamentos de toda orde³, que estiveron orientadas a encher de contido e a institucionalizar os trazos diferenciais das propias culturas autonómicas, veulle dar paso un momento novo caracterizado polo afán de establecer diálogos e interaccións eficientes coas recentes oportunidades da cultura global e os seus fluxos. Nese sentido, parécennos reveladoras dúas orientacións: as iniciativas de erección de equipamentos pensados para o turismo cultural e as iniciativas vinculadas á promoción de industrias culturais. Deterémonos en analizar brevemente dous casos que, ao noso modo de ver, son paradigmáticos de ambos os dous tipos de tendencias: o Museo Guggenheim de Bilbao e a produción audiovisual galega.

O Museo Guggenheim de Bilbao xurdiu a partir dunha dobre inspiración en que converxeron sinerxicamente o obxectivo do Concello de Bilbao de redefinir a vella urbe de tipo industrial nunha cidade de cultura e servizos para o século XXI coa aposta decidida do Goberno autónomo por abri-lle novos horizontes á cultura vasca (Arpal, 2001; Mesas de Román, 2002). A idea de partida, unha ponte entre Bilbao e Nova York a través dunha franquía cultural, resultaba moderna e atrevida no marco dun modo de entender a cultura en clave de mercadotecnia. O debate interno no País Vasco (Arpal, 2001) arredor do proxecto foi intenso. Non era para menos, se nos detemos a observar os datos que figuran no libro publicado en 1996 polo Ministerio de Cultura español *Cultura en cifras*, onde se pode comprobar como durante varios anos este proxecto equipamental esgotou unha parte substancial dos orzamentos autonómicos asignados a fins culturais na comunidade vasca.

Non obstante, á vista dos resultados, o esforzo semella non ser baldío (Mesas de Román, 2002). O proxecto autofinanciouse case nun 75% durante os tres primeiros anos. O número de visitantes anuais excede hoxe o millón de persoas. Seis de cada sete visitantes non son vascos e un de cada dous é estranxeiro. A media de visitantes por día oscilou entre os 4115 de 1997 e os 3168 do ano 2000. Uns visitantes cuxo gasto diario en euros na cidade excedeu os 120 euros en

3. V. Bouzada, 1999.

1999. Estímase que o Museo xerou, ata decembro do ano 2000, unha cantidade de arredor de 601 millóns de euros, axudando a manter case nove mil empregos anuais. Pero, con ser importantes, os seus efectos positivos non se limitan a esas cuantificacións económicas directas. O Museo provocou un auténtico efecto dinamizador que lle permitiu a Bilbao nacer como un destino turístico. A súa posta en funcionamento alcanzou un extraordinario eco informativo non só no resto de España, senón a nivel internacional. O triunfo do proxecto Guggenheim converteuse no triunfo da imaxe e do consumo turístico-cultural no marco dunha sociedade ávida dese tipo de produtos. Ademais, o acerto no deseño dunha política de programación aberta parece tamén contribuír a amortecer algúns dos efectos derivados das connotacións negativas que viñeron definindo durante os últimos anos a situación vasca.

En certo modo, podería afirmarse que o proxecto se concibiu dun modo eficiente que se adecúa como unha luva aos requirimentos de inserción das culturas locais no xogo dos fluxos culturais, económicos e turísticos internacionais.

Falouse de «efecto Guggenheim» e, certamente, a nivel español o efecto foi perceptible. De todos os xeitos, cómpre lembrar que hai só uns anos os nosos veciños franceses cuñaran xa o termo *Effet Beaubourg* (Baudrillard, 1997; Heinich, 1988) para reflectir o acontecido alí co centro cultural Pompidou. As críticas que naquel momento se lle fixeron ao proxecto, promovido por aquel presidente culto e periférico que foi G. Pompidou, subliñaban (Baudrillard, 1977) a submisión da súa conceptualización e deseño ás lóxicas e estéticas mercantís do gran centro comercial que sumiría a vella aspiración liberadora da cultura a un mero efecto especial de tipo mercantil e espectacular. Do mesmo xeito que acontecía no gran centro comercial, no Beaubourg, a cultura desinhibíase e perdía a súa substancia nun tránsito incesante de eleccións, de referencias de marcas e de interpretacións análogo ao pracer visual de deambular entre os polícromos andeis do centro comercial. Utopía errada (Heinich, 1988), aquela chamada a substituír a ascese da crítica polo deambular lúdico do consumo cultural⁴.

No caso do Guggenheim non abundaría con falar de efecto do contido, sempre relativo nunha sociedade da información necesariamente superficial, senón máis ben de *efecto Gehry*, no sentido de que a forza do proxecto arquitectónico, o seu azaroso éxito, converteu o museo nunha icona cuxa excelencia resultou, en boa medida, inesperada.

Este proxecto, máis que potenciar a propia cultura vasca cara ao exterior, o que realmente procurou foi unha solución eficiente baseada na estratexia posibilista de conseguir no *mercado* da

4. Pode ser traído aquí a colación que o arquitecto Rem Koolhaas proxectou (2001) un museo colector, o Ermitage-Guggenheim, no recinto do casino *The Venetian* das Vegas, no que se deseñaron dúas grandes salas coas súas respectivas recepcións e amplas tendas articuladas pola súa vez ao grande vestíbulo do hotel e casino. Non quede sen indicar tamén que na actualidade os interiores das tendas de firmas como *Nike* ou *Prada* foron proxectados coa vontade de aproximarse á lóxica de representación dos museos e non é casual tampouco o que a gran tenda de *Prada* en Nova York fora inaugurada en 2001 segundo un proxecto de Koolhaas.

cultura unha franquía garantida, a cal, unha vez situada nun colector impresionante, lograse o efecto cultural, simbólico, económico e turístico procurado.

Esta iniciativa causou un impacto estimable que provocou ou, polo menos, contribuíu á difusión de iniciativas equipamentais de grande ambición noutras comunidades autónomas españolas: a *Cidade das Ciencias* de Valencia ou a *Cidade da Cultura* de Galicia parecen situarse nunha perspectiva en bastantes aspectos paralela á que comentamos. Non debe obviarse que noutros casos, como no proxecto da *Cidade da Cultura*, a proposta semella máis fráxil por suplirse a falta de capacidade para definir unha *misión* consistente e orixinal que dese contido ao proxecto baseándose nunha simple adición de obxectivos funcionais que, en boa medida, pecan da vulnerabilidade engadida de resultar redundantes (Pazo da Ópera, Biblioteca de Galicia, Auditorio, Museo do Pobo Galego, etc.).

Tras esta aproximación inicial a unha liña de acción cultura-equipamento emerxente, podería resultar pertinente facernos algunhas preguntas sobre esta liña de traballo cultural que hoxe parece irromper cunha forza estimable nas nosas comunidades autónomas. A primeira delas remitiría á pertinencia e solidez dunha aposta destas características e ambicións nun momento en que a arte parece tender cara a formas cada vez máis fluídas e ubicuas. Esta cuestión fórmulana algúns a propósito de iniciativas como o Guggenheim (Arpal, 2001: 28) cando se interrogan acerca de se no futuro próximo será o museo e a súa arte exhibida e renovada (en coleccións permanentes e con mostras temporais) un lugar de referencia central cando a arte do tempo que vén se define como *plural, relativista e paradoxal*. Pola súa vez, as novas cidades culturais van selo cada vez máis non tanto polos equipamentos atractivos que posúan como pola capacidade mesma da cidade para seducir e atraer o viaxeiro coa súa maxia e a súa diferenza (Zukin, 1995).

Cabe tamén neste caso unha pregunta de carácter político-cultural, a de se este tipo de iniciativas non representarían tamén unha recuperación das formas elitistas da cultura despois dunha primeira fase de construción identitario-cultural desde abaixo, tal como cuestionaban hai poucos anos as autoridades da Conferencia Permanente dos Poderes Locais e Rexionais, citadas máis arriba; ou máis ben se este tipo de proxectos non serían senón o corolario natural dos novos desafíos do mercado e do consumo cultural.

Sería máis positivo para as políticas culturais autonómicas substituír este tipo de apostas macro-equipamentais, na liña Guggenheim, pola promoción dun proxecto integral dirixido a posibilitar o despregamento e a consolidación dun sector de industrias culturais e audiovisuais?

No caso de Galicia, ao que faremos referencia, o que si parece certo é que iniciativas como a Televisión de Galicia ou a creación do Centro Dramático Galego (entre os que se constataron claras sinerxías) a comezos dos anos oitenta resultaron, como mínimo, interesantes e prometedoras. Estes resultados son dobremente significativos se temos en conta que, no seu momento, estes proxectos suscitaron non poucas críticas relativas á dubidosa pertinencia do investimento, nun caso, e vixencia, no outro, de tal tipo de iniciativas. Segundo datos recentemente achegados desde a Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia, o sector audiovisual galego que xurdiu ao

abeiro da Televisión de Galicia conta xa con algo máis de 2100 persoas empregadas nese tipo de actividade, das que arredor de 600 o fan na mesma TVG. Desde o ano 1998, no que o sector igualou ao do libro en Galicia (ao alcanzar nese momento a cifra de 5000 millóns das antigas pesetas), o campo audiovisual foi crescendo de forma continuada ata lograr triplicar no ano 2001 as cifras facturadas no ano 1998. Esta actividade descansa en 226 empresas, xeralmente de pequeno tamaño, que xurdiron na súa maioría durante os últimos sete anos. A isto haberían de engadírselle as precisións relativas á aparición de empresas de animación cada vez mellor situadas no mercado exterior (como máis significativas «Dygra Films» e «Bren Entertainment»), así como o feito de que en Galicia se realizaran e estrearan durante os dous últimos anos dezanove películas. Algo que está relacionado tanto coa existencia dun equipo moi digno de actores e actrices (Centro Dramático Galego) como coa existencia dunha demanda estable por parte da TVG que, xunto cos apoios oficiais, permitiu a inicialmente modesta pero continuada estabilización dun sector audiovisual.

Ademais, debe recoñecerse tamén a realización, por parte do Goberno autónomo, dun esforzo de organización e coordinación do sector. Iniciativas como o Consorcio Audiovisual, o Rexistro de Empresas Audiovisuais, as medidas para potenciar a coprodución, a promoción exterior dos produtos ou a creación dun Centro de Desenvolvemento de Proxectos, xunto coa iniciativa, actualmente en marcha, da creación dunha Cidade da Imaxe e das Novas Tecnoloxías están a representar un experimento orixinal e ambicioso que non ignora os novos desafíos culturais que poden ser asumidos desde unha comunidade autónoma definida pola posesión dunha cultura fortemente semantizada que opta por asumir os desafíos que as novas circunstancias fixeron aflorar.

O proxecto arredor da promoción do sector audiovisual en Galicia non é alleo a unha tendencia de maior amplitude que é compartida por outras comunidades autónomas españolas con escasa ou nula tradición no sector audiovisual. Nesta liña tamén resultan significativos os proxectos da Cidade do Cinema de Alacante ou o proxecto Andalucía Dixital.

O contexto xeral que enmarca as políticas culturais presenta, na actualidade, unha dobre orientación das súas referencias que está a actuar a xeito de condicionante. Por un lado, a irrupción crecente da sociedade da cultura e da información, así como a súa converxencia coas novas dimensións económicas da cultura, entendida esta como un factor que engade valor ao territorio e que posibilita novas dinámicas socioeconómicas e turísticas ou de desenvolvemento local e territorial. E por outro, o feito concorrente do auxe da cultura do consumo, así como o incremento de novos cidadáns afectos ás novas demandas de tipo cultural e social.

Como nos recordaba o profesor G. Améndola (1995), da Universidade de Bari, a década dos anos oitenta en Europa deixou tras de si varias transformacións no campo das políticas culturais, a saber: a afirmación da cultura da imaxe, que acentuou a vinculación entre política e espectáculo cultural (por acontecementos tanto como por macroequipamentos), a implantación de políticas de emprego dirixidas á mocidade recorrendo ao filón emerxente da cultura e, en fin, o crecemento continuo, tanto cuantitativo como cualitativo, da demanda cultural.

A teor das avaliacións realizadas en 1988 polo Programa Europeo de Avaliación (Conseil de l'Europe), poderíase concluír que os efectos directos das políticas culturais sobre a creación de novos públicos foron, en xeral, modestos (p. 335 e ss.). Por outro lado, se seguimos a argumentación optimista de T. Cowen (1998), as artes e a cultura experimentarían unha clara eclosión nas sociedades de tipo occidental ao abeiro dunha orde capitalista que lle proporcionaría os dous ingredientes precisos para o seu desenvolvemento: recursos materiais e liberdade. A súa análise non só nos afasta dos riscos de *pesimismo* ao subliñar o logro, durante as últimas décadas, do requirimento dunha economía forte e unha sociedade aberta capaz de servir de soporte ao seu despregamento, senón que tamén nos permite cambiar o noso eixe de atención desde o nivel micro dos públicos concretos da cultura clásica e os seus hábitos institucionalizados cara ao nivel macrosocial, no cal, durante os últimos anos, aconteceron profundos cambios estruturais que están a afectar o transfondo das nosas sociedades. Entre estes cambios, por exemplo, resulta relevante constatar o auxe dunha tendencia que a tradición máis *culturalista* das políticas culturais relegara pola súa falta de nobreza. Referímonos ao forte incremento, recoñecido por todos, que experimentaron as prácticas artísticas e culturais de afeccionados (Poirrier, 1998: 93; Dubois, 1999: 304). Pero non só o auxe deste tipo de prácticas pode exemplificar os cambios actualmente en proceso. De xeito particular, o novo marco de eclosión do consumo propiciou un escenario onde o económico e o cultural se aproximan dun modo crecente tanto na dimensión macro-global, coa conformación dos grandes conglomerados informativos internacionais, como a nivel local e rexional, coa crecente sensibilidade político-cultural existente acerca da súa capacidade como sector para xerar emprego e favorecer as dinámicas de desenvolvemento territorial local e rexional.

Neste último aspecto, algúns autores (Street, 2000: 145) subliñaron o feito de que a nova industria cultural vinculada ás empresas en ámbitos como o da música pop continúan dependendo das rexións como fonte de talentos e como forma de elaborar a significación cultural que ten a súa produción e consumo. Quizais por constatacións como esta non só as rexións senón tamén moitos concellos e cidades (Bianchini e Parkinson, 1993; Young, 1991) foron facéndose máis receptivos a novas empresas culturais e, en particular, a aquelas que parecían garantir mellor o desenvolvemento do seu propio territorio. En consecuencia (Street, 2000), toda unha incipiente enxeñaría sociocultural e de promoción do territorio foi concibindo e deseñando estruturas diversas de apoio a este sector emerxente, como o Centro Europeo de Artes Visuais en Ipswich-UK, o Centro Integrado ZKM⁵ en Karlsruhe, no *land* de Baden-Württemberg, ou as estruturas de apoio á industria audiovisual local promovidas polo Concello de Glasgow, que aparecen descritas na

5. O ZKM, situado na cidade alemá de Karlsruhe, é un concepto de equipamento anovador nacido da combinación entre museos e institutos de investigación. O centro vincula exhibición e produción artística desde unha perspectiva aberta á experimentación cos novos medios e recursos de comunicación. O seu sistema de financiamento público e privado resulta así mesmo orixinal e anovador.

obra xa citada de Bianchini e Parkinson de 1993. Función semellante, pero neste caso de apoio á creación musical, foi o proxecto *Red Tape*, un complexo de gravación e ensaio, que o Concello de Sheffield axudou a financiar e que permitiría aos músicos formarse e crear redes para a creación musical. Nesta dirección sitúanse, polo tanto, aquelas posturas de expertos que reclamaron a conveniencia de que as políticas culturais regulen e promovan de xeito estratéxico sectores con tanta potencialidade como o da industria audiovisual (Bustamante, 2001; Zallo, 1997, 2001). En todo caso, a esixencia de formular aperturas á experimentación e á innovación nas industrias culturais emerxentes non deixa tamén de presentar problemas tendo en conta o risco que en moitos casos caracteriza este tipo de iniciativas (Bilton, 1999), situadas nun sector tan novo como vulnerable. Nese traballo, Bilton constata como a posibilidade de que microempresas creativas e independentes resulten viables está cada vez máis limitada polo peso apisoante de organizacións grandes e eficientes. De todos os xeitos, non deixa de recoñecer tamén que o seu impulso renovador, apoiado na idea «ficticia» da existencia dunha posible audiencia para as súas intuicións, lles permite tomar decisións intuitivas capaces de sorprender a súa clientela. E este elemento de sorpresa e de impreditibilidade convértese nun activo importante nun mercado tan uniforme como o da cultura do lecer. Segundo Bilton, a tensión entre esas dúas liñas de acción pode empezar a xurdir como un tema relevante susceptible de ser investigado.

Nun traballo recente, J. O'Connors (2001), o director do Instituto de Cultura Popular de Manchester, establece nun breve sumario aqueles que, na súa opinión, son hoxe os desafíos máis ostensibles das políticas culturais locais. Seguindo a súa proposta, que en substancia sintoniza coas que foron formuladas entre nós por Zallo (1997 e 2001), estes serían basicamente os seguintes:

- Promover o recoñecemento da enerxía e creatividade dos clústers locais de cinema, televisión, música, etc.
- Promover unha formación especializada, pero aberta e flexible neste ámbito.
- Os sectores e as dinámicas de consumo cultural innovador deben ser apoiados, pois desde eles adoita xurdir tamén a produción de iniciativas innovadoras.
- As infraestruturas de apoio aos sectores obxecto de promoción deben estar orientadas en función das súas demandas.
- É precisa unha atención preferente ás novas oportunidades derivadas das tecnoloxías da información e da comunicación máis actuais.
- A integración do capital intelectual e cultural como unha base de activos para as urbes e rexións debe ser unha cuestión central para os encargados de planificar as estratexias culturais da próxima década.
- Na próxima década o tema central das estratexias locais e rexionais será unha busca dos camiños para vincular as industrias da cultura co mercado procurando a creatividade, o risco, a innovación e o rol central da información, o coñecemento e a cultura dentro da sociedade global.

Un aspecto que debe ser subliñado aquí é que as políticas culturais de alcance municipal e as de tipo rexional se achan moi estreitamente relacionadas tanto no aspecto cualitativo, na semellanza e alcance dos desafíos abordados, como sobre todo pola estreita relación existente entre unhas e outras, que fai que políticas culturais urbanas, municipais e rexionais conformen unha rede cada vez máis visible de mutuas complementariedades.

2. A MUNICIPALIZACIÓN DA CULTURA E O AUXE RECENTE DAS POLÍTICAS CULTURAIS URBANAS: ALGUNHAS REFLEXIÓNS INSPIRADAS NO CASO GALEGO

2.1. A INSTITUCIONALIZACIÓN DA CULTURA NO ÁMBITO MUNICIPAL

Un traballo publicado polo investigador francés en políticas culturais Philippe Urfalino no ano 1990, no que analizaba as tendencias seguidas en Francia no proceso de integración das estratexias de acción cultural nos concellos, tiña o seguinte título significativo: *A municipalización da cultura*. Certamente, moitos dos pasos dados na sociedade francesa na década dos anos oitenta presentan unhas estimables semellanzas co acontecido entre nós ao longo da década dos noventa.

De acordo cos datos dos que imos dispoñendo acerca da situación da cultura nos concellos galegos⁶ no momento actual, podemos afirmar que ao longo dos últimos quince anos a política cultural municipal experimentou en Galicia unha profunda transformación, cuxos trazos caracterizadores son varios e atinxen aspectos como o incremento do número de concellos que crearon un servizo específico de cultura dotándoo de persoal cualificado, o incremento dos orzamentos municipais dedicados a esta finalidade, así como no que fai referencia tamén á crecente construción e posta en funcionamento de equipamentos e servizos culturais.

Sen dúbida, esta mesma *municipalización* non é exclusiva do ámbito cultural; esta produciuse tamén noutros sectores municipais, que inclúen desde o incremento das competencias urbanísticas ata a creación de servizos sociais e de atención ao cidadán con funcións e contidos diversos.

A este respecto, pode afirmarse que a *municipalización da cultura* vai parella co desenvolvemento democrático da nosa sociedade, que optou por encher cada vez con máis contidos e obxectivos as políticas locais en virtude do seu trazo de seren as máis achegadas ao cidadán.

O proceso de *municipalización da cultura* no noso país contou, polo tanto, con dous factores fundamentais que serviron de soporte: en primeiro lugar a institucionalización da cultura, que

6. Estas opinións poden ser apoiadas tanto polo contido das análises sobre políticas culturais incluídas no libro segundo dos *Segundos Estudos Estratéxicos do Eixo Atlántico*, editado polo Eixo Atlántico no ano 2005, como en virtude do que se deriva do estudo elaborado polo Observatorio da Cultura Galega sobre a *Situación e perspectivas socioprofesionais dos técnicos de cultura dos concellos galegos*. Se se comparan os datos incluídos neste informe cos que figuraban hai quince anos no *Mapa cultural de Galicia*, no seu tomo sobre a situación sociocultural dos concellos galegos, pode comprobarse a existencia de profundos cambios.

fomentou a creación dun *campo cultural* local específico (neste proceso foi clave a creación de equipamentos e a aparición de técnicos e profesionais da cultura), e en segundo lugar a crecente implicación dos responsables políticos locais (alcaldes e concelleiros) no eido cultural. Nos últimos anos alcaldes e concelleiros deixáronse seducir polo engado da cultura ao entender que este era un campo de actividade novo que concitaba crecentes intereses e demandas entre distintos sectores das colectividade locais.

Sen dúbida, o proceso de institucionalización pódese considerar como unha das tendencias máis claramente definidas do proceso seguido pola cultura nos concellos. Os soportes en que se ampara esta institucionalización concréntanse en dúas dinámicas simultáneas e complementarias: por unha banda, a da creación dunha área específica de cultura con niveis diferentes de autonomía (de dependencia directa do Concello, padroados ou fundacións municipais de cultura como exemplo de formulacións en que se concretan as competencias culturais municipais), que se encarga de deseñar e coordinar unha política cultural municipal, e, por outra banda, a da configuración dun campo cultural a nivel municipal no que concorren todos os actores e as institucións implicadas na acción cultural municipal.

O propio proceso de creación da área de cultura así como a crecente implicación dos responsables políticos neste sector actuaron como un factor conformador deste campo de actividade atraendo e animando os actores culturais locais a unha maior integración nas dinámicas organizadoras e no acceso a uns recursos diversos que agora resultaban máis accesibles. Neste proceso os propios técnicos exerceron un papel insubstituíble como facilitadores da implicación dos actores socioculturais (asociacións e tecido social) e culturais (creadores e promotores). Nese labor converxeron o seu interese laboral por consolidar unha demanda tanto como o seu compromiso profesional de lograr o máximo nivel de eficiencia no desenvolvemento do seu traballo. O dinamismo alcanzado provocou en moitos casos un bucle de carácter pragmático favorecedor do desenvolvemento cultural da comunidade a través dunha crecente implicación no campo cultural dos actores culturais locais efectivos e potenciais. Neste senso, os últimos anos están a apuntar cara a un arrefriamento deste proceso, coa irrupción de novos emprendedores culturais que, na *sociedade do coñecemento e da cultura*, se achegan ao ámbito cultural con claros intereses persoais e profesionais que evidencian a profunda transformación que este campo está a experimentar, deixando atrás o voluntarismo ideolóxico. Hoxe a matriz dominante no quefacer cultural está a definirse cada vez máis polo seu carácter non só profesional senón tamén empresarial.

Varios están a ser os factores favorecedores da institucionalización. Entre eles, un dos primeiros pola súa transcendencia é o do crecente recoñecemento co que está a contar a cultura como campo de actividade⁷. O pulo e a crecente lexitimidade da aposta pola cultura provocaron

7. Sobre este aspecto resultan relevantes as achegas de Marshall (1992) sobre os dereitos culturais como unha das derradeiras fronteiras da sociedade do benestar.

a posta en marcha dunha cantidade importante de iniciativas dirixidas á creación de servizos ou equipamentos culturais, socioculturais e cívicos que, pola súa vez, tenderon a demandar dun xeito crecente a realización de esforzos orientados á súa coordinación. Simultaneamente, os novos técnicos e axentes sociais e culturais contribuíron tamén, coas súas demandas laborais e propostas de rigor profesional na xestión, a que os concellos se fosen abrindo a novas iniciativas e a novos modos de xestión. Cumpriría lembrar tamén que a recente lexitimación da cultura en España contou cun factor de apoio de primeira orde na simbólica que rodeou o cambio de réxime da ditadura pola democracia. Nese tránsito, a cultura certamente saíu favorecida, pois en España esta foi sempre da man da liberdade e da democracia. No caso concreto das comunidades históricas coma Galicia, este proceso veuse favorecido por un pulo lexitimador engadido derivado do feito diferencial e identitario que resultaba consubstancial á propia lóxica política que promovera a creación da institución autónoma. Unha vez asumidas polo goberno galego as competencias culturais, estas xeraron unha dinámica propia cada vez máis capacitada para medrar en forma e contidos para promover novos servizos, equipamentos e programas, ao mesmo tempo que para consolidar novas estruturas de xestión no ámbito municipal e incluso no supramunicipal.

Por outra banda, e en concorrencia cos demais aspectos comentados, a mesma posta en marcha de servizos, equipamentos e dispositivos específicos como subvencións a asociacións, artistas ou organizadores de eventos culturais provocou a entrada dos concelleiros e alcaldes na area da cultura, de xeito que teñen que tomar partido por unhas ou outras entidades, por unhas ou por outras propostas, establecer prioridades, definir regras de xogo na competencia polos recursos e arbitrar solucións no caso de situacións de conflito. Este desempeño lubricou a función político-cultural outorgándolle tanto a lexitimidade dunha crecente pertinencia como a da súa incontestable condición de campo específico capaz de interesar e mobilizar unha ampla diversidade de axentes e intereses a nivel local.

Nos últimos anos a lexitimación do cultural experimentou un avance excepcional en paralelo co incremento da valoración socioeconómica da cultura⁸. Esta nova valoración foi da man de varias constatacións complementarias que subliñan a crecente importancia económica, social e política da cultura na sociedade da información e do coñecemento, ben desde un punto de vista pasivo (a cultura como soporte ou pretexto de iniciativas de desenvolvemento local, turístico ou patrimonial), ben como desde unha dimensión activa (a importancia do capital social, cultural e humano para posibilitar o desenvolvemento dun territorio). A conciencia sobre a importancia estratéxica da cultura, en relación a obxectivos extrínsecos, alleos aos labores tradicionalmente específicos das políticas de formación ou difusión cultural, puxo en evidencia a súa capacidade

8. Sobre este mesmo tema e con referencia ao caso galego realizáronse varias calas: Bouzada, 2001 (coord.), 2003 e 2004.

para potenciar o turismo de cidades ou territorios⁹. Pero ademais tamén revelou a súa capacidade para darlles contido a moitas iniciativas de desenvolvemento local e rural a través do patrimonio cultural etnográfico tanto material como inmaterial, así como a través do patrimonio construído (xa for grande ou pequeno).

Todos estes feitos conxugados levaron a favorecer unha indubidable e progresiva institucionalización do sector. Respecto da diferente posición ante a cultura local por parte dos partidos de dereitas e esquerdas, as diferenzas resultan en ocasións menores do que podería aventar unha hipótese inicial¹⁰. As diferenzas atópanse frecuentemente relacionadas co maior entusiasmo inicial que os partidos de esquerda adoitan expresar respecto da importancia e transcendencia dunha política cultural racionalmente concibida e programada fronte á postura menos decidida dos partidos de dereitas co fin de evitar todo tipo de dirixismo. Non obstante, o achegamento á experiencia mostra con frecuencia que os talentos persoais dos responsables dos diferentes partidos introducen matices de grande importancia que poden disolver practicamente os diferentes enfoques de partida. Máis aínda, tal e como veremos no caso das grandes cidades, as esixencias obxectivas e aquelas derivadas do marco contextual ás que se ven sometidas as súas políticas culturais teñen tendencia a influír, modulándoas, en ocasións, con relativa independencia dos idearios políticos inicialmente declarados.

A este respecto podería afirmarse que, independentemente dos posicionamentos político-culturais, a realidade pragmática do que facer da xestión cultural local tende a achegar e a homoxeneizar as estratexias onde existe un actor político sensible e receptivo ás expectativas democráticas da comunidade.

Se ben no relativo á dotación de equipos non se observan contrastes, no que se refire ás diferenzas nos estilos de xestión as investigacións cualitativas apuntan ao efecto que deriva da proclividade dos poderes locais instalados a coidar os vínculos con aquelas asociacións ou entidades máis próximas ideoloxicamente. Como consecuencia deste matiz diferencial pode producirse, nalgúns casos, un repregamento por parte dalgúns partidos, non sempre de dereitas, que tentan eludir o risco de outorgarlles recursos e plataformas de poder a persoas e organizacións nas que non teñen depositada unha dose suficiente de confianza que lles permita asumir o risco de prestarlles apoios claros. E esta situación prodúcese mesmo no caso de que a entidade ou colectivo organizador dun determinado evento conte cunha lexitimidade e un recoñecemento local amplo. Aquí o que orienta a concelleiros e alcaldes é un cálculo político en que non

9. Aquí concorren de novo tanto os programas, eventos ou celebracións como os equipamentos-signo, museos ou parques temáticos cabo do patrimonio artístico e histórico construído.

10. No noso traballo (Bouzada, 2001) incluimos algunhas reflexións ao respecto, nas que se constata que as diferenzas, se ben no referente ao nivel de dotación equipamental existente non resultan significativas, deben ser buscadas máis ben nos estilos e contidos concretos da xestión cultural.

sempre resulta gañadora a cultura da comunidade. Felizmente os casos extremos non abundan¹¹, pero existen.

2.2. OS CONCELLOS COMO MEDIADORES CULTURAIS COA SOCIEDADE LOCAL

No ámbito local, as tensións que se producen no campo das políticas culturais locais xiran de xeito azaroso sobre dous polos catalizados cunha estimable regularidade. En ocasións, os concellos son criticados por localismo e folclorismo afecto a expresións culturais de calidade dubidosa ou ben, pola contra, as críticas dirixense á existencia dun posible *papanatismo* por parte dos cargos responsables da actividade cultural que os conduciría a apostar por programar espectáculos foráneos cuxo custo non se xustificaría pola calidade da obra ofertada. Frecuentemente, mesmo as críticas dun e doutro signo aparecen mesturadas e non resulta raro que se lle cuestione a unha certa política cultural local a eiva complementaria de simultanear prácticas de carácter clientelar promovendo entidades e creadores de dubidosa calidade e vixencia coa apertura indiscriminada a programadores externos que distribúen espectáculos en que o custo prima sobre a calidade artística.

En todo caso, a lóxica que subxace a este tipo de críticas adoita ser presentada por iniciados que tenden a cuestionar o baixo nivel de rigor nas decisións e nas escollas que orientan as políticas culturais por parte de alcaldes e concelleiros de cultura. Trátase a miúdo de elites culturais locais e de sectores dinámicos que coidan que o papel que a cultura ten que desenvolver na sociedade non se esgota no entretemento e que consideran que pagaría a pena facer un esforzo para maximizar os rendementos, sempre potencialmente múltiples, da aposta cultural. Estaríase a cuestionar unha certa pasividade, rutina ou mimetismo no pulo que alenta a concepción das políticas locais da cultura.

Non obstante, pódese constatar tamén como unha cantidade crecente de concellos está a outorgarlle a esta tarefa un protagonismo e unha atención crecentes. Entre algúns responsables locais empezou a producirse unha auténtica reacción de compromiso respecto deste sector que está a provocar a aparición de novos perfís e novos estilos na xestión local da cultura.

11. Exemplo extremo acaso poida ser o sufrido pola asociación goianesa Eliseo Alonso do Concello de Tomiño. Esta asociación mantivo cun grande esforzo durante varios anos unha iniciativa experimental de festa cultural moderna (*A Fiasta*), que gardaba o mellor da vella romaría e o máis luminoso e participativo das novas formas de manifestación da cultura actual. A súa celebración nunha vella fortaleza á beira do Miño, que conxugaba cultura e ocio sociorrelacional, atraía xentes de todo o Baixo Miño para gozar dun encontro cultural vivo e participativo no que se implicaban as asociacións da zona e do veciño Portugal. O Concello nunca apoiou esta iniciativa, pero si fixo un investimento moi elevado en competir con ela contratando nas mesmas datas unha empresa de Barcelona de *márketing cultural* para que fixese unha escenificación de artesáns e músicos casteláns medievais no castelo de Goián (que é do século XVII). Algunha xente ía ata a fortaleza, escoitaba os artesáns casteláns, paseaba un pouco polos postos, escoitaba a dulzaina e volvía para a súa casa a seguir vendo a televisión. Consumo contra cultura, ao cabo.

2.3. O NOVO COMPROMISO DOS RESPONSABLES LOCAIS COA CULTURA

A reacción cultural promovida por algúns responsables políticos locais en Galicia e noutras zonas non ten unha orixe exclusivamente recente. Practicamente pode afirmarse que en todas as cidades e vilas existiron sempre unhas elites máis ou menos minoritarias que se distinguían pola súa vocación e o seu voluntarismo cultural. Mesmo en calquera vila pequena adoitaba existir sempre un erudito ou cultivado de carácter amador, en ocasións mesmo un empregado ou profesional non relacionado directamente coa cultura, que exercía coma reservorio da memoria cultural local. Ben é certo que os cambios profundos que ao longo dos últimos anos experimentaron tanto as profesións da cultura como o mesmo sentido social e económico da cultura e da comunicación están hoxe a transformar dun xeito radical o panorama.

Mesmo ao longo das últimas décadas houbo alcaldes que eludiron os contactos co mundo da cultura, o cal non foi tanto unha ilusión estrita do cultural como unha evitación estratéxica do que entendían como riscos derivados dos posibles contactos cuns líderes asociativos e cuns persoeiros locais da cultura cos que, frecuentemente, non compartían arelas nin ideoloxías.

A análise das políticas culturais das grandes cidades que incluímos neste estudo vainos permitir ventar un proceso que neste momento ten un amplo espallamento, que transcende con amplitude o marco das sete principais cidades de Galicia. Tamén en concellos medios os últimos anos están a ser exemplificadores respecto do crecente e cada vez máis matinado grao de implicación dos responsables locais no eido da cultura. Apoios á celebración do ciclo festivo anual, ciclos culturais e artísticos en primavera e verán e promoción de equipamentos como centros culturais ou socioculturais nos que se imparten cursos e difunden actividades diversas cunha frecuente implicación do tecido asociativo son exemplo do nivel de estabilización da cultura acadada nos concellos mercé, entre outros factores, ao compromiso crecente de alcaldes e concelleiros.

Por outra banda, a implicación crecente dos responsables locais está a ser favorecida tamén por unha serie de cambios en profundidade que se reflicten nas nosas vilas e municipios. A revolución experimentada nos índices de escolarización no noso país (na década dos setenta o ensino xeral, na dos oitenta os ensinos medios e na dos noventa os de tipo universitario) está a provocar un cambio xeracional extraordinario no que, ao incremento e diversificación das audiencias e consumidores, hai que engadirlle unha auténtica revolución na creatividade derivada e potenciada tamén pola incidencia dos novos recursos tecnolóxicos e comunicativos que poñen a excelencia cultural ao alcance do gran público.

A emerxencia dunha masa crítica de novos públicos na cultura uniuse ao feito do turismo cultural para posibilitar por primeira vez tamén en poboacións medias a presenza dun marco contextual susceptible de servir de soporte á creación de novos equipamentos ou á celebración de eventos que ata agora eran excluídos ou limitados pola falta de público.

Nos últimos anos espallouse tamén unha nova sensibilidade, non sempre ben metabolizada e dimensionada polos responsables políticos, que podería definirse como a síndrome

francesa¹², xa que naceu coas campañas de imaxe que políticos franceses como Georges Pompidou, coa creación do Beaubourg, ou Mitterrand, coas súas intervencións urbanísticas e de equipamentos en París, por exemplo as pirámides do Louvre ou Les Halles. Esta peculiar síndrome alimentou un particular *ethos* político afecto a encarnarse en macro-equipamentos susceptibles de renderen o dobre froito de lexitimar e reproducir o status e ao mesmo tempo erixirse en soporte pétreo para a posteridade.

En relación coa situación xeral, pode afirmarse que o novo escenario que se está a crear nos anos máis recentes está conducindo a unha situación en que converxen a decantación dunha demanda cada vez máis dispersa e unha oferta cada vez máis profesional na que o grande incremento da calidade media dos creadores dos contornos locais non é un dos efectos menos relevantes.

A existencia dunha demanda cultural diversificada e dispersa outórgalles aos responsables culturais unha maior liberdade para, mesmo apoiándose nos creadores culturais locais¹³, poder deseñar as súas políticas e programacións cunha maior liberdade.

A creación dos servizos de cultura dentro dos concellos favoreceu a entronización dun grupo de presión que, a partir do momento en que se constitúe, inicia unha cruzada a favor da cultura. Cruzada esta que, se ben non sempre acada os seus obxectivos, en moitos casos consegue tamén aliar aos seus fins ao responsable da alcaldía, promovendo novos proxectos e iniciativas que, en moitos casos, actuaron como buque insignia das crecentes oportunidades de innovación económica e social que hoxe xiran no medio local sobre a cultura.

Por todo isto, podemos afirmar que a progresiva implicación no ámbito da cultura por parte dos responsables locais procede tanto dos cambios e transformacións experimentados pola nosa sociedade nos últimos anos como das novas facilidades derivadas tamén do mesmo proceso de institucionalización, o cal creou un marco máis amable e favorable para o espallamento e estabilización do oficio e dos labores da cultura nos concellos.

2.4. OS AVANCES NA *COMPETENCIA CULTURAL LOCAL*

O proceso de municipalización da cultura en Galicia vai sen dúbida parello ao avance descentralizador que representou no seu momento a transferencia a Galicia das competencias en cultura. Resulta tamén certo que, de producirse desde a comunidade autónoma unha política cultural vertebradora máis decidida a integrar sinerxicamente os actores políticos locais, os efectos benéficos desa cooperación darían uns froitos máis visibles. En todo caso, e cos datos de

12. Certamente a esta síndrome habería que buscarlle raíces mesmo en Malraux e na súa política de casas da cultura.

13. Ao dicir locais, podemos facer extensivo o concepto aos creadores do ámbito galego cuxa contratación adoita resultarlles máis viable e asequible.

momento dispoñibles na man, o que resulta claro é que a *competencia cultural local* experimentou un avance ostensible nos últimos quince anos.

Ese avance na *competencia* en canto capacidade faise extensiva a varios dominios; un deles é o mesmo ámbito do coñecemento do campo cultural. Os responsables político-culturais locais teñen coñecemento das fontes de recursos financeiros externos (deputacións, Xunta de Galicia, Ministerio de Cultura, Unión Europea e entidades privadas) e maiores destrezas para acceder a eles, para concibir proxectos e deseñar os dosieres precisos que lles permitan acadalos con éxito. O seu coñecemento sobre o campo cultural e artístico, os seus principais representantes, as súas correntes e tendencias, as súas redes, etc., é igualmente un dos compoñentes esenciais da súa nova competencia.

O maior grao de competencia estase a facer tamén ostensible no relativo ao manexo de recursos e á capacidade de xestión dos mesmos proxectos. Unha maior competencia anima a asumir novos desafíos e novas iniciativas.

Nos últimos tempos podemos afirmar que xorden dinámicas culturais favorables como, por exemplo, a creación dunha área de cultura coas conseguíntes dotacións de persoal e recursos, a crecente presenza de asesores externos que cooperan no deseño e xestión dalgúns proxectos e programas ou a tendencia crecente do concelleiro de Cultura a encarnarse no seu rol, especializándose nos coñecementos que o seu desempeño lle require, asumindo mesmo cando é preciso a función de emprendedor cultural. En consonancia con estas dinámicas, podemos afirmar tamén que xorde un perfil de novo profesional da cultura que fai converxer a súa capacidade e coñecementos de tipo administrativo cunha competencia cultural axeitada aos requirimentos das administracións locais. Non só domina a xestión administrativa, senón que tamén ten criterio para o establecemento de relacións competentes e produtivas co mundo da cultura.

A xeneralización de ferramentas xurídico-administrativas do tipo dos *convenios* axilizou o desenvolvemento de iniciativas facilitando a posta en marcha de proxectos equipamentais, servizos ou eventos que, doutro xeito, as administracións locais non poderían en ningún caso abordar cos seus únicos recursos.

Podemos afirmar tamén que o proceso de municipalización da cultura en Galicia, e de xeito particular nas cidades, non provocou, tal e como podería temerse, un repregamento de tipo localista. Ao contrario, os procesos seguidos mostran que o incremento da actividade cultural local foi acompañada, en xeral, de avances na capacidade de concibir e deseñar os proxectos culturais. Nese proceso non resulta allea unha certa tendencia imitativa que favorece a copia, por parte dos máis lentos e pasivos, daquelas iniciativas de éxito que van asumindo a aparencia de *boas prácticas*. Certamente, este tipo de procedemento non está exento de riscos dado que, en tempos como os actuais, dunha forte competencia entre cidades que anima á promoción de equipamentos pensados en boa medida para atraer públicos foráneos, resulta frecuente que o último en chegar sexa o que perde, en virtude da tendencia ao rendemento decrecente derivado do propio incremento da competitividade, que recae sobre este tipo de iniciativas. En dirección complementaria pode-

mos afirmar tamén que hoxe, entre as iniciativas culturais locais afanadas na recuperación e afirmación do propio patrimonio material e inmaterial, o feito claro é que cando este se activa non é en forma dun repregamento, senón en forma dun despregamento e dunha apertura cara ao exterior que pretende poñer en valor os propios recursos, se observamos os casos paradigmáticos tanto do Festival Celta de Ortigueira como da Festa da Istoría de Ribadavia. En ambos os casos, cultura, identidade e *márketing* turístico refórzanse mutuamente nun claro e complementario bucle virtuoso.

Sen dúbida a renovación das elites culturais locais, a progresiva regularización en moitos municipios das relacións entre os sectores culturais locais máis vangardistas e os responsables da cultura fixeron, nos casos favorables, que a aposta polo quefacer cultural local sexa máis fluída e aberta á excelencia. Todo isto promoveu unha certa homoxeneización das prácticas e iniciativas e favoreceu en todas as vilas a emerxencia dunha arela marcada pola vontade de excelencia, a miúdo de carácter imitativo, de dotación de recursos básicos de formación, promoción e difusión (teatro residente, orquestra sinfónica, danza clásica...) que frecuentemente teñen como único límite o dos recursos dispoñibles para o seu financiamento.

Neste aspecto, poderíamos afirmar que a municipalización da cultura non favoreceu repregamentos localistas¹⁴ xeneralizados senón que, pola contra, e de xeito aínda máis claro nas cidades, apostou por inserirse en liñas de forza culturais congruentes coas grandes tendencias culturais e artísticas nacionais e internacionais, propiciando tamén a estabilización de proxectos e modelos culturais a longo prazo.

2.5. AS POLÍTICAS CULTURAIS LOCAIS: DOS PIONEIROS AOS EXECUTANTES

Os últimos anos da ditadura e os primeiros da democracia coincidiron arredor dos comezos dos anos oitenta cunha forte presión de diversos sectores da sociedade civil local (novos profesionais da cultura, movemento asociativo, creadores, etc.) na demanda dunhas políticas culturais máis decididas. Nese momento, a petición atopaba apoio tamén no feito de que algúns concellos estaban xa a aproveitar a recentemente conquistada democracia para concibir e deseñar modelos ou programas de acción cultural. Pero aínda eran moitos os concellos que en vez de asumir o ámbito cultural preferían dar prioridade a outros ámbitos de intervención. Polo tanto, as críticas á falta de interese de moitos responsables políticos locais foi, en xeral, da man doutra de carácter complementario que poñía en evidencia a vontade excesivamente instrumental de moitas iniciativas culturais. Estas críticas coidaban que o labor cultural dalgúns alcaldes se achaba máis orientado pola procura de prestixio ou mesmo por unha estratexia clientelar que por obxectivos de desenvolvemento cultural racionais e coherentes.

14. Podería afirmarse en principio, e malia o feito de non dispoñer aínda de datos máis significativos, que o risco de localismo tende a irse reducindo a medida que aumentan o tamaño, a competencia e os recursos do municipio.

Ao longo deses anos iníciáanse os primeiros esforzos desde ámbitos como o dos axentes culturais profesionais e voluntarios por demandar liñas de acción cultural sólidas orientadas racionalmente. Exprésase a esixencia de que as intervencións no sector non sexan oportunistas e esporádicas, senón que respondan a criterios ordenados e planificados segundo obxectivos de desenvolvemento cultural¹⁵. Mesmo no contorno dos primeiros anos oitenta, a prensa galega dá conta dunha polémica acerca da pertinencia ou non de aplicar o concepto de planificación ao ámbito da cultura.

Unha das liñas de tensión que subxacía ás críticas e cuestionamentos daquel momento era o efecto derivado do contraste existente entre as accións orientadas pola procura do prestixio ou do clientelismo fronte á visible esixencia de realizar esforzos máis xordos e menos visibles no curto prazo, pero moito máis eficaces no medio e longo prazo. Esta crítica levaba implícita a esixencia dunha concepción e dunha racionalidade no proceso que non todos os axentes políticos estaban en condicións de asumir. A crítica suscitaba, nos seus mínimos postulados, que resultaba máis efectivo desenvolver, de cara a unha política cultural, unha actividade estable e pertinente ao longo de todo o ano en vez de consumir uns recursos sempre escasos nos fogos fatuos de eventos festivos esporádicos.

Certamente, moitos alcaldes sensibles foron asumindo, xunto con outros axentes culturais voluntarios e profesionais, o papel de pioneiros e o seu labor foi preparando o camiño para a sucesiva incorporación daqueles máis lentos e renitentes. Este proceso foi o que posibilitou o proceso de institucionalización e a creación de departamentos de cultura dos que xa falamos. Tampouco todos os efectos da creación dos departamentos de cultura resultaron favorables¹⁶.

Por todo isto, poderíamos afirmar que, no proceso de institucionalización das políticas culturais municipais, foi tan importante o labor dos precursores na súa defensa teórica dunha *boa política cultural* como a decisión dos alcaldes e concelleiros de cultura de asumir a relevancia política deste ámbito de actividade. Polo tanto será unha lóxica política a que subxace a este proceso de espallamento das novas prácticas. O feito de *lexitimarse* a esixencia do apoio á cultura converteu a política cultural nun obxecto útil para a xestión da imaxe do grupo municipal e, en particular, do alcalde como máximo responsable do equipo de goberno.

15. O I Congreso Galego de Animación Sociocultural, celebrado en Santiago de Compostela no mes de novembro de 1983 e que contou coa participación de 500 axentes culturais profesionais e voluntarios de toda Galicia, foi un exemplo da viveza pioneira dos debates suscitados naqueles anos. Os artigos e polémicas reflectidos daquela na prensa galega son exemplo dun momento en que a cultura acadou un estimable protagonismo social e político no país.

16. Paradigmático pode ser o caso dalgún dos grandes concellos, onde algúns equipamentos foron concibidos desde o gabinete anexo ao concelleiro sen a suficiente apertura ás achegas beneficiosas que poderían ser provistas pola comunidade, provocando isto a erección de custosos equipamentos que logo non tiñan acollida, pero si altas cargas de mantemento.

2.6. NOVOS ACTORES E NOVOS PROTAGONISMOS NA ESCENA CULTURAL LOCAL

Os últimos anos permitíronnos observar como o escenario da cultura local é tamén un ámbito sometido a variacións e cambios estimables.

Se o papel dos novos precursores promotores da importancia sociopolítica do cultural semellaba orientarnos cara a unha democracia cultural e racional capaz de conxugar a racionalidade do planeamento coa lóxica democrática da participación e subliñar o ámbito do técnico-profesional como encrucillada relevante desa tarefa, o certo é que o acontecido non semella ter outorgado ao ámbito do técnico-profesional a súa prevalencia. Máis ben, pola contra, o acontecido semella apuntar a que, por abaixo, os novos conflitos de intereses entre grupos (asociacións, promotores, creadores...) suscitaron a esixencia dunha arbitrase política que facía retornar o protagonismo ao terreo político; e, por arriba, a vontade de arrastrar proxectos de servizos, eventos ou equipamentos cada vez máis ambiciosos provocou un renacemento do papel da política na medida en que sempre se facía imprescindible a esixencia de implicar outras administracións (provinciais, autonómicas, estatais ou europeas) no financiamento duns proxectos cada vez máis caros. Xusto é recoñecer aquí que isto non significou a relegación do técnico, pois tanto nun caso coma noutro o político responsable tiña que manexar criterios obxectivos previamente sopesados ou presentar dosieres xustificativos que lle servisen de apoio na súa xestión política de apoios externos. De todos os xeitos e malia estas matizacións, o certo é que o verdadeiro persoeiro deste proceso foi o responsable político e non o técnico de cultura, a quen se lle podía ter suposto unha maior capacidade para actuar como buque insignia na procura dunha síntese entre o político e o cultural, suscitando simultaneamente a participación da comunidade na política cultural.

Por outra banda, ía haber aínda novas presenzas de actores culturais que estarían chamados a acadar un protagonismo e uns intereses propios no escenario da cultura. Un deses novos protagonismos emerxentes foi o dos novos creadores. A incidencia conxunta do tránsito civilizador cara a unha sociedade do coñecemento e da comunicación que asigna un papel crecente aos creadores, o proceso de globalización co seu incremento dos fluxos turísticos globais e a entronización de novas esixencias e novas oportunidades de presenza global favoreceron un crecente proceso para facer visible e implicar os creadores na escena político-cultural local. Este feito, en ocasións, concretouse tamén en conflitos de intereses entre profesionais da animación responsables da xestión dos servizos e equipamentos locais respecto duns creadores interesados en lograr un recoñecemento nacional e internacional. En certo modo, as novas tensións locais-globais e a súa difícil xestión no mundo da cultura transitan tamén e reflíctense nos roles e intereses respectivos de ambos os tipos de actores.

No seu interese no logro dun protagonismo exterior, os artistas e creadores atopan tamén, con frecuencia, un sólido aliado naqueles responsables políticos locais que descubren as virtudes que para eles teñen as políticas de creación artística e profesional como canles susceptibles de proxectar a súa imaxe política máis alá do mesmo territorio local. En relación co seu rol de pro-

motores político-culturais incontestables, os actores políticos acadan unha visibilidade no espazo nacional capaz de reforzar e potenciar a súa imaxe, de forma que algunhas políticas e conflitos culturais de cidades que teñen un grande interese máis na imaxe externa ca na interna poden ser entendidas a partir deste tipo de análises. Neste senso, poderíamos considerar que á afirmación do local, un de cuxos vectores era o animador e técnico de cultura, e no que nalgúns casos se apoiaron as novas elites urbanas na súa procura do poder local, sucédelle a busca dunha visibilidade autonómica ou nacional susceptible de apoiarse en parte nos novos creadores cosmopolitas.

Outro dos actores que está a emerxer actualmente no ámbito local é o dos novos emprendedores culturais vencellados ás recentes formas de expresión da cultura na vida cotiá. Este novo tipo de actores confúndese en ocasións cos mesmos creadores, por mor do feito de que estes engaden á súa condición de creadores tamén a función paralela e complementaria de emprendedores. Artesáns con firma propia, creadores artistas e mesmo xentes da escena e novos profesionais da comunicación cultural atópanse frecuentemente incluídos nun sector que, nese caso, aparece solapado co dos mesmos creadores. Non obstante¹⁷, existe un subgrupo xenuíno que está neste momento cunha presenza cada vez máis relevante en relación co mundo da hostalaría de lecer e espectáculos, o que representa un fenómeno en varios aspectos novos. Na actualidade as nosas cidades e vilas medias son testemuñas da aparición de pequenos pubs, salas de música e espectáculos que funcionan como un novo tecido alternativo e complementario que, nunha estimable medida, favorece a autosuficiencia e permite dar acollida a un número crecente de creadores que, de carecer deste recurso, se verían obrigados a renunciar a unha maior difusión e a unha presenza pública máis ampla. Unha característica deste sector é a de moverse case sempre fóra dos circuitos oficiais, accedendo só nalgúns casos ás axudas e subvencións públicas, cando as políticas culturais locais optan por recoñecer e asumir o seu traballo como creadores ou emprendedores culturais. Coidamos que o protagonismo destes novos actores culturais hoxe emerxentes en Galicia vaise ir consolidando e vai contar cada vez cun recoñecemento máis amplo a teor do transcendente que resulta a súa presenza para unha cultura de cidade entendida aquí no sentido de Zukin (1995), é dicir, no sentido profundo no que a cultura se imbrica na vida cotiá, no estilo e na calidade de vida dunha cidade moderna.

O gran pulo que están a acadar as políticas culturais urbanas nas últimas décadas ten unha matriz múltiple. Na nosa opinión, os motores dese proceso poderían ser polo menos catro. O primeiro sería aquel de carácter contextual que dá conta do crecente protagonismo da cidade como espazo multifuncional especializado na industria do coñecemento. No tempo en que o mundo se rexe desde nodos de información con soporte urbano, este pode ser recoñecido, ao xeito de Veltz,

17. Street, J. (2000): *Política y cultura popular*, Madrid, Alianza; e tamén O'Connor, J. (2001): «A definición das industrias da cultura», *Grial*, 151, t. XXXIX, pp. 385-404.

como un arquipélago de cidades ou, ao xeito de Castells, como unha rede de grandes áreas metropolitanas e rexións urbanas.

Un segundo nivel explicativo é aquel que remite á función frecuentemente cauterizadora que desempeñaron as iniciativas e políticas culturais urbanas. En ocasións a cidade acudiu ao cultural para resolver algunha das súas disfuncións e crises sociais máis prementes. A rehabilitación de vellos barrios degradados apoiándose na construción dun grande equipamento cultural que transformase o perfil da cidade foi unha práctica bastante xeneralizada entre os países occidentais.

Un terceiro nivel tamén presente é de tipo institucional. A cultura foi asumida por moitas cidades como unha ferramenta vertebradora e facilitadora dunha identidade definida. En ocasións un grande equipamento e outras un evento ou unha secuencia de programas serviron para promover unha identidade local e un sentimento de pertenza a unha cidade prestixiosa.

Un cuarto nivel atoparíase en relación directa co anterior, e é aquel que fai referencia a un efecto que nos últimos anos vén sendo, nunha boa medida, o corolario da acumulación dos tres anteriores. As cidades víronse compelidas a competir entre elas nun mercado que devíña cada vez máis visible e significativo: o turismo cultural urbano. Ben é certo que este último nivel empezo por motivar o desenvolvemento de políticas culturais urbanas para, máis recentemente, pasar a promover tamén políticas de calidade de vida e de renovación urbana.

Desde un punto de vista de maior amplitude podería afirmarse que, mesmo para algunhas autoridades locais, as políticas culturais foron unha das ferramentas privilexiadas para achegar respostas aos desafíos derivados da transición desde unha sociedade de tipo industrial a outra de carácter postindustrial. Nese aspecto, as políticas culturais e de calidade de vida urbana terían unha dobre orientación sociocultural e económica que evidenciaría unha clara complementariedade. Na cidade postindustrial e posmoderna o proceso de terciarización no sector do coñecemento e das industrias culturais camiña en paralelo coa súa crecente heteroxeneidade social, cultural e identitaria. En consecuencia, as respostas han ir nunha dobre dirección sensible tanto á potenciación dos sectores e actividades culturais e comerciais emerxentes como cara ao recoñecemento da dimensión multicultural derivada da súa múltiple composición étnica e identitaria.

Algunhas das intervencións culturais promovidas en cidades mostran unha clara sensibilidade cara á calidade de vida local conscientes de que o seu logro tiña un efecto benéfico múltiple sobre todos os demais aspectos de carácter laboral e económico. Obxectivo complementario do anterior foi tamén o de resolver as bolsas de marxinalidade urbana e os guetos sociais, traballando desde as potencialidades creativas das culturas populares e xuvenís, as industrias culturais e o sector emerxente das pequenas empresas e comercios relacionados co ámbito da cultura e da comunicación¹⁸. En virtude diso promovéronse barrios de arte, pequenos centros de elaboración

18. Corijn, E. e H. Mommaas (1995): *Urban Policy Development in Europe*. Informe encargado polo Grupo de traballo europeo. Strasburgo.

e difusión de cultura como obradoiros artesanais, estudos de gravación, compañías multimedia, estudos de deseño, librerías, tendas de discos, galerías de arte, cines independentes, etc.

Neste senso, pode afirmarse que para as cidades e vilas grandes a capacidade de mostrar a posesión dunha vida cultural florecente foise convertendo nun signo que resulta indicativo da presenza doutros potenciais creativos.

De todos os xeitos é necesario subliñar tamén que, con bastante frecuencia, este tipo de políticas se limitaron a unha simple competitividade entre cidades, así como ao deseño dunha mera e formalista política de creación de equipamentos teoricamente concibidos para a promoción exterior da cidade, que, en moitos casos, impediron o apoio á creación de infraestruturas e recursos culturais locais. Deste xeito, coas estratexias de rexeneración urbana baseadas na cosmética cultural, córrese o risco de aumentar a distancia entre uns centros urbanos cheos de *glamour* e unhas periferias urbanas marxinais. As cidades dependen cada vez máis da cultura importada, o que debilita a súa base creativa local¹⁹. Así mesmo, aínda que a concentración da oferta cultural en certos barrios resulta rendible e dá vida á cidade, tamén pode ter consecuencias elitistas cando se provoca a expulsión dos residentes e comercios locais, de xeito que se distorsiona así o mercado inmobiliario da zona e se acaba por desaloxar os artistas residentes²⁰.

Opcións e medidas existen para limitar este tipo de efectos non procurados nos procesos de desenvolvemento cultural e urbano. Medidas como a atención a todas as formas, zonas e ámbitos de manifestación da cultura, coordinada sobre a base dun modelo de foros abertos e participativos²¹, pode constituír unha vía axeitada para previr tales riscos e derivas.

Podemos concluír este apartado afirmando que a cultura creativa debe ser inxectada na política cultural urbana para facilitar unha cooperación entre artistas, programadores e axentes culturais, arquitectos, planificadores e cidadáns en xeral. A rexeneración urbana, o desenvolvemento cultural e o cambio social dependen diso.

19. VVAA. (1997): *In from the Margins*, Consello de Europa. Existe tradución en castelán: *Sueños e identidades. Una aportación al debate sobre Cultura y Desarrollo en Europa*, Barcelona, Interarts/Península.

20. Este tipo de problemas non están ausentes naquelas das sete principais cidades que, na renovación dos seus barrios antigos, priorizan a exclusiva axencia do mercado.

21. Bouzada, X. (coord.) (2003): *Cultura e participación*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

3. A SITUACIÓN CULTURAL DAS SETE PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS: ALGÚNS DATOS INTRODUTORIOS

Se observamos os datos incluídos nos cadros, nos que figuran as cifras dos orzamentos públicos en cultura da Xunta de Galicia, as cantidades reflectidas semellan bastante modestas de termos en conta que as partidas de que dispón Galicia representan un ámbito transferido á comunidade autónoma. Podería quizais esperarse que nesas circunstancias a proporción, que neste caso rolda o 10 por cento do total do orzamento do Estado, dada a carga asumida en persoal funcionario, resultase algo máis substancial.

Cadro 3. Orzamentos da Consellaría de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia (2003)

	XUNTA DE GALICIA	%
TOTAL CONSELLARÍA (SÓ CULTURA) EN 2003	86 229 800	100,0
Euros por habitante	31,50€	—
Dirección e Servizos Xerais	21 180 600	24,6
Patrimonio	19 044 100	22,1
Bibliotecas	3 874 400	4,5
Arquivos e museos	3 403 800	3,9
Audiovisual	7 929 400	9,2
Música, teatro e danza	8 465 300	9,8
Exposicións e artes plásticas	525 000	0,6
Promoción e difusión cultural	21 807 200	25,3
Nota: O orzamento total consolidado para a Consellaría de Cultura foi de 236 775 100 euros		

Fonte: Xunta de Galicia; elaboración propia

Cadro 4. Orzamentos do Estado en cultura para o ano 2003

	ESPAÑA	%
TOTAL CULTURA 2003	817 524 170	100,0
Euros por habitante	19,54€	—
Dirección e Servizos Xerais	4 460 290	0,55
Patrimonio	161 630 200	19,77
Bibliotecas e promoción do libro	53 871 630	6,59
Arquivos e museos	253 615 710	31,02
Audiovisual (cinematografía)	45 823 750	5,61
Música, teatro e danza	118 404 340	14,49
Exposicións e artes plásticas	3 449 750	0,42
Promoción e difusión ⁽¹⁾	176 268 500	21,56
(1) Engloba os seguintes apartados: «Promoción e cooperación cultural» (34 398 780 – 4,21%) e a partida titulada «Fomento das actividades deportivas» (128 055 220 – 15,66%)		

Fontes: Ministerio de Facenda e Real Instituto Elcano; elaboración propia

Outro aspecto que tamén resulta significativo é o que fai referencia á proporción do gasto que en Galicia se dedica á Dirección e Servizos Xerais. O 24,6% de Galicia non é comparable co 0,55% que gasta o Estado no mesmo concepto. Sen dúbida, a transferencia a Galicia das competencias culturais incluíu a esixencia de asumir unhas delegacións provinciais de cultura que, a pesar da avultada dotación de recursos humanos, non sempre foron acompañadas dun perfil xeral idóneo para moitos dos desafíos do quefacer cultural. Respecto dos seguintes apartados, o máis salientable é quizais o relativo peso comparativo dos recursos orzamentarios utilizados na promoción da cultura audiovisual (9,2% fronte ao 5,61% investido polo estado español).

Cadro 5. Obra social das caixas de aforros e da Fundación Pedro Barrié de la Maza en 2004

	Orzamento total	% do total	Orzamento dedicado a cultura	% do orzamento	% do total a cultura
CAIXAGALICIA	61 020 000	57,8	39 212 500	64,3	66,5
CAIXANOVA	34 236 800	32,4	16 599 000	48,5	28,1
FUNDACIÓN BARRIÉ	10 356 150	9,8	3 175 559	30,6	5,4
TOTAL	105 612 950	100,0	58 987 059	55,9	100,0

Fonte: CECA; Fundación Pedro Barrié de la Maza

Por outra banda, cumpriría subliñar que Galicia conta cuns actores particularmente afanosos na promoción de actividades culturais, como son as dúas grandes Caixas, así como a Fundación Barrié, tamén vencellada a unha institución financeira como é o Banco Pastor. A ache-

ga financeira destas entidades ao quefacer cultural do país representa un importe total do 68% do total dos orzamentos da Consellaría de Cultura.

3.1. MUSEOS E ARQUIVOS

Respecto dos museos e arquivos existentes en Galicia, os datos máis recentes dos que dispoñemos deben ser asumidos dun xeito orientativo dado que, por unha banda, estas fontes non adoitan reflectir a realidade dun xeito exhaustivo e, pola outra, os cinco primeiros anos do século XXI foron particularmente prolíficos no relativo á promoción de novos museos.

Cadro 6. Número de museos (2000)

	Museos (n.º)	%	Museos por 100 000 hab.	Museos por 1000 km ²
ESPAÑA	1437	100,0	3,43	2,84
Galicia	69	4,9	2,52	2,33
A Coruña	31	2,2	2,82	3,9
Lugo	15	1,0	4,17	1,52
Ourense	12	0,8	3,54	1,65
Pontevedra	11	0,8	1,22	2,44

Fonte: MCU

O número de museos medrou no caso das cidades, como veremos nos próximos capítulos, pero tamén en vilas medias ou mesmo pequenas. Moitas veces os programas de desenvolvemento local e rural tipo Leader Plus e Proder contaron, entre os proxectos de máis prioridade, co financiamento de pequenos e medianos museos locais, do mesmo xeito que os fondos europeos axudaron tamén a financiar algúns dos grandes proxectos museísticos urbanos.

Cadro 7. Tipoloxía dos museos en 2002

	ESPAÑA	GALICIA
TOTAL	1137	70
Arqueolóxico	155	3
Arte contemporánea	83	6
Artes decorativas	27	1
Belas Artes	160	2
Casas-museo	65	6
Ciencia e Tecnoloxía	37	3
Ciencias Naturais e Historia Natural	45	1
De sitio	31	2
Especializado	123	16
Etnografía e Antropoloxía	160	15
Xeral	148	9
Historia	81	5
Outros	22	1

Fonte: MCU

A listaxe dos museos existentes, mesmo sen estar actualizada, marca certas tendencias que subliñan a importancia das tarefas priorizadas. Os ámbitos da etnografía e da antropoloxía, así como as casas-museo e os museos de arte contemporánea, atópanse entre os máis frecuentes.

Cadro 8. Visitantes aos museos en 2002

	Museos (n.º)	Total de visitantes	%	Visitantes por museo	Visitantes por museo aberto
ESPAÑA	1137	39 539 325	100,0	34 775	37 161
Galicia	70	1 659 431	4,2	23 706	25 143

Fonte: MCU

Probablemente resulta menos significativo o número de visitantes, que no caso de Galicia se atopa bastante por debaixo do que sería agardable tendo en conta que o noso case 7% de poboación do Estado debería provocar unha cifra de visitas que roldaría os dous millóns e medio de visitantes. Sen dúbida aquí inflúe o sobrepeso de visitas do que gozan algúns dos grandes museos españois.

Cadro 9. Prezo de entrada aos museos en 2002

	TOTAL	Entrada gratuita	% do total	Ata 1 euro	Entre 1 e 2 euros	Entre 2 e 3 euros	Máis de 3 euros	Non consta
ESPAÑA	1137	518	45,6	45	241	150	73	110
Galicia	70	38	54,3	6	16	8	1	1

Fonte: MCU

Significativo resulta este cadro polas tendencias que marca, no sentido de que Galicia conta cunha porcentaxe de museos gratuítos lixeiramente superior á media española, así como cunha proporción menor daqueles que teñen un custo superior aos tres euros. Isto semella indicar que é máis importante, para atraer visitas, aquilo que o museo ofrece que o prezo do custo de acceso, por elevado que este poida ser.

Cadro 10. Número e tipoloxía de arquivos

	Arquivos (n.º)	Admon. central e outros organismos	Eclesiásticos	Económicos: empresas e entidades bancarias	Centros docentes	Asociacións e colexios profesionais	Outros¹
ESPAÑA (2000)	34 084	13 537	14 126	2496	1843	448	3067
Galicia (1998)	4722	1139	2818	168	268	63	266
A Coruña	1004	289	579	5	61	22	48
Lugo	1551	307	1000	11	135	18	80
Ourense	804	222	439	26	54	11	52
Pontevedra	1363	321	800	126	18	12	86

¹ Inclúe centrais sindicais e organizacións patronais; asociacións culturais e deportivas; partidos políticos; medios de comunicación; centros asistenciais e benéficos e ONG; centros hospitalarios; institucións científicas e de investigación; particulares/nobiliarios; arquivos fotográficos e comunidades de regantes e sindicatos de risco

Fonte: MCU

A dotación de arquivos coa que contamos, non obstante, acada unha cifra maior do que resultaría esperable de establecermos unha proporción coa porcentaxe de poboación residente en Galicia. O importante peso que presentan os arquivos eclesiásticos, acaso derivado da gran cantidade de entidades de poboación existentes en Galicia, quizais se atope na base explicativa deste dato.

3.2. BIBLIOTECAS PÚBLICAS, PRODUCCIÓN EDITORIAL E DE XORNAIS

Cadro 11. Número de bibliotecas públicas (unidades administrativas e puntos de servizo) en 2003

	Bibliotecas públicas		% do total	N.º de bibliotecas por 100 000 hab.	N.º de bibliotecas por 1000 km ²	Ratio de habs. por biblioteca
	Total ¹	Unidades administr.				
ESPAÑA	8423	3762	100,0	19,5	16,6	5128
Galicia	664	275	7,9	24,1	22,5	4143
A Coruña	245	89	2,9	21,8	30,8	4576
Lugo	124	58	1,5	34,6	12,6	2891
Ourense	141	68	1,7	41,4	19,4	2413
Pontevedra	154	60	1,8	16,5	34,3	6045

¹ Suma das unidades administrativas e dos puntos de servizo fixos e móbiles

Fonte: MCU

Aquí volvemos evidenciar un certo déficit nun tipo de equipamento tan sensible como é o das bibliotecas públicas, que si debería atoparse en certa proporción co noso número de entidades de poboación, que superan as 30 000 e representan máis da metade do total das existentes no estado.

Cadro 12. Fondos das bibliotecas públicas (2003)

	Total de fondos (n.º)	%	Libros e folletos	Outros documentos ¹	Fondos por habitante
ESPAÑA	51 687 504	100,0	47 489 485	4 198 019	1,2
Galicia	2 815 864	5,5	2 708 133	107 731	1,0
A Coruña	1 164 087	2,2	1 114 902	49 185	1,0
Lugo	506 192	1,0	490 865	15 327	1,4
Ourense	443 225	0,9	433 412	9813	1,3
Pontevedra	702 272	1,4	668 954	33 318	0,8

¹ Inclúense manuscritos, documentos sonoros e audiovisuais, documentos electrónicos, microformas, música impresa e documentos gráficos

Fonte: MCU

Cadro 13. Adquisición de novos fondos no ano 2003 (bibliotecas públicas)

	Total de fondos		Libros e folletos	Outros documentos ¹
	(n.º)	%		
ESPAÑA	3 738 703	100,0	3 068 988	669 715
Galicia	183 274	4,9	164 296	18 978
A Coruña	74 869	2,0	68 786	6083
Lugo	26 606	0,7	24 547	2059
Ourense	24 082	0,6	23 389	693
Pontevedra	49 084	1,3	47 574	1510

¹ Inclúense manuscritos, documentos sonoros e audiovisuais, documentos electrónicos, microformas, música impresa e documentos gráficos

Fonte: MCU

Estes dous cadros reflicten de novo unha precariedade relativa e unha infradotación das nosas bibliotecas que só atopa un certo respiro no caso da provincia da Coruña por mor da presenza de dúas universidades (Santiago e A Coruña), así como tamén como consecuencia do esforzo de apoio ás bibliotecas desenvolvido pola súa Deputación Provincial.

Cadro 14. Visitantes e usuarios das bibliotecas públicas (2003)

	Visitantes		Usuarios inscritos		Novos usuarios	
		%		%		%
ESPAÑA	77 211 997	100,0	8 699 099	100,0	1 157 685	100,0
Galicia	2 967 666	3,8	230 806	2,7	20 457	1,8
A Coruña	1 690 017	2,2	90 235	1,0	10 904	0,9
Lugo	449 482	0,6	19 081	0,2	3071	0,3
Ourense	239 161	0,3	27 176	0,3	2101	0,2
Pontevedra	589 006	0,8	94 314	1,1	4381	0,4

Fonte: MCU

Cadro 15. Préstamos a usuarios (2003)

	Total	%	Préstamos por habitante	Libros	%	Publicacións periódicas	%	Outros documentos ¹	%
ESPAÑA	44 607 655	100,0	1,044	28 269 209	100,0	1 759 887	100,0	14 180 558	100,0
Galicia	1 153 814	2,6	0,419	904 153	3,2	42 891	2,4	206 770	1,5
A Coruña	664 474	1,5	0,593	454 038	1,6	34 766	2,0	175 670	1,2
Lugo	145 808	0,3	0,404	138 235	0,5	834	0,0	6793	0,1
Ourense	108 929	0,2	0,318	105 584	0,4	399	0,0	2946	0,0
Pontevedra	234 603	0,6	0,253	206 296	0,7	6892	0,4	21 415	0,2

¹ Inclúense documentos sonoros, audiovisuais e electrónicos

Fonte: MCU

Novamente estes indicadores resultan moi discriminantes e deben levar a unha clara reflexión desde as instancias responsables da cultura en Galicia. O baixísimo nivel proporcional tanto de visitantes como de préstamos a usuarios semella ser unha práctica pouco arraigada nos hábitos culturais de amplos sectores da nosa poboación.

Cadro 16. Actividades culturais (2003)

	N.º total de actividades	%	N.º bibliotecas con actividades	Actividades realizadas pola biblioteca	Actividades non realizadas pola biblioteca
ESPAÑA	110 026	100,0	3431	71 418	11 384
Galicia	4544	4,1	266	3666	878
A Coruña	2553	2,3	115	2257	296
Lugo	549	0,5	45	393	156
Ourense	227	0,2	33	134	93
Pontevedra	1215	1,1	73	882	333

Fonte: MCU

Tamén no relativo ao grao de dinamización e apertura á comunidade do quefacer das bibliotecas, os funcionamentos evidencian aquí un repregamento e un certo illamento relativo, tendo en conta as novas tendencias de favorecer a apertura á comunidade para animar e implicar os novos lectores atraéndoo a este tipo de espazos.

Cadro 17. Producción editorial (2004)

	Total de títulos		Libros		Folletos		Tirada media	
	N.º	Exemplares	N.º	Exemplares	N.º	Exemplares	Títulos	Libros
ESPAÑA	60 492	213 558 000	50 525	186 380 000	9967	27 178 000	3530	3689
Galicia	2414	4 760 000	2013	4 041 000	401	719 000	1972	2007
<i>En galego</i>	<i>1377</i>	<i>3 201 000</i>	—	—	—	—	<i>2325</i>	—
A Coruña	1267	2 813 000	1081	2 568 000	186	245 000	2220	2376
Lugo	116	194 000	93	90 000	23	104 000	1672	968
Ourense	115	127 000	98	112 000	17	15 000	1104	1143
Pontevedra	916	1 626 000	741	1 272 000	175	354 000	1775	1717

Fonte: MCU e INE

Na súa produción editorial Galicia tamén queda afastada da proporción que lle correspondería como consecuencia do seu peso demográfico dentro do contexto español. Aquí, o protagonismo dos grandes centros editores do país marca un claro sinal que provoca a nosa subsidiariedade, malia o feito de que contemos cunha liña propia de produción editorial en galego moi estimable (1377 títulos por ano), que salva e palía a nosa condición periférica neste tipo de industria. Outra cuestión, que non é tarefa do presente achegamento, sería abordar a situación financeira dun sector que precisa con carácter urxente de todo tipo de axudas e apoios externos. A diferenza existente entre as tiradas medias dos libros publicados en castelán e en galego determina niveis de rendibilidade e de viabilidade bastante dispares para uns e para outros.

Cadro 18. Xornais (2002)

	Xornais	Tirada anual	Índice de difusión
ESPAÑA	90	1 523 213 255	104,7
Galicia	6	106 673 805	107,0
A Coruña	—	50 505 050	125,1
Lugo	—	11 841 330	107,6
Ourense	—	10 220 365	81,4
Pontevedra	—	34 107 060	103,1

Fontes: MCU, INE e OJD

Un ámbito complementario do anterior que atinxe á cultura lectora dos nosos cidadáns é o da difusión de xornais dentro de Galicia. Podemos afirmar que os índices de difusión e lectura resultan razoablemente equilibrados a teor do contexto en que nos atopamos e conscientes de que nas medias estatais de lectura²² se reflicte un indicador ao que subxace a existencia de cifras

22. Bustamante, E. (dir.) (2001): *Comunicación y cultura en la era digital. Industrias, mercados y diversidad en España*, Madrid, Gedisa.

de lectura moi distintas entre o norte e o sur de España. En todo caso, e malia esas consideracións, as taxas de lectura de Galicia son equilibradas para o contexto español, aínda que baixas se se comparan coas medias das áreas europeas máis desenvolvidas e cultivadas.

3.3. ESPAZOS E ACTIVIDADES ESCÉNICAS

Cadro 19. Número de espazos escénicos (2002)

	N.º	%	Capacidade	Espazos por 100 000 habs.	Espazos por 1000 km ²	N.º de habs. por asento	N.º de capacidade por espazo
ESPAÑA	1607	100,0	859 747	3,8	3,2	49	535
Galicia	57	3,5	50 923	2,1	1,9	54	893
A Coruña	23	1,4	25 722	2,1	2,9	43	1118
Lugo	10	0,6	3924	2,8	1,0	92	392
Ourense	8	0,5	4137	2,3	1,1	83	517
Pontevedra	16	1,0	17 140	1,7	3,6	54	1071

Fonte: SGAE

Tamén no caso do presente cadro debemos quedar máis coa tendencia que apunta que cos datos netos que transmite, dado que o sector está a experimentar un rápido e intenso cambio. Algúns dos grandes debates sobre espazos culturais que se están a levar a cabo en Galicia na actualidade, como a Cidade da Cultura, o Auditorio e o Palacio de Congresos de Vigo, ou iniciativas como o gran centro creado en Ourense en S. Francisco, suscitan novas consideracións ao tempo que redefinen a situación dos equipamentos que caracterizou as nosas cidades ao longo dos últimos anos. Deterémonos nisto en páxinas sucesivas do presente informe; en todo caso, e como tendencia, pode afirmarse a existencia dun certo desequilibrio nas dotacións que privilexaría o norte do país respecto do sur. Unha diferenza, en todo caso, que tamén resulta explicable pola presenza da capital de Galicia dentro da provincia da Coruña.

Cadro 20. Representacións, espectadores e recadación nos espazos escénicos e nos concertos de música clásica durante o ano 2004

DATOS GLOBAIS								
	Sesións	%	Espectadores	%	Recadación €	%	Media de asistentes	Prezo medio €
España	65 717	100,0	15 099 369	100,0	171 155 182	100,0	229,8	11,3
Galicia	2727	4,1	552 104	3,6	2 716 661	1,5	202,5	4,9
TEATRO								
	Sesións	%	Espectadores	%	Recadación €	%	Media de asistentes	Prezo medio €
España	59 415	100,0	12 732 522	100,0	131 771 260	100,0	214,3	10,3
Galicia	2495	4,2	467 958	3,7	1 923 054	1,5	187,6	4,1
DANZA								
	Sesións	%	Espectadores	%	Recadación €	%	Media de asistentes	Prezo medio €
España	4754	100,0	1 538 230	100,0	17 173 458	100,0	323,6	11,2
Galicia	190	4,0	60 448	3,9	546 655	3,2	318,1	9,0
XÉNERO LÍRICO								
	Sesións	%	Espectadores	%	Recadación €	%	Media de asistentes	Prezo medio €
España	1547	100,0	1 070 717	100,0	31 905 038	100,0	692,1	29,8
Galicia	40	2,6	23 698	2,2	194 635	0,6	592,4	8,2
MÚSICA CLÁSICA								
	Sesións	%	Espectadores	%	Recadación €	%	Media de asistentes	Prezo medio €
España	17 318	100,0	5 156 986	100,0	39 130 219	100,0	297,8	16,1
Galicia	1778	10,3	467 292	9,1	988 724	2,5	262,8	9,3
A Coruña	652	3,8	228 420	4,4	702 430	1,7	350,3	9,2
Lugo	468	2,7	91 200	1,8	4890	0,0	194,9	12,2
Ourense	87	0,5	17 297	0,4	18 967	0,1	198,8	6,7
Pontevedra	671	3,9	130 375	2,5	262 437	0,7	194,3	10,0

Fonte: SGAE

Se observamos o cadro precedente podemos comprobar como o noso atraso segue a manterse en ámbitos como o da danza e o do xénero lírico, aínda que se atenúa algo no caso do teatro. Aínda así, a música clásica conta cunha presenza relativa moito máis significativa, o que evidencia a existencia dun campo cultural específico particularmente vizoso.

Cadro 21. Concertos, espectadores e recadación nos concertos de música popular en 2004

	Concertos	%	Espectadores ¹	%	Recadación ² €	%	Media de asistentes	Prezo medio €
ESPAÑA	114 428	100,0	22 149 795	100,0	131 765 433	100,0	193,6	6,0
Galicia	4770	4,2	1 666 613	7,5	4 622 856	3,5	349,4	2,8

¹ Os espectadores exclúen os macrofestivais e grandes festivais
² Os datos de recadación inclúen o Intercéltico de Ortigueira

Fonte: SGAE

Aínda que non sempre resulte doado concretar o delgado fio que separa a música culta da popular, podemos comprobar tamén como a presenza deste ámbito semella ter unha relevancia proporcionalmente máis modesta que a conseguida pola música clásica.

3.4. SECTOR AUDIOVISUAL

Cadro 22. Produción cinematográfica (longametraxes) en 2004

	N.º de empresas	%	N.º de películas en que participou Galicia
ESPAÑA	142	100,0	—
Galicia	12	8,5	8

Fonte: Xunta de Galicia

Cadro 23. Datos xerais da Televisión de Galicia

TVG	Datos
Orzamento de 2003	108 100 000 €
Audiencia 2004	17,40%
Minutos diarios de emisión (EGEDA 2001)	1386
Porcentaxe de produción propia (TVG 2001)	80,79%
Investimento publicitario declarado na televisión (Infoadex)	14 628 000 €

Fonte: Xunta de Galicia

Respecto dos datos xerais que enmarcan a situación do noso sector audiovisual, podemos comprobar con razoable satisfacción como, desde as orixes da autonomía, a existencia dunha serie de iniciativas dispersas pero complementarias contribuíron a favorecer a aparición dun sector que, en boa medida, actúa tanto de produtor para o consumo interior como de canteira de formación e reservorio de competencias e coñecemento de cara ao crecente compromiso da Unión Europea coa relevancia do sector audiovisual. A creación no seu momento do Centro Dramático, da Televisión de Galicia e do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais) foron fitos complementarios que contribuíron –sobre todo a creación da TVG– a facer viable e potenciar o

desenvolvemento dun sector que está a acadar unha presenza relativa dentro do conxunto de España. A existencia de 12 empresas do sector en Galicia nun país como España, que conta pola súa vez cun sector audiovisual comparativamente feble e en crise permanente, non é senón un signo dun labor feito que ten que ser decote continuado e redefinido. O feito de que a TVG prime nunha moi alta porcentaxe a produción propia (80%) é xa un camiño ensaiado no que resulta imprescindible afondar dun xeito tan decidido coma realista.

Cadro 24. Magnitudes da industria audiovisual en Galicia

	Empresas	Facturación	Resultado	Emprego
PRODUCCIÓN¹	150	51 417 624	3 800 887	910
Cine	(34)	5 118 576	-31 584	
Televisión	(46)	19 411 166	2 411 766	
Publicidade	(36)	6 093 529	252 492	
Multimedia	(54)	4 916 791	170 702	
Servizos de produción e posprodución	(30)	15 877 562	997 511	
DISTRIBUCIÓN	4	9 346 641	619 671	15
EMISIÓN	32	29 527 425	-1 281 279	669
EXHIBICIÓN	40	7 448 554	742 862	111
TOTAL INDUSTRIA	226	97 740 244	3 882 141	1705
Por provincias:	Total empresas	Produtoras	Televisións locais	
A Coruña	119	94	11	
Lugo	16	8	4	
Ourense	20	8	5	
Pontevedra	71	40	10	
Total	226	150	30	

¹ O número de produtoras non coincide co desagregamento, xa que moitas empresas desempeñan máis dunha actividade

Fonte: Xunta de Galicia

Respecto da distribución territorial das empresas obsérvase tamén a capacidade de atracción de Santiago e o peso do norte, que converten a provincia da Coruña en zona favorecida en canto á presenza de empresas do sector. Sen dúbida, a existencia de formación universitaria de Comunicación e Produción Audiovisual na Universidade de Vigo favorecerán no futuro un maior equilibrio territorial neste ámbito.

3.5. HÁBITOS CULTURAIS

Se observamos algúns datos básicos relativos ás grandes cidades, como a súa poboación e a súa densidade de poboación, podemos comprobar a existencia de diferenzas notables respecto das súas respectivas situacións.

Cadro 25. Área, poboación e densidade das cidades (2004)

	Área total (km ²)	%	Poboación (n.º)	%	Densidade (habs./km ²)
A Coruña	37,6	3,8	242 846	24,7	6458,7
Ferrol	82,6	8,4	77 863	7,9	942,7
Lugo	329,8	33,6	91 426	9,3	277,2
Ourense	84,5	8,6	108 600	11,0	1285,2
Pontevedra	118,3	12,2	78 715	8,0	665,4
Santiago de Compostela	220,6	22,5	92 298	9,4	418,4
Vigo	109,1	11,1	292 059	29,7	2677,0
Total	982,5	100,0	983 807	100,0	1001,3

Fonte: INE; elaboración propia

As diferenzas cuantitativas máis estimables fan referencia, primeiro, ao feito de que dúas delas, A Coruña e Vigo, capitalizan as cifras de maior peso nas súas zonas respectivas ao norte e ao sur de Galicia. Dúas cidades medias cuxa aparente semellanza numérica oculta un feito non menos relevante: as súas moi distintas taxas de densidade de poboación. Mentres a cidade da Coruña conta cunha densidade de 6458 habitantes por km², Vigo non chega á metade desa cifra. Esa diferenza marca o carácter máis urbano e nuclear da cidade da Coruña, o que en moitos aspectos resulta para ela unha estimable vantaxe comparativa. A presenza dunha poboación máis concentrada permite unha mellor e moito máis económica dotación de servizos culturais aos cidadáns. No extremo contrario atoparíase a cidade de Lugo, que ao contar coa densidade máis baixa (277 habs./km²) veríase obrigada a afrontar uns custos máis elevados para poder darlles un tratamento equivalente aos seus cidadáns. En condicións sempre de desvantaxe, pero algo menos discriminadas pola inexorabilidade das cifras, atoparíanse as cidades de Santiago de Compostela e Pontevedra. En xeral estas cidades, xunto con Ferrol, Ourense e Vigo, teñen que resolver unha importante e custosa demanda de servizos culturais por parte das parroquias rurais ou semirruais, as cales, malia o sobreesforzo efectuado, nunca dan acadado un nivel comparable de servizos e dotacións.

Cadro 26. Equipamentos culturais en 2002-2003 (%)

	ESPAÑA	GALICIA
Televisión	99,5	99,6
<i>Dúas ou máis</i>	63,7	68,3
Televisión por cable	9,3	7,3
Televisión vía satélite	11,5	8,3
Vídeo VHS	70,5	61,1
DVD	16,7	12,3
Proxector de diapositivas	4,0	3,6
Cámara de fotos	78,8	76,4
Cámara de vídeo	20,4	18,1
Radio	97,1	96,2
Radiocasete	68,4	74,0
Equipo de son con CD	69,3	60,6
Instrumentos musicais	33,7	32,8
Teléfono fixo	85,9	87,2
Teléfono móbil	74,4	69,7
Ordenador	40,8	40,3
Acceso a internet	21,6	19,6

Fontes: INE e MCU

Se observamos os datos da cobertura doméstica en recursos culturais e comunicativos, podemos comprobar como as dotacións medias dos fogares galegos manteñen un certo nesgo arcaizante, o cal se evidenciaría na sobrepresenza dalgúns recursos hoxe en certo declive, como os radiocasetes, ou mesmo na diferenza na cobertura existente en televisións convencionais fronte á relativa desvantaxe mostrada nos ámbitos da televisión por cable ou por satélite. Non obstante, tamén sorprende en sentido contrario o nivel de cobertura acadado coa presenza, equilibrada respecto ao conxunto de España, de ordenadores.

Cadro 27. Porcentaxe de fogares segundo o número de libros (2002-2003)

	ESPAÑA	GALICIA
Dispoñen de libros	98,6	98,6
Menos de 10	11,7	6,7
De 10 a 25	21,5	20,9
De 26 a 50	22,4	24,5
De 51 a 100	19,4	19,5
De 101 a 200	11,8	15,6
Máis de 200	11,8	16,4
Media de libros por fogar	125	156

Fonte: MCU

Semella Galicia un país relativamente amable para os libros a teor dos datos procedentes do estudo do Ministerio de Cultura publicado no ano 2004. De acordo con estes datos, a media de libros por fogar sería en Galicia de 156, mentres que no conxunto de España a cantidade media non excedería os 125 por cada vivenda familiar. A folgada presenza relativamente importante (16,4%) de vivendas con máis de 200 libros semella estarnos a falar da presenza dunhas elites culturais de vocación literaria representadas aquí dun xeito máis xeneroso que noutras partes da Península. Poida que tamén estes datos nos estean a falar dunha estratexia de resistencia das clases medias ilustradas fronte a unha infradotación bibliotecaria que en moitos ámbitos da nosa xeografía segue a resultar alarmante pola súa precariedade.

Cadro 28. Hábitos de lectura (2002-2003)

	ESPAÑA			GALICIA		
	Adoitan ler	Con bastante frecuencia	Con pouca frecuencia	Adoitan ler	Con bastante frecuencia	Con pouca frecuencia
Libros non relacionados coa profesión/estudos	49,1	30,1	19,0	54,0	36,5	17,5
Prensa diaria	69,7	58,4	11,3	84,4	73,3	11,1
Lectura de revistas	55,0	25,9	29,1	63,1	31,6	31,5
Lectura de revistas culturais	25,1	13,2	11,9	31,4	14,8	16,6

Nota metodolóxica: as diferenzas temporais nos hábitos de lectura obrigaron a unificar en dous criterios de frecuencia distintos tempos de lectura segundo o seu soporte. A seguir describese as variables agregadas en cada un deles.

- Moita frecuencia *libros*= «Todos os días» + «1 vez por semana»
- Pouca frecuencia *libros* = «De 2 a 3 veces ao mes» + «Unha vez ao mes» + «Menos frecuencia»
- Moita frecuencia *prensa*= «Todos os días» + «3-4 veces por semana» + «1-2 días por semana»
- Pouca frecuencia *prensa* = «De 1 a 3 veces ao mes» + «Menos frecuencia»
- Moita frecuencia *revistas* = «1-2 veces por semana» + «2-3 veces ao mes»
- Pouca frecuencia *revistas* = «1 vez ao mes» + «Menos frecuencia»
- Moita frecuencia *revistas culturais* = «Máis de 1 vez ao mes» + «1 vez ao mes»
- Pouca frecuencia *revistas culturais* = «Menos frecuencia»

Fonte: MCU

En congruencia co que dicíamos máis arriba, tamén os niveis que presentan entre nós os hábitos de lectura semellan estarnos a falar da existencia dunha razoable vitalidade deste medio. Neste senso, Galicia parece manter unha lealdade alta cara ao libro. Probablemente a presenza da mesma cultura galega, que nunha estimable medida está a ser unha *cultura literaria*, non resulte totalmente allea a esta tendencia. Máis alá do feito de que os datos proporcionados pola presente enquisa resultan sempre máis fiables para o conxunto de España que para unha das súas partes (12 180 enquisas realizadas no ano 2003 para o conxunto de España, fronte a 760 enquisas só en Galicia), poida tamén que aquí estea a influír a diferenza estrutural que adoita confirmar como máis lectoras as áreas do norte.

Cadro 29. Minutos dedicados á lectura de libros ao mes; libros lidos/mercados no último trimestre (2002-2003; porcentaxe entre aqueles que leron libros)

	Media (min)	Libros lidos no último trimestre				Libros mercados no último trimestre				
		1	2-5	Máis de 5	Media	Compradores	1	2-5	Máis de 5	Media
ESPAÑA	66,8	32,0	55,9	11,5	3,2	21,3	7,5	10,8	2,9	3,5
Galicia	57,7	31,0	56,3	12,7	3,4	23,2	8,5	11,0	3,6	4,3

Fonte: MCU

A información contida no presente cadro semella apuntar cara á existencia dunha elite cultural de vocación literaria relativamente importante. O feito de que de entre os lectores a cifra daqueles que leron máis de cinco libros no último trimestre sexa en Galicia do 12,7%, fronte ao 11,5% español, podería estar a indicarnos esa presenza.

Cadro 30. Número de CD, casetes e discos de música nos fogares (2002-2003)

	ESPAÑA	GALICIA
Dispoñen de CD, casetes e discos	90,4	89,2
Menos de 10	5,5	6,5
De 10 a 24	12,4	12,1
De 25 a 49	18,1	17,1
De 50 a 99	25,5	24,1
De 100 ou máis	22,5	19,3
Media por fogar	111	101

Fonte: MCU

Cadro 31. Número de películas (VHS ou DVD) nos fogares (2002-2003)

	ESPAÑA	GALICIA
Dispoñen de cintas/discos	67,8	58,7
Menos de 10	13,3	13,9
De 10 a 24	25,5	20,9
De 25 a 49	13,7	11,4
De 50 ou máis	15,4	12,6
Media de cintas/discos por fogar	39	36

Fonte: MCU

Non obstante, cando nos detemos a analizar os datos relativos a outros medios culturais máis modernos vencellados ás novas formas de consumo de cultura e lecer, os resultados retoman esa feble liña discriminante que semella sempre marcarse no caso de Galicia, esa síndrome de relativo atraso que afecta de xeito particular as novas actividades vencelladas ás novas prácticas do consumo cultural.

Cadro 32. Hábitos sobre o consumo de música en 2002-2003 (CD/casetes)

	Media (min / día)	Compra de música (CD/casetes)			CD/casetes mercados no último trimestre				
		Total	Último trimestre	Entre 3 meses e 1 ano	Máis de 1 ano	1	2-5	Máis de 5	Media
ESPAÑA	143,2	99,1	31,4	18,8	48,9	34,4	43,9	21,5	3,6
Galicia	120,6	99,5	28,4	16,6	54,5	33,6	46,4	20,1	3,8

Fonte: MCU

Segundo a información contida neste cadro, a hipótese expresada máis arriba relativa á condición literaria das nosas prácticas e consumos culturais semella complementarse co relativo, aínda que en todo caso limitado, atraso da nosa posición noutro tipo de prácticas, por exemplo o feito de que mentres no conxunto de España o 21,5% dos compradores de CD/casetes mercaron máis de cinco no último trimestre, en Galicia a cifra é, ao contrario do que sucedía no caso do libro, dun 20,1%.

Cadro 33. Media de minutos dedicados a prácticas audiovisuais (2002-2003)

	ESPAÑA	GALICIA
Ver vídeo VHS/DVD (á semana)	189,4	177,4
Ver televisión (ao día)	165,6	139,5
Escoitar a radio (ao día)	143,0	132,9
Usar o ordenador (á semana)	612,6	539,9
Usar internet (á semana)	333,9	285,7

Fonte: MCU

Tamén nas restantes prácticas, excluída a lectura, a media española resulta lixeiramente superior á acadada en Galicia.

Cadro 34. Proxección de intereses culturais en 2002-2003 (de 1 a 10)

	ESPAÑA	GALICIA
Interese pola lectura/literatura	5,7	5,9
Interese polo teatro	5,5	5,2
Interese pola ópera	2,8	2,6
Interese pola zarzuela	3,1	2,6
Interese polo ballet/danza	3,2	3,0
Interese pola música clásica	4,2	4,1
Interese pola música actual	6,0	5,9
Interese polo cine	6,7	6,3
Interese polos museos	5,2	5,3

Fonte: MCU

Salvo matices, certamente semella que a proxección dos intereses culturais mostra estabilidade. Moi probablemente isto teña que ver sobre todo coa condición bastante difusa da pregunta que invita a un número significativo de persoas a achegar opinións medias, salvo acaso no que fai referencia a aqueles gustos que poden evidenciarse como pouco frecuentes ou escasamente próximos para algúns, como a zarzuela ou a ópera.

Cadro 35. Porcentaxe de asistencia a diversas infraestruturas culturais (2002-2003)

	TOTAL		NO ÚLTIMO ANO	
	ESPAÑA	GALICIA	ESPAÑA	GALICIA
Bibliotecas	24,1	26,1	19,9	21,5
Teatro	31,5	25,9	23,4	18,4
Ópera	5,6	4,2	3,0	2,8
Zarzuela	5,4	2,8	2,6	1,4
Ballet/danza	8,1	5,8	4,6	3,4
Concertos de música clásica	13,0	11,0	8,4	7,9
Concertos de música actual	32,0	34,0	24,6	27,6
Cine	61,8	54,4	55,6	49,6
Museos	36,4	38,0	25,7	30,0
Galerías de arte	—	—	17,7	21,9
Monumentos/Xacementos	—	—	28,8	35,1
Visita a arquivos	—	—	3,5	4,4
Conferencias/Mesas redondas	—	—	9,3	10,4
Centros culturais	—	—	14,1	19,1
Circo	—	—	4,8	4,2
Feiras	—	—	38,0	43,6

Fonte: MCU

Malia os déficits nas dotacións, os galegos afirman aproveitar os seus recursos bibliotecarios dispoñibles nunha medida comparativamente maior que no resto do estado español. Tamén manifestan asistir con regularidade a concertos de música actual, un tipo de actividade que con frecuencia se mestura coa celebración das festas populares no verán. Igualmente evidénciase como práctica relativamente fluída a asistencia a museos, galerías de arte e conferencias. A particular vitalidade da concorrencia a lugares como centros culturais ou feiras ten, sen dúbida, algo que ver co feito de que bastantes poboacións de tamaño medio e pequeno contén xa hoxe con centros socioculturais e recreativos así como co relativamente alto peso que posúe aínda a nosa cultura rural.

Cadro 36. Frecuencia de hábito de asistencia / actividade cultural (2002/2003)

	ESPAÑA			GALICIA		
	Adoitan	Con bastante frecuencia	Con pouca frecuencia	Adoitan	Con bastante frecuencia	Con pouca frecuencia
Ir á biblioteca	24,5	13,1	11,4	26,0	13,8	12,2
Ir á ópera	5,7	2,7	3,0	4,2	2,7	1,5
Ir á zarzuela	5,5	2,4	3,1	2,8	1,8	1,0
Ir ao ballet/danza	8,3	4,6	3,7	5,8	2,9	2,9
Escoitar música	83,0	71,2	11,7	76,9	64,9	12,0
Ir a concertos de música clásica	13,3	5,5	7,8	11,5	5,4	6,1
Ir a concertos de música actual	32,5	16,8	15,7	34,2	19,7	14,5
Ir ao cine	62,1	41,5	20,6	54,6	39,8	14,8
Uso do video ou DVD	51,8	27,8	24,0	40,6	22,5	18,1
Escoitar a radio	78,6	59,6	19,0	78,6	61,4	17,2
Uso do ordenador	31,3	24,3	6,7	30,3	22,3	8,0
Internet	22,6	15,8	6,8	22,0	15,3	6,7
Ir ao museo	37,1	19,6	17,5	38,2	21,6	16,6

Fonte: MCU

Só no relativo ás bibliotecas e nas visitas aos museos, os galegos din que adoitan acudir cunha maior frecuencia que os residentes noutras partes de España. As diferenzas, obviados os posibles efectos dos distintos pesos das mostras utilizadas, reafirman algunha das tendencias xerais xa apuntadas: que no resto das actividades se produce unha posición de moi lixeira desvantaxe para os consumidores galegos de cultura, algo que sen dúbida atopará reflexo tamén no aínda relativamente importante peso que ten o mundo rural no presente sociolóxico de Galicia. As distancias maiores, en todo caso, prodúcense en certas prácticas sen arraigamento en Galicia (zarzuela: 5,5% en España, fronte ao 2,8% en Galicia) ou en actividades vencelladas a tradicións urbanas como no caso da ópera ou do ballet.

Cadro 37. Outras prácticas culturais realizadas no último trimestre (2002-2003)

	ESPAÑA	GALICIA
Actividades realizadas na casa	37,3	40,2
Actividades realizadas fóra da casa	38,6	44,2
Indiferente	23,3	14,8
Artes plásticas	7,7	7,5
Práctica con instrumentos musicais	4,0	2,6
Coro	1,7	2,1
Escribir	3,0	1,2
Fotografía	8,1	6,5
Vídeo	2,0	1,8
Teatro	1,1	0,5
Baile	1,5	1,5
Outras prácticas	5,7	2,7
Ningunha	75,4	80,0

Fonte: MCU

Noutros tipos de prácticas culturais, os galegos manteñen posicións relativamente próximas ao que sucede no resto de España, aínda que con matices diferenciais. Por exemplo, os galegos participan máis da media en agrupacións corais, pero practican menos cos instrumentos musicais, escriben menos, van menos ao teatro e interésanse tamén menos pola práctica da fotografía.

En resumo, existe bastante semellanza entre Galicia e España, cunha certa distancia das prácticas máis modernas e máis urbanas, que semella compensarse en Galicia cun interese medio superior pola cultura literaria.

4. CARACTERIZACIÓN DOS DEPARTAMENTOS DE CULTURA DAS SETE PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS

No presente apartado deterémonos a analizar os datos procedentes dunha enquisa efectuada en cada unha das sete grandes cidades aos responsables políticos e aos técnicos do ámbito de cultura²³. A recollida e o tratamento da información efectuouse co fin de establecer un perfil comparativo de acordo con diferentes variables susceptibles de dar conta das liñas centrais das políticas culturais urbanas. Os cadros recollen información cuantitativa e cualitativa. Cómpre indicar que, ao ser cada un dos casos bastante singular, a proposta de comparación que subxace ao noso modelo expositivo mostra algunhas limitacións para unha correcta e completa comprensión. Nese sentido algunhas cidades, como A Coruña, contan cuns servizos centrais de cultura de tamaño medio e o seu maior peso evidénciase na ampla dependencia de equipamentos e servizos, nos que traballa un gran número de técnicos e empregados.

As variables recollidas nos diferentes cadros que elaboramos dan conta de aspectos como a dotación de persoal, os entes e servizos que dependen da concellaría, os grandes eventos promovidos, os equipamentos existentes, os obxectivos das súas políticas culturais e mesmo outras informacións relativas a orzamentos, convenios ou aspectos cualitativos como a análise que fai cada un dos responsables sobre as respectivas problemáticas político-culturais locais.

23. Ademais recorreuse tamén a algúns datos procedentes dunha enquisa sobre a cultura na Eurorrexión realizada para o Eixo Atlántico. A información citada nalgúns dos cadros completa e matiza varios dos aspectos que se abordan no presente capítulo.

4.1. OS DEPARTAMENTOS DE CULTURA DAS SETE PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS

Cadro 38. Ano de creación da Concellaría de Cultura

	Ano	Partido
A Coruña	1983	PSOE
Ferrol	1979	AP
Lugo	1980	UCD
Ourense	1987	PSOE
Pontevedra	1983	IG (Independentes de Galicia)
Santiago de Compostela	1988	PSOE
Vigo	1979	PSOE

Nota: o ano de creación en Lugo é estimativo

Fonte: elaboración propia

As concellarias de Cultura son produto dunha serie de procesos que conflúen entre nós no momento da chegada da democracia aos concellos urbanos. Non é unicamente o factor da democracia o que inflúe, senón tamén o feito de que, no cambio de década no que ese proceso se consuma, a cultura está a ser cada vez dun xeito máis transparente un labor de gran relevancia urbana. Ao incremento das demandas culturais dos cidadáns engádeselle o feito de que os actores culturais, cada vez máis activos e eficientes como promotores e creadores, forzan a progresiva constitución dun *campo* cultural local. No transfondo atoparíase tamén o feito histórico da emerxencia dunha nova etapa civilizadora na que a cultura, a comunicación e a información resultarían cada vez máis visibles e estratéxicas.

Cadro 39. Persoal de cultura

	Persoal no departamento administrativo	Equipos de apoio e servizos	Total de persoal de cultura
A Coruña	7	327	334
Ferrol	19	7	26
Lugo	6	—	6
Ourense	11	7	18
Pontevedra	11	—	13
Santiago de Compostela	14	26	42
Vigo	7	34	41

Fonte: elaboración propia

Se algo deriva da información recollida no precedente cadro 39 é o feito de que os modelos que serven de soporte así como os criterios administrativos e de dotación de persoal resultan bastante heteroxéneos entre as diferentes cidades. Esta afirmación irase facendo máis evidente a medida que nos vaiamos detendo nos distintos indicadores estimados. Tres cidades aparecen desmarcadas na súa tarefa cultural: A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. Aquí o tamaño semella determinante no caso da Coruña e Vigo e a condición de eixe cultural e capital de Galicia no caso de Santiago de Compostela.

Desde logo, no que se refire á Coruña, detéctase un esforzo particular na concreción de iniciativas cuxa xestión tende a establecerse dun xeito descentralizado nos seus respectivos proxectos ao redor da música e dos museos. Santiago, porén, semella apostar por un modelo de dotación técnico-profesional máis centrado na competencia político-cultural do actor municipal.

Cadro 40. Persoal ao cargo do concelleiro

	Total	Xefes	Administrativos	Auxiliares administrativos	Programadores	Persoal auxiliar	Outros
A Coruña	11	1	1	3	2	0	4
Ferrol	19	1	9	0	0	8	1
Lugo	6	1	0	2	2	0	1
Ourense	14	1	0	4	2	7	0
Pontevedra	13	—	—	—	—	—	—
Santiago de Compostela	11	1	—	2	—	2	—
Vigo	7	1	1	1	0	3	1

Fonte: elaboración propia

Outros concellos contan cuns servizos centrais relativamente modestos. Lugo e Vigo, en particular, non alcanzan o número de dez persoas empregadas nos seus servizos centrais de cultura. Certamente nalgúns dos casos, como sucede en Santiago de Compostela, nos servizos centrais inclúese o persoal dun equipamento tan relevante como é o Auditorio de Galicia, onde desenvolven o seu labor nove persoas.

Cadro 41. Categoría profesional dos xefes de negociado

	Categoría profesional
A Coruña	Cargo de confianza
Ferrol	Cargo de confianza
Lugo	GRUPO B: Xestión
Ourense	GRUPO C: Técnico de cultura
Pontevedra	GRUPO A: Técnico de programación
Santiago de Compostela	GRUPO C: Programadora
Vigo	GRUPO A: Xefe do Departamento de Cultura

Fonte: elaboración propia

Se atendemos aos niveis de cualificación dos responsables administrativos das áreas de cultura, podemos comprobar como a situación das diversas cidades resulta tamén bastante diferenciada. Nalgúns casos esa función recae sobre un cargo de confianza (A Coruña e Ferrol), outras veces é desempeñada por técnicos superiores da Administración (como nos casos de Pontevedra ou Vigo). No caso de Lugo a persoa responsable pertence ao grupo B de xestión. No de Ourense e Santiago pertencen ao grupo C.

A diversidade de situacións pode resultar bastante significativa do momento tan dinámico como heteroxéneo que está a vivir a institucionalización da cultura nas nosas principais vilas. Semella que o normal sería a existencia de polo menos un equipo de técnicos responsables de cultura con nivel A en todas as cidades. Unha presenza que non tería por que ser incompatible coa eventual contratación de cargos de confianza chamados a complementar os seus labores.

Cadro 42. Conveniencias de ter un técnico de cultura no Concello

	Respostas
Ferrol	«É imprescindible para quen toma as decisións contar coa asistencia dun técnico especializado xa que o responsable político non sabe todo»
Lugo	«Para mellorar a eficacia na programación cultural»
Ourense	«Porque se precisa pensar a situación en que se atopa a cultura na cidade»
Pontevedra	«Porque é preciso un profesional especializado»
Santiago de Compostela	«Porque son especialistas na xestión cultural»
Vigo	«Porque é un profesional especializado na área»

Fonte: elaboración propia

En principio, a maioría dos electos responsables locais no ámbito da cultura recoñecen a relevancia da presenza de técnicos culturais cualificados co fin de conseguir un desenvolvemento axeitado dos labores do Departamento. Para tomar as decisións correctas e mellorar a eficacia e a calidade da xestión resultaría conveniente o concurso dun técnico cultural cualificado.

Cadro 43. Funcións que desempeñan os técnicos de cultura no concello e necesidades que cobren

	Funcións dos técnicos de cultura	Necesidades que cobren
Ferrol	Levar adiante todas as actividades que saen da Concellaría de Cultura	Ser a man dereita do concelleiro e para executar todo o que sae da Concellaría
Lugo	Programar e realizar o seguimento da programación cultural	Desenvolvemento e seguimento da programación cultural
Ourense	Programar actividades que perduren no tempo e darlles sentido aos proxectos	Analizan e desenvolven novas iniciativas
Pontevedra	Ten que ser programador, coordinador e condutor da programación cultural para que esta se leve a bo fin	Desenvolven a programación cultural
Santiago de Compostela	Realizar a programación cultural	Realizan a programación cultural
Vigo	Xestión, ordenación e programación da área de cultura; outro é o director do Museo Quiñones de León	Teñen experiencia acumulada, xa que non hai xeralmente transferencia de persoal desta área a outras

Fonte: elaboración propia

De feito, os técnicos son os expertos precisos para programar e xestionar dun xeito cualificado os contidos do Departamento de Cultura. O seu rol debería ser apoiar en todo o preciso o concelleiro garantindo o seguimento e a avaliación da actividade promovida.

Cadro 44. Denominación e competencias integradas da concellaría/delegación de Cultura

	Denominacións	Competencias integradas na denominación
A Coruña	Cultura e Educación (Área de Benestar)	Cultura, Educación, Museos Científicos Coruñeses, Consorcio para a Promoción da Música, Instituto Municipal Coruña Espectáculos, Consorcio para o Turismo e Fundación Luís Seoane
Ferrol	Cultura e Campus	Cultura e Campus
Lugo	Cultura e Turismo	Cultura e Turismo
Ourense	Cultura, Festas e Festival de Cine	Cultura, Festas e Consorcio para Festival de Cine
Pontevedra	Cultura e Normalización Lingüística	Cultura e Normalización Lingüística
Santiago de Compostela	Cultura e Auditorio de Galicia	Cultura e Auditorio de Galicia
Vigo	Asuntos Sociais	Cultura, Festas e Animación Sociocultural, Educación, Patrimonio Histórico, Sanidade e Normalización Lingüística

Fonte: elaboración propia

A mesma denominación das concellaría en que se localizan as principais competencias de Cultura nas sete cidades galegas móstranos como as situacións e os enfoques cualitativos e organizativos resultan bastante oscilantes e variables. Certamente, estas oscilacións poden non

carecer de xustificacións locais ou puntuais que as expliquen, pero en todo caso están a impedir a posibilidade dun modelo de referencia cara ao cal ou respecto do cal podería ser útil e conveniente concibir e establecer os modelos organizativos locais. Que as competencias de cultura estean integradas con turismo, educación, universidade ou normalización lingüística pode semellar pertinente. O problema, en todo caso, deriva da heteroxeneidade de situacións que introduce unha inevitable confusión e, moi probablemente, reduce a eficiencia xeral do sector. Sen impoñer un modelo, algo tampouco desexable tendo en conta a diversidade de casuísticas locais existentes, podería ser positivo ir tomando conciencia do interese dunha maior colaboración e achegamento entre os modelos que haxa que concibir e implantar.

O ámbito das competencias de cultura nun concello pode ser abordado desde unha tripla dimensión. En primeiro lugar, no Departamento de Cultura existen unha serie de servizos cuxa xestión depende directamente da concellaría e dos seus servizos administrativos centrais. O peso deses servizos deriva nunha medida determinante do nivel competencial acadado pola cultura en cada unha das cidades. En xeral, pode afirmarse que os equipamentos culturais que se foron creando con velocidades variables, pero sempre devagar, nas distintas cidades son un dos obxectivos centrais que canalizan as políticas culturais locais. Sobre todo nas grandes cidades –A Coruña, Santiago e Vigo–, tanto se son de dependencia directa ou como fundacións ou entes autónomos, os equipamentos socioculturais, teatros, auditorios e museos constitúen un dos eixes fundamentais sobre os que xiran as competencias das concellarías urbanas de Cultura en Galicia. Os núcleos tradicionais frecuentemente vencellados ás programacións culturais das festas de verán seguen a ter un peso importante en todas as cidades, de entre os que quizais sexan salientables os casos de Lugo, co seu San Froilán, ou mesmo os de Vigo e Ourense.

Cadro 45. Entes autónomos relacionados co Concello, funcións desempeñadas e asignación orzamentaria

	Entes autónomos relacionados co Concello	Funcións desempeñadas	Euros concedidos
A Coruña	Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE)	Organización de espectáculos	3 615 956
	Consortio para a Promoción da Música	Promoción da música	4 000 000
	Consortio de Turismo	Xestión de patrimonio cultural	561 000
	Fundación Luís Seoane	Conservación do legado de Luís Seoane	203 000
Ferrol	Padroado de Cultura	Música, teatro, danza, promoción cultural e das artes escénicas	262 237
Ourense	Consortio para Festival de Cine	Organización do Festival de Cine Independente de Ourense	120 000
	Padroado da Banda de Música	Concertos	270 000
	Fundación Feiras e Exposicións (Expourense)	Organización de feiras	84 000
	Padroado do Teatro Principal	Programación e organización	60 000
	Padroado de Turismo	Actividades relacionadas co turismo	52 000
Pontevedra	Pazo de Congresos e Exposicións (organismo autónomo)	Organización de exposicións e congresos	815 000
Santiago de Compostela	Auditorio de Galicia	Organización de actos culturais	1 680 688
Vigo	Fundación Laxeiro	Investigación e difusión da obra de Laxeiro e Promoción de actividades artísticas e novos valores	60 000
	Fundación MARCO	Actividades do MARCO	900 000

Fonte: elaboración propia

Unha tendencia relativamente recente na reformulación da organización administrativa dos servizos culturais foi o da descentralización de equipamentos e servizos en forma de entes autónomos, consorcios, padroados ou fundacións. Este tipo de estruturas serven tanto para canalizar programacións culturais (IMCE na Coruña, Padroado de Cultura en Ferrol ou Consortio para o Festival de Cine en Ourense, etc.) como para xestionar equipamentos ou museos en case todos os demais casos.

Cadro 46. Relacións entre as distintas concellarías ou áreas e cultura. Actividades realizadas

	Concellarías ou áreas	Tipo de relacións / actividades realizadas
A Coruña	Turismo	Apoio nas actividades culturais
	Educación	Actividades musicais (Escola Municipal de Música)
	Acción Social	Actividades compartidas
Ferrol	Educación	Concertos didácticos
	Seguridade Cidadá e Tráfico	Para desenvolver os eventos
Lugo	Seguridade Cidadá	Seguridade e prestación de apoios a cultura
	Educación	Programas nos colexios
	Consumo/Sanidade	Feiras (controlar calidade dos produtos)
	Servizos Sociais	Facilitar infraestruturas
	Urbanismo	Intégrase aquí o Departamento de Arqueoloxía
Ourense	Participación Cidadá	Colaboración con AA.VV. en eventos concretos
	Educación	Colaboración con colexios en eventos concretos
	Deportes	Actividades compartidas
	Turismo	Apoio nas actividades culturais
Pontevedra	Educación	Apoio nas actividades e colaboración entre as diferentes instancias do Concello
	Deportes	Apoio nas actividades e colaboración entre as diferentes instancias do Concello
	Ambiente	Apoio nas actividades e colaboración entre as diferentes instancias do Concello
	Servizos	Facilitar infraestruturas
	Seguridade Cidadá	Prestación de apoios a cultura
Santiago de Compostela	Educación	Organización de concertos didácticos da Banda de Música, Festival de Monicreques
Vigo	Xestión Municipal	Persoal, asuntos económicos
	Urbanismo	Equipamentos
	Promoción Económica / Desenvolvemento Local	Programas que acollen persoal Laboral (ata 2005), entre outros
	Servizos Xerais	Parques, xardíns, patrimonio cultural, vía pública
	Polición local	Mobilidade e seguridade nos actos culturais

Fonte: elaboración propia

Outra circunstancia relevante relativa á aparición da cultura na Administración local é aquela que fai referencia á presenza noutras concellarías de contidos e actividades de tipo cultural. Esta circunstancia fai posible a existencia de dinámicas de cooperación con distintas áreas e concellarías, desde os niveis máis básicos do apoio recibido por parte de áreas de servizos e de seguridade cidadá na realización de actividades e eventos ata unha ampla diversidade de colabo-

racións puntuais cos departamentos de Educación, Servizos Sociais, Urbanismo, Turismo ou outros. Esta cooperación faise extensiva tanto á realización de actividades culturais de carácter didáctico ou a programas compartidos como en razón da transversalidade que presentan algunhas competencias como as relativas ao patrimonio, as cales teñen unha fonda relación co Departamento de Urbanismo. Outras veces a cooperación efectúase co Departamento de Participación Cidadá ou mesmo coa Área de Turismo ou Ambiente, tanto en temas de feiras monográficas como no relativo a iniciativas de promoción da cultura e do contorno ambiental.

En xeral, o que se pode afirmar, á vista da situación dos departamentos de Cultura das cidades galegas máis importantes, é a ausencia excesivamente frecuente dun modelo organizativo de xestión da área cultural ben definido que favoreza a eficiencia e a homologación de iniciativas e liñas de traballo. En varios dos casos os mesmos funcionarios descoñecían con claridade a estrutura organizativa do seu departamento; noutros recoñecían que existía unha clara discordancia entre o organigrama oficial e o real. Semella que, de procurarmos unha racionalización optimizadora dos nosos recursos culturais, sería desexable que neste eido existisen criterios organizativos relativamente transparentes, eficientes e homologables.

4.2. CONVENIOS, SUBVENCIÓNS E RECURSOS ORZAMENTARIOS DOS DEPARTAMENTOS DE CULTURA

Cadro 47. Algúns convenios firmados con institucións privadas, asociacións e outras entidades

	Convenios concello-institucións privadas	Convenios concello-asociacións /outros
A Coruña	<ul style="list-style-type: none"> - Fundación Caixa Galicia - Autoridade Portuaria - Banco Gallego - Fundación Barrié e Banco Pastor - Tranvías da Coruña S.A. - Construtoras e inmobiliarias - Fundación Caixa Galicia - FENOSA - Consorcio para a Promoción da Música - Colexiata Sta. María (Museo de Arte Sacra) - Fundación pro Real Academia Española - Outros 	<ul style="list-style-type: none"> - Convenios con AA.VV. - Con asociacións de pais de alumnos - Consello Evanxélico de Galicia - Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo - Orde de Cabaleiros de María Pita - Congregación Virgen de los Dolores - Asociación de Libreiros da Coruña
Ferrol	<ul style="list-style-type: none"> - Fundación Caixa Galicia - Fundación Carlos Casares - Fundación Torrente Ballester 	<ul style="list-style-type: none"> - Ateneo Ferrolán - Padroados de cultura
Lugo	<ul style="list-style-type: none"> - Fundación «la Caixa» - Caixanova (10 000 € e infraestruturas) - Caixa Galicia (210 354 €) - Fundación Barrié (9015 €) - Colexio Fingoi 	<ul style="list-style-type: none"> - Con asociacións e festas patronais (22 500 €) - Ágora Cultural
Ourense	<ul style="list-style-type: none"> - Caixanova (espectáculos en circuío) - Caixa Galicia (120 000 €) - Fundación «la Caixa» (actividades en circuío) - Fundación Carlos Casares (6000 €) - Fundación Vicente Risco 	<ul style="list-style-type: none"> - Asociación de Comerciantes e Hostaleiros - Asociación de Artesáns
Pontevedra	<ul style="list-style-type: none"> - Fundación Caixanova (60 000 €) - Fundación Caixa Galicia (60 000 €) 	<ul style="list-style-type: none"> - Con diversas asociacións
Santiago de Compostela	<ul style="list-style-type: none"> - Fundación Caixa Galicia (95 000 €) 	<ul style="list-style-type: none"> - Alternativa '04 (salas Nasa e a desaparecida Galán) - En pé de pedra (bailes de rúa)
Vigo	<ul style="list-style-type: none"> - Caixanova (Padroado MARCO) - Caixa Galicia (ARE-MORE) - Citroën - Fundación Laxeiro (60 000 €) - Fundación MARCO (751 265 €) - Convenio E. Rolán-Concello (6160 €) - Convenio Fernández del Riego (12 020 €) 	<ul style="list-style-type: none"> - Confederación de bandas - Peña Recreativa «El Olivo» - Cineclub Lumière - Asociación Galega de Editores - Federación Cultural de Barrios - Convenio Reconquista (30 050,61 €) - Con asociacións culturais (156 263,15 €) - Empresas privadas de animación cultural (50 000 €) - Premios e concursos de animación cultural (27 000 €)

Fonte: elaboración propia

Á vista do presente cadro, podemos constatar como os concellos das sete principais cidades están a desenvolver na súa maioría un grande esforzo na súa relación coa sociedade civil co fin de establecer convenios, tanto para poder atraer recursos externos (basicamente procedentes de institucións financeiras) como para apoiar algunhas fundacións sen recursos propios, consorcios ou afíns, para que poidan desenvolver dun xeito máis doado os seus obxectivos. Así mesmo, as asociacións e outros tipos de entidades diversas son obxecto deste tipo de apoios por parte dos departamentos de Cultura das grandes cidades. Desde convenios con asociacións veciñais ou con ANPAS ata apoios a asociacións concretas coma a Orde dos Cabaleiros de María Pita, na Coruña, o Ateneo Ferrolán, en Ferrol, Ágora Cultural, en Lugo, a Sala Nasa, en Santiago, ou o Cineclub Lumière, en Vigo.

Cadro 48. Entidades rexistradas no Concello, entidades culturais, subvencións pedidas polas entidades culturais e subvencións concedidas

	Total	Total con actividades culturais	Pedidas	Concedidas
A Coruña	1546	305	—	—
Ferrol	318	205	71	67
Lugo	311	68	55	39
Ourense	1256	271	44	38
Pontevedra	267	93	50	48
Santiago de Compostela	526	68	—	—
Vigo	643	109	103	56

Fonte: elaboración propia

Tamén dispoñemos dunha información orientativa, naqueles casos en que nos foi facilitada por algúns concellos, relativa á intensidade de demandas de subvencións por parte dalgúns entidades asociativas. De acordo cos datos recollidos, podemos constatar os niveis habitualmente altos, de cobertura polo menos básica, acadados polas demandas efectuadas.

Cadro 49. Algúns proxectos/convenios con administracións públicas

	Institucións públicas
A Coruña	– Deputación Provincial.- Actividades do Consorcio da Música (781 320 €) – Xunta de Galicia.- Tempada de teatro no marco do Festival Internacional de Música de Galicia e outras actividades culturais
Ferrol	– Deputación Provincial. - Investimentos diversos na biblioteca pública, auditorio e conservatorio (60 100 €) – Xunta de Galicia.- Biblioteca pública (90 000 €) – Ministerio de Fomento.- Teatro Jofre (976 000 €)
Lugo	– Xunta de Galicia – Deputación Provincial de Lugo e da Coruña
Ourense	– Xunta de Galicia – Deputación Provincial – Ministerio de Cultura – Unión Europea
Pontevedra	– Deputación Provincial. - Actividades no Recinto Feiral (60 000 €); Bienal Internacional da Arte (18 030 €) – Xunta de Galicia.- Festival Internacional de Danza; Xacobeo
Santiago de Compostela	– Xunta de Galicia.- Festival Internacional de Música de Galicia; Feira de Teatro de Galicia – Deputación Provincial (9000 €) – Universidade.- Festival Internacional de Teatro Universitario (27 045 €)
Vigo	– Xunta de Galicia.- Festival ARE-MORE – Deputación Provincial

Fonte: elaboración propia

Tamén os departamentos de Cultura das sete grandes cidades están a tender pontes con outras instancias da Administración para establecer diversas liñas de cooperación, sobre todo coa Xunta de Galicia e mesmo nalgúns casos coas deputacións provinciais. Certamente os contidos dos convenios, sen resultar en xeral moi numerosos, adoitan atinxir basicamente contidos de programación de eventos e excepcionalmente á procura de apoios para a potenciación de equipamentos básicos coma as bibliotecas.

Cadro 50. Orzamentos municipais e cantidade destinada a cultura no ano 2003; subvencións públicas e privadas dalgúns concellos

	Orzamentos 2003	Orzamento de Cultura 2003	% Total / Cultura	Euros / hab.	Subvencións públicas	Subvencións privadas
A Coruña	212 470 412,31	19 548 492,14	9,20%	80,63	—	—
Ferrol	33 055 665,74	1 400 000,00	4,24%	17,60	150 100,00	300 000,00
Lugo	70 986 742,34	3 976 281,00	5,60%	44,42	—	—
Ourense	62 653 400,00	1 589 274,00	2,54%	14,58	—	120 000,00
Pontevedra	39 982 133,38	914 000,00	2,29%	11,90	120 000,00	—
Santiago de Compostela	78 184 507,60	2 252 687,31	2,88%	24,15	—	—
Vigo	194 000 000,00	9 690 095,00	4,99%	33,61	60 000,00	448 000,00
TOTAL	691 332 861,37	39 370 829,45	5,69%	40,21	—	—

Fonte: elaboración propia

A análise dos datos relativos aos orzamentos municipais investidos en cultura nas sete principais cidades galegas é sumamente delicada tendo en conta o feito de que non existen uns criterios homoxéneos no cómputo concreto do que cada departamento considera como gasto cultural. En ocasións mesmo os orzamentos aparecen desfigurados á alza ou á baixa en función de que no ano que se está estimando se inclúan ou non orzamentos extraordinarios, por exemplo para a construción dalgún equipamento particularmente custoso. Polo tanto, os datos incluídos no cadro non deben ser considerados senón a modo de orientación. Non obstante, e por ir na procura de datos grosos, se nos imos aos extremos si podemos constatar a existencia de polos de abundancia e precariedade. Os orzamentos relativamente máis folgados, atendendo á proporción de euros por habitante, serían os de Lugo e A Coruña, mentres que os máis precarios serían os de Pontevedra e Ourense. En todo caso, estas cifras non son independentes do feito de que algunhas das cidades asumen orzamentariamente custos equipamentais para os que outras eventualmente son capaces de acadar estimables apoios externos.

Tamén no eido orzamentario resultaría de clara utilidade poder contar con indicadores estables que nos permitisen avaliar a incidencia e a relevancia do gasto cultural das nosas cidades. Ata agora, tendo en conta a heteroxeneidade de criterios que subxace a estas cifras só podemos presentalas aquí cun carácter moi sumario e orientativo.

4.3. ACERCA DO DESEÑO DAS POLÍTICAS CULTURAIS LOCAIS

Se observamos o proceder dos diferentes concellos no relativo ao deseño das políticas culturais, podemos comprobar como, en case todos os casos, estas adoitan derivar desde a centralidade do núcleo de decisión do Concello.

Cadro 51. Participación na elaboración da programación cultural

	Quen participa na elaboración da programación cultural		
A Coruña	O concelleiro de Cultura	Outros	—
Ferrol	O concelleiro de Cultura	Os técnicos de Cultura	Colaboradores (persoal propio)
Lugo	O concelleiro de Cultura	Os técnicos de Cultura	Unha comisión de asesoramento
Ourense	O concelleiro de Cultura	Os técnicos de Cultura	—
Pontevedra	O concelleiro de Cultura	Os técnicos de Cultura	Unha comisión de asesoramento
Santiago de Compostela	O concelleiro de Cultura	Os técnicos de Cultura	—
Vigo	O concelleiro de Cultura	Os técnicos de Cultura	Axentes externos (contratas)

Fonte: elaboración propia

Salvo en Lugo e Pontevedra, que din que contan cunha comisión de asesoramento, e Ourense, que informa da aprobación dun Consello Municipal de Cultura, nos restantes casos o deseño da política cultural municipal adoita emanar do corpus tecnopolítico municipal.

Cadro 52. Algunha vez a concellaría contou co asesoramento dalgún tipo de comisión?

	Comisións de asesoramento	Ámbitos de asesoramento / Notas
A Coruña	—	—
Ferrol	Xurados	Premios literarios, musicais e artísticos
Lugo	Consello Municipal de Cultura	Alcalde, representantes políticos e asociacións culturais importantes. Asesoramento
Ourense	Consello Municipal de Cultura	Entidades privadas e asociativas
Pontevedra	Comisión de Festas	Asociacións veciñais, culturais, empresas con propostas para as festas
	Consello Aberto da Feira Franca	Asociacións públicas e o consello. Financiamento público
Santiago de Compostela	—	—
Vigo	Órganos consultivos puntuais e inestables	Segundo o tema que se trate

Fonte: elaboración propia

No ámbito do deseño das políticas culturais, e a teor dos datos recollidos, sen dúbida aínda temos unha marxe ben ampla para podermos recoller opinións da sociedade civil e dar cabida e acollida a ideas procedentes dos distintos actores que hoxe compoñen e dinamizan os nosos *campos culturais* locais.

Cadro 53. Criterios na elaboración da programación cultural

	Criterios
A Coruña	<ol style="list-style-type: none"> 1. Promover e difundir a cultura, a educación e a formación, favorecendo e mellorando as condicións dos cidadáns e institucións culturais 2. Protección do patrimonio histórico-artístico e do patrimonio documental 3. Difusión da actividade musical e, en xeral, fomento de actividades de interese cultural 4. Contribución e sustentabilidade de asociacións e institucións que desenvolven a súa actividade na cidade e complementan a oferta cultural 5. Fomentar a coordinación con organismos públicos e privados que participen en intereses comúns mediante a firma de convenios
Ferrol	<ol style="list-style-type: none"> 1. Satisfacer a demanda cultural en ámbitos como exposicións, teatro ou música 2. Difusión cultural no ámbito das publicacións
Lugo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Atender as demandas culturais existentes 2. Promover unha programación cultural continua, variada e de calidade 3. Creación de novas infraestruturas culturais das que carecía o concello 4. Potenciar a imaxe do patrimonio de Lugo como gran cidade histórica e monumental 5. Afondar a colaboración coa Universidade e outras institucións públicas e coas asociacións culturais de Lugo
Ourense	<ol style="list-style-type: none"> 1. Calidade das actividades culturais (cine, teatro, música, etc.) en colaboración cos colectivos cidadáns 2. Diversidade das actividades, creando vida cultural na cidade e apoiando colectivos veciñais e asociacións 3. Difusión cultural e promoción da cidade a nivel cultural
Pontevedra	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recuperación da identidade da cidade 2. Dinamización, fortificación e integración social utilizando como elemento clave a cultura 3. Poñer en valor a cultura galeguista no marco universal cosmopolita 4. Darlle a relevancia que merece á cultura participativa 5. Cultura como xeradora doutros beneficios (como os de tipo económico)
Santiago de Compostela	<ol style="list-style-type: none"> 1. O Concello quere tomar a iniciativa na produción cultural contando cos axentes locais mediante a creación dunha factoría cultural
Vigo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Atender a demanda cultural existente e, en especial, prestar atención sociocultural nos barrios e periferia da cidade 2. Procurar a proxección cara ao exterior 3. Difusión cultural 4. Promoción de actividades relacionadas cos museos 5. Prestar especial atención á programación cultural desenvolvida polo Concello coa colaboración de diversos axentes culturais locais

Fonte: elaboración propia

De acordo cos contidos do presente cadro, podemos establecer un balance bastante amplo do soporte de obxectivos que hoxe están a orientar as políticas culturais municipais das principais cidades galegas. De atendermos aos obxectivos declarados, semella existir unha estimable converxencia de horizontes entre as diferentes cidades. A difusión cultural e a atención, cunha programación cultural estable, ás expectativas dos cidadáns, o fomento da participación cultural e a vertebración social ou a potenciación dos actores culturais locais semellan, xunto con outros obxectivos de carácter extrínseco, como a creación dunha imaxe positiva da cidade ou o desenvolvemento local, concitar un razoable nivel de converxencia e coincidencia nas diferentes cidades. Sen dúbida, unha lectura máis pormenorizada do cadro pode poñer de relevo algúns matices diferenciais de certa importancia.

Cadro 54. En caso de contar con máis presuposto, destinaríao a... (por orde de importancia)

	1	2	3	4	5	6
A Coruña	Equipamentos	Música	Imaxe	Actividades Teatrais	—	—
Ferrol	Equipamentos	Cultura-Turismo	Cultura-Desenvolvemento local	Bibliotecas	Música	Actividades teatrais
Lugo	Equipamentos	Subvencións	Bibliotecas	Música	Cultura galega	Cultura tradicional
Ourense	Persoal	Equipamentos	Patrimonio	Imaxe	Música	Actividades teatrais
Pontevedra	Equipamentos	Cultura galega	Bibliotecas	Actividades teatrais	Imaxe	—
Santiago de Compostela	Equipamentos	Persoal	Cultura galega	Cultura-Desenvolvemento local	—	—
Vigo	Biblioteca	Música	Actividades teatrais	Patrimonio	—	—

Fonte: elaboración propia

As prioridades actuais nas políticas culturais pendentes semella situarnos ante a aparencia de que para case todas as cidades aínda hoxe as prioridades principais están fundamentalmente centradas na construción de novos equipamentos. Probablemente porque, ao constituír estes as tarefas máis complexas e custosas, son as que tenden a evidenciar unha maior dificultade na súa abordaxe.

Cadro 55. Principais prioridades culturais do concello (por orde de importancia)

	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago de Compostela	Vigo
1	Posta en marcha-mantemento de equipamentos	Posta en marcha-mantemento de equipamentos	Posta en marcha-mantemento de equipamentos	Persoal	Posta en marcha-mantemento de equipamentos	Bibliotecas	Música
2	Actividades relacionadas co desenvolvemento	Bibliotecas	Subvencións a entidades socioculturais	Posta en marcha-mantemento de equipamentos	Cultura galega	Patrimonio	Actividades teatrais
3	Patrimonio	Música	Bibliotecas	Patrimonio	O resto de prioridades ao mesmo nivel	Música	Museos
4	Subvencións a entidades socioculturais	Actividades teatrais	Música	Música	—	Cultura galega	Outros (definición dun programa cultural)
5	Museos	Actividades relacionadas coa imaxe (cine, vídeo...)	Cultura galega	Actividades teatrais	—	—	—
6	Música	Artes plásticas	Cultura tradicional	Actividades relacionadas coa imaxe (cine, vídeo...)	—	—	—
7	Actividades relacionadas coa imaxe (cine, vídeo...)	Cultura galega	Actividades relacionadas co desenvolvemento	Artes plásticas	—	—	—
8	—	Cultura tradicional	Patrimonio	Subvencións a entidades socioculturais	—	—	—

Fonte: elaboración propia

Podemos postular, a partir do que figura no cadro precedente, que a conciencia dos responsables culturais locais respecto das carencias nun equipamento tan básico e sensible coma o das bibliotecas resulta tamén un feito recoñecido e amplamente asumido.

Do mesmo xeito, e tras as demandas equipamentais, os temas que semellan preocupar e ocupar a uns e outros van en direccións diversas e mesmo dispersas, oscilantes entre os obxectivos clásicos: música, persoal, cultura galega, patrimonio ou actividades teatrais, ata asuntos máis extrínsecos coma as actividades relacionadas co desenvolvemento.

4.4. DOTACIÓNS MUNICIPAIS EN EQUIPAMENTOS E INFRAESTRUTURAS CULTURAIS

Cadro 56. Equipamentos culturais dos concellos

	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago de Compostela	Vigo
1 Casa da cultura	4	3	1	1	5	0	1
2 Casa da xuventude	1	0	0	1	0	1	1
4 Centro social polivalente	4	10	5	62	*	47	7
5 Centro social parroquial	7	*	0	*	10	*	5
6 Centro da 3ª idade	15	*	*	*	2	*	3
7 Auditorio/teatro	4	1	1	2	3	2	2
8 Cine	6	3	3	5	4	9	5
9 Museo	5	1	1	5	1	10	9
10 Biblioteca	8	3	5	6	2	3	7
11 Arquivo	4	3	2	6	3	1	2
12 Salas de arte/exposicións	24	4	3	16	8	14	20
13 Televisións locais	2	2	1	2	2	2	3
14 Outros	4	5	1	4	1	0	0

Fonte: elaboración propia

Da información contida no cadro precedente podemos inferir que, en conxunto, a cidade da Coruña semella mostrar o mellor nivel de equipamento cultural e as súas dotacións de carácter especificamente museográfico están próximas ás da cidade de Santiago de Compostela, se non cuantitativamente si cualitativamente. Destaca, en todo caso, a súa dotación bibliotecaria, do mesmo xeito que resaltan as infraestruturas socioculturais (centros sociais polivalentes e centros sociais parroquiais) de Ourense, Santiago, Ferrol e Pontevedra.

Cadro 57. Importancia das infraestruturas culturais do concello (por orde de importancia)

	1	2	3	4	5
A Coruña	Museos	Bibliotecas	Auditorio / Teatro municipal	—	—
Ferrol	Bibliotecas	Auditorio / Teatro municipal	Salas de arte ou de exposicións	—	—
Lugo	Auditorio / Teatro municipal	Museos	Salas de arte ou de exposicións	—	—
Ourense	Auditorio / Teatro municipal	Casa da cultura	Centros sociais polivalentes	Museos	Outros (parques infantís)
Pontevedra	Centros sociais polivalentes	Casa da cultura	Centros sociais parroquiais	Radio local	Televisión local
Santiago de Compostela	Bibliotecas	Museos	—	—	—
Vigo	Auditorio (casa consistorial)	Museos	Bibliotecas	Patrimonio arqueolóxico de Castrelos	—

Fonte: elaboración propia

A importancia asignada desde cada unha das cidades aos seus equipamentos mostra as diferentes estratexias de posta en valor deste tipo de investimentos. Se para A Coruña o máis relevante son os seus museos, para Pontevedra sono os seus centros sociais polivalentes. Sen dúbida esta diferente valoración non é allea ao mesmo feito sociodemográfico derivado do distinto peso relativo que ten nunha e noutra cidade o contorno rural. Mentres, Lugo e Ourense fan fincapé no que coidan que neste momento é un eixe importante da súa política cultural: o funcionamento e programación dos seus auditorios-teatros municipais.

Cadro 58. Equipamentos proxectados ou en vías de construción (2004)

	1	2	3	4
A Coruña	Casa da Historia	—	—	—
Ferrol	Ampliación do local cedido ao Ateneo Ferrolán	Construción do local para a agrupación folclórica Toxos e Frores	Taller de restauración no Museo Municipal	Restauración do Teatro Jofre
Lugo	Un novo teatro / auditorio	Unha nova biblioteca pública	Un arquivo municipal	Un novo museo
Ourense	Complexo multifuncional San Francisco	Os museos Arturo Baltar e Prieto Nespereira	Escola de Teatro do Eixo Atlántico	—
Pontevedra	Novo centro sociocultural na zona histórica	Recuperación do antigo conservatorio como arquivo municipal (para actividades culturais)	Novos equipamentos socioculturais en barrios/parroquias	—
Santiago de Compostela	Un museo histórico	Unha nova biblioteca pública	Unha factoría cultural	—
Vigo	Auditorio e pazo de congresos	Novos equipamentos para as parroquias	—	—

Fonte: elaboración propia

Do cadro anterior podemos resaltar varias cousas, entre elas o bo momento que está a vivir no ámbito dos equipamentos a historia, que semella dar paso á etapa dos museos (A Coruña e Santiago); outro aspecto destacable sería o das distintas velocidades nos equipamentos de cidades como Santiago ou Ferrol. Mentres Ferrol atende a requirimentos bastante básicos, Santiago, probablemente na súa calidade de capital de Galicia, mostra un dinamismo no que respecta aos equipamentos máis vizosos, mesmo na época en que se puxeron a andar nesa mesma cidade proxectos tan ambiciosos e polémicos coma o da Cidade da Cultura.

4.5. OS EIXES CENTRAIS DAS POLÍTICAS CULTURAIS GALEGAS URBANAS

As grandes iniciativas culturais das cidades galegas evidencian un dinamismo e unha complexidade crecente.

Cadro 59. Grandes iniciativas culturais do Concello, cartos recibidos e obxectivos que cumpren as grandes actividades

	Grande iniciativa do Concello	Euros	Obxectivos das grandes actividades
A Coruña	Orquestra Sinfónica de Galicia	7 440 179	– Difusión cultural – Realizar actividades culturais importantes – Promover a proxección cara ao exterior
	Actuacións do IMCE	3 615 956	
	Programación festas de agosto	—	
Ferrol	Exposicións	200 000	– Difusión cultural – Cubrir a demanda tradicional destas actividades
	Actividades teatrais	150 000	
	Actividades musicais	150 000	
Lugo	Festas de San Froilán	846 795	– Realizar actividades culturais importantes – Cubrir a demanda destas actividades
	Semana de Música do Corpus	113 919	
	Mostra de Teatro	57 024	
Ourense	Festas do Corpus	300 000	– Buscar a participación cidadá – Promover a proxección cara ao exterior da cidade
	Festival de Cine de Ourense	120 000	
	Entroido	60 000	
Pontevedra	Programación temática anual (Alexandre Bóveda)	120 000	– Recuperar a identidade e a memoria colectivas – Buscar a participación e dinamización social – Promover a proxección cara ao exterior da cidade
	Feira Franca	60 000	
	Salón do Libro Infantil e Xuvenil	60 000	
Santiago de Compostela	Ciclo de teatro Teatro en Xira	36 000	– Ofertar actividades fóra dos circuitos comerciais a prezos públicos – Ofertar actividades que triunfan en Madrid ou Barcelona – Oferta cultural de concertos onde se mesturan tendencias
	Ciclo de música Sons da Diversidade	15 000	
	Cineuropa	15 000	
Vigo	Equipamentos e programa de actividades do VERBUM	605 809	– Satisfacer a demanda cultural da poboación – Favorecer a proxección da cidade en materia cultural
	Festival ARE-MORE	400 000	
	Programa de exposicións	150 000	

Fonte: elaboración propia

De todos os xeitos, pónense de relevo algúns factores diferenciais que marcan vocacións e apostas diferenciadas. Por exemplo, resulta significativa a aposta da cidade da Coruña pola creación da Orquestra Sinfónica de Galicia ou a especificidade da proposta ourensá do Festival de Cine. Por outra banda, a maioría das cidades centran o seu labor cultural prioritario en programas de difusión de actividades temáticas: música clásica, teatro ou exposicións, sobre todo. As actividades máis tradicionais seguen a ter unha presenza estimable en propostas como a do Entroido (Ourense). Outras cidades como Pontevedra apostan por unha política centrada noutros eixes como a memoria (Feira Franca) e a experimentación educativo-cultural (Salón do Libro Infantil e Xuvenil).

Cadro 60. Algunhas actividades culturais realizadas con outros concellos

	Concello	Actividade cultural
A Coruña	Outros concellos	Premio Blanco Amor
Ferrol	Vila do Conde (Portugal)	Irmanamento
Lugo	Santiago e A Coruña	Actividades culturais relacionadas co turismo
	Outros concellos	Programas de visitas e actividades culturais relacionadas con educación
Ourense	Allariz e O Carballiño	Intercambio de material e grupos de actuacións
Pontevedra	Ourense, Vigo e Santiago	Exposición de paneis sobre personaxes que tiveron que ver con Pontevedra
	Boiro e Rianxo	Actividades culturais
	Poio	Acto institucional («Galicia Mártir»)
	Marín	Exposicións
Santiago de Compostela	—	—
Vigo	Mondoñedo	Premio de Narrativa Álvaro Cunqueiro
	Pontevedra	Actividades culturais relacionadas coa normalización lingüística
	Nigrán	Paneis de exposición sobre Fernández del Riego
	Santiago de Compostela	Exposición «Industria editorial e plástica en Galicia nos últimos dez anos»
	Outros concellos	Premio Blanco Amor Préstamos para exposicións

Fonte: elaboración propia

Outro aspecto interesante relativo ás políticas culturais municipais é o do nivel de distribución externa dos eventos promovidos con outros concellos ou dos eventos en que se colabora. Se nos atemos á información que os departamentos de Cultura das cidades galegas nos proporcionaron, podemos afirmar que Vigo e Pontevedra semellan ser as cidades máis activas na súa apertura cara ao exterior. Aquí a vocación de apertura tende a concretarse en ámbitos específicos como a promoción compartida de exposicións ou os premios literarios organizados entre varios concellos.

4.6. UN BALANCE DOS DESAFÍOS POLÍTICO-CULTURAIS DOS DEPARTAMENTOS DE CULTURA DAS SETE PRINCIPAIS CIDADES GALEGAS

Cadro 61. Fortalezas/Oportunidades e Debilidades/Ameazas dos concellos (Departamento de Cultura)

	FORTALEZAS E OPORTUNIDADES	DEBILIDADES E AMEAZAS
A Coruña	<ol style="list-style-type: none"> 1. Elevada creación de infraestruturas culturais, educativas e deportivas 2. Grande especialización e complexidade na articulación e funcionamento dos servizos culturais do Concello 3. Moita participación nos usos das infraestruturas 4. Elevada dotación orzamentaria do Departamento 5. A política cultural concibida como política estratéxica de desenvolvemento local 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Falta de coordinación e comunicación entre institucións públicas, asociacións, fundacións, etc. 2. Baixa participación nas asociacións 3. Falta de persoal, pouca definición dos labores realizados no Departamento
Ferrol	<ol style="list-style-type: none"> 1. A política cultural percíbese como un elemento importante de desenvolvemento urbano 2. Cooperación e comunicación entre Concello e asociacións 3. O concello de Ferrol conta cun Padroado de Cultura 4. Estabilidade da demanda cultural da cidade 5. Posta en marcha de novos equipamentos culturais na cidade (bibliotecas, Teatro Jofre...) 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Carencia difusa en todo o ámbito da acción cultural existente (sobre todo en materia de equipamentos, nas infraestruturas existentes e en actividades relacionadas coa imaxe e coas artes plásticas) 2. Escaso apoio financeiro e a actividades de circuío por parte da Consellaría 3. Non existe coordinación na oferta cultural e forma de distribuír esta ao longo do tempo 4. A Comisión de Cultura ten un funcionamento moi irregular e inestable 5. Desconexión entre universidade e sociedade civil
Lugo	<ol style="list-style-type: none"> 1. Alto número de asistentes aos actos 2. Éxito e asentamento, cara a fóra, de San Froilán 3. Recuperación da Semana de Música do Corpus 4. Asentamento dos ciclos de teatro 5. Mellora nas publicacións culturais 6. A política cultural esfórzase en proxectar a cidade cara ao exterior 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Exceso de gratuidade e prezos moi baixos 2. Carencia dun teatro-auditorio de alto nivel e carencia dun espazo grande para concertos ao aire libre 3. Escaso aproveitamento das novas tecnoloxías 4. Escasa presenza da iniciativa privada empresarial 5. Escaso número de asociacións culturais e socioculturais activas 6. Falta de coordinación e comunicación entre institucións públicas (Deputación e Xunta) 7. Insuficiente orzamento dedicado a cultura 8. Carencias importantes en materia de xestión administrativa no Departamento de Cultura
Ourense	<ol style="list-style-type: none"> 1. Inquietude da cidadanía pola vida cultural 2. A situación xeográfica de Ourense 3. A traxectoria histórico-cultural de Ourense (Ateneo de Galicia) 4. Estanse a producir cambios nas formas en materia de xestión cultural municipal, novos estilos de comunicación, etc. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escaso orzamento asignado a cultura 2. Falta dunha rede axeitada de infraestruturas

<p>Pontevedra</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Implicación social de asistentes e asociacións en actividades culturais 2. Continuidade coherente da política cultural 3. Proceso de descentralización das infraestruturas culturais 4. Dáselle moita importancia á formación de públicos 5. Énfase da política cultural cara á democracia cultural 6. Existe unha grande oferta e demanda cultural 7. Atención especial á infancia-xuventude e á música 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Dificultade de obter recursos externos (Xunta e Deputación) para o financiamento da programación 2. Falta de coordinación e colaboración coas entidades que organizan actividades culturais (fundacións, caixas de aforros...) de cara ao aproveitamento dos recursos 3. Insuficiente orzamento dedicado a cultura 4. Escaso investimento en produción 5. Dificultade financeira e organizativa para seguir desenvolvendo as actividades ligadas ao libro/lectura 6. Falta de colaboración e cooperación entre os concellos próximos 7. Falta unha rede axeitada de infraestruturas culturais (grandes, medianas e polivalentes) e de melloras na súa eficiencia 8. Exceso de traballo e pouca definición dos labores realizados no Departamento polos técnicos de cultura
<p>Santiago de Compostela</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Elevado nivel de participación e de ocupación dos centros socioculturais 2. Elevado número de infraestruturas culturais (45 edificios para centros cívicos, cun nivel de ocupación entre 12 e 13 000 persoas/mes) 3. Ser cidade universitaria e cidade de referencia cultural 4. O apoio que prestan as institucións privadas á vida cultural é valorado positivamente 5. Introducción de melloras na xestión na Concellaría de Cultura (unificación do Departamento de Cultura co Auditorio) 6. A política cultural concibida como política estratéxica de desenvolvemento local 7. Infraestrutura museística con contido e actividades de relevo 8. Elevada participación da iniciativa privada na axenda cultural da cidade 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Escasos recursos económicos dedicados á actividade cultural (moitos dos recursos son destinados ao patrimonio histórico da cidade) 2. Gran variabilidade das tarefas que realizan os técnicos de cultura, problemas derivados da complexidade burocrática e falta de protocolos de traballo, xunto coa escasa colaboración entre concellarias 3. Inadecuación das infraestruturas culturais 4. Escasa presenza das tecnoloxías da información na acción cultural 5. Volatilidade das iniciativas culturais e falta de adecuación destas (como a Cidade da Cultura)
<p>Vigo</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. O protagonismo das novas formas de presenza da música 2. A incorporación de sensibilidades contemporáneas ás programacións culturais (teatro alternativo, novas músicas – Vademécum, MARCO) tivo unha resposta positiva entre o público 3. Vigo, Porto e Valença atópanse en liña de circuitos alternativos 4. Vigo ten capacidade para xerar novos modelos (p. ex. o proceso de musealización da cidade é anovador e orixinal) 5. Cóntase, eventualmente, cunha comisión de asesoramento en función do tema que se trate, formada por profesionais 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Vigo ten menos salas de teatro que cidades con menos poboación, como Santiago 2. A capacidade de programación autónoma do Concello está algo minguada debido ao protagonismo de institucións privadas 3. Funcionamento reducido da estrutura museística (en especial Castrelos) e falta de persoal no servizo de cultura 4. Redución da achega económica do concello a MARCO (de 150 millóns de euros a 125) 5. Inexistencia do organigrama da área e dun documento que recolla a política cultural municipal 6. Inexistencia dun órgano consultivo estable 7. Gran variabilidade das tarefas que realizan os técnicos de cultura, problemas derivados da complexidade burocrática e necesidade de formación específica 8. Orzamento insuficiente dedicado a cultura e ausencia dun programa previo de gastos

Fonte: elaboración propia

CIDADE A CIDADE

A CORUÑA. CULTURA, DESENVOLVEMENTO URBANO E CIDADANÍA: O DESAFÍO INTEGRADOR

1. A CIDADE DA CORUÑA

A cidade da Coruña defínese pola súa condición de concentración intensa de carácter urbano. A Coruña vén sendo unha metáfora invertida de Galicia. Nun país transido de ruralidade, A Coruña semella afirmarse no contraste de ser o núcleo galego cunha máis alta densidade poboacional urbana. Aquí o urbano contrasta fronte a unha Galicia que, como quería a Xeración Nós, atoparía as súas raiceiras identitarias na miríade dispersa de microlugares coa súa maxia, aínda que tamén coas súas profundas carencias. Quizais A Coruña estaba chamada a ser un dos buques insignia que abrise o camiño de futuro a esa terra ferida pola dispersión territorial, social e cultural. Como parceiro urbano, o seu acento galego debía ser o alento nobre da súa grandeza aberta e solidaria *coas terras de dentro*. O reto de asumir ese desafío, hoxe xa ineludiblemente compartible co Vigo industrial que abre portas ao sur do futuro eurorrexional e coa indiscutible proxección carismática de Santiago, está a demandar unha definición integradora de obxectivos culturais e sociais, que o son tamén políticos. Dobregar a aparente violencia da metáfora invertida semella un desafío de futuro que paga a pena para unha gran cidade galega como é A Coruña.

Respecto da súa caracterización urbana, a cidade da Coruña, como consecuencia das súas limitacións de espazo, tivo que ver como se ían reducindo paulatinamente dentro dos seus límites os labores de tipo industrial. Os concellos limítrofes, dándolle azos á evidencia da constitución dunha ampla área metropolitana, foron constituíndo vilas anexas que funcionan mesmo como auténticas centralidades alternativas e complementarias da urbe (caso por exemplo dos municipios de Arteixo, Oleiros, Culleredo ou Cambre).

A súa vocación urbana medrou, consolidándose ao abeiro do incremento da relevancia do sector terciario e dos servizos financeiros. Como tributo a este sector dos servizos, a potenciación da cultura serviulle como soporte privilexiado a un enfoque que engade á súa relevancia socio-cultural a súa capacidade vertebradora e potenciadora do dinamismo social e económico da cidade. Os equipamentos e prestacións culturais uníronse a unha vocación tradicional de servizos educativos, cívicos e institucionais que hoxe conflúen tamén cun sector crecentemente competitivo no ámbito financeiro, da comunicación e do coñecemento.

Esta cidade burguesa, cunha longa tradición de excelencia cívica, rolda os 250 000 habitantes, constituíndo, xunto con Ferrol, o eixe que apontoa o territorio do norte de Galicia.

2. A POLÍTICA CULTURAL DA CORUÑA E OS SEUS OBXECTIVOS

Certamente, o modelo de política e de xestión cultural do Concello da Coruña representa un modelo diferenciado e definido no contorno das grandes cidades de Galicia. Este modelo, polo que o Concello da Coruña apostou xa desde os inicios das corporacións democráticas (a Casa das Ciencias está a conmemorar o vixésimo aniversario), representa unha iniciativa moi significativa: a de converter a dimensión cultural nun activo económico e nun compoñente importante de dinamismo social. A política cultural foi para a cidade da Coruña unha política estratéxica que, xunto cos proxectos urbanísticos que aspiraban a convertela nunha cidade do tipo das vilas medias europeas, foi concibida para crear novas condicións de acceso democrático a todas as manifestacións culturais do noso tempo, encher os baleiros de formación existentes en amplos segmentos de poboación e lograr a estabilidade nas ofertas que permitise a creación de novos públicos conseguindo un nivel de xeneralización xeográfica que evitase a discriminación entre diferentes barrios e áreas urbanas. Finalmente, a política cultural debía tamén contribuír á nova imaxe da cidade, mediante a creación de infraestruturas de alto nivel que se convertesen en referencias externas.

Retomando a palabra²⁴ do anterior concelleiro de Cultura da cidade: a cidade da Coruña dedica ao redor do dez por cento dos seus orzamentos anuais ás políticas de cultura e educación, unidas durante a etapa que analizamos, o que permite un labor de explotación didáctica sistemática. Ese nivel de recursos por riba da media do país fixo posible a construción dun conxunto de colectores especializados para cada área de actuación e a creación de equipos humanos moi cualificados e de carácter profesional, non político, e polo tanto estables para a cidade. É importante subliñar este aspecto porque é imprescindible para unha política ambiciosa a longo prazo. Dese xeito os profesionais chegan a acadar un conxunto de coñecementos, contactos e experiencias que fan posible formular continuamente novos obxectivos e introducir unha cultura da excelencia, da concorrencia, estimulante e creativa.

A Concellaría de Cultura, como tal, foi creada en 1983 –polo tanto, estando o PSOE no goberno municipal– e ao longo do tempo foi pasando por distintas denominacións, ata chegar á actual de Concellaría de Cultura e Educación, dentro da Área de Benestar Social do Concello.

24. Méndez Romeu, J. L. (2000): «A política cultural no concello da Coruña», en X. Bouzada (coord.), *Cultura e concellos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 83-88.

A Concellaría de Cultura e Educación está composta polas seguintes seccións: Cultura, Educación, Museos Científicos, Consorcio para a Música, IMCE (Instituto Municipal Coruña Espectáculos), Consorcio para o Turismo e Fundación Luís Seoane.

A Sección de Cultura ten sete departamentos administrativos:

- Departamento de Cultura,
- Arquivo Histórico Municipal,
- Banda de Música,
- Bibliotecas Municipais,
- Casa Museo e Exposicións,
- Museo Arqueolóxico e Histórico e
- Artabria.

O Departamento de Cultura ten como finalidade a xestión das actividades e instalacións culturais, e en particular a promoción e a difusión cultural, o patrocinio da educación e da formación, a defensa do patrimonio histórico, artístico e documental, a difusión da música e o fomento das actividades de interese cultural.

Moitas das funcións que se levan a cabo no Departamento son de coordinación e de asesoramento á Concellaría de Cultura, aos responsables das seccións que se integran neste así como a outros responsables de organismos alleos ao Concello, cuxas actividades concorren ou se relacionan con el. Estas actividades, aínda sen ter un reflexo material, si forman parte do labor desenvolvido polo Departamento e conflúen posteriormente nos resultados da actividade das seccións a través das que se estrutura o labor da Concellaría de Cultura.

Non obstante, a Concellaría leva tamén o Servizo de Educación (composto por Servizo de Educación, C. M. de Información Xuvenil, Escola de Música e Aula de Jazz e Música Moderna). Por outra banda, polo menos en 2003, tiveron tamén competencias en temas de cultura a Delegación de Deportes do Concello.

Dentro do organigrama desta Concellaría están tamén os seguintes servizos, que funcionan como entes autónomos:

- Museos Científicos Coruñeses (Casa das Ciencias, Domus e Casa dos Peixes).
- Consorcio para a Promoción da Música, desde onde se xestiona a Orquestra Sinfónica de Galicia e o Festival Mozart.
- IMCE (Instituto Municipal Coruña Espectáculos), que xestiona o Coliseum, o Auditorio e as Salas de Cine do Fórum Metropolitano, ademais do Teatro Rosalía de Castro. Este Instituto ten como misión potenciar o desenvolvemento das actividades culturais que teñen lugar nos tres espazos mencionados. Como alternativa ás producións realizadas nestes recintos naceron os «Programas Socioculturais Locais», que levan actividades culturais a diferentes barrios da cidade e tratan de fomentar a participación dos grupos locais. A oferta cultural do IMCE complétase coa programación de actividades nos festexos populares da cidade.

- Consorcio para o Turismo, que ten como finalidade introducir a oferta cultural da cidade como activo en materia turística, así como destacar e potenciar as actividades lúdicas vinculadas ao turismo náutico.
- Fundación Luís Seoane.
- Fundación Universidade da Coruña.
- Asociación «Les Rencontres», integrada polas Cidades e Rexións de Europa para a Cultura.

A creación da complexa articulación e funcionamento dos servizos culturais do Concello da Coruña xunto coa súa diversidade e éxito de público son os sinais de identidade, a marca do produto, da actual política cultural do Concello: unha política de servizos culturais xestionados como entes autónomos con persoal propio e cunha ampla autonomía en que o que conta son precisamente os resultados.

A inclusión de todos estes departamentos e servizos, incluídos dentro dunha área chamada de Benestar Social, fala da complexidade dun modelo que moitas veces resulta difícil de decifrar para os propios traballadores dos distintos departamentos.

O equipo do que emana a política cultural do Concello da Coruña esta constituído, no fundamental, polo concelleiro de Cultura e polo responsable técnico, que ten como labor principal coordinar as accións que deciden poñerse en marcha. Cada servizo fixa os seus obxectivos, que se encargará de promover, xestionar e avaliar. A persoa que exerce de coordinador é un cargo de confianza do concelleiro, un profesional cunha ampla experiencia en materia de xestión e administración pública. Por outra banda, cada servizo cultural ten o seu propio persoal, cun director á fronte, persoal administrativo e, nalgúns casos, conta tamén cun técnico de cultura.

A acción cultural no Concello da Coruña canalízase maioritariamente a través da xestión directa dos servizos e programas culturais propios e tamén a través da subcontratación destes servizos e programas, aínda que a eficiencia do segundo procedemento parece que podería ser maior. Esa eficiencia hai que buscala tanto na rendibilidade das actividades culturais como a través da promoción da creatividade cultural, orientadas ambas as dúas tanto a atender a demanda xa existente como á promoción cultural cara a novos públicos.

No actual deseño da política cultural coruñesa dáselle unha importancia prioritaria aos medios –materiais e persoais– de cara ao logro dos ambiciosos obxectivos que se manexan. Estes son, en última instancia, lograr o máximo de ocupación de instalacións e asistencia aos eventos programados. Nesta estratexia non é desprezable o esforzo que se fai nin os medios que se utilizan para difundir as ofertas culturais do Concello: radio, televisión, xornais, páxinas web, etc., figuran entre os medios preferidos por este Concello para presentarse ante os potenciais consumidores do seu produto cultural.

Nestes momentos un dos principais obxectivos declarados polo Concello da Coruña en materia cultural é a recuperación do Castro de Elviña a través dunha intervención máis ampla

que faga do xacemento arqueolóxico un referente internacional. Este proxecto está integrado polas seguintes actuacións:

- Escavacións no Castro de Elvira.
- Construción dun centro de recepción de visitantes e zona museística (Casa de Historia).
- Construción dunha réplica do castro.
- Un parque reforestado con especies autóctonas, nun espazo total de intervención de 700 000 m².

3. DEMANDAS, CARENCIAS E PRIORIDADES

Unha das debilidades do sistema de xestión percibida polos técnicos de cultura é a que se deriva da excesiva amplitude do seu traballo. Segundo a opinión dos enquisados, deberían definirse mellor as tarefas; ademais, e en relación con isto, tamén se fai notar certo déficit de persoal para facer fronte á cantidade e intensidade dos labores que se desenvolven neses departamentos.

Outras carencias sentidas, e que perciben como necesidades prioritarias para mellorar a eficiencia no traballo, son as seguintes:

- a. Falta de formación en novas tecnoloxías.
- b. Non ter acceso a publicacións especializadas.
- c. Non ter fácil acceso a actividades de reciclaxe formativa orientada ao manexo da información (ou non saber como/onde atopalas).
- d. Escaseza de foros especializados para estes profesionais.

En xeral, estes profesionais perciben que o seu traballo non é moi recoñecido institucionalmente (sobre todo polo Concello) e consideran que non teñen unha retribución económica axeitada.

En canto ás demandas culturais, actividades como concertos de música ao aire libre e similares, xornadas de actividades relacionadas coa cultura, actividades deportivas tradicionais (con contido antropolóxico e cultural), teatro, música clásica e danza son, nestes momentos, eventos que gozan dunha capacidade de atracción cada vez máis alta. Tanto é así que en ocasións non é posible desenvolver actividades musicais clásicas debido ao déficit de salas apropiadas na cidade, circunstancia que debería dar pé á revisión e á reflexión sobre o tema das infraestruturas.

Todo o isto lévanos a indicar, froito da información que nos foi subministrada polos nosos interlocutores, que tanto a construción de novas infraestruturas como un deseño articulado e integral de actividades culturais ao seu redor deberían ser un tema central da política cultural do Concello da Coruña. Neste deseño sería moi importante que os diferentes axentes e colectivos culturais da cidade non só fosen consultados, senón que tivesen tamén o espazo necesario para poder participar activamente na programación cultural da súa cidade.

Privilexiar aquelas iniciativas que poidan crear vertebración social e comunitaria debería ser un aspecto prioritario na política cultural municipal, aínda que tamén é importante promover unha boa imaxe do Concello cara ao exterior que favoreza a súa promoción turística e social, e para lograr isto hai que botar man dos grandes eventos e infraestruturas. O Concello coruñés semella que está a realizar as dúas cousas, nunha dinámica «do paso a paso e do día a día» (en palabras do técnico entrevistado). En termos xerais, a oferta cultural do Concello cobre razoablemente a demanda básica existente.

4. EIXES CENTRAIS DA ACTIVIDADE CULTURAL MUNICIPAL E DOTACIÓNS

a) *Actividades promovidas polo Concello*

As iniciativas culturais máis relevantes no Concello da Coruña son as que realizan a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG), seguidas das que programa o IMCE (Instituto Municipal Coruña Espectáculos) e as que se encadran dentro da programación das festas do verán, en agosto. Esta relevancia ten tamén o seu reflexo na cantidade orzamentaria que se destina a estas actividades. Así, en 2003, foron destinados para a OSG 7 440 179 euros, o IMCE contou con 3 615 956 euros e para as festas do verán non dispoñemos de datos (dada a dificultade que a transversalidade das actividades provoca).

En canto a programas orientados á formación de públicos, o Concello da Coruña organizou obradoiros de diversas actividades artísticas, desde as plásticas ata as novas tecnoloxías, pasando por actividades musicais, literarias e de imaxe, pero curiosamente non desde ningún dos numerosos departamentos e servizos culturais, senón desde a Concellaría de Emprego. O Concello da Coruña tamén dispón dunha axenda cultural electrónica completa.

b) *Dotacións e equipamentos*

O Concello da Coruña conta cunha vasta rede de equipamentos culturais que a sitúan á cabeza neste tipo de infraestruturas con respecto ás outras grandes cidades de Galicia. Con catro casas da cultura, un auditorio municipal, cinco museos municipais e dezanove autonómicos e estatais e vinte e catro salas de arte ou exposicións (das que doce son privadas e dúas de propiedades autonómica), o Concello da Coruña dispón dunha oferta en equipamentos que actualmente está ampliando aos barrios máis afastados do centro (dato que se apoia no orzamento dedicado á construción de novos centros de servizos sociais e que, durante o ano 2003, alcanzou a cifra de 1 338 280,06 euros).

5. A OLLADA DOS ACTORES CULTURAIS LOCAIS

Este apartado e os seguintes foron elaborados a través dunha recollida de información de diferentes entidades culturais de carácter asociativo que resultan significativas no devir cultural da cidade. A recollida de datos foi complementada cun afondamento selectivo de tipo cualitativo alí onde os protagonistas da vida cultural estiveron en disposición de achegar os seus puntos de vista. Estas opinións figuran artelladas nun discurso co que procuramos obter o dobre obxectivo de pertinencia e rigor nos comentarios. Isto non evita que, tal e como sempre pode suceder neste tipo de tratamento da información, se transmitan comentarios que son froito de opinións e, polo tanto, discutibles.

A Sociedade Recreativa *Círculo de Artesanos* é unha institución coruñesa de longo alento e arraigada tradición urbana. Esta institución, que sitúa no centro urbano o seu local social, leva a cabo un dilatado e extenso labor que rende tributo aos vellos ideais de cultura e educación popular, así como a un obxectivo lúdico-cultural e cívico. O Círculo conta con prestacións estables ao longo de todo o ano, como a súa escola de xadrez, a biblioteca, a hemeroteca, así como as súas bandas de música infantil e de adultos. Ademais, fai actividades culturais diversas ao longo de todo o ano, entre as que se atopan as exposicións, proxeccións cinematográficas e conferencias e coloquios. A entidade finánciase a través das cotas de socios, aínda que recibe tamén axudas de entidades como Caixa Galicia, que os apoia en proxectos cando se trata dunha idea que lle resulta interesante.

A Asociación Cultural *Alexandre Bóveda* ten unha historia máis recente que sitúa as súas orixes no renacer cultural dos últimos anos do franquismo. Esta Asociación ten unha actividade continuada ao longo de todo o ano cunha gran diversidade de actos que se achegan á centena. Entre estas actividades están todas as cuestións relativas á cultura galega e aos temas cívicos de debate e interese social. Desde conferencias e mesas redondas ata cursos, viaxes culturais, concertos ou presentacións de libros, a Asociación constitúe un dos foros de debate privilexiados na defensa e no afán de prestixiar a cultura galega. Tenta catalizar e traballar sobre preocupacións sociais e culturais que se atopan na comunidade. O desenvolvemento do seu labor lévaa a colaborar con diversas asociacións no seu traballo de promoción da cultura galega. A idea que postula de cultura galega é ampla e non remite só a aqueles aspectos máis específicos como a lingua e a literatura; tamén desenvolveu iniciativas nos eidos sociocultural e antropolóxico. Por exemplo, unha actividade da que foi pioneira xunto con outras asociacións foi a recuperación das fogueiras de San Xoán na praia de Riazor, actividade que a partir do seu terceiro ano foi asumida polo Concello e quedaron relegados os seus promotores iniciais. A Asociación, despois do peche da sala Luís Seoane, na que mantiña unha programación cultural, promoveu a realización de actividades culturais (literarias e teatrais) en bares e pubs, que pouco a pouco foron consolidándose e xeneralizándose. A Asociación, ademais do apoio estable que recibe dos seus socios, móstrase satisfeita tamén da axuda que vén recibindo de Caixa Galicia, que lle presta os seus

espazos, así como dos acordos establecidos coa Deputación, que lles permitiron consolidar un centro de información da muller.

Portas Ártabras-Amigos dos Museos de Galicia é un grupo pioneiro en Galicia no ámbito da sensibilización do patrimonio cultural. As súas orixes hai que atopalas en 1975, ano en que se inicia o seu labor de sensibilización, conservación, incremento, estudo, difusión do relativo tanto ao continente como ao contido dos museos e, moi especialmente, ao patrimonio cultural material e intelectual: arqueoloxía, historia, arte, tradicións, ciencia e paisaxe. A asociación conta cuns setecentos socios, cuxos perfís sociais e profesionais son moi variados.

Os programas que desenvolve a asociación xiran arredor de actividades de promoción do patrimonio integradas e complementarias. Entre eles atópanse os seguintes:

- *Coñecer Galicia* e *Coñece a túa cidade* son actividades ligadas ás viaxes culturais.
- *Coñecer, querer e defender o patrimonio cultural*, programa inacabado desde o cal se dá información e de onde emerge un fondo de actividades improvisadas.
- O labor arredor dos museos engloba as actividades que compoñen o *Ciclo Como se visita un museo*, dedicado especialmente a profesionais da educación co fin de promover as posibilidades didácticas dos museos, e *Coñece os teus museos*, que consiste en mostrar de que maneira están organizados e como funcionan.
- *Luns de viaxes* e *Repasando a nosa historia*, programación cultural que utiliza o soporte audiovisual para as súas actividades; no primeiro caso a través dunha serie de proxeccións, creadas e animadas polo doutor José Luis García Suárez, e no segundo por medio dun conxunto de documentais sobre costumes xa desaparecidos.

Ademais destas actividades, a asociación promove tamén tertulias, conferencias e un concurso fotográfico que ten como contido o patrimonio cultural de Galicia. A asociación mantense coas cotas dos seus socios aínda que recibiu subvencións da Deputación da Coruña.

O *Ateneo Republicano* ten como obxectivo central da súa actividade a defensa do desenvolvemento cultural dos seus asociados, tendendo sempre á propagación do republicanismo como vía para alcanzar un ideal de cívica convivencia que sirva de base para actuacións democráticas. Con estas miras, os seus fins concretos son: a celebración de actos sociais, culturais e artísticos; a organización de conferencias, debates e certames de carácter ideolóxico; a creación de bibliotecas; a realización de traballos de estudos e investigacións; a edición dos traballos resultantes das actuacións que se citan nos puntos anteriores; a organización ou a participación na conmemoración de datas sinaladas na historia do republicanismo e na loita do home pola defensa das súas liberdades. Outra das actividades que levan a cabo é establecer relacións con ateneos ou asociacións de igual natureza que existan en España co fin de chegar a constituírse nun nexo federativo.

O seu programa efectivo incluíu as seguintes actividades: colección de carteis da República Española, Guerra Civil, Exilio e Posguerra; aniversarios e homenaxes a eventos, datas ou persoeiros; artigos de prensa nos medios de comunicación; conferencias, presentacións de libros, tertulias, mesas redondas e eventos.

6. VALORACIÓN DA POLÍTICA CULTURAL DA CIDADE

Entre os actores culturais consultados, as opinións vertidas recollen un recoñecemento xeral sobre o esforzo efectuado no sector do equipamento de macroservizos culturais, xustificando pola amplitude dos seus obxectivos que, pola súa relevancia cívica, turística e socioeconómica, transcenden amplamente o simple marco cultural. Non obstante, non deixa de poñerse en evidencia o feito de que a extraordinaria densidade de recursos equipamentais e de servizos culturais se concentrase nun ámbito moi reducido do centro urbano, así como tamén o feito de que algún dos equipamentos promovidos (por exemplo, o Centro Cívico dos Maios) puidese concibirse dun xeito máis adecuado de facerse as pertinentes e precisas consultas previas aos cidadáns. Tamén se constata o esforzo efectuado desde a Concellaría de Cultura no eido musical coa creación da Orquestra e a Escola de Música. Recoñecemento que se fai extensivo ao Festival Mozart, que, máis alá do seu lóxico halo elitista, constitúe un evento moi significativo e de gran prestixio. O labor desenvolvido a través da política de exposicións que se segue en espazos coma o Kiosko Afonso ou mesmo algunhas das publicacións promovidas desde o Concello sobre a historia local suscitan así mesmo mostras de recoñecemento. Tamén se cita como iniciativa sólida e pertinente a do Fórum Metropolitano como espazo onde se elabora unha programación moi pertinente relacionada coas vellas demandas do movemento asociativo cultural.

A partir de aí, e desde as distintas entidades, introdúcense moitos comentarios e matices respecto das posibles melloras que se poderían realizar no traballo que se fai. Recoñécese a presenza de aspectos interesantes (turísticos e económicos) na recuperación das festas da cidade, aínda que todos os entrevistados enfocan as súas dúbidas sobre algúns dos seus aspectos concretos, como o xeito de establecerse a recuperación cultural das efemérides ou a promoción dos macroconcertos de música pop na praia, que detraen uns extraordinarios recursos financeiros: «¿Eso es cultura o entretenimiento?», pregunta unha das persoas entrevistadas. Preocupa tamén a algunhas asociacións particularmente sensibles respecto da cultura galega que se escolla o mes de maio para promover iniciativas con elevada transcendencia mediática que poñen en perigo a cerna cultural, en todo caso conxuntural, do mes das Letras Galegas. Respecto da actividade teatral na Coruña, reproducése un problema que tamén se suscita en maior ou menor medida nas restantes cidades galegas: o feito de que se fagan prioritarias e perennes actuacións de compañías de Madrid mentres que as de aquí teñen presenzas máis breves. Coméntase tamén que se apoian algunhas iniciativas vencelladas coas festas, como o espectáculo dos touros, que, ademais de non contar cun arraigamento pertinente entre nós, provocan un déficit que representa unha cifra moi superior a varias veces a cantidade total que reciben como subvencións o conxunto de todas as asociacións culturais da Coruña. En relación con isto, nos últimos anos foron languidecendo por falta de apoio iniciativas socioculturais tan importantes na creación dunha cultura e dunha sociabilidade urbana como as *masas*

corais. Ningunha das asociacións entrevistadas cuestiona o interese e a relevancia dos coros de orquestra sinfónica; o que sucede é que as vellas corais cumprían e cumpren –ao seu nivel– un papel sociocultural de grande importancia no desenvolvemento da cultura popular. Algún dos entrevistados coída que o campo cultural local estaría transido por unha liña imaxinaria que separaría un sector «rico» doutro sector «precario». O «rico» estaría nas mans de institucións e fundacións e fundamentaríase en actos ben montados cun grande orzamento, estaría orientado a traer espectáculos e artistas foráneos de moito renome. Esta liña resultaría tan interesante como insuficiente. O sector «precario» xiraría arredor dos artistas (fundamentalmente locais) que sofren a ausencia de espazo provocada pola presenza magnífica dos *ricos*. Esta asimetría provocaría situacións tan pintorescas como que moitos artistas e creadores locais teñan acceso a espazos máis recoñecidos e ao cobro de honorarios máis altos cando actúan fóra que cando o fan na propia cidade.

A súa febleza veríase perennizada por un circuío pouco receptivo a experimentar e promover a creatividade local. Isto semella particularmente perigoso para o país nun momento en que o apoio á creatividade local resulta determinante da nosa presenza e competitividade nos escenarios futuros da sociedade innovadora da cultura e do coñecemento, a cal pivota non só sobre o capital cultural, senón tamén sobre a eficiencia derivada do noso capital social.

Semellaría que as institucións non escoitan suficientemente o que está a acontecer na rúa. Deste xeito, produciríase unha creba na cultura entre dúas velocidades. A daqueles espectáculos externos tan excelentes como autoevidentes e a da creatividade e dos artistas locais atuídos nunha posición menos visible e de conformación máis lenta, malia resultar estratéxica para a nosa eficiencia futura. Recoñécese, non obstante, a existencia de iniciativas ben encamiñadas como o ciclo Raíces; porén, coincídese en que cómpre potenciar e afondar nesa dirección.

En xeral, constátase desde os ámbitos culturais da sociedade civil a existencia de dinámicas que están a favorecer un quefacer cultural participativo e implicativo, polo menos naquelas instancias onde isto é máis factible e desexable para o ben común e o desenvolvemento dunha cidadanía culta e democrática. Se ben resulta recoñecible a existencia de experiencias meritorias no tratamento da cultura e memoria local, como acontece por exemplo coa rigorosa dotación e tratamento funcional do Arquivo Histórico Municipal –que ten un nivel moi superior ao das restantes cidades galegas–, algúns actores culturais locais coídan que se está a privilexiar en exceso unha política cultural orientada á produción de imaxe externa fronte a unha posible política cultural orientada á vertebración social interna. Desde sectores do ámbito asociativo-cultural considérase tamén que, nalgúns casos, pode que se estea privilexiando a contratación de espectáculos externos en detrimento do apoio á propia canteira de artistas e creadores.

7. PROPOSTAS E ALTERNATIVAS

No que fai referencia ás propostas de futuro, os nosos entrevistados manifestaron preocupacións diversas e xurdiron cuestións específicas como a ausencia dunha programación cultural orientada especificamente á terceira idade. Nalgúns casos suscítase tamén a conveniencia de crear novos públicos para a cultura. Algún entrevistado chega a afirmar que unha das grandes materias pendentes é a de «explicarlle ao público o que é a música contemporánea, a pedagogía desa música. A cultura é estudo, risco e valentía, pero iso é mester explicalo». Bótase en falta unha maior implicación no quefacer cultural municipal e unha maior participación no deseño das programacións. Faise máis transparente a idea de que debería existir unha cooperación moito máis fluída entre os actores culturais asociativos e os creadores coas institucións locais. Tamén se subliña a idea de que a cultura é liberdade e que a cultura e a educación deben camiñar sempre xuntas non só nos ámbitos da ciencia, do ambiente ou da música, tal e como xa se fai, senón tamén no ámbito da cultura local propia. Ademais, remarcouse a idea de que o desenvolvemento cívico e a potenciación de cidadáns libres e autónomos no seu xeito sempre diverso e complexo de entender a cultura debe ser un obxectivo implícito na xénese das políticas culturais.

Tamén se indica neste senso que a política cultural local debe responder a un proxecto de cidadanía, de liberdade e apertura e non a decisións de tipo conxuntural. Desta maneira afínase a consideración de que non se trataría –só– de copiar o que se fai noutras partes, sendo imprescindible tamén hoxe saber aproveitar o propio potencial cultural e creativo como un activo xenuíno e orixinal na súa calidade de recurso susceptible de ser promovido.

Unha idea tamén suscitada foi a de que o mesmo tipo de camiño percorrido no ámbito da música podería ser ensaiado no ámbito do teatro dun xeito innovador e orixinal. Isto constituiría un auténtico desafío para unha cidade onde a industria audiovisual está a evidenciar unha potencialidade crecente.

A necesidade de promover espazos intermedios, tan alleos a unha solemnidade vacua como a unha precariedade que condena e relega, semella un desafío e unha aposta irrenunciábel para o inmediato futuro de cara a concibir unha política cultural integradora e vertebradora. Á súa beira, as programacións culturais abertas aos novos valores teñen que constituír un continente e un estímulo significativo das futuras apostas culturais. Algo, por certo, xa ensaiado e mesmo nalgúns casos moi ben ensaiado en vilas da Eurorrexión como Viana do Castelo no eido musical, por exemplo. Nesta liña, resulta de interese a idea xa traballada desde a Concellaría de repensar o futuro destino do centro cultural, que se vai construír no vello cárcere da Torre, como unha posible factoría cultural. Esta iniciativa podería constituírse como un espazo intermedio vertebrador dos desafíos emerxentes da cultura a nivel interno, pero tamén como espazo capaz de proxectar os nosos creadores cara ao exterior no contexto dunha sociedade cada vez máis aberta e globalizada. Se a política cultural da Coruña foi eficiente en atraer

a excelencia cultural, a arte e o coñecemento universal cara ao ámbito local, agora cómpre tamén tomar medidas para completar o desafío de favorecer a proxección a nivel internacional das voces e das obras dos creadores e da cultura local.

Algúns dos entrevistados chaman a atención sobre a conveniencia de estudar dun xeito rigoroso a situación co fin de poder orientar mellor as políticas culturais non só das institucións locais, senón tamén de entidades e fundacións, as cales, en virtude da súa responsabilidade social, cultural e económica, deberían implicarse tanto na difusión de eventos e espectáculos externos como na potenciación da creatividade, dos creadores e das industrias culturais locais, preparándose para os desafíos xa ineludibles do século XXI en que nos atopamos.

FERROL. A CONTINUIDADE RESPECTUOSA

1. A CIDADE DE FERROL

Ferrol, a vila da Ilustración que ten corazón de navío, viviu nos últimos anos unha das xeiras máis delicadas dos últimos catro séculos. A súa condición case exclusiva de foco industrial naval supúxolle un prexuízo cando este sector tivo que adaptarse a un contexto internacional dinámico e cambiante. De todos os xeitos, a cidade non baixou a garda e seguiu loitando polo seu espazo e polo mantemento e redefinición dos seus recursos tradicionais. Noutros lugares de Europa e mesmo de España (o caso de Bilbao resulta paradigmático), algunhas cidades onde estaban situados sectores da vella industria hoxe en declive optaron por se reconverter, nunha estratexia que nalgúns casos tivo na cultura e nos servizos culturais o seu buque insignia.

Esta vila, que empezou os seus andares coa industria naval no século XVI, experimentaría un gran pulo dous séculos máis tarde; deste período (século XVIII) procede o seu trazado urbano. Con Rochefort e Cartaxena comparte a suxestiva condición de vila da Ilustración. Tampouco carece dun vello barrio máis antigo con evocadores e antigos ecos mariñeiros. Ferrol é unha cidade de tradición ilustrada e vontade educadora, que foi pioneira en iniciativas meritorias como a da Escola Obreira Nocturna ou a Escola Obreira da Sociedade Española da Construción Naval.

Esta cidade está a afrontar hoxe un desafío simbólico de singular relevancia coa súa aposta por conquistar co seu barrio da Magdalena, do século XVIII, a condición de Patrimonio da Humanidade.

2. A POLÍTICA CULTURAL DE FERROL E OS SEUS OBXECTIVOS

O equipo responsable da política cultural do Concello de Ferrol está constituído polo concelleiro e o persoal responsable da xestión. En canto ao persoal, o Concello conta cun técnico superior especificamente cualificado no eido cultural que foi contratado como cargo de confianza. O equipo xestor está composto por nove administrativos, un deles desenvolve as funcións de xefe de negociado.

A Concellaría de Cultura empezou a tomar corpo a partir do ano 1983 e na actualidade conta cun Padroado de Cultura con competencias en teatro, danza e promoción cultural e das

artes escénicas. Este Padroado xestionou no último orzamento a cantidade de 262 237 euros para desenvolver actividades en artes escénicas e música. Ademais do Padroado existe unha Comisión de Cultura que, a pesar do seu recoñecemento formal, non ten unha actividade regular e estable.

Tal como se indica e se reflicte na política cultural municipal, esta está orientada pola presenza dunha demanda tradicional bastante estable, así como pola existencia dunha actividade igualmente continua nos seus sectores priorizados.

3. DEMANDAS, CARENCIAS E PRIORIDADES

Unha das carencias percibidas polos xestores de cultura é a insuficiencia da actual programación de música e teatro, parcialmente solucionada coa posta en marcha do Teatro Jofre.

As demandas que se formulan á Consellaría de Cultura van na dirección de resolver unha carencia difusa xeneralizable a todo o ámbito da acción cultural existente. Solicítaselle un maior apoio financeiro, así como unha maior cantidade de actividades en circuíto e a súa colaboración para a contratación de técnicos de cultura.

Ante a pregunta de cales son as actuais prioridades ás que atende a política cultural municipal, a resposta que se nos deu recolle en primeiro lugar os equipamentos, en segundo a música, en terceiro as bibliotecas, en cuarto o teatro, en quinto a imaxe, en sexto as artes plásticas, en sétimo a cultura galega e, a continuación, cultura tradicional, patrimonio e as actividades culturais relacionadas co turismo.

Cando se trata de establecer prioridades para as liñas futuras de acción, a súa orde de preferencias experimenta algunhas variacións respecto do indicado. Conservan ese primeiro lugar os equipamentos culturais e apúntase como seguinte prioridade atender as demandas culturais relacionadas co turismo, así como aquelas que teñen que ver coas oportunidades de potenciar o desenvolvemento local. A continuación aparecen as bibliotecas, a música, o teatro, as artes plásticas e a cultura galega en xeral.

A política de estabilidade respectuosa co legado e as dinámicas existentes que se segue en Ferrol alenta tamén iniciativas de apoio ás entidades cunha actividade contrastada, como acontece co financiamento municipal das obras de ampliación do Ateneo Ferrolán ou coa construción dun edificio para o grupo de música e baile tradicional Toxos e Froes.

En canto ás liñas de acción cultural municipal, os datos recollidos na enquisa efectuada aos responsables de cultura do Concello indícanos que, das asociacións culturais existentes (205), un número moi significativo delas (71) solicitou subvencións. Entre as asociacións veciñais, practicamente todas elas fixeron unha demanda de apoio ao Concello para axudar á súa programación cultural. Certamente os datos fornecidos apuntan a unha ampla cobertura da demanda, polo menos en termos relativos, pois das asociacións culturais solicitantes de subvencións só catro non gozaron delas. Á beira destas axudas xa indicamos máis arriba como o apoio nalgúns casos foi moito máis alá dunha simple subvención ao desenvolvemento de actividades, para cubrir tamén

investimentos en reforma ou creación de equipamentos (Ateneo e Toxos e Frores). En opinión do técnico municipal de cultura, o Concello goza de canles estables de comunicación e cooperación coas asociacións, que se concretan na existencia de subvencións, convenios e relacións diversas. O ámbito asociativo cultural ten como punto forte o de manter un dinamismo tradicional bastante constante e estable. Desde un punto de vista técnico podería considerarse incluso que este pode pecar dun certo rutineirismo susceptible de dificultar a súa capacidade de adaptación nun contexto tan dinámico e cambiante como o actual.

4. EIXES CENTRAIS DA ACTIVIDADE CULTURAL MUNICIPAL E DOTACIÓNS

a) *Actividades promovidas polo Concello*

As principais actividades culturais promovidas polo Concello consisten en teatro, actividades musicais e exposicións. As actividades teatrais concréntanse en tres ciclos, dous deles teñen un carácter profesional e un terceiro é afeccionado. O ciclo Xoves Teatrais programou o pasado ano un total de 21 representacións de grupos profesionais entre os meses de marzo e decembro, mentres que o ciclo afeccionado Domingos a Escena presentou 22 espectáculos entre setembro e marzo; o terceiro ciclo, a Semana de Teatro Infantil, ten lugar durante o mes de agosto.

A programación musical ten no ciclo Benvidos á Gran Música unha das súas actividades senlleiras, que incluíu catorce concertos entre os meses de novembro e marzo de 2004. Esta actividade musical complétase con concertos de música folk e tradicional (corais), xestionados desde o Padroado de Cultura. Ademais no concello teñen lugar concertos regulares da Banda de Música de Ferrol, así como programacións de música clásica e de jazz, organizados por Caixanova. As exposicións constitúen tamén un núcleo de actividade relevante, en 2004 fixéronse trece exposicións no Centro Cultural Carballo Calero entre outubro e xuño e dez no centro Torrente Ballester entre decembro e outubro. Particular interese ten ao noso ver desde o punto de vista da promoción cultural a exposición «Miradas virxes», concibida para potenciar a arte emerxente e os novos creadores. Tampouco debe quedar sen citar o feito de que entidades como Caixanova organizan tamén exposicións de arte.

Á beira das exposicións deben subliñarse tamén algunhas actividades promovidas desde o Concello como os premios literarios, as xornadas dedicadas a Torrente Ballester ou as Xornadas Poéticas.

Os festivais e as festas, algunhas das cales contan cun grande arraigamento tradicional, representan tamén un núcleo de actividade cultural moi significativo na cidade de Ferrol. Entre estas deben citarse o Festival das Comunidades, que se celebra entre xuño e agosto, a Noite das Pepitas, o quince de marzo, a Verbena do Mantón, en agosto, e o Entroido. A actividade cultural de promoción municipal complétase coa realización de cursos (como por exemplo de teatro), así como coa promoción anual de varios premios como o Internacional de Piano ou o de Gravado Máximo Ramos, ademais dos de carácter literario.

b) *Dotacións e equipamentos*

No relativo ás dotacións e equipamentos podemos constatar como, neste momento, existe en Ferrol un razoable dinamismo orientado a colmar algunhas carencias locais básicas. Un dos ámbitos prioritarios nesta materia son as bibliotecas; o traballo e o esforzo realizados polo Concello deron como froito a posta en marcha de dous novos equipamentos en 2005, circunstancia que fixo aumentar e mellorar a oferta bibliotecaria da cidade.

Neste sentido sitúase tamén a reinauguración do Teatro Jofre e a apertura do Museo Municipal tras permanecer pechado desde 1985. Ademais, o novo conservatorio, xunto coa descentralización de locais municipais para actividades culturais, constitúen dous feitos igualmente salientables e relevantes no eido da promoción cultural municipal.

Respecto do papel desempeñado por algunhas entidades privadas como as caixas de aforros, pode afirmarse que o seu labor resulta moi significativo, sobre todo no caso xa comentado de Caixanova. É salientable tamén a progresiva presenza no sector cultural de Caixa Galicia, que no último ano fixo unha achega financeira moi significativa para apoiar a súa política cultural.

5. A OLLADA DOS ACTORES CULTURAIS LOCAIS

Neste apartado faremos un achegamento aos respectivos campos culturais locais, tratando de coñecer quen son e que opinan os seus actores máis importantes. Cumprirá indicar aquí que os actores foron escollidos cunha estratexia de bóla de neve que nos foi levando duns a outros en función de criterios de pertinencia. Este método cualitativo garante habitualmente a condición de que todos os entrevistados sexan significativos, aínda que non poderemos evitar o feito de que sempre poidan quedar excluídos algúns actores que si deberían estar.

De entre os actores do campo cultural local ferrolán efectuamos «entrevistas en profundidade» a algúns dos máis significados e relevantes. Entre eles a tres entidades asociativas tradicionais como o Ateneo Ferrolán e a Asociación Valle Inclán, no sector da promoción cultural e cívica, e a Sociedade Filharmónica, como entidade especializada de ampla tradición e arraigamento local. En canto á Fundación Artabria, foi analizada por mor do seu carácter máis inqueda e innovador. Caso particular constituíu a entrevista ao promotor cultural Manolo Basoa, un programador cultural cunha longa traxectoria no ámbito do teatro profesional. Pareceunos particularmente interesante poder contar coa súa opinión para coñecer a xénese dalgún proxecto ferrolán en marcha de grande importancia potencial como o da Festa da Ilustración.

Cada unha das entidades analizadas ten a súa especificidade e resulta representativa dunha tradición e dunhas dinámicas sociais específicas. Certamente, podíase incluír tamén nesta selección a presenza dalgunha entidade de tipo profesional, como é o caso do grupo tradicional Toxos e Froes, pero optamos por dar prioridade a aquelas entidades cun perfil xenérico no cultural e cunha vocación de proxección cívica.

O *Ateneo Ferrolán* é unha entidade centenaria que nace da vontade de compromiso cívico das clases medias ilustradas a finais do século XIX. Tras verse truncada a súa traxectoria co final da Segunda República, a asociación recuperouse no ano 1976 a través de xente vencellada co Cineclub. En 1986 o Concello cedoulles o seu edificio actual para poñelo ao servizo duns obxectivos que eles resumen como: «a difusión da cultura e o seu achegamento á cidadanía en xeral, propiciando a formación dun lugar de encontro para a cultura». Actualmente o Ateneo conta con 150 socios de menos de dezaioito anos e con aproximadamente 550 adultos.

Conta cunha actividade variada no eido das artes plásticas, a música, o teatro, así como no eido sociocultural a través dos debates, conferencias e tertulias. Conta tamén cunha dotación de biblioteca e hemeroteca que presta unha atención media anual de arredor das dúas mil horas. A diferenza de moitas asociacións, que carecen de persoal laboral, o Ateneo dispón de tres empregadas: unha bibliotecaria, unha administrativa e unha señora da limpeza.

O seu labor pretende ofrecer un recuncho para que calquera que desexe organizar unha actividade cultural poida contar coas súas instalacións. Esta apertura e dispoñibilidade deu lugar a que hoxe moitas das actividades que se programan veñan de fóra para dentro, promovidas desde pequenas asociacións e grupos que teñen un proxecto. Esta dinámica permitiu que o Ateneo se convertese nun espazo de encontro real para a cultura.

Algo que pode ser subliñado é o feito de que, ante a carencia institucional dunha estrutura de préstamo de recursos audiovisuais (e outros) ás asociacións, elas mesmas son capaces de establecer estratexias de axuda mutua a través de intercambios de materiais.

A *Asociación Cultural Valle Inclán* iniciou a súa actividade a finais dos anos setenta nun momento en que existía un gran baleiro cultural na cidade. A súa orixe está vencellada co intento nese momento de crear unha entidade que puidese subtraerse ás tensións políticas e o obxectivo de crear un lugar para xerar e vivir a cultura entendéndoa nun xeito amplo. Segundo as palabras dun dos responsables da Asociación: «Non se quería facer populismo, nin facer un achegamento ao pobo, nin levar o pobo á cultura. Considerámonos unhas persoas cultas que querían cultivar a cultura».

Está constituída por un grupo reducido duns vinte socios, entre os que destacan numericamente as mulleres. A súa sede, no Club de Prensa, foille cedida por Caixa Galicia e esta circunstancia dálle á Asociación unha gran liberdade financeira pois evitan ter gastos fixos. Para o grupo é moi importante a sociabilidade arredor da cultura e dos proxectos que promoven. A inicios do curso académico xúntanse para decidir os temas que van tratar ao longo do ano, propoñen varias iniciativas e establecen un calendario de traballo que van matizando cada mércores nas reunións da Asociación. Nestas reunións, unha persoa presenta un tema e o resto participa nun debate en que as únicas normas son a liberdade e o respecto aos demais.

Ten unha editorial, iniciou unha colección de poesía subvencionada por Caixa Galicia e organiza o Premio Esquíu de Poesía. Tamén publica libros a través de seis coleccións que se financian con subscricións dos asociados.

O proxecto cultural da Valle Inclán deriva dunha estratexia de grupos que aspiran a gozar do pracer de aprender e crear en grupo ao tempo que tamén fan difusión. O mesmo Premio Esquíu de Poesía ou a pequena editorial coa que contan debe entenderse así, como un xeito de potenciar a creación, promover e difundir a cultura. Quizais isto veña a subliñar a imposibilidade de gozar e promover cultura sen comunicar cultura á comunidade.

A *Sociedade Filharmónica Ferrolá* conta actualmente con 220 socios e está estruturada dun xeito clásico arredor dunha xunta directiva, que é a encargada de organizar o programa. A Sociedade ten unha importante e meritoria traxectoria iniciada no ano 1949. Os seus obxectivos perseguen aumentar e fomentar o nivel musical en Ferrol desde un punto de vista cultural pero tamén lúdico. Actualmente vive un momento de dificultade organizativa derivado da falta de renovación dos seus efectivos humanos.

Ten como actividade principal a organización dun ciclo de concertos anuais e as súas expectativas de futuro están postas en contar cun sitio na programación do Teatro Jofre, dado que actualmente teñen que realizar as súas actividades no centro cultural Torrente Ballester, que non conta cunhas condicións idóneas para as actividades musicais da Sociedade.

A *Fundación Artabria* é unha entidade de carácter sociocultural e está rexida por un Padroado. A entidade botou a andar no seu momento con case 100 socios e chegou a ter arredor de 350. O feito de ter escollido a figura da Fundación naceu da vontade inicial de emprender proxectos que podían superar o marco e o nivel de competencias orzamentarias dunha asociación cultural.

A actividade central da Fundación sitúase no ámbito da promoción da lingua, así como no da promoción de valores solidarios. A súa organización interna baséase na existencia de comisións de carácter administrativo, de xestión e de voluntariado. Os grupos integrantes da Fundación son os que levan a cabo a actividade principal de Artabria. A entidade ten protocolos de colaboración con asociacións da comarca de carácter alternativo e algunha delas ten a súa sede nos mesmos locais da propia Fundación. Os membros de Artabria adoitan realizar tamén actividades en colaboración entre si co obxectivo de mellorar a eficiencia e a xestión das actividades culturais. Artabria cede o espazo e os servizos necesarios para que poidan desenvolver o seu traballo. Actualmente mantense un protocolo de colaboración con dous grupos que exercen a súa actividade de maneira autónoma. Un deles é A Revolta. Este grupo leva a cabo diferentes actividades, entre as que se atopa a recuperación etnográfica: o Samaín e o Magosto no mes de outubro con música, Entroido, Maios e a lumeirada da Revolta, merendas, etc. Este grupo conta tamén cunha comparsa, que constitúe unha das súas principais formas de financiamento. Outro dos grupos que conforman a Fundación é a agrupación de música, que inclúe a Cuadrilla da Marola, Gaitas de Artabria, Gaitas de Trasancos e a Repichoca de Artabria. Estes colectivos, malia realizar moitas actuacións de balde, constitúen unha fonte de financiamento importante para a Fundación. Ademais tamén debemos salienta a existencia dun grupo que coordina e realiza algunhas actividades culturais propias. Ten particular relevancia dentro da Fundación o Festival

da Terra e da Lingua. Este festival, que vai na súa quinta edición, celébrase a terceira semana do mes de xullo; ten unha programación que inclúe música, xogos populares, un foro-debate, teatro e festival de poesía. A Fundación conta tamén co grupo Artabria virtual, que está a montar un ciber Linux, aínda que en condicións precarias e sen suficientes recursos.

De cara a afondar no coñecemento da situación do campo cultural ferrolán, entrevistamos tamén un dos promotores máis activos que contribuíron á organización de eventos culturais. *Manolo Basoa* foi actor de teatro profesional e na actualidade fai compatible a dirección de varios grupos de teatro afeccionados co desenvolvemento de diversas actividades como promotor cultural. Basoa foi un dos artífices dalgúñas das iniciativas culturais máis vizosas do Concello de Ferrol. A súa colaboración resultou clave na posta en marcha de moitas iniciativas teatrais e para-teatrais participativas dentro da comarca. Desde a Festa Medieval de Betanzos partiu para asesorar o Concello de Ferrol no seu desafío de crear unha Festa da Ilustración. Esta Festa busca dar a coñecer a cidade e crear un evento que atraia as visitas e revitalice a cidade, aproveitando a circunstancia de que Ferrol representa moi ben o modelo de construción urbana do período da Ilustración da época de Carlos III. A iniciativa funcionou moi ben e conseguiu que no seu primeiro ano de celebración a cifra de visitas se achegase a cen mil persoas.

Basoa tamén se aplicou na promoción e recuperación de iniciativas como os Xoves Teatrais, que, cun novo pulo, implicaron no ano 1995 a dezaseis grupos de teatro da comarca. Posteriores ciclos teatrais programados polo Concello grazas á colaboración deste promotor, como os Xoves Teatrais (neste caso tamén para profesionais) ou os Domingos a Escena, foron consolidando un público que permite constatar como todos os domingos no Auditorio de Caranza, de 240 prazas, se produce un cheo de público ou como os xoves, no teatro Torrente Ballester, se confirma o arraigamento desta actividade cultural no público da cidade.

A potencialidade teatral da cidade non só está a ser aproveitada na recentemente promovida Festa da Ilustración; o grupo que traballa con M. Basoa tamén colaborou coa Asociación Cultural «A Batalla de Brión» na escenificación que se leva a cabo durante as festas da cidade. A súa tarefa é escenificar un acontecemento que tivo lugar no 1778: o Real Concejo de Castilla-León que lle concedera a Ferrol o privilexio dunha feira. Na actualidade este evento foi representado no último ano por un grupo de 150 persoas coordinadas por Manolo Basoa.

6. VALORACIÓN DA POLÍTICA CULTURAL DA CIDADE

No Ateneo Ferrolán as vías de financiamento resultan cada día máis importantes dado que «antes viña calquera a dar unha charla e agora tes que preguntar antes cal é o *caché*». O Ateneo finánciase coas cotas dos socios e con subvencións e convenios co Concello e coa Deputación e en ocasións tamén coa Xunta. Contan con algún socio colaborador que axuda cunha cota maior (Asociación de Comerciantes, Confraría de Pescadores...). Un dos maiores problemas que teñen é o atraso no cobro das subvencións públicas, que fai que eles non poidan cubrir os seus com-

promisos con regularidade. Outro –que afecta as asociacións en termos xerais– é que no Ateneo son particularmente sensibles a algunhas dificultades derivadas do carácter personalista e pouco colaborador dalgúns dos seus responsables. Pensan que se pode estar a pagar aínda o feito de non termos unha cultura de comportamento democrático profunda. De maior importancia semella o problema (como a retirada de subvencións) que eles consideran derivado das súas tomas de postura ante algúns problemas cívicos, como a súa participación no comité cidadán de emerxencia pola defensa da ría no momento en que se quería construír a planta regasificadora; isto provocou unha serie de rexeitamentos por parte de institucións tanto públicas como privadas.

A Asociación Valle Inclán, de atérmonos ás súas afirmacións, atopárase nunha situación moi favorable: «Nós non necesitamos financiamento, nin temos maiores problemas... Somos bastante autárquicos». Ao dispoñer dun local cedido por Caixa Galicia poden dedicar as achegas dos socios a cubrir as necesidades de funcionamento. Non obstante, a Asociación afirma que recibe subvencións sobre todo para o Premio Esquíu, para proxectos editoriais de Caixa Galicia e tamén da Deputación.

A Fundación Artabria ten a figura do socio colaborador que axuda con cotas que van de trinta a corenta euros ao mes. En conxunto, conta cuns 160 socios, que contribúen con cantidades moi variables que oscilan entre vinte e catro e cincocentos euros anuais. Ademais ten un convenio co Concello de Narón, que colabora con seis mil euros para o Festival da Terra e da Lingua, dado que este se celebra en Pedroso. Ademais dos fondos que obtén a través dalgunhas das súas agrupacións musicais e de actividades como a poxa anual ou as mesas de venda de materiais culturais, a Fundación ten tamén un apoio financeiro no seu café bar. Non obstante, manifestan que a subvención do Concello de Ferrol non foi percibida nin en 2003 nin en 2004, aínda que en 2002 recibiran unha de mil seiscientos euros. Afirmar que das caixas de aforros non reciben ningún apoio significativo nin para a Fundación nin para o Festival. Os membros de Artabria consideran que as asociacións, malia realizar un labor eficaz na sensibilización cultural da cidadanía, non son tidas apenas en conta. Isto dá lugar a que se teñan que *queimar* na procura de apoios económicos que nunca chegan. A enerxía que debía ser canalizada nos proxectos culturais moitas veces esgótase na xestión burocrática. A Fundación, que naceu arredor da recuperación e defensa da lingua, foi dando unha acollida crecente a todo o relativo á música, dado que esa actividade resulta moito máis doada e próxima aos intereses espontáneos da xente nova. Artabria considera que Sargadelos é a entidade que lles presta unha máis eficiente colaboración.

A Sociedade Filharmónica Ferrolá ten a súa principal fonte de financiamento nas cotas dos seus 220 socios, que aboan catro euros ao mes. O orzamento total do último ano, 15 000 euros, foi investido en seis concertos, dous deles de cámara. No momento actual a Sociedade está a facer xestións co fin de que algunha empresa ou entidade lle achegue financiamento estable para as súas actividades. A súa aposta é intentar implicar as grandes empresas, que poden ser un importante soporte de publicidade.

Respecto da súa situación actual como entidade, consideran que existe un problema de fondo grave, que está a condicionar a posible subsistencia deste tipo de entidades. Ata agora contaron con pequenas subvencións de diferentes institucións: Deputación, Concello, Xunta, Caixa Galicia... Pero se estas liñas desaparecen, tal como mostra a tendencia actual, a Sociedade non poderá subsistir. Un problema formulado pola Sociedade Filharmónica é a descompensación que supuxo para eles que o Concello empezase a facer programacións musicais gratuítas. A gratuidade das programacións constitúe un punto de fricción sumamente delicado que cómpre abordar, dimensionar e resolver.

No caso de M. Basoa a situación é diferente dado que as actividades que promove, como é o caso da Festa da Ilustración, proceden dun encargo do concelleiro que lle cobre os custos de posta en marcha do proxecto.

A valoración que se realiza desde as entidades culturais respecto da política municipal existente neste sector inclúe opinións como que en Ferrol non existe unha oferta suficiente de actividades e que unha parte importante da que se fai é promovida desde as moitas asociacións existentes. De todos os xeitos tamén se recolleu a opinión de que, con respecto a hai dez anos, a oferta cultural mellorou bastante. Unha sensación hoxe xeneralizada entre a maioría dos actores culturais é que a apertura do Teatro Jofre, como principal centro cultural da cidade, constitúe un fito de extraordinaria importancia na potenciación e regularización da actividade cultural en Ferrol.

Outra eiva detectada é a desconexión existente entre a universidade e a sociedade a nivel cultural. Esa desconexión semella unha responsabilidade de todos por non procurar pontes para que esta teña lugar.

Certamente, cando nos achegamos á política cultural de Ferrol, constátase que hai algo que está a moverse na cidade: o teatro. Á programación anual estable coa que conta neste eido a vila, á que xa fixemos máis arriba referencia, teríamos que engadir a existencia de actividades configuradas arredor das escenificacións de rúa como a Batalla de Brión ou a moi interesante e máis recente Festa da Ilustración, que na súa primeira edición conseguiu atraer ata Ferrol a cen mil visitantes.

Un problema bastante xeral nas valoracións das políticas culturais urbanas é a falta de coordinación na distribución da oferta cultural ao longo do tempo. Tamén se afirma que o Padroado de Cultura pode e debe desempeñar un papel cada vez máis importante como referente coordinador e de mellor aproveitamento dos recursos.

Algunhas entidades apóñenlle tachas moi concretas á súa relación político-cultural co Concello no sentido de que non as teñen moi en conta desde a institución local, malia o feito de que elas contribúen dun xeito moi eficiente ao quefacer cultural local desde un punto de vista en ocasións de vontade non só cultural senón tamén cívico e social (Ateneo, Artabria...). Cóidase que o apoio existente ás asociacións é moi feble e resulta moi laborioso conseguilo. De todos os xeitos tamén se constata que desde o Concello son apoiadas as programacións dalgúns sociedades culturais por diversas vías; por exemplo, a Sociedade Filharmónica afirma que realiza todas as súas actividades en dependencias municipais, que son cedidas con apoio e sen cargas.

Así mesmo, conséntase como algunhas actividades lúdicas de alto custo, como concertos de grupos mediáticos (concertos de Operación Triunfo), malia non contribuír culturalmente en nada, son financiados sen reparos. Algúns consideran mesmo que a actividade cultural en Ferrol está excesivamente centrada en festas como as Pepitas, a Semana Santa ou o Nadal. Cren que faltaría unha verdadeira política cultural; afirmase que o que hai é unha política de programación de eventos que se vai cumprindo como un ciclo. En todo caso, desde o sector social da cultura existen promotores que recoñecen que, neste momento, en Ferrol existe un concelleiro e un técnico de cultura que buscan e se preocupan por facer cousas novas ao tempo que se afirma que o Concello valora moito as actividades que fan os grupos e axuda ás asociacións segundo as actividades que realicen, feito que consideran diferencial con respecto a outros concellos limítrofes. Cabo desta opinión xorde tamén a daqueles que coidan que as institucións posúen un sentimento patrimonial respecto da cultura como se de algo apropiable se tratase. Como febleza aparece citado o caso de que se deixase desvirtuar algunha actividade orixinariamente participativa, como foi no seu momento a Batalla de Brión, permitindo que se convertese nun mero evento pasivo, como un desfile para ser contemplado. Xa que logo, algunhas asociacións botan en falta unha oferta cultural que sexa participativa, non unha cadencia permanente de meros observadores do que fan outros.

Dentro da política cultural local, e respecto dos diferentes actores que interveñen nela, coidan que é mester estar moi atentos ao risco derivado do xurdimento de actores moi poderosos que se están a converter en catalizadores privilexiados e excluíntes da vida cultural.

Ademais algunha das entidades entrevistadas manifestou a súa preocupación polo feito de que se estean a promover novos equipamentos (o Teatro Jofre, a construción dun auditorio de 900 prazas en Ferrol e outro –Pazo da Cultura– de 1200 prazas en Narón). Os contidos que terán as políticas que se seguirán e o papel das asociacións na súa xénese son temas que preocupan cando se aventa unha tendencia a desarborar as bases da cultura a favor dunha lóxica programadora da cultura como consumo. A esas preguntas engádenselles tamén preocupacións como a reflectida por un entrevistado: «Este Concello é pobre; cando estean todas as instalacións, os gastos fixos van comer os recursos... Ese é o legado da Xunta, constrúen a infraestrutura e logo o Concello ten que asumir o seu mantemento».

7. PROPOSTAS E ALTERNATIVAS

Existe unha idea bastante xeneralizada respecto da conveniencia de que se mellore a coordinación das actividades culturais como un camiño de avance na coherencia dunha política cultural local.

Desde o movemento asociativo cóidase que o Concello debía despregar un maior esforzo de colaboración coas asociacións co fin de establecer dinámicas sinérxicas e socioculturalmente arriquecedoras. Do mesmo xeito, opinan que a súa colaboración debería ser non só económica,

senón tamén de apoio e estímulo, sabendo coidar, mimar e promover todos aqueles grupos que fan algo pola cultura. As institucións deberían facilitar infraestruturas (locais, medios audiovisuais, etc.) para que as asociacións sen ánimo de lucro puidesen programar máis actividades.

O Concello debería preocuparse por coñecer as aspiracións e os obxectivos culturais de todas as entidades culturais. Un coñecemento que propiciaría que adoptase posicións positivas de apoio e colaboración sen buscar protagonismos. Outra opinión complementaria é que as institucións deberían encher o espazo que non cobren as asociacións e axudar a coordinarse entre todos; ou mesmo que a Concellaría de Cultura, en vez de dar oferta cultural, habería darlle prioridade ao labor de coordinar e apoiar a actividade cultural continuada que é promovida por parte doutros colectivos. Algúns opinan incluso que o Concello debería de crear unha comisión estable que se relacionase coas asociacións culturais que hai na comarca para aproveitar o potencial das asociacións convocándoas para establecer o que se pode construír colectivamente, entre todos.

Outro tema que tamén se formulou foi o da ausencia de relacións e intercambios entre as asociacións. Bótase en falta un espazo de encontro para o intercambio de experiencias. A oferta cultural –coidan– debería orientarse a sumar, a coordinar, a integrar e a potenciar a actividade dos colectivos socioculturais existentes na cidade.

Entre as carencias detectadas existen opinións que consideran que faría falta unha sala de concertos comarcal para dar saída periódica a toda afección da música. Algunhas opinións recollidas subliñan o feito de que houbo mesmo iniciativas de importancia que se deixaron esmorecer. Por exemplo, en Ferrol houbo unha escola de circo e teatro que acabou desaparecendo pola falta de apoio malia que tiña un grande interese e atractivo para moita xente nova.

LUGO. CREANDO REFERENTES E TECENDO A MALLA DA CULTURA

1. A CIDADE DE LUGO

Lugo é antes que nada capital administrativa da provincia. O vello pulo administrativo, compatible en tempos cunha estimable relevancia como centro relixioso, mantívose ao longo dos últimos anos como un soporte básico para a súa sostibilidade. A vella e fermosa vila, que en tempos tamén desempeñou un importante papel como cabeceira e centro de varias áreas de grande importancia agrogandeira, viuse situada, como o resto da Galicia atlántica e rural, fronte ao desafío desigual da incorporación a Europa. Á beira dos seus retos socioeconómicos, a cidade e os líderes sociais e políticos están a librar a batalla de lograr unha boa inserción viaria e mellorar as súas comunicacións coa capital de Galicia, así como para situala de xeito eficiente no itinerario do futuro tren de alta velocidade. Se ben a súa Deputación tivo en momentos un papel determinante, o certo é que na actualidade o novo pulo da cidade procede en boa medida do campus universitario, o cal, ao contar cunha poboación de dez mil alumnos e docentes, que representan un 11% da súa poboación, está a introducir un novo factor de complexización que proporciona un estímulo imprescindible na relativa atonía que caracterizou o seu desenvolvemento económico e social nos últimos anos. Pagou tamén Lugo a súa tradicionalmente limitada vocación industrial con factorías agroalimentarias que non deron a medida da competitividade que os tempos requirían. Ademais, as dificultades acumuladas no seu contorno: envellecemento da poboación, declive da agricultura e gandería tradicional, declive de focos de comunicación e de desenvolvemento como Monforte, etc., non fixeron senón acoutar as súas oportunidades de despregamento. Actualmente, desde o Concello estase a realizar un esforzo importante para acadar un desenvolvemento urbano de calidade que permita potenciar un dos seus recursos máis importantes e de maior proxección turística e económica: o centro histórico e monumental da cidade das murallas romanas. Tamén desde o Concello se leva a cabo un esforzo claro e coordinado en favor da mellora das condicións de vida nos barrios da cidade, conscientes de que a calidade de vida urbana constitúe un trazo de primeira orde na competitividade futura das cidades do século XXI.

En paralelo, e fronte aos condicionamentos existentes, a cidade de Lugo está a desenvolver un esforzo importante na promoción da investigación e da innovación para facilitar a súa

incorporación aos novos desafíos da emerxente sociedade da información e do coñecemento. A recentemente vivida experiencia de mobilización colectiva dirixida a conseguir o recoñecemento da UNESCO para a súa muralla como Patrimonio da Humanidade constitúe un excelente exemplo da capacidade de coordinación e esforzo que define o carácter dos lucenses. Así mesmo, neste labor de actualización e procura de novos horizontes, o seu campus constitúe sen dúbida un factor estratéxico de primeira orde.

2. A POLÍTICA CULTURAL DE LUGO E OS SEUS OBXECTIVOS

Unha das prioridades en materia cultural no Concello de Lugo é cubrir a demanda xa existente, e tradicional, de actividades culturais, así como programar outras actividades que poidan ser do interese dos diferentes públicos deste municipio. Neste sentido, para este Concello é moi importante a posta en marcha ou o mantemento de equipamentos socioculturais. Nun segundo termo sitúanse as subvencións económicas a entidades socioculturais. A continuación, e por esta orde, son ámbitos de actuación relevantes: as bibliotecas, a música e a cultura galega. Tendo en conta que Lugo conta cun auditorio municipal, existe a necesidade doutro espazo destas características, así como dun museo municipal (o que hai actualmente pertence á Deputación).

Os obxectivos da política cultural lucense dedúcense das prioridades que se manifestan no ámbito infraestrutural. Tanto é así que, cando se formula a cuestión de que habería que facer se se puidese contar con máis orzamento, as respostas seguen a mesma pauta que as que aparecen no parágrafo anterior.

En Lugo teñen moito peso, dentro dos obxectivos manexados en política cultural polo Concello, os aspectos ligados á memoria herdada e ao patrimonio; a orientación cara a novas perspectivas culturais máis en liña coa cultura contemporánea ten un peso relativo menor, dado que a cultura é vista, dun xeito importante, como un activo turístico. Por outra parte, considérase que o labor central para promover as artes é centrarse na promoción da obra dos creadores artísticos.

O sentido da política cultural é contemplado como un factor de desenvolvemento social, comunitario e local, para o que é preciso que a maior parte do que se realiza en cultura se faga co apoio doutras administracións (Deputación, Xunta, Unión Europea...). Nestes momentos esta-se avanzando a unha proxección maior cara a fóra, a través de grandes eventos como concertos de artistas de renome, a Mostra de Teatro Clásico, a Semana de Música do Corpus...

A Concellaría de Cultura, creada como tal neste Concello na época da UCD –e dotada de partida orzamentaria propia desde 1985–, comparte nome con Turismo, de tal xeito que se denomina Concellaría de Cultura e Turismo. A área de cultura dispón de departamento administrativo propio, constituído por unha xefa de negociado (categoría profesional Grupo B), dous programadores (categoría profesional Grupo B), dúas auxiliares administrativas (categoría profesional Grupo D) e un editor-redactor (categoría profesional Grupo D).

O papel que esencialmente cumpren os técnicos de cultura (programadores) é o de xestionar a programación cultural co fin de acadar un maior grao de eficacia, polo que o seu labor se centra tanto na programación como no seguimento daquela.

Na elaboración desa programación cultural participa dun xeito directo e inmediato tanto a concelleira de Cultura como os técnicos da área; tamén se conta cunha comisión de asesoramento (o Consello Municipal de Cultura), que funciona como órgano consultivo, cuxas propostas e intervención reais na programación cultural do municipio son aínda escasas.

Relacionados directamente con cultura están os departamentos de servizos económicos (Intervención e Tesourería) e a unidade administrativa da área de Urbanismo. Unha característica propia deste Concello é que as competencias de patrimonio se xestionan desde o Departamento de Urbanismo.

Ao mesmo tempo, as delegacións de Educación e de Turismo tamén teñen competencias en materia cultural. A Concellaría de Cultura ten igualmente relacións habituais con outros departamentos como Seguridade, Consumo e Sanidade e tamén Servizos Sociais.

O orzamento para cultura e sociocultura no Concello de Lugo en 2003 foi de 3 976 281 euros, o que representa o 5,6% da cantidade total dispoñible polo Concello para esa mesma data (en 2004 o orzamento da Concellaría subiu ata os 4 200 000 euros). É de destacar que a única iniciativa cultural do Concello que aparece recollida de xeito específico, e recibe unha partida especializada na documentación do Concello, son as festas.

Na cidade de Lugo está constituído, e funcionando, o Consello Municipal de Cultura, do cal forma parte o alcalde, representantes políticos e asociacións socioculturais. Este Consello é un órgano consultivo en materia cultural e facilita asesoramento ao Departamento de Cultura do Concello.

En canto á xestión dos fondos asignados a cultura, segundo os responsables da Concellaría de Cultura, debe depender directamente do Concello, se o modelo de política cultural ten que seguir sendo o que é. No caso de haber outras expectativas culturais, a concelleira actual é partidaria de crear «unha empresa como na Coruña».

Como resumo, a xestión directa dos servizos e programas culturais propios, cun enfoque social que axude á vertebración cultural e social do Concello (dirixindo a política cultural na súa maior parte cara aos residentes e priorizando os investimentos a favor dos colectivos que configuran a comunidade local), representa os eixes do discurso da actual concelleira de Cultura, onde priman tanto as estratexias de difusión coma de promoción cultural.

Non obstante, a busca da rendibilidade das actividades culturais maniféstase como un dos obxectivos da xestión cultural do Concello (cunha valoración lixeiramente superior á promoción da creatividade cultural). Ao mesmo tempo, a concelleira indica que se poden conxugar as dúas perspectivas e que «a xestión cultural debería facerse en moitos aspectos con mentalidade empresarial, porque o sistema público non é capaz de asumir o gasto que supón o financiamento absoluto de toda a actividade».

3. DEMANDAS, CARENCIAS E PRIORIDADES

O presente apartado recolle as opinións que nos foron transmitidas polos técnicos responsables de cultura entrevistados polo Observatorio da Cultura Galega en varias enquisas específicas dirixidas a eles.

A riqueza e o valor histórico do patrimonio da cidade representan para estes profesionais unha vantaxe en materia cultural que é necesario poñer en valor, converténdoo nun activo para o desenvolvemento da cidade.

O Departamento de Cultura do Concello lucense dispón de guía cidadá, de axenda cultural (tanto en papel como en formato electrónico) e tamén dunha ampla diversidade de publicacións sobre arqueoloxía e patrimonio.

Son consideradas como moi positivas as experiencias de colaboración deste Concello con outros municipios. Dentro das actividades organizadas polo Departamento de Educación (que forma parte da área) fanse visitas á cidade monumental e actividades para escolares que chegan desde outros concellos. Tamén se colaborou co Concello de Santiago e co da Coruña.

Outros aspectos que están a xogar a favor do dinamismo cultural da cidade son o elevado número de asistentes aos actos culturais que se programan, o éxito e asentamento cara a fóra do San Froilán, a recuperación da Semana de Música do Corpus e o asentamento dos ciclos de teatro. Tamén é un aspecto salientable o desenvolvemento na cidade do proxecto Civit@s.

Os aspectos máis carenciais en materia cultural no Concello de Lugo, tendo en conta as súas prioridades en política cultural, veñen dados polo escaso número de asociacións culturais e socioculturais activas, así como pola pequena porcentaxe delas que teñen algunha subvención da entidade local.

Outra circunstancia que se considera que hai que mellorar é a busca dun maior apoio financeiro para as actividades culturais do municipio. Tamén se valora como necesario un maior apoio por parte da Xunta á dinámica cultural a través, por exemplo, de máis ofertas de actividades de circuío (danza, ciclos de teatro, etc.). Aspecto que ha de ir unido a unha mellora na divulgación cultural, tanto nun sentido xenérico como específico. O escaso apoio desta institución de cara á dotación de infraestruturas locais de cultura representa unha gran carencia; neste sentido, a ausencia dun teatro-auditorio de alto nivel valórase como unha eiva importante.

A ausencia de coordinación coa Deputación é considerada, do mesmo xeito, unha carencia moi importante para o desenvolvemento cultural da cidade, así como a falta dun espazo amplo para concertos ao aire libre, o escaso aproveitamento das novas tecnoloxías, a gratuidade ou prezos moi baixos das actividades programadas, a escasa presenza da iniciativa privada empresarial, etc.

En canto a cuestións relacionadas coa organización municipal da cultura habería que emendar deficiencias importantes en materia de xestión administrativa no Departamento, as cales

están a impedir unha maior axilidade e efectividade nesta área. Ao mesmo tempo os profesionais de cultura deste Concello botan en falta algún tipo de reciclaxe a distancia, máis que a asistencia a cursos; consideran tamén que as funcións que teñen que realizar deberían de estar máis acoutadas e definidas.

Técnicos e políticos consideran necesaria a existencia de foros especializados en materia cultural e publicacións especializadas nesta área, moi importantes para a mellora da calidade do traballo que teñen que facer.

4. EIXES CENTRAIS DA ACTIVIDADE CULTURAL MUNICIPAL E DOTACIÓNS

a) *Actividades promovidas polo Concello*

- Semana de Música do Corpus (na que o Concello investiu 113 919 euros).
- Festas de San Froilán (nas que o Concello empregou 846 795 euros).
- Mostra de Teatro (que precisou 57 024,26 euros).
- Ciclo de Teatro «Clásicos do Século xx» (ao que se dedicaron 40 000 euros desde o Concello).
- Semana Internacional de Maxia (que contou con 75 000 euros do Concello).

Outras actividades culturais do Concello salientables son os concertos da Banda de Música Municipal (que comezaron en 2003), o Certame de Artes Plásticas e a Semana Internacional de Maxia.

No Concello de Lugo tamén promoven e organizan actividades culturais outras entidades que, dun xeito autónomo ou a través doutras fórmulas como a firma de convenios e colaboracións, programan os seu eventos:

- Fundación Caixa Galicia: convenio cultural (210 354 euros).
- Fundación Barrié: Semana de Música do Corpus (9015 euros).
- Concello, Universidade, Deputación, Caixa Galicia e outros: «Lugo Cultural» (27 045 euros).
- Fundación «la Caixa»: exposicións.
- Caixanova: convenio cultural (contribúe a actividades culturais con máis de 10 000 euros).
- Colectivo Fonmiñá: Festival Internacional de Cine –leva xa máis de 30 edicións– (recibe de subvención 15 025 euros).
- Colectivo Valle-Inclán: organización de conferencias (recibe de subvención 3005 euros).
- Colectivo Escobillas: programación Festival de Jazz –vai pola 14ª edición– (que obtivo unha subvención de 7212 euros).

As demandas culturais da cidadanía inclínanse polas festas, concertos e actividades similares ao aire libre, actuacións teatrais e actividades relacionadas co patrimonio local e coa historia.

Segundo os datos ofrecidos polo Concello, parece ser que a oferta cultural deste municipio cobre razoablemente a demanda e que contan con actividade e oferta cultural variada durante máis de dous terzos do ano, dirixida a todos os públicos.

b) *Dotacións*

O Concello de Lugo ten, segundo os nosos interlocutores, un número insuficiente de infraestruturas culturais. Actualmente, o nivel dotacional en cultura vén dado polas seguintes instalacións: unha casa da cultura, unha ludoteca, cinco centros sociais polivalentes que se xestionan desde Servizos Sociais, un auditorio/teatro municipal, tres salas de cine privadas, un museo da Deputación, cinco bibliotecas (unha delas municipal), dous arquivos (un municipal e outro autonómico), tres salas de exposicións do Concello e unha televisión local privada. Neste momento representa un baleiro a ausencia de salas polivalentes no centro da cidade que cubra unha necesidade de cabida para aproximadamente unhas 500 persoas. A partir do ano 2004 iniciouse a fase de estudo dun auditorio municipal.

5. A OLLADA DOS ACTORES CULTURAIS LOCAIS

A partir deste epígrafe, tal e como fixemos nos demais estudos de caso de cidades, presentamos unha secuencia elaborada de opinións de distintos actores culturais da cidade que, en virtude da súa función, constitúen testemuñas privilexiadas para establecer consideracións tanto sobre o seu propio labor desenvolvido como sobre a actual dinámica cultural da cidade, os seus logros e as súas carencias.

Ágora Cultural é unha asociación cultural de orixe recente que naceu ao abeiro da librería Alonso. Con carácter regular esta librería leva a cabo as seguintes actividades: lecturas populares no Día do Libro, paseo literario por varias rúas con nomes de escritores no Día das Letras Galegas, xuntanza de grupos de teatro de Lugo con motivo do Día Internacional do Teatro ou o recital da Noite dos Tolos o día once de novembro. Esta actividade, que é «algo máis que un recital de poesía», adoitan presentala no local de Clavicémbalo. O seu obxectivo é apoiar todos os que queiran realizar un recital de poesía. Coa mesma filosofía organízase o Festival de Teatro no Día Mundial do Teatro, para que todos os grupos que queiran poidan presentar as súas obras. A asociación tamén organiza certames con carácter regular. O VI Certame *Ágora* abrangueu os eidos do conto, o cómic, a fotografía e a pintura. As edicións de libros de poesía e fotografía así como de *Cadernos de Literatura Galega na Escola* son outras das actividades relevantes desenvolvidas por esta asociación.

A actividade que fan adoita estar sempre amparada polo Concello, que é a entidade que lles permite financiar totalmente os seus proxectos co seu apoio, mentres que as axudas da Deputación só lles cobren unha parte dos custos. Ademais do xa indicado, *Ágora* colabora tamén coa Concellaría de Xuventude no programa Previlugo.

A asociación *Valle Inclán* da cidade lucense nace a mediados da década de 1960 como cineclub e foi esta a súa principal actividade durante unha dilatada etapa da súa historia. Non obstante, esa actividade deixou paso a un amplo abano de iniciativas que son desenvolvidas pola asociación, abarcando contidos culturais máis amplos. Dentro destes, as actividades máis relevantes son os Ciclos de Historia de Lugo, Ciclos das Nosas Xentes, actividades ligadas ás Letras Galegas, proxeccións cinematográficas, presentacións de libros, conferencias e mesas redondas e as viaxes culturais. É de destacar o importante labor desempeñado na defensa da lingua e da cultura galegas, así como o traballo arreo a favor do recoñecemento pola UNESCO da muralla de Lugo como Ben Patrimonio da Humanidade. As actividades programadas por esta asociación son de entrada libre, coa excepción das viaxes culturais. A asociación Valle Inclán percibe subvención do Concello de Lugo pero ningunha da Deputación Provincial.

A *Asociación Pepe Barreiro* é unha entidade centrada nas actividades socioculturais e etnográficas da cultura popular local. Esta Asociación foi creada no ano 2000 para recuperar nas festas do Entroido lucense o *enterro da sardiña*. O seu fundador, erudito entusiasta no coñecemento da actividade sociocultural urbana local, viña apostando por recuperar esta festividade desde o ano 1985. O *enterro* é o momento en que se dan a coñecer os *ferretes*, unhas coplas de crítica municipal que son seleccionadas a través dun concurso público aberto a todos. Colabora tamén no *enterro* co grupo que organiza en Lugo a feira medieval no día do Pilar. Durante o ano 2004, a Asociación conseguiu implicar unhas 150 persoas, as cales traballaron e ensaiaron as coplas para que fosen cantadas ese día co fin de favorecer a súa posterior popularización. A directiva actual está composta case na súa totalidade por mulleres.

A *Asociación Fonmiñá* ten un fondo arraigamento na cidade de Lugo. Esta Asociación, que sempre se dedicou á promoción da fotografía e do cine, organiza desde 1979 o Festival Internacional de Cine de Autor. Esta é a súa actividade principal, na que conseguiu un alto grao de recoñecemento ao tempo que suscita un amplo apoio por parte das distintas institucións (Concello, Xunta de Galicia, Deputación, Caixa Galicia e Universidade) que, dun xeito equilibrado, achegan a cifra total precisa para a súa organización cada mes de setembro, que excede os 60 000 euros. O Festival é o preámbulo cultural das festas de San Froilán, que se celebran no seguinte mes de outubro. Para este evento, o Concello non só achega unha parte significativa do seu orzamento xunto coas restantes entidades, senón que tamén lles facilita infraestruturas e recursos diversos para o seu desenvolvemento. A Asociación ten tamén colaborado no X Maratón de Fotografía do Campus de Lugo. Este maratón organízase no marco do convenio Lugo Cultural, asinado pola Universidade de Santiago, o Concello de Lugo, a Deputación Provincial e a Fundación Caixa Galicia. Así mesmo habería tamén que indicar que a Asociación publicou libros relacionados coa fotografía, entre eles pode subliñarse polo seu interese o titulado: *Da Agrupación Fotográfica ó Grupo Fonmiñá, 1958-1998 (40 anos de fotografía en Lugo)*.

O caso de *Clavicémbalo Club de Arte e Música* correspóndese co das salas alternativas que neste momento están a experimentar un auxe moi estimable en Galicia. Neste aspecto, ademais,

mantén un alto nivel de colaboración co Concello da cidade. A sala, que leva dezaioito anos aberta, organiza actividades de teatro, festival de curtametraxes, cine e exposicións, ademais dun labor estable de programación de novas músicas e espectáculos anovadores de diversos tipos. Desde hai catorce anos organizan no mes de novembro un Festival de Jazz que acadou un alto recoñecemento. O Festival celébrase durante sete días no Círculo das Artes, a partir das 20.30 horas, aínda que tamén teñen lugar algunhas actuacións de noite no Clavicémbalo. O Club ten actividades durante todo o ano, aínda que diminúen no verán, cando Lugo queda bastante mingrado de poboación.

Para a organización do Festival de Jazz reciben axudas do Concello, da Consellaría de Cultura, de Caixa Galicia e, algún ano, tamén da Deputación.

6. VALORACIÓN DA POLÍTICA CULTURAL DA CIDADE

Entre as actividades culturais organizadas polo Concello hai algunhas que conseguiron un pouso e un nivel moi considerable. Un exemplo disto pode ser a Semana de Teatro Clásico, que durante o mes de xaneiro convocou un público diario de máis de seiscentas persoas, ou mesmo a Semana de Teatro Clásico do século xx, celebrada no mes de abril. Ao seu carón tamén está a suscitar un crecente interese o Festival de Teatro Universitario, que ten lugar no mes de marzo.

As festas de San Froilán propician que entre os días 4 e 12 de outubro a cidade realice un esforzo cultural moi intenso e diversificado orientado a atender tanto o público visitante coma os residentes. Ao longo desa semana, Lugo ofrece unha programación en que conviven os espectáculos populares (folclore, actividades de animación de rúa, teatro de monicreques, Feira Medieval, etc.) con recitais de artistas innovadores significativos no escenario internacional, xunto con programas máis selectivos de jazz, música clásica ou danza.

O Arde Lucus é un evento lúdico-cultural de base histórica promovido polo Concello que xira sobre a orixe romana da cidade. A festa constitúe tamén unha oportunidade excelente para subliñar a relevancia da muralla romana de Lugo. Ao longo do evento organízanse obradoiros de vestido romano, fanse representacións teatrais e escenificacións de rúa con cuadrigas e poxas de escravos incluídas ou mesmo se recupera a gastronomía romana. Tamén a muralla foi o pretexto para promover o «Comilonum», unha comida colectiva (cocido, empanada, polbo, etc.).

Evento orixinal é o Festival Internacional de Maxia, promovido por unha asociación de magos, o colectivo Valdemar, que está patrocinado polo Concello.

A Filharmónica lucense organiza en outono, inverno e primavera un ou dous concertos cada mes. Unha actividade iniciada, pero aínda modesta, é a promoción de concertos didácticos por parte da Concellaría de Educación.

Tamén existe unha significativa e regular presenza de actividades socioculturais promovidas polo Concello nos barrios da cidade. Esta programación céntrase na realización de cursos moi diversos de cestería, cociña, costura, tapizaría e restauración.

No ámbito das exposicións, Lugo conta tanto cunha actividade regular centrada no Museo Provincial como no Centro de Artesanía e Deseño, dependente tamén da Deputación. Este Centro alberga coleccións de traxes rexionais, de instrumentos e de mobles restaurados.

No Museo Provincial da Deputación celébrase tamén cada catro meses O Pazo das Musas. Esta revista cultural oral, dirixida por Antonio Reigosa, ten lugar un día de cada cuadrimestre, de sete a nove da noite. No acto realízanse actividades diversas como: recitar poemas, representar unha pequena obra de teatro ou mesmo facer unha breve disertación acerca dalgunha obra importante das que existen no Museo. Debe indicarse tamén que o Museo monta exposicións con carácter regular.

As programacións de Caixa Galicia e Caixanova adoitan consistir en conferencias, teatro, ópera, zarzuela e concertos. As fundacións das entidades financeiras locais levan a cabo unha programación regular que trae ata a cidade obras bastante heteroxéneas nas que a excelencia cultural convive con propostas máis orientadas cara ao entretemento. Algúns dos nosos informantes coidan que entidades como Caixanova apostan polo seguro cando se trata de programar algunhas actividades como o teatro. Priorízase o teatro comercial madrileño, xa testado a nivel de público, fronte ao risco daquel teatro de carácter máis moderno e experimental. Pola súa banda, Caixa Galicia presta un interese moi central á publicidade das súas actividades. Esta Caixa fai unha aposta moi importante por apoiar Lugo Cultural e o Mes do Corpus, no que se organizan duns 10 a 12 concertos. Caixanova, pola súa parte, desenvolveu hai algúns anos un importante labor de promoción de novos públicos culturais nun momento en que había unha estimable atonía ao respecto. Actualmente, ambas as entidades cooperan e comparten bastante programación co Concello.

Respecto do sector teatral, debe ser subliñado que en Lugo, nos últimos anos, produciuse un florecemento moi interesante da actividade teatral. Nos últimos dez anos xurdiu unha ducia de grupos de estudantes e tamén de persoas maiores que representan un viveiro moi importante que atender no contexto dunha Galicia que cada vez presta máis atención ao sector da industria audiovisual.

Tamén foi citado o papel desenvolvido pola galería Sargadelos, a cal presta as súas salas para exposicións, presentacións e conferencias. Calquera que publique o seu primeiro libro pode contar coa sala da galería para difundir a súa obra.

7. PROPOSTAS E ALTERNATIVAS

A cidade desenvolve un esforzo cultural moi orientado a lograr unha certa proxección externa de tipo cultural e histórico que contribúa a potenciar as posibilidades turísticas e económicas da cidade.

Cumpriría coordinar o traballo cultural entre Concello e Deputación para que os recursos públicos sexan utilizados dun xeito racional, algo imprescindible hoxe para unha cidade coma

Lugo, que ten na cultura e no patrimonio un factor determinante para o seu desenvolvemento futuro. Non semella ter moito sentido o debate arredor do museo da romanización, dado que o Museo de Lugo, que conta cun excelente fondo de pintura galega do XIX-XX, ten xa demasiada diversidade interna e falta de criterios.

O museo da romanización ten unha extraordinaria importancia para a cidade, debendo este proxecto ser contemplado dun xeito rigoroso e eficiente, pois debería configurarse como o espazo motor cultural-turístico da cidade. Dificilmente pode pensarse este museo como ampliación do Museo Provincial, xa que debería integrarse dentro dun plan estratéxico para o que sen dúbida os seus activos dinamizadores deben ser ben definidos e correctamente orientados. A cidade precisa dun museo da romanización vivo e temático ben artellado na cidade, cunha identidade propia e capaz de provocar un impacto externo estable e sostible a nivel eurorrexional e a nivel do norte de España. Un foco de referencia que debe ser capaz de concitar e xustificar un turismo cultural estable.

Unha necesidade xeralmente percibida, aínda que en vías de resolución na cidade, é a carencia dun centro cultural de referencia. A falta dun auditorio con capacidade suficiente para unha demanda cultural crecente e para unha maior proxección urbana pode estar en vías de resolución co proxecto de recuperación do espazo do antigo cuartel de S. Fernando. Os locais existentes: Auditorio de Caixa Galicia, Círculo das Artes e Auditorio da Deputación son actualmente insuficientes para as aspiracións culturais dos lucenses. Neste sentido pronúnciase tamén a portavoz da Asociación Valle Inclán, que fai referencia aos escasos recursos económicos que as institucións públicas destinan ás asociacións cívicas. Igualmente, considera que habería que mellorar o uso dos recursos dispoñibles e dinamizar as actividades culturais a través das asociacións. Desde esta entidade, explícitase a dificultade para conseguir a cesión de espazos públicos propiedade da Administración. En contraste, esta asociación valora moi positivamente a colaboración de institucións privadas como Caixa Galicia e a galería Sargadelos.

En xeral, coidan algúns dos nosos entrevistados que a dinámica cultural de Lugo vai avanzando pouco sen unha verdadeira planificación. Este xeito de traballar, que tería algunhas vantaxes, crea tamén problemas, pois en ocasións xorden iniciativas desartelladas e o conxunto fica un pouco etéreo e esvaecido. Probablemente cidades como Lugo deben tomar conciencia da grande importancia non só interna senón tamén externa que a cultura ten para eles e deben potenciar o máximo posible esta liña de traballo. Semella importante tamén seguir a avanzar na integración dos actores culturais locais, tal e como se fixo co Festival Internacional de Maxia, co Festival de Cine de Autor e con outros grupos e proxectos, promovendo a participación de todos aqueles grupos culturais locais que poden proporcionar criterios e cualificación. A posibilidade de potenciar o Consello Municipal de Cultura é unha das que se suxiren para avanzar nesta dirección. Tamén é posible que a opinión manifestada respecto da posibilidade de mellorar e axeitar os criterios de repartición dos recursos financeiros entre os distintos proxectos existentes poida facilitarse apoiándose nun organismo de *consulta cultural participativo*, tal e como sería un consello

municipal. Outra opinión, recollida dunha entidade que habitualmente colabora co Concello nunha actividade de carácter anual, establecía a conveniencia de que se avanzase no establecemento dalgún tipo de convenio estable que permitise consolidar os logros e evitar ter que comezar de cero cada ano na procura de fontes de financiamento.

Relacionado tamén cos criterios de organización e dosificación das actividades culturais, suscítase o problema de que, en ocasións, as actividades se concentran nun día e o resto da semana non se programa nada. En consecuencia, sería conveniente establecer algún mecanismo de información ou mesmo de coordinación que poida facilitar unha maior eficiencia na distribución temporal das actividades programadas.

Outro dos aspectos salientados pola Asociación Valle Inclán é a necesidade de buscar fórmulas para lograr unha maior participación da xente nova nas actividades culturais, abrindo canales que estimulen a súa colaboración no deseño de actividades axeitadas ás súas preferencias.

OURENSE. CONSTRUÍNDO UN FUTURO DA CULTURA DESDE A TRADICIÓN E A SOCIEDADE CIVIL

1. A CIDADE DE OURENSE

A cidade de Ourense, cos seus 109 000 habitantes, é a terceira de Galicia en peso demográfico. A cidade é o centro administrativo, comercial e de servizos da provincia, a cal achega, ademais, o seu campus universitario. A súa condición de cabeceira dunha ampla comarca vertebrada pola autovía das Rías Baixas permítelle concentrar o 30% do total dos habitantes da provincia. Non obstante, o peso da súa economía non se corresponde coa relevancia da súa posición territorial, probablemente como tributo á súa condición de cidade da Galicia interior lastrada por un proceso de décadas de declive da vella agricultura familiar. Un declive, en todo caso, compensado por iniciativas empresariais de tanta importancia coma o mesmo proxecto do grupo industrial COREN, que pon en evidencia a capacidade emprendedora desta terra mesmo en condicións estruturais adversas para a agricultura atlántica. Do mesmo xeito que Lugo, Ourense está a padecer tamén o desgaste demográfico provocado polo envellecemento da poboación, unha característica de toda a provincia, da que non se libra a capital, o que non fai senón restarlle dinamismo ao seu procurado despregamento. As dificultades provocadas polo incremento dos custos de terreos e vivendas no termo municipal están a favorecer nos últimos tempos un desprazamento de industrias (COREN, Adolfo Domínguez, etc.) e residentes cara a outros concellos lindeiros nos que as condicións resultan máis favorables.

Ourense suma hoxe varios activos significativos que van desde a súa capacidade turística interior e termal crecente ata o despregamento dunha sociedade civil dinámica e emprendedora. Nunha dirección paralela e complementaria, o Concello da cidade erixiuse en promotor dun cambio urbano en profundidade orientado a configurar a cidade como unha urbe moderna a través da posta en valor dos seus recursos naturais: o proceso de recuperación da zona histórica ou o axardinamento e humanización do contorno do río, xunto con outras intervencións estéticas e de equipamento na cidade, están a potenciar a urbe e o sentimento cidadán urbano para que esta constituía o viveiro desde o cal poder abordar os desafíos do século XXI.

A cidade enfróntase actualmente a varios desafíos simultáneos, entre os que pode subliñarse a súa aposta polo turismo interior, o seu labor de atracción de novas empresas ou o seu compro-

miso coa consolidación do proxecto do tren de alta velocidade, que está chamado a proporcionar un particular dinamismo á cidade como consecuencia da súa posición nodal e estratéxica.

2. A POLÍTICA CULTURAL DE OURENSE E OS SEUS OBXECTIVOS

As prioridades fundamentais en materia de política cultural no Concello ourensán son a participación da cidadanía e que a cidade teña unha imaxe de marca cara ao exterior. Para isto é preciso tanto a organización de grandes eventos que favorezan a súa proxección turística como o fomento daquelas iniciativas máis modestas que permitan a vertebración sociocultural da comunidade. Tamén se valora dun xeito moi positivo a colaboración con outros concellos para realizar actividades relacionadas con cultura (como foi no caso dos concellos de Allariz e O Carballiño).

Isto tradúcese na necesidade de dotar de máis persoal o Departamento de Cultura, poñer en marcha e manter os equipamentos socioculturais e atender dun xeito prioritario tamén os recursos patrimoniais, ao mesmo tempo que é preciso crear espazos para a difusión das artes plásticas e para actividades teatrais na liña dunha perspectiva máis ligada á cultura contemporánea (co fin de diversificar os activos culturais da cidade).

Elementos importantes, dentro das liñas de acción cultural deste municipio, son a promoción da educación popular e a creación de novos públicos como estratexia que ten como finalidade potenciar a promoción da creación cultural. Deste xeito, resulta transcendental que no deseño da política cultural local participen e se impliquen activamente os axentes e colectivos culturais da cidade, dado o valor que ten a actividade cultural para o desenvolvemento socio-comunitario da cidade.

Un dos obxectivos da política da Concellaría de Cultura, Festas e Festival de Cine é, polo tanto, dotar a cidade dunha oferta cultural que permita á cidadanía ter unha oportunidade para o ocio e para a relación cos veciños, «esquecendo os problemas», co fin de facilitar a convivencia cidadá. Esta actividade considérase fundamental. Polo tanto, o xeito de organizar a programación cultural ten que ser a través da xestión directa de servizos e programas culturais propios e non de ningún ente independente do Concello, xa que hai que integrar tamén os barrios periféricos; a subcontratación destes servizos quedaría nun segundo termo.

Outros obxectivos que persegue en materia cultural esta Concellaría son: a organización das festas patronais da cidade, a promoción do cine, teatro, danza e música en colaboración cos colectivos da cidade, a creación dunha vida cultural local apoiando colectivos veciñais e, en definitiva, a promoción da cidade no ámbito cultural.

A programación é responsabilidade do concelleiro, aínda que tamén participan os técnicos do Concello; os criterios que se seguen para a súa elaboración son a calidade e a diversidade, tratando de incorporar un plus en materia de difusión, como é que chegue a todos os grupos de idade do municipio.

A Concellaría de Cultura, Festas e Festival de Cine xestiónase desde un departamento administrativo propio denominado Negociado de Cultura, onde traballan once persoas: dous programadores (con categoría profesional Grupo C, que se encargan dos labores de programación anual de cultura e da coordinación dos traballos para levala a cabo), catro auxiliares administrativos (con categoría profesional Grupo D), un xefe de servizo (que neste momento, ao estar vacante o posto, está cuberto por un auxiliar funcionario) e catro conserxes. Desde o ano 1988, momento en que entrou a traballar o actual xefe de servizo, o departamento nunca tivo persoal fixo: aumentaba ou diminuía en función das prioridades e do *perfil*²⁵ do concelleiro do momento.

Esta Concellaría tivo, no ano 2003, relacións con outras concellarías, como: Participación Cidadá, Educación e Xuventude, Deportes e Turismo. O Consello Municipal de Cultura constituíuse no ano 1990. En 1996 deixou de funcionar e púxose novamente en marcha a comezos de 2006.

Ademais, hai unha serie de entes autónomos que colaboran coa Concellaría de Cultura na procura dos obxectivos marcados dentro da política cultural local, como son: o Consorcio para o Festival de Cine, que prepara o Festival de Cine Independente de Ourense e que obtivo no ano 2003 a cantidade de 120 000 euros do Concello para o seu financiamento; o Padroado da Banda de Música, que organiza concertos e diversas actividades relacionadas coa música e que contou no ano 2003 con 273 000 euros das arcas municipais; a Fundación Feiras e Exposicións (EXPOURENSE), que corre coa organización de feiras e que nas mesmas datas recibiu do Concello 84 000 euros para desenvolver as súas actividades; o Teatro Principal, que conta cun Padroado cuxa misión é programar e organizar os actos neste espazo cultural e que en 2003 contou con 60 000 euros achegados pola Concellaría de Cultura, pola Deputación e por Caixanova; e, por último, o Padroado de Turismo, que percibiu 52 000 euros do Concello.

En canto aos orzamentos, o Concello de Ourense contou –en 2003– con 1 589 274 euros, dos que non se coñece a parte que procede de subvencións públicas. Para o Festival de Cine e para o capítulo de festas (aquí non entra o Entroido) está especificada a contía orzamentaria que reciben no documento orzamentario do Concello.

A distribución do presuposto foi aproximadamente a seguinte: para subvencións económicas a entidades socioculturais destináronse 72 112 euros; en actividades de animación e acción sociocultural investíronse 206 000 euros; unha partida «comodín» que sae do capítulo de Actividades Culturais asume os gastos orixinados polas actividades relacionadas coas artes plásticas; a realización do MITEU (Mostra Internacional de Teatro Universitario) finánciase coa partida de música e teatro (que non é posible desagregar de xeito particular); e a posta en marcha ou mantemento de equipamentos socioculturais corre a cargo do orzamento xeral do Concello.

25. *Verbatium* do técnico de cultura.

No que respecta ás achegas de institucións privadas, o Concello ten firmados acordos de colaboración coas seguintes entidades: con Caixa Galicia, que dota con 120 000 euros a iniciativa cultural do Concello –30 000 euros que se aboaron en forma de facturas, 30 000 euros para actividades organizadas por esta institución e 60 000 euros de libre disposición polos organizadores para o mesmo fin (o mesmo orzamento ten o Festival de Cine); Caixanova contribúe á axenda cultural da cidade a través de actividades de teatro, cine e música; a Fundación «la Caixa» colabora con exposicións para a cidade; a Unión Europea realiza actividades de apoio á escola de teatro, actividades de cinema, etc.; coa Consellaría de Cultura hai firmados convenios varios; do Ministerio de Cultura conséguese apoio para varios fins, entre eles para actividades cinematográficas e diversos equipamentos; outras entidades coas que hai convenios firmados son a Fundación Carlos Casares, a Fundación Vicente Risco (Premio Risco, 6000 euros), o Eixo Atlántico (exposicións e participación en proxectos europeos ofrecendo apoio loxístico), a Asociación de Comerciantes e Hostaleiros, que organizan moitas actividades de carácter cultural, a Asociación de Artesáns, etc.

3. DEMANDAS, CARENCIAS E PRIORIDADES

A nova actitude nas formas da Concellaría de Cultura está a impulsar un xeito de traballo moi aberto e implicative de cara a aqueles actores culturais que poden e queren chegar iniciativas solventes.

Entre os cambios máis significativos figuran a incorporación de novos modelos de xestión cultural que teñen como finalidade a creación dunha programación estable, o apoio ás asociacións e a promoción de novos creadores, así como unha orientación cara á formación de novos públicos. A existencia dunha rede de empresarios e emprendedores con sensibilidade no ámbito do cine, música, literatura representa un elemento sinérxico para a materialización deses fins. Exemplos son o Café Latino, cunha programación estable de concertos, teatro e conferencias, ou a Librería Torga, cun activismo cultural de moita importancia. Estes actores son claves na vida cultural de Ourense.

Para apoiar todas estas novas iniciativas concreouse un esforzo en materia de difusión cultural coa creación dunha guía cidadá, unha guía turística, unha axenda cultural e publicacións sobre cultura, arte e patrimonio.

En canto os aspectos máis carenciais na política cultural local figuran a falta dun foro social, o Consello Municipal de Cultura, con posibilidades de participación cidadá real na área de cultura. Respecto do Festival de Cine, este evidencia certos riscos na súa eficiencia social, cultural e económica; o seu rendemento social debe ser mellorado e a súa programación ten que incardinarse e complementarse dun xeito tamén eficiente co Outono Fotográfico.

Tamén sería de interese iniciar un esforzo por avanzar sobre a política cultural centrada no audiovisual, orientando o traballo de cara á potenciación dos creadores e das súas obras, así como

á promoción das empresas produtoras. Unha opinión amplamente compartida polos nosos interlocutores é o reducido orzamento dedicado a cultura, o que limita notablemente as posibilidades crecentes do sector. Nese sentido pronúncianse tamén os profesionais de cultura que traballan no Departamento, os cales recoñecen que, para un correcto funcionamento e aproveitamento do novo auditorio da cidade, é necesario mellorar en experiencia, recursos e na dotación dun orzamento axeitado.

Bótase en falta a existencia dunha tea que articule e achegue coherencia global a todas as actividades que se están a facer desde o Concello, así como tamén persoal no Departamento de Cultura para facer os necesarios labores de análises co fin de desenvolver novas iniciativas culturais.

4. EIXES CENTRAIS DA ACTIVIDADE CULTURAL MUNICIPAL E DOTACIÓNS

a) *Actividades promovidas polo Concello*

Sen dúbida o Entroido ten unha centralidade indiscutible en Ourense, así como as festas tradicionais da cidade. O Festival de Cine e a Mostra Internacional de Teatro Universitario MITEU teñen tamén unha importancia clave no panorama cultural da cidade. Pola súa parte, as Festas do Corpus, co seu Festival de Música Sacra, e o Festival de Jazz *Primavera Ourense* son outras tantas apostas fortes por parte do Concello. Por último, os premios literarios Risco de Literatura Fantástica, o Premio Cidade de Ourense de poesía e mais o esforzo en materia de publicacións son outros labores aos que se dedican esforzos relevantes desde a Concellaría de Cultura.

Outras actividades programadas desde o Concello mostrarían unha listaxe de iniciativas longa, entre as que figuran: unha Mostra de Teatro de Rúa, a Feira do Libro Infantil, a Feira do Libro Galego, un concurso de pintura rápida, proxeccións continuadas no verán de curtometraxes galegas nas terrazas de San Lázaro, o Certame de Panxoliñas no Nadal, os festivais de danza, así como a celebración de concertos variados ou a organización de visitas guiadas ao Castro de Santomé.

Existen tamén proxectos vinculados á cultura doutras institucións públicas alleas ao Concello e que formaron parte da axenda cultural da cidade; é o caso do Programa Cultura Civit@s, un programa financiado pola UE que ofrece formación ocupacional, orientado ás mulleres, de cara á creación de emprego no eido da cultura.

Unha idea do nivel de implicación da iniciativa privada na actividade cultural da cidade ten como referentes exemplos da envergadura do Festival de Jazz do Café Latino (ten relevancia a nivel internacional), que é apoiado polo Concello (habitualmente fanse sesións neste café, na rúa e noutros dous locais co apoio da Concellaría de Cultura), o Outono Fotográfico, o Certame de Banda Deseñada ou a Bienal de Gravado Prieto Nespereira (futuro museo). Outros exemplos de importancia serían tamén a celebración de actos literarios (no foro de La Región), a presentación de libros na librería Torga, itinerarios da esmorga (con conferencias, cursos ou actividades relacionadas coa música), organizados polo Liceo de Ourense, o cine, que ten o seu principal dinami-

zador no Cineclub Padre Feijoo, e actividades de contacontos. As exposicións de arte teñen cabida no café Isaac e tamén nas salas privadas da cidade. Por último, os mozos teñen concertos e actividades organizados pola asociación MENCER.

Neste eido é de destacar a actividade das 44 asociacións socioculturais, que en 2003 fixeron actividades culturais diversas en centros socio-recreativos, teatro e baile, música e corais, historia local e patrimonio, cine (no cineclub), etc.

b) *Dotacións e equipamentos*

Ourense dispón dunha serie de equipamentos culturais activos: seis arquivos (un municipal, tres privados e dous de titularidade estatal/autonómica), unha Casa da Cultura, propiedade da Deputación, e unha Casa da Xuventude, da Xunta de Galicia. Tamén conta con dous teatros/auditorios, de propiedade municipal, que dan cabida a unha ampla oferta cultural. Ademais, os ourensáns dispoñen de cinco museos: un municipal, un da Deputación, un da Igrexa, un dunha Fundación e outro estatal/autonómico (que o técnico de cultura non soubo discriminar).

Entre os equipamentos que se consideran necesarios atópanse unha casa da cultura, de propiedade municipal (en proceso de estudo), un centro social polivalente e museos para recoller o legado da cidade.

5. A OLLADA DOS ACTORES CULTURAIS LOCAIS

Brinquedia é unha asociación promovida por un grupo de persoas entre as que se atopa Lois Pardo, quen leva traballando desde hai anos en varias iniciativas asociativas de tipo cultural. Brinquedia (Rede Galega de Xogo Tradicional) vincula a unha serie de entidades nos seus obxectivos centrais de potenciar os xogos e deportes tradicionais, recuperándoos e difundíndoos. Entre as súas actividades priorizan iniciativas como: a celebración dun encontro galego de xogos tradicionais, a incorporación dos xogos tradicionais nas celebracións ordinarias e a realización de actividades de formación como cursos e congresos. Ao longo do último ano, esta asociación, xunto coa Asociación de Veciños da Eiroa, desenvolveu actividades vencelladas ao ciclo festivo anual e aos seus rituais: Festa do Magosto, Programa de Natal, A Festa da Pita/Entroido, a Festa dos Maios, sendeirismo, excursións culturais, conferencias, celebración de eventos e actos reivindicativos de presentación de demandas de interese colectivo e social da comunidade veciñal. Organizaron ademais, na primeira semana de setembro, a Semana Cultural, na que se prestou unha atención especial a temas de actualidade, pero tamén ao legado tradicional da nosa cultura e memoria. Particular relevancia tivo o concurso de fotografía «Olladas dun barrio», integrado no Outono Fotográfico.

A *Librería Torga* considérase máis ca unha librería: un espazo difusor de letras, artes e ideas. Desde a súa apertura no ano 1995 foi consolidando unha liña de actividades que inclúe

desde presentacións de libros ou discos ata conferencias de colectivos cívicos. Tamén organiza recitais poéticos, gravacións de programas televisivos e radiofónicos, contacontos, actos políticos, intervencións artísticas, intervencións na rúa da Paz (como por exemplo a exposición «O carro e as xentes») ou outras máis convencionais como a venda de libros na rúa o Día das Letras Galegas. Tamén prepara, en colaboración co Concello, o Foro dos Maios e o Foro sobre o *Feísmo*. Paralelamente, desde a librería promoven unha editorial xeneralista atenta aos movementos sociais.

A *Coral Auria Canta* é unha entidade nacida no ano 2000 coa vontade de promover a actividade coral de Ourense abrindo novas iniciativas e novas liñas de difusión. Desde a súa fundación realizou numerosos concertos no ámbito galego, español e internacional.

Foula é unha asociación cultural que foi tomando corpo a partir dunha asociación veciñal. As súas tarefas inclúen o folclore e a recolleita etnográfica así como tamén un coro polifónico. Particular orixinalidade ten o proxecto desenvolto de creación dun tren en miniatura de seis polgadas que conta na actualidade con 300 metros de vía e está situado no cuartel de S. Francisco. Este proxecto posibilitou que tivesen lugar en Ourense concentracións a nivel español de asociacións interesadas na promoción do ferrocarril e do transporte público. Un dos seus obxectivos máis relevantes é fomentar entre os estudantes o uso dos medios públicos de transporte. Este labor é posible grazas ao apoio desinteresado de moitos docentes que colaboran con esta actividade. O Concello de Ourense, a través da Concellaría de Medio Ambiente, deu unha subvención de 30 000 euros, que xunto co traballo e coas achegas dos socios permitiu crear o minicircuíto. A asociación conta cun número de arredor dos douscentos socios aínda que os beneficiarios son todos os nenos da cidade.

6. VALORACIÓN DA POLÍTICA CULTURAL DA CIDADE

Como ocorre de forma frecuente en moitos concellos, a lóxica que orienta a organización da vida cultural da cidade ten unha parte centrada nunha base sociocultural e festiva con atención ao ciclo anual tradicional: Entroido, Festas do Nadal, Corpus, Festa dos Maios ou o Magosto e o S. Martiño, e outra centrada na celebración de eventos culturais cíclicos como as Letras Galegas ou o Verán Cultural. Á súa beira, mantense o apoio a actividades festivas xa clásicas, como a Romaría dos Remedios ou o Festival das Burgas de Ourense no mes de maio.

Desde outra perspectiva, podemos constatar como ao longo dos últimos anos se foron consolidando eventos máis modernos, os cales exercen unha particular influencia positiva na imaxe externa da cidade. Dentro deste grupo atópanse eventos do tipo do MITEU (Mostra de Teatro Universitario), que se celebra no mes de abril e promove, cun alto nivel de prestixio e participación, actividades como representacións teatrais, coloquios, concertos, desfiles e actuacións ao aire libre, obradoiros, campañas de teatro nos colexios e institutos, así como cursos de danza ou mesmo actividades lúdicas como as «Sesións Golfas».

O Festival de Jazz celébrase en primavera co apoio do Concello e ten como sede principal o Café Latino, o cal lle outorga unha inserción peculiar e suxestiva na vida social da cidade. Ao longo dos últimos anos e a medida que foi gañando en prestixio coa participación de grupos de renome internacional, este Festival foi atopando novos lugares de celebración dentro do tecido urbano das rúas da cidade.

O Festival de Cine Independente é un evento cíclico de carácter anual promovido polo Concello que se celebra en Ourense no mes de novembro en varias sedes (Teatro Principal, Novocine e Dúplex). Este encontro xurdiu para dar a coñecer o cine independente de diferentes países do mundo. A súa aposta foi a de servir como punto de apoio aos seus directores e produtores. O Festival consta dunha sección oficial de carácter competitivo, así como doutras sesións abertas con fins exclusivamente culturais. Sen dúbida, o Festival enraízase nunha tradición cinematográfica ourensá que vai de Carlos Velo ao Cineclub Padre Feijoo e que se incardina no actual dinamismo que este tipo de industria está a ter en Galicia (mesmo en Ourense existen cinco empresas produtoras rexistradas). A estimable capacidade de convocatoria do Festival así como o eco alcanzado nos medios de comunicación son un estímulo para mellorar o actual rendemento social, cultural e económico deste evento.

Unha das actividades máis sólidas que se mantén desde hai vinte e dous anos, promovida pola Casa da Xuventude co apoio da Consellaría, do Concello e da Deputación, xunto co de moitas outras entidades públicas e privadas, é o Outono Fotográfico. Ademais, o Outono Fotográfico leva medrando ao longo destes anos desde unha vontade de conxugar dinamicamente os diferentes obxectivos que converxen nas políticas culturais: a democratización das novas formas da cultura, o fomento da creación ou a formación e a participación, á beira dos obxectivos máis modernos de potenciar a imaxe urbana da cidade achegándoa a formas actuais da creación artística. O ano 2005, o Outono conseguiu o mérito de promover 55 exposicións (35 individuais e 20 colectivas), nas que participaron 77 autores, espalladas en 38 sedes (20 en Ourense e 18 no resto de Galicia) ao longo de 15 núcleos urbanos de Galicia de tamaño grande e medio, liderados pola cidade de Ourense. O Outono incluíu non só exposicións senón tamén cursos, obradoiros, actividades didácticas, concursos, presentacións de libros e percorridos fotográficos.

De gran relevancia de cara á potenciación do papel da cultura como vía de preservación da memoria e como recurso para o desenvolvemento intelectual e cultural da comunidade é o labor levado a cabo por centros como o Centro de Estudos Carlos Casares. As figuras de persoeiros ourensáns como Vicente Risco, Eduardo Blanco Amor ou Carlos Casares constitúen un legado de extraordinaria transcendencia para o patrimonio cultural da cidade.

Non ficaría aquí completa a nosa ollada xeral á vida cultural ourensá sen subliñar de novo a mesta vitalidade da súa malla cultural. A mesma historia recente da cultura en Ourense evidenciou este dinamismo polimorfo que impregna o conxunto da súa comunidade urbana. Neste senso, non se debe ignorar o papel fundamental desempeñado pola rede de asociacións musicais (as corais organizadas arredor de Auria Canta) e socioculturais (Foula, Couto Albor, Eiroas ou

Agromadas), que foron capaces de desenvolver un imprescindible labor de viveiro cultural, así como de crear estruturas de vertebración sociocultural das comunidades locais que configuran o tecido social do municipio. Algunhas, como o Cineclub Padre Feijoo, o Ateneo, a Agrupación Alexandre Bóveda ou o Liceo Ourensán, souberon ser en diferentes momentos referentes inescusables da vida cultural da cidade. Tamén debemos destacar o labor desempeñado por entes públicos como a Casa da Xuventude, que foron capaces de acadar un dinamismo e unha capacidade inusual para activarse, dinamizando, pola súa vez, culturalmente o seu contorno. Ourense constituíuse nun enclave cultural feito de pasta dinámica que aínda hoxe se mostra e renace na rede de locais de ocio (Latino, Auriense, Ollo Ledo, O Moucho, Café Isaac, Trampitán...), os cales, tras a vella pegada carismática de tabernas ilustradas coma o *Tucho*, son capaces tamén hoxe de seguir reinventando os novos sentidos e as novas funcións sociais da cultura.

7. PROPOSTAS E ALTERNATIVAS

De acordo coa información transmitida desde a Concellaría de Cultura, os obxectivos da acción cultural municipal do Concello de Ourense son facer posible o mantemento das festas patronais e o ciclo festivo, a promoción das diferentes formas de arte e medios culturais (cine, teatro, música, etc.) e o fomento dunha vida cultural local apoiando os colectivos veciñais e asociacións culturais; outro dos seus obxectivos é promover a cidade a nivel cultural. Á vista dos feitos hai que constatar que nos seus obxectivos declarados se reflicten os piares fundamentais dun traballo cultural municipal.

De atendermos aos obxectivos clásicos que orientaron as políticas culturais en Europa podemos afirmar que, sendo o seu obxectivo clásico o de facilitarles o acceso ás obras da cultura universal a todos os cidadáns e darlles a oportunidade de coñecer o seu propio legado cultural para poder ser cidadáns plenos, tamén é necesario recoñecer que, ao longo dos últimos anos, estes obxectivos víronse arrequecidos nas cidades europeas con outros novos, como o de favorecer formas renovadas de expresións culturais tradicionais, populares ou relegadas, así como a vertebración sociocultural das comunidades²⁶. Non obstante, e tal como apuntamos xa no primeiro apartado do presente capítulo, os últimos anos viron medrar a sensibilidade sobre o papel positivo que a acción cultural pode ter na promoción da dimensión económica da cultura, así como na súa capacidade para exercer como soporte de imaxe e *márketing* urbano nun momento en que o turismo cultural, ou como mínimo as dimensións culturais do turismo, teñen unha importancia cada vez maior.

O sector cultural do Concello presenta sen dúbida feblezas que se explican tanto por rutinas herdadas de vellos modos de funcionamento inercial como tamén pola nova complexidade

26. Bouzada Fernández, X. (1996): «Unha cala no oficio da cultura», *Grial*, n.º 130, pp. 183-194.

que, ao longo dos últimos anos, amosan as políticas culturais municipais. A esixencia de responder aos vellos desafíos de apoio ás entidades socioculturais vertebradoras do tecido social²⁷, así como a necesidade de acoller novas formas de expresión cultural de vangarda, ou mesmo a conveniencia de poder seducir novos públicos internos e externos, nun tempo en que o turismo cultural de cidades tende a se converter nunha ferramenta irrenunciable para os xestores das administracións locais, constitúen todos eles retos cuxa resolución esixirá a capacidade de maximizar todos os recursos susceptibles de ser mobilizados.

Se volvemos a vista cara ás realizacións concretas do Concello, podemos constatar como recentemente están a abordarse unhas liñas de traballo que resultan tan relevantes como promotoras. Desde a creación de novos equipamentos que xorden con vocación de incidencia interna e externa (o Complexo S. Francisco, a Escola de Teatro), ata a apertura e a permeabilidade na xestión cos sectores culturais máis dinámicos (a colaboración co Café Latino no Festival de Jazz, etc.) ou o dinamismo e a calidade acadada na programación do Teatro Principal, todas estas iniciativas marcan unha tendencia e unha liña aberta cara a novas oportunidades para unha cidade coa vitalidade e a tradición cultural de Ourense. Fronte a este marco de oportunidades equipamentais, en opinión dalgúns dos actores culturais locais, o Concello debe atender algunhas materias pendentes, como a de dinamizar o Museo Municipal, dado que actualmente as súas instalacións son unhas simples salas de exposicións, con escasos medios e persoal. Todo isto limita a súa capacidade para poder consolidar un programa estable que resulte atractivo. E iso afirmase sen desmerecer o feito de que hai poucos meses o Museo abriu unha pequena sala permanente dedicada ao pintor Prieto Nespereira. Moi probablemente, o pouso das artes plásticas na recente tradición cultural de Ourense está a recomendar algún tipo de iniciativa museal (ou afín) que sexa capaz de dar resposta a unhas raiceiras e a unhas potencialidades xeralmente recoñecidas no marco contextual da cultura galega.

Tamén no ámbito dos equipamentos, o feito consumado da apertura do agardado Auditorio non se viu seguido dunha dotación capaz de permitir estabilizar o seu funcionamento. Unha carencia en recursos equipamentais achega Ourense ao vagón de cola respecto doutras cidades galegas, en opinión de varios dos actores culturais entrevistados; un exemplo atópase na relativa penuria detectable nuns equipamentos culturais tan básicos e estratéxicos como son as bibliotecas. Chegados aquí non podemos tampouco deixar de facer mención á carencia dun arquivo municipal á altura do importante legado documental do que é depositaria a cidade de Ourense. A este respecto, a cultura bota piares naqueles fundamentos que lle serven de soporte.

27. Este desafío, e tal como se evidenciou nas entrevistas efectuadas, recomendaría un seguimento e unha continuidade estable no control do rendemento cultural dos apoios outorgados.

Entre as fortalezas actuais do sector cultural de Ourense atopamos o dinamismo da súa sociedade civil, o momento doce que vive a cidade no modo aberto e implicativo de xestión municipal da cultura, así como a existencia dunha tradición que fixera de Ourense un núcleo cultural relevante, tanto polo seu protagonismo intelectual como polo peso alcanzado polas artes plásticas hai aínda poucas décadas. A vitalidade cultural da súa sociedade civil atópase na espera sempre de ser estimulada, apoiada e canalizada de cara a acadar unha concreción de metas sólidas e estables. Probablemente este aspecto constitúa unha oportunidade privilexiada para que, desde o Concello, se asuma este potencial como un recurso para integrar nunha concepción ampla e ambiciosa do quefacer da arte e da cultura. Acaso por isto, a opinión recollida sobre a oportunidade para que o Consello Municipal de Cultura sexa activado e convocado constitúe unha demanda agardada tras a súa creación hai dous anos. Polo mesmo motivo, a espera dun programa de apoio ao asociacionismo cultural rigoroso e eficiente constitúe tamén hoxe non só unha iniciativa pertinente senón, polo contrario, unha oportunidade relevante para o desenvolvemento cultural da cidade.

O certo é que ao seu carón habitan tamén outra serie de oportunidades, algunhas xa ensaiadas, que sen dúbida se abren a novos horizontes e a novas posibilidades. A oportunidade das artes plásticas e a imaxe conta hoxe con piares tanto na tradición recente como en eventos tan vizosos como o maduro Outono Fotográfico, que constitúe un dilatado exemplo de excelencia e rigor no ámbito galego, así como o mesmo Festival Internacional de Cine, que, sen dúbida, supón un fito susceptible de ser maximizado a todos os niveis na súa capacidade para contribuír de maneira crecente á potenciación da imaxe cultural de Ourense nos ámbitos máis modernos e de maior incidencia no aspecto económico. O Festival de Cine Independente constitúe tamén unha aposta moi forte do Concello, que tras dez edicións aínda busca a súa identidade. Este evento xera un investimento moi estimable que semella excesivo a algúns dos seus detractores, que ven como nunha semana chea de proxeccións, actos e homenaxes se vai boa parte dos orzamentos de cultura. Mentres, houbo propostas desde o Cineclub Padre Feijoo para que este interese polo cinema puidese estenderse a todo o ano e lograrse un maior pouso e impacto na sociedade local. Quizais o evento deba camiñar nunha dobre dirección: orientada a consolidar a súa identidade e os seus soportes comunicacionais de impacto externo ao tempo que a fortalecer simultaneamente a súa conexión coa realidade cultural local.

Nunha dirección tamén sensible á potenciación da calidade de vida urbana e das súas formas máis dinámicas e modernas de sociabilidade, atópanse aquelas iniciativas que, como o Festival de Jazz, promovido polo Café Latino, inciden directamente tanto na imaxe externa da cidade como na calidade da sociabilidade urbana local. Respecto tamén das feblezas que poden estar a afectar á situación da política cultural municipal, algunha entidade musical do Concello chamou a atención sobre o desfase existente entre o diñeiro investido en traer a Ourense espectáculos musicais e os recursos achegados para a promoción dos creadores locais. Isto, na súa opinión, provocaría un desaxuste na lóxica de distribución dos recursos dispoñibles, entre o gasto

en espectáculo e o investimento en mellorar e dar oportunidades aos creadores locais, algo que sen dúbida cómpre tomar en conta.

Unha veta relevante no eido cultural é aquela que está constituída pola tensión detectable entre unha forte semantización da tradición cultural e a reinvención de novas formas culturais ao seu través. Pero tamén noutros ámbitos o denso arraigamento na cidade de formas culturais tradicionais pode e debe ser mobilizado como un activo no marco das novas linguaxes comunicacionais. Por exemplo, semellaría conveniente revisar e promover os modos de expresión das formas de cultura tradicional (por exemplo, o daquelas vencelladas ao ciclo festivo anual) fomentando un folclore vivo capaz de integrar e de dialogar coas novas formas de expresión cultural.

Por todo isto, a cidade atópase hoxe nunha situación idónea e socialmente moi receptiva para a implantación dunha acción integral e integradora que sitúe a cidade nun concepto de cultura que –no contexto da sociedade globalizada– sexa capaz de afirmar as propias esenciais ao tempo que de asumir o desafío de abrirse ás novas correntes da arte e da comunicación.

PONTEVEDRA. UNHA ACCIÓN MUNICIPAL ORIENTADA Á VERTEBRACIÓN CULTURAL E SOCIAL DA COMUNIDADE

1. A CIDADE DE PONTEVEDRA

Pontevedra mantivo unha vocación administrativa e comercial congruente coa súa condición de capital de provincia dun contorno economicamente forte que ten o seu centro na cidade de Vigo. Equidistante entre áreas economicamente tan dinámicas como Vigo, O Porriño, Mos, Marín ou a comarca de Arousa, Pontevedra afronta hoxe o desafío de potenciar a súa posición nun marco cada vez máis complexo e diversificado no que o papel nodal das cidades capitais se atopa decote cuestionado pola expansión de novas estruturas territoriais como a das áreas metropolitanas ou as grandes comarcas urbanas. Tamén a emerxencia do ámbito eurorrexional provocou que Pontevedra iniciase un proceso estratéxico de cooperación co seu contorno capaz de posicionar a cidade do Lérez como actor relevante nun contexto territorial emerxente como o Eixo Atlántico. A cidade é consciente de que, nesta área que vai de Porto a Ferrol, Pontevedra ocupa unha posición central portadora de grandes potencialidades para o seu futuro. A súa posición nodal na Eurorrexión está a sensibilizar a cidade e a propiciar unha actitude de apertura, cooperación e compromiso co seu contorno máis dinámico co fin de mellorar e multiplicar as súas oportunidades de desenvolvemento integrado e integrador.

Cunha poboación arredor dos 77 000 habitantes, Pontevedra afronta hoxe varios desafíos internos que resultan substanciais para poder definir as súas potencialidades e ambicións estratéxicas de carácter territorial. A cidade debe facer compatibles dúas realidades sociais: o seu centro urbano e o seu contorno rural. Dous contextos que demandan un esforzo simultáneo de integración, pero tamén de atención específica e diversificada. A vella cultura urbana da capital pontevedresa constitúe un patrimonio relevante non só desde o punto de vista da calidade de vida dos seus cidadáns, senón tamén en función do atractivo que este representa na constitución nun polo urbano de calidade capaz de atraer tanto recursos e investimentos selectivos como en favor do seu aproveitamento como foco turístico-cultural. Neste senso, a cidade abordou, con apoio nas axudas europeas do Plan Urbano, un importante programa de recuperación da zona antiga, que permitirá conservar o seu significado e atractivo ao tempo que se converte en símbolo definidor xenuíno da súa identidade urbana.

No terreo máis concreto da cultura, a cidade está a facer un esforzo significativo co fin de recuperar o pulo creativo e vertebrador que caracterizou a cidade a comezos de século. Nesta dirección enmárcanse unhas programacións actuais de cultura e ocio para cidadáns e visitantes, que resultan particularmente visibles nas datas centrais do verán das Rías Baixas. Non obstante, cómpre subliñar tamén o feito de que, malia a centralidade da aposta social, urbana e cultural da cidade, esta non renunciou nin a unha atención específica ás necesidades sociais e equipamentais do seu contorno rural nin tampouco a uns desafíos económicos selectivos reflectidos no seu polígono industrial do Campiño.

Nos últimos anos a cidade está a experimentar un particular dinamismo social provocado por estímulos diversos, entre os que debe subliñarse a creación do seu campus universitario, que se reflicte nun importante arrefriamento tanto do seu ambiente urbano como na constante expansión da construción de novas vivendas.

Se diversa é a súa configuración urbana e varios os seus desafíos estratéxicos, distintos teñen que ser tamén os obxectivos inmediatos nos que se están a ocupar na actualidade os seus xestores: recuperación ambiental da ría, circunvalación da cidade e saneamento do rural. Todos eles constitúen obxectivos precisos para a consolidación do seu papel nodal como referente espacial de calidade urbana, social e cultural.

2. A POLÍTICA CULTURAL DE PONTEVEDRA E OS SEUS OBXECTIVOS

Os obxectivos principais que se perseguen en materia de política cultural coas actividades programadas son: recuperar a memoria e a identidade colectiva, fomentar a participación e a dinamización social e promover e proxectar a cidade cara ao exterior. Para logralos é preciso poñer en marcha ou manter os equipamentos socioculturais, así como programar actividades relacionadas coa cultura galega e atender as necesidades das bibliotecas, tanto do centro como da periferia.

A estratexia en materia de localización das infraestruturas culturais está orientada a dotar as parroquias de centros culturais polivalentes, aínda que sen esquecer o centro, xa que o concelleiro considera que o eixe sobre o que debería xirar a política cultural local é a vertebración da comunidade local, co cal as actividades e os investimentos en cultura deberían dirixirse nunha maior parte cara aos residentes.

Por outra banda, considérase que a formación de públicos e a participación activa da cidadanía é central para o desenvolvemento cultural da poboación, polo menos en comparación coas actividades vinculadas á demanda e ao consumo cultural.

Os conceptos de base da política cultural local deben ligar tanto a procura do acceso de todos os sectores sociais á arte e á cultura, como tamén promover a sensibilidade e o recoñecemento das culturas populares e a implicación sociocultural dos seus axentes e creadores. Para lograr este obxectivo, a política cultural debería establecerse tanto consultando os axentes e

colectivos culturais como contando coa súa participación activa no deseño da política cultural municipal.

Outro aspecto clave para o desenvolvemento da política cultural pontevedresa, en canto ao nivel de adecuación dos obxectivos culturais que podería aplicarse neste Concello, é que a política cultural municipal debería priorizar a súa atención de cara aos recursos da tradición e da memoria herdada, máis que abrir novas perspectivas culturais ligadas á cultura contemporánea. Todo o sentido que ten actuar así xustifícase por entender a cultura como un factor de desenvolvemento local, tanto social como económico. Así mesmo considérase que, tanto por parte da Consellaría de Cultura como da Deputación Provincial, se debería dar un maior apoio financeiro ás actividades culturais do municipio fronte á posibilidade de ofertar actividades de circuío, que debería quedar nun segundo lugar.

Tamén se pensa que a maior parte do que se realiza en cultura debería facerse co apoio doutras institucións dado o seu carácter estratéxico, implicando o sector privado no financiamento das actividades culturais. Pero en materia de xestión de servizos e programas culturais, o concelleiro opina que este apartado debe depender directamente do Concello a través da produción de programas culturais propios cun enfoque fortemente social, tratando de resolver as desigualdades de acceso aos servizos culturais.

Por outra banda, a difusión e a promoción da cultura están na base da perspectiva adoptada pola política cultural do Concello; do mesmo xeito que, na opinión do concelleiro da área, a promoción da creatividade non está contraposta coa busca da rendibilidade das actividades culturais.

A Concellaría de Cultura foi creada en 1983, cando gobernaban Independentes de Galicia (Rivas Fontán). Na actualidade, o Departamento de Cultura, pertencente á Concellaría de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, está integrado por un equipo composto por cinco titulados superiores –entre eles unha xefa de negociado, con categoría profesional nivel A, e un técnico de cultura, que desempeña tamén o cargo de xefe da unidade de cultura–, unha titulada de grao medio, tres auxiliares e dous peóns. A función principal do profesional técnico de cultura é programar, coordinar e levar a bo fin as actividades culturais do Concello. Para lograr este obxectivo, traballan na programación cultural o concelleiro, os técnicos e, frecuentemente, unha comisión de asesoramento.

O concelleiro considera que os técnicos de cultura teñen que ter iniciativa, dinamismo e capacidade de traballo, así como estar moi ao día de todo o que rodea o feito cultural do Concello. Ademais dos requisitos formais que han de cumprir estes profesionais para acceder a este posto laboral, é preciso que haxa sintonía e confianza co cargo político.

O Concello de Pontevedra ten entre as súas prioridades en política cultural privilexiar tanto as iniciativas culturais locais como promover aquelas que incorporen un plus na imaxe do Concello cara ao exterior. Isto pasa pola posta en marcha ou mantemento de equipos socioculturais e por dar relevancia á cultura galega. Así mesmo, a participación cidadá preséntase como un elemento fundamental na política cultural local, onde a vertebración social que se pode con-

seguir con esta é un factor importantísimo no desenvolvemento local, fin último da programación cultural elaborada.

A aposta da política cultural municipal de Pontevedra ten dous eixes principais. Un encamiñase na procura dun traballo sobre a identidade que se entende na clave do *galeguismo universalista*. O segundo descansa na aposta de ir tecendo unha cultura participativa que aspira a implicar a cidadanía e os colectivos sociais no quefacer cultural, entendéndose tamén que a procura da participación leva implícita a esixencia dun labor de achegamento e formación de novos públicos. Neste sentido enmárcase a atención particular que se prestou á infancia a través de campañas como as de animación á lectura.

Existe unha conciencia nos seus responsables municipais de que o papel da cultura é clave como elemento de dinamización e de integración social da cidadanía na cidade, pero tamén con respecto á importancia que esta ten como elemento favorecedor de dinámicas socioeconómicas positivas.

Na documentación que nos foi facilitada, o orzamento de cultura para o ano 2003 ascendeu a 914 000 euros. A pesar de que a cifra pode parecer moi baixa, hai que ter en conta que esta cantidade non inclúe as retribucións e soldos dos traballadores de cultura. Ademais, a esta contía hai que sumarlle o esforzo orzamentario do Concello ao organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposicións, que alcanzou os 815 000 euros. Este organismo, que naceu en 1998, encárgase de programar, directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, actividades culturais, turísticas e comerciais nos ámbitos da música, ópera, teatro, congresos, exposicións, feiras, etc., que teñen lugar no Pazo da Cultura, no Recinto Feiral e no Teatro Principal. Existen ademais convenios firmados con Caixanova e con Caixa Galicia, dos que non se proporcionou a contía.

3. DEMANDAS, CARENCIAS E PRIORIDADES

Un dos sinais de identidade da cidade do Lérez é a existencia de asociacións con moita actividade cultural; para ser un concello relativamente pequeno hai moita oferta e demanda de tipo cultural.

Aínda que escasos, os recursos para cultura tenden a incrementarse ano a ano para ampliar a rede de centros cívicos e culturais nas dezasete parroquias do rural e nos barrios da cidade (co fin de desenvolver neses lugares distintos produtos culturais) e para a elaboración de novos proxectos culturais. Ademais o Concello de Pontevedra dispón dun boletín municipal, dunha axenda cultural e de publicacións sobre cultura, arte e patrimonio.

En canto ás necesidades máis salientables, destaca a necesidade de máis cooperación entre concellos. Desde o Concello pontevedrés considérase unha febleza a falta dunha maior relación intermunicipal no eido da cultura dado que, de existir, axudaría a mellorar o rendemento das distintas liñas de acción político-cultural dos diferentes municipios.

Os obxectivos máis ambiciosos en materia cultural vense limitados polo orzamento insuficiente destinado a este ámbito da política local. O concelleiro de Cultura resalta o feito de certo «intervencionismo» das entidades privadas (caixas de aforros, fundacións, etc.), que compiten co Concello no ámbito da programación cultural, dando lugar a un gran estrago de recursos. O criterio destas institucións, segundo os responsables de cultura, responde unicamente á rendibilidade.

A ausencia de infraestruturas dedicadas á formación na actividade cultural, o déficit de equipamentos dedicados ás artes plásticas e a débil eficiencia das actuais infraestruturas culturais son outros aspectos en que a cidade pontevedresa mostra certa debilidade. Por último, existe ademais unha importante densidade e cantidade de traballo que teñen que desenvolver os técnicos e profesionais da cultura do Concello a diario, así como o gran peso que supón a parte burocrática deste, o cal se reflicte na escasa axilidade e eficiencia nos procesos de traballo.

Nunha dirección complementaria, para os responsables de cultura da cidade de Pontevedra unha das maiores feblezas da política cultural municipal foi a súa dificultade para conseguir recursos externos de organismos públicos superiores como a Deputación e a Xunta de Galicia. Tamén subliñaron estes mesmos responsables a conveniencia de establecer melloras no modo en que se articulan os convenios existentes con entidades como as caixas de aforro galegas, orientándoos do xeito máis correcto para que a cidade poida aproveitar da mellor maneira posible eses recursos.

De atender ás demandas culturais no Concello de Pontevedra, as prioridades irían orientadas á organización de actividades festivas (patrimoniais, romarías, festas gastronómicas), música e actividades similares, así como tamén aquelas relacionadas co patrimonio local. As que teñen que ver con temas feirais e coa cultura, así como cos museos e exposicións, e as relacionadas coas novas tecnoloxías teñen unha notable demanda.

4. EIXES CENTRAIS DA ACTIVIDADE CULTURAL MUNICIPAL E DOTACIÓNS

a) *Actividades promovidas polo Concello*

Entre as iniciativas culturais máis relevantes organizadas polo Concello en 2003 destacan a programación temática do ano dedicado a Bóveda (dotada con 120 000 euros), a Feira Franca (á que se destinaron 60 000 euros) e o Salón do Libro Infantil e Xuvenil (cunha dotación de 60 000 euros). Tanto a iniciativa da programación temática como a Feira Franca reciben unha contía económica que aparece recollida nunha partida especializada na documentación orzamentaria do Concello.

Durante o ano 2003 este Concello organizou obradoiros de artes plásticas, teatro, música, literatura, imaxe, novas tecnoloxías, etnografía, patrimonio ou tempo libre, entre outros.

Ademais destas actividades culturais desenvolvidas polo Concello de Pontevedra, hai que subliñar outras que se enmarcan dentro da estratexia de colaboración con outros concellos

–como Ourense, Vigo ou Santiago de Compostela–, que deu lugar, por exemplo, á recepción por parte destes municipios dunha exposición de paneis sobre personaxes que tiveron relación con Pontevedra. Tamén hai que mencionar outras colaboracións en materia de cultura realizadas cos concellos de Boiro, Rianxo, Poio ou Marín.

Outra programación foi a ofertada por unha variedade de entidades. Exemplos neste sentido son, no caso do teatro, a actividade programada por Caixanova, o IGAEM, compañías teatrais e asociacións culturais con actividade teatral. En canto a actos literarios, destacan os organizados pola Deputación, Ateneo, Consello da Cultura Galega, Caixanova, asociacións culturais parroquiais, Fundación Caixa Galicia e Fundación Sargadelos. A música desempeñou un papel importante na programación de Caixanova, Fundación Caixa Galicia, Centro Comercial Urbano (zona monumental) e asociacións culturais. As actividades de artes plásticas, organizadas pola Facultade de Belas Artes, Escola de Restauración, asociacións culturais, Caixanova, Fundación Caixa Galicia, e as de artes visuais, fotografía e vídeo, promovidas polo Cineclub Pontevedra, representan unha parte significativa da forza que teñen estes axentes sociais na axenda cultural local. Ademais disto, a cultura tradicional foi desenvolvida, nunha parte importante, polas asociacións culturais e folclóricas.

Outras institucións que programan actividades culturais no concello son a Deputación Provincial, que organiza a Bienal Internacional de Arte de Pontevedra no Museo Provincial, e a Xunta de Galicia, que organizou o Festival Internacional de Danza dentro do programa do Xacobeo.

b) *Dotacións e equipamentos*

O inventario de equipamentos culturais na cidade recolle a existencia de cinco casas da cultura municipais, seis centros sociais parroquiais propiedade do Concello e catro da Comunidade de Montes e dous centros cívicos da terceira idade de propiedade autonómica. Tamén conta o Concello con dous auditorios municipais, un teatro privado, cines (dous do Concello e dous privados), dúas bibliotecas (unha municipal e outra autonómica/estatal), tres arquivos (un municipal e dous de propiedade estatal/autonómica), así como salas de arte e exposicións (tres privadas, dúas de propiedade municipal e seis adscritas a outras entidades públicas) e, por suposto, o importante Museo Provincial.

Outros equipamentos, neste caso entes autónomos adscritos ao Concello, son o Teatro Principal, o Pazo da Cultura e o Recinto Feiral.

A dotación de equipamentos da cidade de Pontevedra no eido da cultura presenta un perfil en proceso de profunda transformación. Nos últimos anos estase a dar resposta a algúns déficits básicos que procedían de décadas atrás. Se no ano 1997 se puxo en marcha o que é o equipamento cultural máis significativo da cidade, o Pazo da Cultura, o certo é que, máis recentemente, desde o Concello téntase dar resposta a unha vella demanda de equipamentos culturais e socioculturais por parte das parroquias e barrios da cidade. Polo tanto, a cidade presen-

ta un perfil dual a nivel equipamental que avanza cara a unha vertebración integradora que aspira á estabilización dun modelo equilibrado no modo de concreción das políticas culturais locais.

O Pazo da Cultura constituíuse nun referente interno e externo para proxectar a actividade cultural da cidade tanto no ámbito dos espectáculos da alta cultura (música, danza, teatro, exposicións, etc.), como na súa calidade de lugar polivalente no que se dá acollida tamén a actividades de formación e de dinamización sociocultural. Conta con varios espazos, entre eles un auditorio polivalente con capacidade para 772 persoas, un salón de actos que acolle a 276 espectadores, así como unha sala de exposicións de 1200 metros cadrados. Ademais, o Pazo dispón de 8 aulas de corenta metros para cursos e actividades de formación, así como de varios servizos anexos de cafetería e de administración.

A cidade posúe tamén outro espazo, o Teatro Principal, creado no ano 1997, dotado con 434 prazas e dúas salas de exposicións, no que se dá acollida no centro da cidade a unha actividade regular en materia de difusión cultural na que colaboran distintas institucións e entidades como Caixanova e na que se presta unha atención moi especial á programación teatral.

Pode afirmarse que no ámbito dos museos a dotación da cidade é escasa, constituíndo probablemente un dos eidos en que haberá de centrar a axenda cultural para os próximos anos. Sen dúbida unha cidade coa importancia patrimonial e co potencial turístico de Pontevedra pode converter esa carencia nunha oportunidade para ampliar os seus atractivos culturais e artísticos. Elementos da súa tradición e memoria cultural, unidos ás súas vocacións centradas na natureza ou á presenza de titulacións no seu campus de forte contido artístico, moderno e tecnolóxico (Belas Artes, Comunicación Audiovisual, Deseño...), constitúen importantes potencialidades que deben ser mobilizadas de cara á resolución desa eiva. Unha vez dito isto, é necesario recoñecer a importancia histórica dun museo como o da Deputación, que, integrado no barrio antigo, constitúe un referente privilexiado para o coñecemento da cultura de Galicia. Este museo foi aberto no ano 1929 nun edificio de 1760. Na actualidade esténdese por cinco edificios, tres dos cales están próximos. Os contidos do Museo están centrados basicamente en arqueoloxía, ourivaría, cerámica e etnografía, así como en arte galega e pintura española dos séculos xv-xx.

Con localización igualmente central na cidade e cunha promoción de actividades diversas que atinxen basicamente a actividade de exposicións e actos culturais de contido diverso, atópanse tanto o Auditorio de Caixanova como o Café Moderno de Caixa Galicia. Tamén en Pontevedra se pode observar a estimable incidencia no ámbito cultural destas dúas institucións de carácter parapúblico, que contribúen a outorgarlles unha especificidade xenuína ás políticas culturais locais en Galicia.

Pero probablemente o trazo máis relevante das políticas equipamentais da cidade, ao longo dos últimos anos, poida que fose o da promoción de equipamentos culturais e socioculturais en barrios e parroquias do contorno da cidade. Esta política permitiu avanzar nunha aspiración de equilibrio territorial nunhas dotacións de servizos que partían de condicións netamente deficitarias. No momento actual a existencia de cinco casas da cultura e seis centros socioculturais

parroquiais, ademais de varias escolas rehabilitadas tamén como centros en parroquias, así como a presenza doutros catro centros, propiedade de xuntas de montes comunais, favorecen un incremento dos fluxos culturais co acceso de producións e actividades culturais ás parroquias, así como coa aparición de novas entidades e asociacións socioculturais en zonas tradicionalmente discriminadas en servizos e equipamentos.

5. A OLLADA DOS ACTORES CULTURAIS LOCAIS

O *Ateneo de Pontevedra*, que foi fundado no ano 1966 por Alfonso Zulueta de Haz, constitúe unha entidade de fondo arraigamento cidadán na vila de Pontevedra. Entre as súas actividades destacan aquelas que se levan a cabo no eido literario, sobre todo entre maio e xuño (ciclos literarios, presentación de libros, etc.), así como a publicación de libros de autores noveis. O Ateneo adoita realizar tamén un acto de análise dos resultados o xoves seguinte despois da celebración de cada unha das convocatorias electorais. Entre os seus centros de interese está tamén facilitar a análise e o debate sobre cuestións que suscitan unha preocupación pública relevante (a guerra de Iraq, o Prestige, etc.). O Ateneo tenta suplir un baleiro institucional na abordaxe dos temas de atención cívica. O seu labor continuado e o prestixio conseguido polo Ateneo fixeron posible suscitar o interese e o achegamento ás súas actividades dun público moi heteroxéneo, que o considera unha canle útil para mellorar a súa inserción cultural e social na vida democrática local.

Con respecto á *Federación de Teatro de Pontevedra*, pódese afirmar que esta entidade, na que participan tanto grupos profesionais como afeccionados, está a dinamizar unha actividade teatral que conta cunhas raíces recentes, pero xa sólidas, na cidade. A Mostra de Teatro, que se iniciara con forza no ano 1991, tras un efectivo esmorecemento retomou en 1999 unha actividade teatral que se veu plasmando tamén na eclosión de actividades como os obradoiros teatrais nas parroquias, a promoción de obradoiros de expresión dramática no Pazo da Cultura, a consolidación de tres grupos profesionais e mesmo no extraordinario dinamismo obtido pola Aula de Teatro de Adultos. Todas estas actividades conduciron ao Concello a propoñer a creación dunha Compañía Residente, pero a falta de apoio por parte doutras administracións superiores dificultou a súa consecución.

O *Seminario Permanente de Jazz* iniciou a súa actividade como asociación no ano 2001. O seu obxectivo central foi crear un seminario permanente de jazz orientado á formación que funcionase ao longo de todo o ano. O gran problema do jazz en Galicia era a falta de formación e o Seminario foi medrando a medida que se ía producindo unha resposta moi favorable por parte do alumnado. O Seminario conseguiu atraer músicos de distintas latitudes da Península (Portugal, Cataluña, Valencia...) para tocar cos alumnos. O que se pretendeu foi facer todo dun xeito moi práctico: aprovéitase a presenza de músicos no Festival de Jazz da cidade (Pontejazz) para facer obradoiros de jazz, *jam sessions*, gravacións cos músicos locais e mesmo actividades

didácticas en centros de ensino medio. A partir de interpretacións preparadas polos alumnos no *workshop* elaboráronse varios CD. Actualmente pode afirmarse que a terceira xeración de músicos de jazz galegos formouse arredor do Seminario.

Mención á parte merece tamén o labor desenvolvido por algunhas entidades socioculturais de orixe recente situadas no contorno das parroquias da cidade, como as asociacións Cedofeita de Lérez ou a Recreativa de Xeve.

A *Asociación Cedofeita* foi creada hai case unha década na parroquia pontevedresa de Lérez coa intención de dinamizar a vida cultural da zona organizando conferencias, exposicións, charlas, obras de teatro, a publicación dunha revista, etc. A Asociación conta cunha web en que dá conta das actividades realizadas. A súa revista, en cuxos artigos se recollen temáticas culturais relacionadas coa cultura local e municipal, pode ser igualmente consultada a través da súa páxina web. Entre as actividades máis relevantes desenvolvidas encóntranse, ademais das citadas, as saídas e degustación de cogomelos, os itinerarios culturais a diferentes zonas de Galicia, as exposicións sobre a emigración ou a titulada «Entre as mans e a terra», a realización dun obradoiro de tinguidura na Feira Franca, etc.

A *Asociación Recreativa de Xeve* foi promovida a mediados da década de 1990 por un grupo de persoas interesadas en recuperar o dinamismo local na parroquia nun momento en que existía un gran baleiro de actividades que provocaba un sentimento de desafección da poboación. Deuse a coñecer nunha festa organizada o mes de agosto de 1996. A partir dese ano a «Festa da Asociación» segue a celebrarse de xeito continuado e con carácter anual. Entre as iniciativas máis salientables da Asociación destacan a recuperación para o uso cívico e sociocultural dos veciños do edificio do Teleclub, que fora sede sociocultural da parroquia a comezos dos anos setenta, e o do colexio de Fragoso, no que actualmente se fan moitas das súas actividades. A Asociación ten un balance moi positivo de iniciativas, entre as que podemos citar as seguintes: unha práctica continuada de cooperación con outras entidades locais como a ANPA ou a Comunidade de Montes, o labor de recuperación de vellas prácticas socioculturais, como as festas dos Maios ou a Cea de S. Roque, ou mesmo a promoción da cultura e do deporte entre os mozos que residen na parroquia, fomentando a súa participación en todo tipo de eventos sociais, culturais e deportivos.

Este tipo de entidades son as que canalizan frecuentemente tanto as actividades participativas, formativas e de creación nas parroquias como a súa difusión, achegando tamén a cultura ás zonas máis afastadas espacial e simbolicamente do centro e os seus equipamentos, servizos e actividades culturais.

6. VALORACIÓN DA POLÍTICA CULTURAL DA CIDADE

A axenda cultural da cidade desenvólvese consonte os obxectivos centrais que guían as súas políticas culturais municipais: promover a cultura de Galicia, favorecer a participación e abrir a cultura galega a novas formas universais da arte e da cultura.

O Salón do Libro Infantil e Xuvenil é unha das actividades culturais de maior arraigamento (existe desde hai cinco anos) e exemplifica unha das liñas de acción cultural prioritarias do Concello de Pontevedra: a animación á lectura co obxectivo de crear novos públicos entre os segmentos máis novos da poboación. O Salón celébrase ao longo dunha semana e conta con actividade previa e posterior a esa semana central. Na súa organización participan trinta persoas, que proceden de distintas asociacións e colectivos culturais e educativos. Así mesmo, as actividades que desenvolve contan coa participación dunha ducia de entidades que enchen de contido a súa programación. Os Domingos do Principal, que se celebran entre os meses de febreiro e abril e cunha participación de máis de trescentos nenos e nenas, incardínanse nesta mesma preocupación de creación de novos públicos para a cultura traballando coa poboación máis miúda.

O Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra anima actividades diversas tanto de formación como de promoción de espectáculos de jazz. O Seminario recibe unha subvención do Concello de doce mil euros, que complementa coas cotas dos seus propios alumnos. O Concello tamén lle proporciona desde hai dous anos un local estable que facilita o seu labor. Pódese afirmar que, se no momento actual o Festival de Jazz está xa a constituír un fito de gran prestixio que atrae no verán a Pontevedra figuras de renome internacional, en paralelo con el o Seminario permite completar o nesgo dos espectáculos centrados en grandes figuras característico do Festival. O seu labor ábrese cara á formación e ao fomento da creatividade dos músicos locais. Actualmente o SPJ non só é un curso intensivo de outubro a xuño, senón que é un dos dinamizadores do jazz nas Rías Baixas con ciclos como o «Jazz no Principal» (inverno) ou o «Pontejazz» (o Festival Internacional de Jazz de Pontevedra). O Seminario propicia ao longo de todo o ano unha formación de gran calidade e impacto baseada na realización de obradoiros (*workshops*), nos que se aproveita a visita de músicos de jazz experimentados e reputados no ámbito internacional, invitándoos a colaborar cos nosos mozos e mozas creadores nun labor de formación e promoción da música de jazz.

O Seminario de Jazz é unha iniciativa de extraordinario interese como dinámica político-cultural polo seu carácter de iniciativa *integral e integradora*. O seu labor está centrado nas dimensións formativas e de promoción pública dos creadores locais (edición da obra dos músicos que empezan, inserción en redes de fóra de Galicia, axuda no seu acceso como intérpretes a espazos escénicos de toda a Península...) e nos últimos anos conta con alumnos procedentes tamén doutras partes de España, que veñen atraídos polo prestixio e pola calidade da formación que imparte. Ten entre as súas virtudes centrais a de corrixir os riscos derivados das políticas culturais que se centran exclusivamente na difusión e presentación de músicos de prestixio de procedencia exterior. O Seminario *espreme* os músicos que contrata, no sentido positivo de que os fai cómplices da súa

arefa de formación e promoción dos creadores locais. Corrixe un certo nesgo que se dá nalgúns programadores, que tenden a salientar a centralidade do seu labor como *conseguidores* e contratadores de creadores externos, reorientando e reclamando tamén a necesaria dobre ollada que a acción cultural debe dirixir ao exterior para aprender e, sobre todo, á realidade interna para formar, potenciar e viabilizar os músicos e creadores locais. Subliñamos isto porque o Seminario é un caso de libro de «boas prácticas» de referencia nunha Galicia en que, dun xeito pouco explicable, se está a competir en fulgor entre distintos escenarios en detrimento do quefacer máis xordo, pero imprescindible, de formar e promover os propios creadores locais.

O labor do Seminario contribúe dun xeito intelixente á redefinición da política cultural de Pontevedra arredor dunha actividade simbolicamente moderna e aberta a outros ámbitos e culturas, facéndoo desde unha múltiple sensibilidade formadora, promotora e difusora deste ámbito musical hoxe emerxente.

A Feira Franca consolidouse nos últimos anos como un evento sociocultural na liña das festas históricas cun deseño rigoroso e participativo que é capaz de achegar o apoio dunha gran cantidade de asociacións e colectivos, así como de artesáns do contorno de Pontevedra. A Feira convoca unha ampla presenza de público, que goza do evento ataviado para a ocasión, e constitúe unha actividade cívica e cultural aberta á comunidade que é capaz de sintetizar o pracer lúdico evocador da participación na vella feira medieval co achegamento vivo á historia. A esas funcións debe xuntarse tamén o interese turístico e económico efectivo derivado tanto do comercio artesán daqueles que aproveitan a Feira para vender os seus produtos como o que representa para a cidade o fluxo de visitantes que se recibe durante eses días do verán pontevedrés.

Outro dos eixes de actividade máis relevantes da programación cultural que sería mester lembrar aquí é o da actividade teatral, que está centrada en particular na programación de Teatro para a Familia do Teatro Principal e nas actividades xa referenciadas máis arriba.

7. PROPOSTAS E ALTERNATIVAS

Respecto das súas fortalezas pode afirmarse que, actualmente, en Pontevedra existe unha satisfacción clara pola consolidación de eventos cun alto grao de participación e dinamismo como a Feira Franca, o Festival e o Seminario de Jazz, o ciclo de Cantos na Maré (Galicia e Portugal) ou o Salón do Libro Infantil e Xuvenil. Moi probablemente esta consolidación non se conseguiría se non se dese a condición favorable da aposta pola participación asociativa no deseño e na organización dos eventos, así como polos proxectos galegos.

O nivel de dinamismo conseguido pon en evidencia o éxito no labor de creación e fidelización dun público cultural na cidade por parte dos diferentes actores que exercen nesta. Unha fidelización que resulta moi visible nas actividades musicais e teatrais.

Outra fortaleza que se considera relevante é a existencia dunha continuidade nunha política cultural coherente. Neste sentido, pódese dicir que existe unha clara conciencia, entre os

actores culturais, de que se produciu un evidente avance na estabilización de dinámicas de programación en foros como o Pazo da Cultura, así como en actividades como a Feira de Teatro e outras.

Un proceso derivado do mantemento das políticas culturais que se considera particularmente fecundo é o da complementariedade acadada entre un modelo de desenvolvemento urbano orientado á recuperación de espazos públicos e a procura dunha cidade máis amable e habitable. Como un logro en proceso de xestión considérase tamén a actual aposta por desenvolver un tecido de equipamentos en barrios e parroquias do municipio.

Respecto das feblezas que caracterizan a situación actual podemos constatar que algúns dos actores culturais da cidade hoxe botan en falta a presenza dunha política cultural máis planificada e ambiciosa nos seus obxectivos que avance cara a formulacións máis integradoras, para as que a cidade podería estar xa madura. Entre elas atoparíanse, por exemplo, iniciativas como a creación dun Consello Municipal de Cultura.

Os actores culturais, sobre todo das cidades medias, mencionan a conveniencia de racionalizar e ordenar a actividade cultural para tentar amortecer o risco de que este tipo de actos se concentren en días e datas concretas, provocando unha crise de público nalgúns eventos. Para minimizar este risco, quizais fose pertinente experimentar algún modelo de base informativa, tal e como xa se indicou no caso da cidade de Lugo, onde os diferentes promotores puidesen consultar as datas xa pechadas ou en vías de pecharse por parte doutras entidades organizadoras de eventos. Probablemente se poida establecer na web algún espazo que sirva de base informativa da axenda cultural municipal prevista. Esta web podería ser unha ferramenta que axudase a que os programadores puidesen coordinar as súas datas.

Outra febleza percibida é que, a pesar de existir sectores que contan cun gran potencial, como a música, estes deberían ser apoiados do xeito máis eficiente para conseguir que desenvolvan no ámbito interno e externo todas as súas posibilidades tanto culturais como económicas. Para algúns actores culturais locais cumpriría revisar algúns dos criterios de apoio a iniciativas estabilizados como rutinas, como no caso da Banda de Música Municipal, e que o Concello tomara en consideración a posibilidade de facer apostas innovadoras e solventes en eidos como o da formación musical.

Respecto de liñas de traballo como a que desde varios anos se fai arredor do libro, cumpriría que, tras o nivel alcanzado, se producise un cambio cualitativo avanzando, arrequecendo coa creación dalgunha infraestrutura estable o labor xa consolidado. Ao seu carón detéctase a insuficiencia nas dotacións de bibliotecas, malia terse feito o esforzo de creación de dúas novas axencias de lectura municipais. Sen dúbida, neste sector cumpriría unha acción decidida que transcendese mesmo os límites competenciais da Administración municipal implicando a instancias superiores como a Xunta de Galicia.

Está a acontecer algo semellante no ámbito do teatro. Neste sector traballouse hai dous anos co IGAEM nunha proposta de creación dunha compañía residente que servise de fermento e

soporte á actividade teatral do municipio. O proxecto, que contou cunha boa recepción por parte dos técnicos do IGAEM, está á espera de ver concretados os apoios para facelo viable.

Ao carón do que xa se comentou habería que engadir que algúns actores incidiron na opinión de que a política cultural municipal debería facer un esforzo para superar certo nesgo localista, dotándose dunha maior ambición nos seus horizontes. Como complemento a esta opinión, recolleemos tamén a idea expresada de que, malia o importante camiño andado, débese aínda mellorar bastante nos niveis e na calidade da comunicación entre os responsables culturais municipais e os axentes culturais e asociativos da sociedade civil local.

SANTIAGO DE COMPOSTELA. EXCELENCIA E TRANSVERSALIDADE

1. A CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago é hoxe a capital política e turística de Galicia despois de ser tamén, ao longo de moitos anos, a súa capital académica. Esta última condición compártea actualmente co resto de Galicia, que neste sector está a funcionar, cada vez de xeito máis decidido, como unha unidade.

No ámbito económico, Santiago mantén un estimable impulso que se concreta no seu polígono empresarial de seis millóns de metros cadrados e na importancia asignada á investigación tecnolóxica. O sector audiovisual, que conta co seu núcleo na TVG e con empresas tecnolóxicas como Televés, lidera un ámbito en que tamén se constata a presenza significativa de empresas como Finsa ou URO, que é hoxe unha xa importante factoría de vehículos industriais e militares de capital galego.

Santiago tivo tamén a fortuna selectiva de verse tocada polo privilexio de ser centro da historia de Galicia: primeiro como centro relixioso e, tras a recuperada autonomía, como capital política de Galicia. Relixión, cultura e historia forman en Santiago unha alianza tan fonda como sublime. Tal foi o significado dese peso que Santiago deveu no espiñazo de Galicia, na columna vertebradora e na faceta referencial do espazo e do sentido identitario da nosa comunidade. Ben certo é que aquí, desde moi cedo, o poder relixioso potenciou o seu desenvolvemento, tecendo unha impresionante rede de infraestruturas, primeiro eclesiásticas e logo civís e académicas, que foron perfilando, na periferia afastada de Europa, un burgo de gran potencialidade ao longo dos séculos. O seu denso e impresionante legado espacial e arquitectónico fai posible ese logro repetido de varios millóns de turistas culturais e relixiosos que cada ano visitan a cidade. A súa condición de Cidade Patrimonio da Humanidade, as boas comunicacións e o pulo das súas programacións culturais están a facer que a cidade sexa paradigma en Galicia da extraordinaria relevancia que presentan o patrimonio e as actividades culturais como soportes e motores de desenvolvemento urbano.

2. A POLÍTICA CULTURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E OS SEUS OBXECTIVOS

Un dos obxectivos en materia de política cultural do Concello compostelán é buscar a forma de crear unha variada axenda cultural, atractiva e con «marca propia» para o público que pasa por Santiago, como un activo máis da oferta cultural que agrande a súa imaxe e que a ligue non só á cidade histórica, senón tamén a unha cidade que ten vocación de vangarda. Outra das finalidades é facer unha programación que teña en conta a diversidade social e cultural da cidade, así como a participación de máis axentes culturais (asociacións, entidades privadas...). Existe ademais o propósito de poñer en rede todos os equipamentos dos centros socioculturais co fin de maximizar esforzos, recursos e organización de actividades culturais.

O actual equipo de goberno de Santiago de Compostela dálle unha importancia prioritaria á cultura e préstalle unha especial atención, ben mediante medios materiais ben mediante presuposto, tanto a aquelas actividades que promovan unha boa imaxe do Concello cara ao exterior (grandes eventos, macrofestivais e equipamentos) como a aquelas outras que, sendo iniciativas culturais máis modestas, favorezan a vertebración sociocultural da comunidade. Neste sentido considérase que o efecto da cultura no desenvolvemento local do Concello é moi importante.

Entre as prioridades culturais do Concello de Santiago sitúanse as actividades ligadas á construción de equipamentos en materia de bibliotecas e de patrimonio. Por outra banda, a difusión e a promoción da cultura constitúen as directrices dentro dos proxectos que se están a desenvolver. Neste sentido, e no caso de contar con máis orzamentos, unha das medidas que, en opinión do concelleiro de Cultura, melloraría a actividade e a dinámica cultural da cidade sería a creación dunha *factoría cultural*, un espazo para a creación duns produtos culturais de calidade que fosen representativos da cidade.

Os recursos orzamentarios que o Concello destinou a cultura no ano 2003 foron 2 252 687 euros, aos que habería que sumar outras achegas, como por exemplo algunhas da Deputación (9000 euros), a subvención do Consorcio para Cineuropa (102 000 euros), o convenio con Caixa Galicia (95 000 euros) e a recadación dos despachos de billetes (95 000 euros).

No que se refire ao organigrama funcional da área de cultura municipal hai que dicir que ata o ano 2003 as actividades culturais programadas polo Departamento de Cultura do Concello de Santiago xestionábanse unicamente desde o Teatro Principal, pero a partir de xuño de 2004 unificouse a xestión co Auditorio de Galicia, polo que se unificaron tamén os recursos de todo tipo. Desta maneira, o Auditorio de Galicia, que funcionaba como ente autónomo ata esa data e que programaba as súas actividades dun xeito independente, pasou a traballar en coordinación co Departamento de Cultura.

A diferenza entre os dous espazos en materia de xestión é notoria. No Auditorio de Galicia hai unha directora –xerente que leva uns cinco anos neste posto e que nun principio fora contratada para desempeñar o cargo de subdirectora–, que organiza un espazo diverso con actividades culturais variadas e cun equipo formado por seis técnicos de cultura no que cada un se encar-

ga dunha tarefa especializada: programación de exposicións, programación do propio centro cultural, prensa e comunicación, concertos didácticos, coordinación de actividades e administración económica.

O Teatro Principal ten unha xefa de negociado (funcionaria, categoría C), que é a encargada da programación de teatro da sala e do resto da actividade cultural que se desenvolve neste espazo, onde prevalece, obviamente, a programación teatral. O resto do persoal municipal desta dependencia constitúeno dúas auxiliares administrativas (coa tarefa de levar a administración económica –control de despachos de billetes, ingresos e contabilidade en xeral en coordinación co Departamento de Intervención e Tesourería– e a área de información e arquivo), ademais dun ordenanza e un tremoísta. Este persoal é compartido co Departamento de Festas, con distinto concelleiro e con programas específicos.

A programación cultural do Concello de Santiago de Compostela é froito da colaboración entre o concelleiro de Cultura e os técnicos e animadores socioculturais. Estes defínense como especialistas en xestión cultural e o seu traballo está orientado cara aos labores de programación das actividades. Agás no Auditorio, no que están as tarefas ben deseñadas e repartidas, en xeral as actividades que desenvolven estes profesionais son dispersas e moi heteroxéneas.

En Santiago a acción cultural no Concello canalízase maioritariamente a través da xestión directa dos servizos e programas culturais propios, así como a través da colaboración con entidades asociativas e privadas. A coordinación de esforzos en materia de política cultural é esencial dadas as limitacións –de todo tipo– que ten esta área. O Consello Municipal de Cultura debería ter un papel máis protagonista, así como tamén os seus integrantes, na vida cultural da cidade.

Á hora de desenvolver a súa actividade cultural o Concello de Santiago mantivo relacións, en canto á programación, coa Concellaría de Educación, realizando ao longo de todo o ano un programa de concertos didácticos da banda municipal no Teatro Principal. Tamén o fixo coa Concellaría da Muller, que organizou un concerto e unha representación teatral no Teatro Principal no Día da Muller Traballadora, e por último coa Concellaría de Educación, Deportes e Festas, coa que colaborou no programa Nadalxogo, que ten lugar no Multiusos Fontes do Sar; tamén colaboran os centros socioculturais.

En canto á política de apoio aos diferentes axentes dinamizadores do cultural na cidade destacan as accións en materia de subvencións; así en 2003 foron subvencionadas as seguintes entidades: Asociación do Traxe Galego, Federación de Libreiros de Galicia, Xunta de Confrarías, Fundación Torrente Ballester, Cineclub Compostela, Casa da Xuventude, Instituto Rosalía de Castro, Seminario Galego de Educación para a Paz, Sala Nasa, Sala Galán e Encontro de Novos Narradores.

Neste sentido hai que sinalar tamén a existencia de convenios coa Fundación Caixa Galicia (aínda que o total do convenio asinado é repartido entre diversas concellarías, á de Cultura correspóndenlle 95 000 euros anuais, que son investidos en obras de teatro) e co Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Este convenio contempla, dentro das ofertas de teatro

galego, o aboamento do 50% do custo da función por parte de cada unha das institucións ata un total de 18 000 euros.

3. DEMANDAS, CARENCIAS E PRIORIDADES

Respecto da actual situación da cultura en Santiago de Compostela hai que recordar a súa centralidade como cidade universitaria, coa tradición e co significado que ten este feito e as vantaxes comparativas que ofrece en relación a outras cidades, incluso universitarias: un marco de oportunidades inmejorable para poder desenvolver políticas culturais activas.

Outra das vantaxes é a elevada dotación de infraestruturas culturais (incluíndo 45 edificios para centros cívicos cun nivel de ocupación de 12-13 000 persoas/mes) e o alto nivel de participación e de ocupación dos centros socioculturais.

A existencia dunha ampla diversidade de procedementos para poder comunicar as actividades culturais: guía cidadá, guía turística, axenda cultural e unha numerosa presenza de publicacións sobre cultura, arte, patrimonio, etc., así como o emprego de diferentes medios de comunicación: radio, televisión, páxinas web, xornais, repartimento específico, ademais dos tradicionais folletos, trípticos e boletíns, ofrecen unha notable posibilidade de difusión dos ditos eventos.

Aspectos como a relevancia cultural das prácticas contemporáneas en materia de arquitectura e urbanismo, valoración e recuperación do patrimonio e a boa dotación de infraestruturas especializadas para actividades culturais (Auditorio, teatros, Pazo de Congresos, Multiusos Fontes do Sar, Monte do Gozo, etc.) xogan a favor dunha cidade emblemática como é Santiago.

Hai que sinalar tamén que a presenza dun tecido miúdo de creadores, axentes, promotores e empresarios culturais capaces de alentar o contorno cultural e a densa infraestrutura museística con contidos e actividades de relevo é capaz de xerar sinerxías na dinámica cultural da cidade.

A experiencia asociada á celebración de eventos culturais do máximo nivel internacional así como o proxecto de construción do Parque Empresarial Cidade da Imaxe en San Marcos son elementos que falan do interese e da centralidade que para Santiago ten a actividade cultural.

En canto ás principais dificultades que afronta a cidade en materia cultural, destacan o elevado custo de mantemento e restauración do patrimonio da Cidade Histórica e os seus espazos públicos, parques, etc. e a falta dun orzamento axeitado para cultura, así como tamén a irregular distribución dos cartos entre diferentes proxectos culturais.

Os aspectos organizativos necesitados dunha mellora substancial son os relativos a axilizar as tarefas de xestión do proceso cultural, a burocracia, así como a deseñar plans de traballo nas concellarías que repercutan nunha maior eficiencia no traballo minimizando a inmensa variabilidade das tarefas que realizan os técnicos de cultura, a escasa coordinación entre concellarías (mesmo ás veces enfrontamento) e problemas derivados da complexidade burocrática e da falta de protocolos de traballo.

Os profesionais de cultura consideran que teñen carencias importantes de formación en estratexias de animación así como un déficit de instrumentos de interpretación que faciliten a lectura dos valores culturais e históricos da cidade (de aí a necesidade dun Museo da Cidade).

O aparente feito paradoxal de falta de infraestruturas para a produción cultural malia que hai un sobredimensionamento infraestrutural con dificultades para a súa sustentabilidade nos períodos intereventos, a existencia dunha masa crítica local moi axustada para soste unha oferta cultural como a acadada pola cidade, así como a concorrència doutras cidades galegas de maior dimensión con novas dotacións infraestruturais e programacións competitivas colocan a Santiago nunha encrucillada que porá a proba o nervio imaxinativo e a vontade política para facer a aposta que o país precisa e abrirse ás oportunidades que o mercado do Eixo Atlántico ofrece.

A escasa presenza das tecnoloxías da información e da comunicación na acción cultural xunto coa insuficiente accesibilidade ao conxunto de monumentos de interese cultural son outras tantas eivas sentidas polos interlocutores sociais composteláns.

Por último, o evidente impacto da Cidade da Cultura coas súas posibles duplicidades e o reto da reconfiguración da infraestruturas preexistente (teatral, musical, bibliotecaria e museística), así como os posibles problemas da integración urbana do proxecto co risco do baleirado cultural da cidade, representan un desafío para os vindeiros anos.

Todas estas cuestións detraen recursos, de todo tipo, de cara a actividades culturais máis ligadas aos aspectos comunitarios e de participación na vida cultural da cidade.

4. EIXES CENTRAIS DA ACTIVIDADE CULTURAL MUNICIPAL E DOTACIÓNS

a) *Iniciativas culturais promovidas polo Concello*

As tres actividades culturais de máis resonancia postas en marcha polo Concello de Santiago son, segundo os seus xestores, o Ciclo Cineuropa, que programa cine que non adoita ter cabida nos circuítos comerciais a prezos populares. No ano 2003 destináronse 15 000 euros a esta iniciativa. Está financiada polo Consorcio de Santiago na súa totalidade.

Seguidamente figura o ciclo Teatro en Xira, cuxa programación ten moi boa acollida fóra de Galicia. En 2003 esta actividade necesitou 36 000 euros provenientes das arcas municipais.

Por último, o ciclo de música Sons da Diversidade, consistente nunha oferta cultural de concertos na que se mesturan tendencias musicais de diversas partes do mundo. O Concello destinou 15 000 euros no ano 2003 para esta actividade.

No que respecta á actividade cultural promovida por entidades privadas, pero que contan tamén con subvención do Concello, cómpre destacar Alternativa 04, programa de teatro alternativo que tivo lugar nas salas Nasa e a desaparecida Galán, e o festival En Pé de Pedra, que se desenvolve durante o mes de xuño nas rúas da cidade.

Entre os proxectos que formaron parte da programación cultural de Santiago durante 2003 e que foron realizados por outras institucións públicas figuran o Festival Internacional de Teatro

Universitario, a Feira de Teatro de Galicia, en colaboración co IGAEM (Consellaría de Cultura), e o Festival Internacional de Títeres, Galicreques, en colaboración coa Sala Yago.

Unha contribución que hai que mencionar é a do Concello de Santiago no Festival Internacional de Música de Galicia, organizado pola Consellaría de Cultura, coa cesión de xeito puntual do Teatro Principal.

Esta sala de teatro tamén acolleu actividades culturais organizadas por entidades de carácter privado como a Gala Asociación de Antigos Tunos, a Llan de Cubell en concerto (promotor privado), o Festival de Folk Radio Obradoiro, teatro organizado pola ONCE, concertos organizados por Cadena Cien (Cope), a Gala fin de curso do ximnasio Espagat e o Ciclo de cine árabe Fundación Araguaney.

A oferta cultural complétase coas actividades culturais organizadas pola Universidade, Xunta, Xacobeo, consorcios, axentes privados, etc.

b) *Dotacións*

Unha rede de 47 centros cívicos ofrecen prestacións de tipo cultural en Santiago, como son: salón de actos, biblioteca, salas de informática e internet, e salas de usos múltiples (para obradoiros e seminarios).

O Auditorio de Galicia e o Teatro Principal, cuxa xestión está centralizada, representan os dous grandes equipamentos que promoven e acollen a maior parte da actividade cultural desenvolvida desde o Concello.

Segundo os responsables da área de cultura, o Concello de Santiago preveu en 2004 a construción de novos equipamentos culturais, entre eles unha biblioteca pública e un museo, considerados moi necesarios.

Hai que sinalar que durante o ano 2003 o Concello de Santiago non tivo ningún tipo de apoio explícito da Consellaría de Cultura.

En Santiago de Compostela, pola súa propia condición de cidade histórica e universitaria, prenderon algunhas iniciativas culturais moi interesantes e, no seu momento, tamén anovadoras. Lugares como a Sala Galán, a Sala Yago ou a Sala Nasa foron referentes, case iconas, da movida santiaguesa. En xeral, existe un amplo abano de salas de arte dedicadas a exposicións, teatro, danza, *performances*, jazz... Museos, fundacións privadas e asociacións son outras tantas fórmulas que recollen o pulo cultural desta cidade. Sen dúbida representa unha mágoa para o mundo teatral que unha experiencia referencial en Galicia como a Sala Galán pechase.

5. A OLLADA DOS ACTORES CULTURAIS LOCAIS

As entidades coas que establecemos contacto e respecto das cales acadamos diferentes opinións, tanto sobre o seu funcionamento e problemáticas internas como respecto da opinión que estas tiñan sobre a actual situación cultural da cidade, foron as seguintes: o Casino de Santiago,

a Asociación Cultural o Galo, a Federación de Asociacións Itaca, a asociación Novo Circo e a Sala Nasa.

O *Casino de Santiago* está a levar a cabo un labor cultural tan creativo e meritorio como inusual neste tipo de institucións. O seu traballo oriéntase en varias direccións: difusión do libro e da literatura, promoción da música e organización de exposicións de arte. A súa aposta por conxurar as rutinas e definirse *contra a pereza* reflíctese en iniciativas como o apoio ao Premio de Novela Europea «Casino de Santiago». Este concurso pretende promover a lectura e o espírito europeísta, convertendo toda a cidade de Santiago en xurado dun premio literario concedido a escritores dos países da Unión Europea. A configuración do xurado é sumamente complexa (inclúe tres seccións compostas por: todos os residentes en Santiago –30% dos votos–, os socios do Casino –20% dos votos– e dez representantes de institucións de Santiago –50%–).

Outro premio que mostra tamén a vontade orixinal cultural e cívica de promover a opinión de sectores sociais habitualmente ausentes dos premios literarios é o Premio Arcebispo Juan de San Clemente –organizado polo instituto Rosalía de Castro–, que premia tres obras: europea, española e en galego. O xurado está composto exclusivamente por estudantes de Bacharelato.

O obxectivo de ambos os premios é o de abordar dun xeito orixinal a promoción da lectura entre novos públicos nun tempo en que o libro se atopa sometido á ameaza dos medios audiovisuais. Os premios conseguiron unha moi boa cobertura mediática, o que redundna na potenciación do obxectivo central que os guía. En paralelo aos premios promovéronse estratexias de animación de rúa para favorecer o achegamento do libro literario ao público en xeral.

Ademais do seu labor de promoción do libro e da literatura, o Casino desenvolve tamén unha actividade estable no eido da música, con concertos de carácter regular cada quince días. O Casino promove tamén anualmente o día da música na zona monumental de Santiago o primeiro día do verán entre as nove da mañá e as vinte e catro horas. Nesta actividade contan co apoio do Concello da cidade e do IGAEM. As actividades promovidas polo Casino complementáanse coa realización de tertulias, presentacións de libros e con exposicións regulares de artes plásticas.

As estratexias de financiamento das súas actividades derivan tanto dos propios recursos como do apoio de varias entidades como a Xunta, Fenosa, Iberia, o Hostal ou mesmo El Corte Inglés.

A *Asociación Cultural O Galo* ten desenvolvido un xa dilatado labor de apoio á cultura galega desde hai máis de tres décadas. As actividades que realiza a Asociación teñen unha vocación de continuidade e inclúen iniciativas como cursos de gaita, pandeiretas, teatro, préstamo de libros, homenaxes a autores e pensadores relacionados con Santiago e a edición da revista *O Galo*, na que se publican monográficos con contidos diversos: Prisciliano, contos e lendas sobre Santiago, a capela das reliquias, etc. Así mesmo, a Asociación cada ano fai unha homenaxe aos Mártires de Carral. O financiamento da Asociación establécese a través dunha fórmula mixta que

inclúe as cotas de trinta euros dos seus cento cincuenta socios, así como un convenio anual de seis mil euros co Concello de Santiago. Tamén nalgún momento a Asociación recibiu apoios doutras entidades como Caixa Galicia.

A *Federación de Asociacións Culturais Itaca* foi promovida por educadores de tempo libre e iniciou a súa andaina no ano 1982. O seu obxectivo fundamental é achegar alternativas participativas e creativas para o tempo libre que permitan arriquecer as amizades e coñecer mellor as diferentes manifestacións da cultura do país (cultura, natureza, gastronomía, etc.). Na actualidade está composta pola asociación xuvenil e cultural *Itaca*, pola asociación de tempo libre e natureza *Carricanta*, así como pola asociación gastronómica *A Troita Armada*, orientada cara aos socios máis adultos. *Itaca* existe desde hai vinte e catro anos, a *Troita* deste hai doce e *Carricanta* desde hai dez anos. *Itaca* promove actividades lúdicas e culturais para nenos e nenas de catro a deza-sete anos con carácter regular, entre as que se inclúen as seguintes: grupo de letras (pensar, imaxinar, explorar, charlar, escribir, publicar...), itinerarios pola bisbarra, ludoteca, campamento de verán e festas.

Para o seu mantemento, as asociacións contan coas cotas de arredor de duascenas familias, cada unha delas achega setenta e dous euros ao ano. Á parte destes ingresos, a *Federación* conseguiu outros de varias fontes: Concello de Santiago, Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e Unión Europea.

A *Asociación de Animación Sociocultural Novo Circo* ten como obxectivo principal o de promover as actividades de circo e de cabaré. Móvese nun contorno de actividades circenses e parateatrais cunha estrutura moi informal e moi aberta coa forma dunha rede flexible na que participan persoas que residen e traballan en lugares diferentes, que se xuntan arredor dun evento-pretexto que se converte na oportunidade para configurar un grupo de animación creativa efémero pero ciclicamente renovado. Na súa dinámica de funcionamento o elemento motor é a paixón polo traballo que fan e pola liberdade creativa. As súas actividades principais son: a Festa do Circo, que se celebra na Sala Nasa desde o ano 2000, e o Festival de Gorra, que consiste en teatro de rúa por diferentes prazas da cidade e que recupera a espontaneidade dos artistas que pasan a gorra logo de actuar. Nestes festivais participan galegos que están espallados en escolas de circo polo mundo: artistas plásticos, actores, deseñadores gráficos, expertos en produción de vídeo..., e cada ano vai crescendo en número de colaboradores e asistencia. A Festa do Circo celébrase en xuño e dura tres días, durante tres horas cada día. As actividades consisten en varias actuacións e un cabaré circense; ademais de na Sala Nasa, algúns anos actúase tamén na rúa. No verán, os que están dispersos por motivos de traballo xúntanse para facer cousas, pero tamén no inverno a Asociación organiza Pista Catro, actuacións do mundo do circo ás que invitan persoas de fóra. Ao cabo, a Festa do Circo vén sendo unha rede en acción, unha especie de congreso práctico ou feira de actores do circo e do parateatro. A Asociación conta cun grupo de persoas en Santiago e con outro pequeno tamén en Ferrol. Ademais dos eventos sinalados, promoveu outro tipo de actividades como cursos de circo.

Para o financiamento da Asociación, o Concello habilitou un apoio moi estimable a través dun convenio que lles axuda a cubrir unha parte moi importante dos gastos derivados dos dous espectáculos circenses: Pista Catro e o Festival de Gorra.

A *Sala Nasa* foi creada polo grupo de teatro Chévere co obxectivo de contar cun espazo propio onde poder desenvolver un traballo creativo teatral-musical e representar as súas propias obras. Desde o comezo intentouse abrilo a outros grupos rompendo as relacións burocratizadas existentes entre institucións e artistas. Tratábase tamén de facilitarlle unha canle de acceso á xente que empezaba a facer teatro e música. Ao priorizar o seu acceso, esa dinámica axuda a xerar novos públicos ao tempo que favorece a creación dunha comunidade de artistas. Isto é importante porque un dos problemas detectados é que hai moitos actores novos que acaban marchando a Madrid, a Barcelona e mesmo a Londres.

Un obxectivo central para os promotores da Sala foi o de abrirse en Santiago a espectáculos máis experimentais e anovadores nos eidos da música, o teatro e parateatro ou o audiovisual, pero tamén a formas máis abertas e informais como o cabaré ou o circo.

Tamén se tratou de outorgarlle un maior protagonismo ao público no proceso de produción do espectáculo teatral –o club de espectadores media e inflúe ata certo punto no deseño das programacións– e de darlle as máximas facilidades: descontos, bonos ou reservas telefónicas. Tamén se fan edicións especiais de libros e de discos para os clientes da Sala.

Un aspecto tamén coidado e que consideran moi importante foi a súa apertura cara aos creadores de fóra de Galicia, españois e mesmo portugueses, algúns dos cales conseguiron aquí un recoñecemento moi elevado, como sucede co grupo de Tondela (preto de Viseu), Trigo Limpo, que actúa regularmente desde 1997 e que consegue unha asistencia de público de entre setenta e cen persoas por actuación, algo que ás veces non dan conseguido algúns dos grupos galegos. Trigo Limpo ten un local co que a Nasa comparte producións. Tamén de Portugal se trata de achegar a nós as súas producións musicais máis vangardistas para incluílas nas actividades da Sala.

A súa programación, ademais do teatro, privilexia a difusión de varios tipos de música: rock, folk, flamenco, música de raíz e novas músicas de Galicia, España e internacionais. O seu programa Ultranoite promove as obras de carácter vangardista e experimental desde unha posición heterodoxa respecto das taxonomías tradicionais de xénero. Zinasa é o espazo de programación que está aberto aos pequenos formatos audiovisuais de aquí e de fóra, os cales se presentan sempre acompañados de actuacións musicais. Galizoo achega un concepto diferente para a presentación das artes plásticas equidistante entre o estudo do artista e a sala de exposicións. Ademais do indicado, na Sala organízanse cursos, talleres e seminarios relacionados coas artes escénicas, así como actividades de poesía, danza e festas.

As fontes de financiamento proceden en principio de recursos propios derivados do despacho de billetes, dos socios, do ambigú e mesmo de servizos que prestan, así como do alugamento da Sala a actores, grupos, empresas e institucións; o grupo Chévere proporcióname tamén diñeiro. Arredor do 20% dos seus recursos orzamentarios proceden de axudas públicas como a

da Xunta (da orde do DOG para axudar ás pequenas salas) ou a do Concello, do que se recuperou unha prometedor liña de apoio. Ás veces tamén lles ten proporcionado algunha axuda o Ministerio de Cultura. O seu obxectivo é o de chegar a un convenio co Concello que lles permita ter unha cobertura algo máis folgada que a actual.

6. VALORACIÓN DA POLÍTICA CULTURAL DA CIDADE

O Concello está a facer un esforzo de promoción de actividades amplo e transversal que resulta moi perceptible e recoñecido polos diferentes actores culturais da cidade. Este esforzo resulta mesmo visible no seu labor de achegamento ao ámbito das asociacións e na súa aposta por implicalas na acción cultural municipal.

Cando se lles pregunta aos actores culturais entrevistados acerca da situación da cultura en Santiago promovida desde o Concello, pero tamén desde a Xunta, as súas opinións recollen aspectos como que o problema é que non se sentaron a pensar que política cultural facer. Falta definir unha vocación na acción cultural local e algúns coidan mesmo que ese aspecto constitúe unha febleza que podería estar a transparentarse de cara ao exterior. Por exemplo, a propósito do verán Xacobeo, transmitiríase unha impresión de actividades heteroxéneas sen un fío temático condutor, sen unha imaxe definida... Unha secuencia de macroconcertos que non deixaron ningún pouso. Os axentes sociais botan en falta, en xeral, unha maior presenza do propio, unha maior sensibilidade sobre a propia capacidade para producir e crear cultura. Coidan algúns que o «Concello fai moito, pero debería facelo mellor», como se desde o campo dos actores comprometidos coa cultura se pedise, tras o primeiro esforzo extensivo, un segundo momento de reflexión para abordar o futuro dun xeito máis rigoroso e eficiente. Non falta tampouco a referencia, por parte dalgún dos actores culturais máis novos entrevistados, aos riscos de exclusión derivados dos custos da excelencia dalgúns espectáculos que poden disuadir a certos públicos.

Quizais cumpriría remarcar aquí o dato relevante e complementario de que Santiago conta tamén cun viveiro fecundo de creadores (músicos, actores, escritores...), así como cun sector profesional cultural e comunicacional moi relevante que lle proporciona unha identidade urbana e un dinamismo cultural moi diferente do que poidan ter Vigo ou A Coruña. Todo isto favoreceu, por exemplo, que ata hai pouco Santiago fose a terceira cidade de España en número e vitalidade de salas alternativas, cun nivel de programación na liña de cidades como Madrid, Barcelona ou Bilbao.

Tampouco o Museo de Arte Contemporánea, dependente da Xunta, foi capaz de crear no tempo que leva funcionando unha identidade de marca; e a situación é semellante no caso do Salón Teatro.

En canto á Universidade, o papel da institución universitaria considérase que resulta excesivamente esvaecido no eido cultural global da cidade. Si resulta perceptible o seu traballo entre o colectivo de estudantes, pero non no resto da cidade.

As Caixas, en vez de ser actores dinamizadores do existente, tenden a facer programacións de espectáculos sen contar moito coas bases culturais. As programacións semellan partir dun criterio preestablecido do que eles entenden como cultura. Antes achegaban máis recursos que agora aos actores culturais locais e iso está a ser un paso atrás. En opinión dalgúns isto resulta particularmente grave cando hai entidades asociativas e afíns que están a promover con moi poucos recursos actividades de grande interese e relevancia. Non obstante, algúns dos actores culturais recoñecen, malia todo, seguir recibindo axudas destas entidades financeiras.

Tamén se fixo notar o feito de que hai sectores da cultura galega cos cales as Caixas conectan con dificultade. Por exemplo, mentres coa música galega semella existir un mellor entendemento dado que este sector é capaz de dar a imaxe de grande espectáculo, co teatro non existe esa mesma proximidade: este é derivado a outras salas e o trato que se lle dá é diferente. Resulta menos arriscado programar teatro comercial madrileño que obras de teatro locais e cando se programan obras de teatro galegas normalmente faise en ciclos tan curtos que non permiten a súa estabilización. En todo caso, os entrevistados coidan que a vitalidade cultural existente permite nunha estimable medida amortecer moitas das eivas que deste tipo de criterios poden derivarse para o campo da cultura.

7. PROPOSTAS E ALTERNATIVAS

As propostas susceptibles de desagregarse das opinións recollidas abranguen varios aspectos que, en xeral, resultan bastante complementarios. Por unha banda, resulta salientable a arela de que se avance na definición dunha política cultural local. En opinión dalgúns, esa definición debía contemplar cunha maior sensibilidade cal é hoxe o sentido e como pode ser apoiada e promovida neste momento a cultura galega.

Fíxose tamén fincapé na esixencia de que se mellore a coordinación entre os actores culturais hoxe protagonistas na cidade; é mester que o traballo que realizan a Administración e as Caixas teña algún tipo de coordinación. Debe evitarse o risco de dispersión derivado da tendencia a que cada nova Fundación se constitúa como un reino de taifas illado do seu contexto. Mesmo internamente, a cidade precisaría dunha coordinación promovida polo Concello que contribuíse a potenciar e reorientar as funcións e tarefas dalgúns equipamentos relevantes que hoxe están a vivir un certo letargo. Tamén aparece resaltada a esixencia de que se traballe na definición e na proxección da imaxe dos actuais equipamentos culturais existentes.

A ausencia dunhas estratexias eficientes de apoio a creadores está a contrastar cunha aposta moi dirixida cara á promoción de eventos e espectáculos culturais apoiados en figuras foráneas. Este tipo de prácticas tende a favorecer a dependencia. Hoxe sería necesario cambiar unha política excesivamente centrada no espectáculo por outra de fomento da creación que apoiaise con máis bolsas os artistas con talento.

Un aspecto que tamén é resaltado é a esixencia de que se pense na potenciación dos creadores locais. Cóidase que aquilo que se trae de fóra debería ser seleccionado en función dos intereses da promoción do que se fai aquí, detectando os intereses que teñen os grupos de creadores e posibilitando intercambios con outras zonas que favorezan o esforzo e o talento dos artistas locais, por exemplo a través dos contratos que se fan. Relacionado tamén coa necesaria promoción dos creadores e artistas de aquí, suscitouse a conveniencia de resolver as carencias de formación en técnicas teatrais actualmente detectables na cidade (os centros existentes son de tipo privado). Existe así mesmo un posgrao de teatro, pero ante a situación existente a moita xente só lle resta a posibilidade de seren autodidactas.

VIGO. A OSCILANTE XÉNESE DO CAMPO DA ACCIÓN CULTURAL LOCAL

1. A CIDADE DE VIGO

A seiva que flúe polas veas de Vigo é salgada como a auga do seu mar. Vigo naceu, desenvolveuse e segue a ollar o seu futuro cabo do mar. A súa historia social e económica viviu ao longo dos séculos ao ritmo das mareas. Desde o Vigo prehistórico ata o Vigo que culminou no século XX, a súa xénese urbana está feita de ondas de vieira que van medrando xunto ao mar amable da ría. Os séculos XVIII e XIX, que foron os do despregamento da cidade, estiveron marcados polo auxe sucesivo das industrias da salgadura e a conserva que culminarían no XX coa construción naval. O século XX ía ser tamén testemuña na cidade da reconversión do sector pesqueiro tradicional coa progresiva consolidación de empresas de densa vocación internacional como Pescanova, hoxe secundada nas súas estratexias multinacionais por varias outras. Entre os séculos XIX e XX Vigo tamén foi capaz, primeiro, de desenvolver unha importante industria mecánica auxiliar da construción naval e, máis tarde, de acomodala cando esta entrou en crise cara ao sector automobilístico alternativo.

A vocación de apertura da industria viguesa aos mercados internacionais tomou corpo xa no XIX co auxe da conserva e viuse compelida a vivir unha existencia repregada durante boa parte do século XX debido á irrupción do proteccionismo da ditadura franquista. Pero a cidade recuperou ese alento e soubo reconverter as súas estratexias cando os cambios nas lexislacións pesqueiras o esixiron. Máis tarde, e tras a chegada de Citroën, a cidade dinamizou e internacionalizou tamén unha estimable industria auxiliar do sector automobilístico. O Vigo pesqueiro, xunto co seu contorno industrial, representa hoxe o corazón económico de Galicia ao concentrar un terzo do valor engadido total do país.

O gran dinamismo de Vigo foi capaz de provocar unha atracción continuada cara á cidade de amplas vagas de poboación procedentes da Galicia rural interior. Este particular dinamismo sociodemográfico que a converteu, cos seus máis de 290 000 habitantes, na cidade máis importante de Galicia, pode ser tamén a camisa de forza que eivou a súa vertebración acaída como cultura cívica e urbana. O Vigo crisol, feito de múltiples achegas humanas procedentes da miríade de aldeas rurais, non deu decantado un pouso social eficiente capaz de promover e liderar o seu

desenvolvemento cívico e político. Só no eido económico a cidade semella estar á altura das expectativas que os seus alicerces de fins do XIX e comezos do século XX podían facer esperar.

Os desafíos actuais da cidade atópanse moi relacionados cos cambios na conformación da gran rexión urbana que Vigo lidera e no desafío do seu crecente vencellamento funcional coa capital da provincia, tanto como nas potencialidades derivadas da posición nodal que o eixe Vigo-Pontevedra ocupa dentro da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Moi probablemente se Vigo é capaz de resolver o seu artellamento comunicacional co seu contorno próximo (trens de proximidades, circunvalacións e vías axeitadas...) e afastado (AVE, aeroporto axeitado á posición nodal da rexión urbana, etc.), así como o reto de construír un núcleo social cualificado capaz de liderar as súas potencialidades, o seu ingreso no século XXI pode contribuír a recuperar o pulo que sempre caracterizou o seu potencial de cidade de vocación emprendedora.

2. A POLÍTICA CULTURAL DE VIGO E OS SEUS OBXECTIVOS

A finalidade da política cultural municipal é, en termos xerais, satisfacer a demanda cultural da poboación e favorecer a proxección da cidade en materia cultural. Para lograr isto faise preciso privilexiar tanto aquelas iniciativas culturais máis modestas que favorezan a vertebración sociocultural da comunidade, como achegarlles aos cidadáns a oferta que se produce fóra do ámbito local para, dese xeito, promover o intercambio e o coñecemento universal.

Outros trazos particulares da política cultural viguesa veñen dados polo feito de que as grandes infraestruturas culturais xa están deseñadas (en función de situacións máis ou menos conxunturais) e agora o que se pretende é levar aos barrios a programación cultural que se poida.

Para o responsable de cultura da cidade, a política cultural municipal debería priorizar a atención aos recursos do patrimonio e á memoria herdada e deixar nun segundo plano a perspectiva cultural máis ligada á cultura contemporánea, polo que un dos labores centrais para desenvolver sería o da formación artística, máis que a promoción da obra dos creadores artísticos. Isto xustifícase polo papel que se lle concede á cultura como importante factor de desenvolvemento social, comunitario e local.

En canto ao modelo de xestión e financiamento, o concelleiro considera que a maior parte do que se realiza en cultura debería facerse co apoio doutras administracións (Deputación, Xunta, Unión Europea). Os recursos financeiros das institucións públicas están a ter un peso maior para custear as iniciativas culturais ca os que achegan entidades privadas. En calquera caso, para o concelleiro a xestión cultural debe depender directamente do Concello e ter un enfoque eminentemente social.

A acción cultural do Concello de Vigo canalízase maioritariamente a través da xestión de servizos e programas culturais propios e trata de buscar tanto a rendibilidade das actividades como a promoción da creatividade cultural. Para isto é necesario atender tanto á difusión da cultura como á súa promoción.

Considérase que os distintos axentes e colectivos culturais da cidade non só terían que ser consultados, senón que deberían tomar parte no deseño da programación cultural da cidade.

As prioridades declaradas polo responsable da política cultural local van na dirección de potenciar as actividades musicais e de teatro, así como dinamizar os museos da cidade (especialmente o VERBUM). A definición dun programa cultural documentado e a estruturación da xestión de programas serían aspectos claves da mellora na eficiencia do traballo nesta área.

De contar con máis orzamentos, o Concello de Vigo destinaríalos a mellorar a actividade cultural en materia de bibliotecas, música, actividades teatrais e recuperación do patrimonio histórico. Tamén é unha prioridade deste Concello a formación de públicos e a captación e fidelización de novos segmentos deste.

A Concellaría de Cultura da cidade de Vigo está integrada na área de Benestar Social; o concelleiro desta área tamén é responsable do Departamento de Cultura. As competencias de Cultura lévanse desde un centro xestor chamado Unidade de Cultura, que está organizada en dúas unidades administrativas (tamén chamados centros xestores), que son: «Cultura, Festas e Animación Sociocultural» e «Museos e Bibliotecas e Normalización Lingüística».

As competencias do Departamento de Cultura son a xestión e programación dos equipamentos culturais: Casa das Artes, Casa Galega da Cultura (a nivel orzamentario) e Biblioteca (coxestionada entre o Concello e a Xunta), a colaboración e financiamento das fundacións culturais e o desenvolvemento da programación cultural.

O Departamento de Participación Cidadá tamén ten competencias en Cultura (no que respecta á animación sociocultural do Concello). As competencias de Patrimonio Histórico son levadas por Urbanismo (que ten un convenio firmado co Museo Liste).

No ano 2003 a Unidade de Cultura tivo relacións con outras concellarías e servizos: Xestión Municipal (en canto a persoal e tamén no relativo a asuntos económicos); Urbanismo (equipamentos para actividades culturais); Promoción Económica e Desenvolvemento Local (programas que, ata 2005, acolleron persoal Labora, entre outros); Servizos Xerais (parques, xardíns, patrimonio cultural e vía pública) e coa Policía local (mobilidade e seguridade durante os eventos culturais).

O persoal adscrito ao Departamento de Cultura da Cidade Olívica está integrado por un xefe de departamento, técnico de cultura (con categoría profesional Grupo A), un técnico de actividades culturais (Grupo B), unha administrativa (Grupo B), unha auxiliar administrativa (Grupo D), un capataz (Grupo D) e dous oficiais de servizos internos (Grupo D). Un dos técnicos de cultura, xefe do departamento, realiza os labores de «xestión, ordenación e programación da área de cultura»; o outro é o director do Museo de Castrelos.

En total, no Concello traballan nove técnicos de cultura en diferentes departamentos que se relacionan con cultura e que atenden seis servizos: Programación Cultural do Departamento de Cultura, Dirección do Museo de Castrelos, Xefatura do Departamento de Patrimonio Histórico, Oficina do Voluntariado, Técnico de Educación no Instituto Municipal de Educación e a Dirección da Universidade Popular.

Na elaboración da programación cultural do Concello participan o concelleiro, os técnicos de cultura e axentes externos a través de subcontratacións. O criterio que se segue é o de atender a demanda cultural da xente, a proxección cara ao exterior da cidade e a difusión cultural.

A Concellaría de Cultura da cidade de Vigo foi creada en 1979 cando gobernaba o PSOE e era o responsable da área Conde Pumpido (BNPG). Algúns dos cambios ou dos puntos de inflexión máis relevantes acontecidos desde a creación da Concellaría de Cultura veñen sinalados polas seguintes datas e acontecementos: en 1990, infraestrutura da Casa das Artes; en 1994, primeiros traballos cara á posta en marcha do MARCO; en 1995, posta en marcha da infraestrutura da Biblioteca Municipal; a Casa Galega da Cultura reábrese en 1995; en 2002 inauguración do MARCO (Museo de Arte Contemporánea) e en 2003 de VERBUM (Casa das Palabras).

O orzamento municipal do Concello de Vigo en 2003 foi de 194 000 000 euros, dos cales 9 960 095 foron destinados a cultura e sociocultura. Deste total, 60 000 euros foron recibidos en forma de subvencións da Xunta de Galicia e 448 000 foron achegas da participación financeira privada para a promoción de iniciativas culturais. Como resultado, o Concello de Vigo destinou a cultura en 2003 o 5% do seu orzamento total. As actividades musicais recibiron 777 000 euros e as actividades relacionadas coas artes plásticas, 124 000 euros.

Ademais entidades autónomas relacionados con cultura recibiron tamén achegas económicas por parte do Concello vigués, foi o caso da Fundación Laxeiro (difusión e investigación da obra de Laxeiro e promoción de actividades artísticas e novos valores), para a que –no ano 2003– o Concello destinou 60 000 euros e outras institucións 145 000, e da Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea), que recibiu do Concello –no mesmo período– 900 000 euros e doutras institucións 1 762 000 euros.

O Departamento de Cultura, dependendo do momento e do tema que se trate, contou co asesoramento dunha comisión formada por profesionais relacionados coa materia. Non obstante, non existe un protocolo formal de convocatoria para comisionados, así como tampouco hai un órgano consultivo estable.

3. DEMANDAS, CARENCIAS E PRIORIDADES

O feito de que Vigo conte cunha serie de técnicos de cultura especializados na área achega experiencia acumulada, xa que xeralmente non hai transferencia de persoal desta área a outras, e profesionalidade á xestión da actividade cultural do Concello.

Así mesmo a importancia que se lle da á cultura queda patente no incremento de equipamentos, da participación da iniciativa privada na programación cultural e no aumento orzamentario desde o ano 2000.

Á hora de facer difusión cultural o Concello de Vigo dispón dunha guía cidadá, unha guía turística, publicacións sobre cultura, arte e patrimonio, así como tamén de xornal dixital público.

Por outra banda, a inexistencia dun documento que recolla o deseño da política cultural do Concello para orientar as iniciativas, de forma que estas responden á oportunidade do momento e á conxuntura existente, así como a falta dun organigrama do servizo de cultura provocan a ausencia de protocolos de traballo e organización.

En canto ao capítulo de gastos, estes non se corresponden cun detallado programa previo, segundo o técnico de cultura, xefe do departamento, e claramente os recursos económicos resultan insuficientes.

Os profesionais da área botan en falta o acceso a cursos específicos nun contorno próximo (sen ter que desprazarse moi lonxe) e un foro en internet orientado a eles, así como unha maior definición nos labores que realizan: moitos departamentos desenvolven actividades culturais sen que estean encadrados nun programa xeral de cultura do Concello.

No que atinxe ás demandas culturais da cidade, destacan as que se orientan a unha maior ampliación no programa de festas patrimoniais, romarías, festas gastronómicas e afíns, e mais concertos ao aire libre e actividades similares. Tamén teñen unha demanda importante as actividades relacionadas cos museos e exposicións e coas novas tecnoloxías.

4. EIXES CENTRAIS DA ACTIVIDADE CULTURAL MUNICIPAL E DOTACIÓNS

a) *Actividades promovidas polo Concello*

A principal acción de tipo cultural realizada polo Concello vigués para ese ano foi dotar de equipamentos o VERBUM. Os recursos procederon de partidas múltiples en función da natureza do gasto.

O programa desenvolvido por ARE-MORE (festival de música clásica), cuxos recursos proceden da partida dedicada á programación de música, teatro e danza, tivo tamén un papel central, así como o amplo Programa de Exposicións (hai unha partida orzamentaria dedicada a este fin).

Outras actividades promovidas e coordinadas polo Concello de Vigo en 2003 foron a presentación de libros, concertos de música, exposicións de artes plásticas, exposicións de artes visuais e xornadas sobre temáticas diversas.

En canto aos proxectos culturais levados a cabo por outras institucións no municipio, desde o Concello responden que esta institución «non controla a axenda cultural da cidade; hai convenios entre institucións das que o Concello non sabe a actividade que realizan».

Tamén hai que subliñar as colaboracións que o Concello de Vigo tivo nese ano con outros concellos na realización de actividades de normalización lingüística (co Concello de Pontevedra), préstamo de paneis da Exposición Fernández del Riego (para o Concello de Nigrán), a exposición «Concellos Democráticos» e a exposición sobre a industria editorial nos últimos dez anos (co Concello de Santiago), así como o Premio Blanco Amor, organizado cada ano por un concello; para ese evento colabora co concello que o organiza.

b) *Dotacións*

O inventario fornecido polo Concello sobre as infraestruturas culturais existentes recolle a seguinte listaxe: unha Casa da Cultura (propiedade municipal), unha Casa da Xuventude (propiedade municipal), dous auditorios/teatros e nove museos, así como sete bibliotecas (unha delas é a Biblioteca Municipal, situada na zona vella, da que o Concello custea o mantemento do edificio, parte do persoal, parte do gasto corrente e algunhas das actividades), dous arquivos municipais e tres salas de exposicións.

A Casa da Cultura Galega (Biblioteca Penzol e Fernández del Riego) non está vinculada a este Departamento de Cultura.

As necesidades máis importantes en canto a infraestruturas culturais no Concello vigués fan fincapé na urxencia de dispor dun auditorio adecuado ás necesidades desta cidade, de máis bibliotecas e mellor dotadas e na creación dun centro arqueolóxico en Castrelos.

No ano 2003 o Concello de Vigo tiña en fase de estudo o proxecto para a construción do auditorio e do pazo de congresos.

5. A OLLADA DOS ACTORES CULTURAIS LOCAIS

O *Cineclub Lumière* foi creado en Vigo hai máis de 14 anos. O seu obxectivo central é o de manter unha actividade cinematográfica estable entre o mes de setembro e o mes de xuño. Os luns son os días centrais da súa actividade. O Cineclub adoita organizar nos outonos un ciclo cinematográfico temático dunha semana.

O Concello proporciónalles unha subvención anual de arredor dos nove mil euros e prés-talles o Auditorio Municipal para a celebración das sesións. As entradas para as proxeccións teñen un custo que oscila entre os tres e os catro euros, con condicións especiais para os socios do Cineclub.

O maior problema ao que se teñen enfrontado é o da calidade do son no Auditorio, o que impide a proxección de filmes que non sexan subtitulados.

A *Fundación Laxeiro* naceu para preservar o legado de Laxeiro e como recoñecemento da capacidade da súa obra para alentar a apertura cara ao internacional da cultura galega. Por este motivo a Fundación, nos seus primeiros anos de funcionamento, ocupou un espazo máis orientado polo horizonte da promoción das artes plásticas contemporáneas, mentres que nos últimos anos e tras a apertura do MARCO en Vigo, a Fundación optou por un labor crecentemente especializado na obra de Laxeiro. Entre as súas iniciativas máis relevantes atópanse tamén bolsas de apoio aos creadores. A Fundación está a desenvolver neste momento tamén un importante labor en Galicia e no exterior da obra de Laxeiro e promoveu exposicións de grande impacto: *Laxeiro, obra gráfica*; *Laxeiro, debuxos inéditos*; *Laxeiro, un vangardista de vocación atlántica*; *Laxeiro, el carnaval de las formas...*

Unha iniciativa innovadora que está a ter un bo impacto é o Obradoiro Coñece a Laxeiro, orientada aos nenos de Primaria dos colexios do contorno. Tamén foi salientable a celebración de

varias edicións do Festival Internacional de Música Contemporánea Fundación Laxeiro, que ampliaron o marco de intereses artísticos da entidade. Significativo é tamén o labor xa culminado pola Fundación de restauración da colección permanente, así como a estabilización dun servizo de catalogación do conxunto da súa obra.

Os recursos cos que conta a Fundación proceden fundamentalmente do Concello de Vigo, complementados con apoios procedentes doutras entidades como a Deputación de Pontevedra, a Consellaría de Cultura e o Concello de Lalín, así como de entidades privadas: Fomento de Construcciones y Contratas, as dúas Caixas galegas, pinturas Proa, etc.

A *Federación de Asociacións de Veciños Eduardo Chao* engloba as súas actividades culturais no marco do que definen como «convivencia veciñal». Para eles a idea de cultura está vencellada coa de convivencia. O que procuran é inserir a cultura nos momentos centrais de convivencia que teñen unha maior incidencia e capacidade de convocatoria. Esta circunstancia dá lugar a que os temas culturais que suscitan un maior interese para as asociacións presentes na Federación sexan aqueles que están relacionados co ciclo festivo anual (S. Xoán, Magosto, Reis, Entroido, Maios...). Estes eventos organízanse dun xeito moi teatralizado, que procura promover a participación dos veciños. Tamén nas festas dos socios, organizadas polas diferentes asociacións, inclúense actividades culturais e sociais. Igualmente, a Federación presta unha especial atención á promoción da cultura. Un bo exemplo é o xeito en que se aborda o Día das Letras Galegas. Esta celebración xira arredor de actividades con creadores locais, os cales se implican cos centros educativos nunha promoción da nosa cultura feita dun xeito directo entre os máis novos. A conmemoración culmina coa celebración da cea das Letras Galegas, á cal son invitados os creadores que participaron nas actividades. Nas 33 asociacións veciñais presentes na Federación existen 82 grupos culturais. Entre eles atópanse grupos de música tradicional (50 en total: gaitas, cantareiras, baile), música clásica (4 grupos), ademais doutros de animación infantil (teatro, son pregravado, danza, monicreques...). A Federación dinamiza e promove estes viveiros de inqueda cultural a través do programa Move Vigo. Cada dúas fins de semana organízanse actuacións destes grupos en diferentes zonas da cidade. Desde hai tres anos a Federación creou a agrupación Moxenas, que actúa como unha entidade representativa da Federación e da cidade. Esta entidade, que contou coa dirección formativa de Xosé Oliveira, está formada por aqueles mozos e mozas que, tras iniciar unha actividade musical, vocal ou de danza, mostran interese por seguir traballando e afondando na súa formación. Moxenas está composta por 60 persoas que, ademais de facer actuacións en que se integran voces, instrumentos e baile, teñen tamén a capacidade de facer arranxos musicais; a calidade dos seus espectáculos é boa. A través da Federación distribúese o programa Vigo a Escena, que consiste en actuacións teatrais de oito grupos e está promovido desde o Concello.

Roberto Relova é o organizador do festival ARE-MORE, Música Sacra e Mozos Intérpretes. O festival naceu no ano 2000 co obxectivo central de crear un evento musical importante de programación pública. Traballouse a partir do que xa existía; Vigo era unha cidade importante en música de guitarra e do que se trataba era de abrir novos flancos como a música vocal de calida-

de, a música antiga ou mesmo os concertos didácticos dirixidos á educación da infancia. Pretendeuse ir educando e creando un público musical que permitise ir abordando con éxito os proxectos equipamentais da cidade. O ARE-MORE tivo un éxito moi claro na cidade, demostrando así que as políticas culturais locais se atopaban moi lonxe de desenvolver todas as súas posibilidades.

Vigo a Escena é un ciclo de teatro promovido polo Concello e coordinado por Xerome Calero. O programa foi aglutinando de xeito paulatino de sete a once compañías de cara a facer unha programación estable de teatro familiar, infantil e de adultos. O ciclo distribúese nas asociacións veciñais e culturais que carecen de recursos para poder programar ese tipo de espectáculos. Pasou de difundir catro actuacións por compañía a seis. As obras chegan a uns vinte centros sociais e culturais do municipio moi diversos: Instituto Santa Irene, Círculo Mercantil, Náutico, Liceo de Bouzas, Helios de Valladares, Centro Cívico de Teis, etc. Un dos problemas do *Vigo a Escena* é que ata agora non se concibía como algo estable e nalgúns momentos as compañías tiveron que facer presión para que non desaparecese.

O *Centro Cívico de Teis* é a sede da Asociación de Veciños, que é a entidade que o xestiona. Foi inaugurado no ano 2002 e depende da Concellaría de Participación Cidadá. O Centro foi impulsado como parte da política de promoción do asociacionismo, pero carece dun orzamento específico para a realización de actividades. Os recursos para o seu mantemento proceden dun convenio co Concello (Participación Cidadá) de corenta mil euros, que permite aboar os custos do persoal (un técnico cultural e tres persoas a tempo parcial para levar a contabilidade e xestionar a organización dos cursos). O Concello asume tamén os gastos de mantemento do Centro así como os de limpeza e seguridade. As actividades son sufragadas cunha achega de seis mil euros realizada pola Asociación a partir das subvencións que recibe. Ademais o Centro obtivo unha axuda adicional de dous mil euros tamén para a súa programación cultural.

Desenvolve dúas liñas de actuación: unha de tipo cultural e outra de carácter máis ben social. Entre as actividades culturais poden sinalarse a exposición sobre fotografía antiga, que permite traballar de cara a un arquivo de Teis Antigo. Fixeron tamén un campamento urbano sobre o barrio: *Descubre o barrio*. O Centro acóllese ás actividades que se difunden desde o Concello de tipo musical, teatro ou monicreques. Fan de intermediarios con aqueles grupos que queren actuar buscando financiamento e colaboran con organismos coma o CGAE para proxectar cine galego. O ano pasado organizaron un concurso de videocreación durante tres días coa asociación Secuencia Cero. Alugaron películas para rapaces en Nadal, realizaron obradoiros interculturais con tres asociacións de inmigrantes nos que estes contaron como era o Nadal nos seus países. Fixeron tamén actividades de pedagogía cultural para achegar manifestacións artísticas como a ópera aos veciños, así como actuacións de promoción da danza contemporánea. O Maio Cultural e os actos no Día das Letras Galegas son tamén fitos culturais anuais organizados polo Centro.

A asociación *Noescafé Teatro* organiza co patrocinio do Concello de Vigo o Festival Alternativo de Teatro e Danza. No ano 2005 tivo lugar a súa cuarta edición. Noescafé Teatro é

unha asociación cultural que ten un grupo de teatro e fai xestión e promoción teatral. Realiza actividades de formación en centros culturais e colexios e tamén aproveita a celebración do Festival para organizar actividades formativas con expertos de fóra de Galicia, que se levan a cabo habitualmente no Auditorio do Concello. Por outra banda, asesora o Concello tamén en tres festivais de teatro para adultos. A asociación financia a actividade do Festival a través dun convenio de 25 000 euros co Concello, ademais doutro de 3000 euros co IGAEM. Complementariamente, o Concello fai outras achegas necesarias para a súa produción técnica. Cóntase tamén con algunhas contribucións adicionais doutras empresas. De cara á organización do Festival, tres persoas da asociación traballan durante seis meses; a finais de agosto empezan a organizar o evento e pechan a programación en xaneiro. O maior problema que ten é que o seu orzamento se atopa practicamente conxelado. O Festival funciona tamén cuns criterios de excelencia e apertura no xeito de presentar as obras, na procura de demostrar que existen diversos espazos susceptibles de converterse en espazos culturais (a Casa das Artes, o patio interior do concello...). Desde o primeiro ano tivo un carácter internacional; neste momento están a traballar con organismos e institutos culturais dalgúns países (Camões, Goethe, British Council...) co obxectivo de facilitar a presenza de grupos teatrais de calidade destes países. Non obstante, existe tamén o proxecto de facerlle o encargo dunha obra inaugural a unha compañía galega.

A *Fundación de Músicos de Jazz* en Galicia está presidida por Alberto Conde. Esta entidade ten como obxectivo central configurar un circuíto ao longo do ano con concertos de jazz dos músicos galegos. Actualmente existen suficientes músicos para que se poidan estabilizar circuítos. É necesario facer un esforzo de promoción para resolver o círculo vicioso que provoca que a inexistencia de vendas disuada as discográficas de producir este tipo de música. Establecer circuítos e favorecer intercambios de músicos con outras partes da Península e mesmo do estranxeiro é un obxectivo viable ensaiado xa pola Fundación. Tamén debemos subliñar que un labor importante é potenciar a formación neste tipo de música que, hoxe por hoxe, está aínda ausente dos conservatorios, nos que non se está a ensinar a harmonía e a improvisación contemporánea.

Respecto do Festival de Jazz de Vigo pode afirmarse que é unha importante experiencia de jazz europeo en Galicia. Durante quince días prodúcense dúas ou tres actuacións por día, centradas na fin de semana. Unha mostra europea na que a presenza galega permitiu poñer en evidencia o importante nivel que se está a acadar no país cando hai só cinco non existía moita actividade.

6. VALORACIÓN DA POLÍTICA CULTURAL DA CIDADE

A valoración proporcionada polos actores locais (asociacións e promotores) entrevistados móstranos con claridade como o da cultura é un sector que experimentou ao longo dos anos un estado de certa tensión innovadora. Se nos atemos ao diagnóstico máis xeneralizado podemos afirmar que cumpriría manter esta tensión e, sobre todo, afondala.

En canto ás valoracións efectuadas sobre a política cultural local por parte dos axentes entrevistados, podemos constatar que non faltan as opinións que recoñecen os esforzos realizados nos últimos anos na posta en marcha dalgunhas iniciativas, así como na promoción dalgúns eventos. Mesmo algunhas estratexias de apoio e de racionalización da programación cultural suscitan recoñecemento.

Existe consenso no relativo á calidade e receptividade do público vigués. Afirmase e confírmase que o público da cidade sempre responde ante as boas propostas ben difundidas. Mesmo se recoñece a existencia de técnicos que están a evidenciar unha clara receptividade de cara ás propostas cualificadas e interesantes que proceden de sectores culturais especializados e solventes. En concreto, faise referencia en varias das entrevistas á presenza dun técnico particularmente sensible, o cal «vai creando e estabilizando liñas de acción cultural; el vai de xeito voluntarista». En congruencia co anterior, algunha das entidades, como o Cineclub Lumière, recoñece que hoxe, polo menos, teñen asinado un convenio de nove mil euros, que incrementa en tres mil o que tiveran anteriormente.

Un feito positivo xeralmente admitido é a presenza dunha serie de iniciativas e eventos culturais que suscitan un recoñecemento xeral. Entre eles poden citarse algúns dos anteriormente mencionados, como o ARE-MORE, o Festival de Jazz, o Festival Internacional de Teatro e mesmo o Vigo a Escena. Tamén das varias iniciativas equipamentais emprendidas na cidade, polo menos unha, o MARCO e o seu labor, suscita no traxecto percorrido un recoñecemento vencellado á súa aposta aberta, eficiente e allea a certas rutinas.

Pero tamén é certo que o corpus das valoracións é bastante amplo e inclúe un marco crítico-construtivo claramente definido. Afirmase que en xeral Vigo carece da estabilidade e da continuidade precisa nos seus proxectos culturais. A variabilidade en función do concelleiro que haxa en cada momento foi a norma desorientadora que prevaleceu. Sublíñase a falta de planeamento cultural e as carencias en recursos humanos do Departamento e algúns coidan que «as cousas van adiante por teima de certas persoas». Considérase que non existe unha política cultural vertebrada nin de creación de públicos, «fáltanlle moitos pés ao banco da política cultural», porque non existe un proxecto que defina en cultura «de onde vimos e a onde queremos ir». E a carencia dun tecido suficiente de técnicos cualificados faise extensiva non só ao sector público senón tamén ao ámbito dalgunhas entidades financeiras que programan cultura.

Tamén respecto do ámbito periurbano a impresión é a mesma: «Falta vertebración, deixouse á deriva a cultura das parroquias». Non obstante, recoñécese que algunhas delas acadaron uns niveis moi estimables de calidade e eficiencia no seu labor cultural. En xeral, a opinión converge coa idea tamén reflectida de que faltaría «apoiar á xente que fai cousas». Nese senso tamén agroma como desexable a demanda dunha maior transparencia na comunicación dos criterios de asignacións das axudas e subvencións culturais. Varios dos entrevistados recoñecen de xeito reiterado que Vigo é unha cidade con relativa forza e cunha vitalidade creativa inusual; con capacidade para ser o centro cultural de Galicia e con potencial para ser un eixe cultural nodal na súa

área metropolitana e na Eurorrexión. Esta cidade, encrucillada de múltiples crisálidas sociais e culturais, tivo e segue a ter unha vitalidade e un potencial tan críptico coma fronteirizo. A residencia da Galicia emerxente habilita moi poucos recursos para un potencial creativo e renovador tan poderoso. E os recursos cos que conta, pola súa vez, distribúense de xeitos non sempre doados de entender²⁸. Outro aspecto reiteradamente consignado é o que fai referencia á carencia de espazos escénicos municipais que caracterizan a cidade incluso fronte a vilas máis pequenas como Narón ou Vilagarcía.

Ao carecer dun teatro municipal ou dun auditorio axeitado, a cidade vese privada tamén da posibilidade de contar cunha programación de espectáculos artísticos de escena de carácter estable. A actual aposta da posible orientación privatizadora do novo auditorio suscita máis preocupación que entusiasmo. Un auditorio que se prevé de tamaño xa de partida bastante modesto: 1500 prazas, xunto cunha dispoñibilidade para un uso de dominio municipal que, ao reducirse a menos de trinta días ao ano, podería rematar sendo só anecdótica.

7. PROPOSTAS E ALTERNATIVAS

O marco de propostas que se foron debullando ao longo das nosas entrevistas marca unha tendencia clara e coherente. A idea motriz é que Vigo debe concretar a idea cada vez máis espallada da conveniencia dunha política cultural na cidade que estea definida, que sexa estable e que resulte sostible. A esixencia actual, tendo en conta a categoría da cidade, dun orzamento superior en cultura, así como a pertinencia de implicar axencias privadas e a empresas nesa tarefa, semella tamén unha opinión xeralmente decantada. Coidan mesmo algúns que o Concello debería crear unha área de acción e desenvolvemento cultural capaz de dar resposta a requirimentos e potencialidades. É necesario establecer criterios e marcar prioridades xa que, en opinión dalgúns entrevistados, «que sentido ten de cara ao gran potencial de desenvolvemento cultural da cidade unha actuación en Castrelos dunha estrela pop que custa cento vinte mil euros?». Unha política cultural debería artellarse a través de comisións especializadas e participativas.

Sublíñase tamén a esixencia de mellorar o espazo escénico do actual Auditorio Municipal, así como a conveniencia de potenciarlo cun teatro municipal ou ben cun auditorio que responda aos requirimentos e expectativas do sector cultural e dos públicos da cultura.

No ámbito específico da actividade teatral suscítase a necesidade de potenciar a actividade existente cun evento de impacto e recursos comparables aos do ARE-MORE. Ademais, resulta necesario complementar unha programación teatral estable en teatro ou auditorio, aspecto que

28. Por exemplo, o Centro Cívico de Teis conta cunha dotación de 40 000 euros para personal técnico e con 50 000 para a contrata encargada do servizo de limpeza.

tamén se reflicte nas opinións recollidas. A esixencia de apoiar os actores culturais locais activos, potenciando o seu labor e partindo do seu pulo e saber facer, faise extensivo a todos os ámbitos e, particularmente, a aqueles máis estratéxicos como o teatro, as músicas ou o cine; tendo en conta que as proxeccións do Cineclub son a única posibilidade de poder ver unha película subtitulada.

En todo caso, recoñécese a importancia de que en cultura exista un *núcleo duro*, autónomo, que non sexa subsidiario e dependente dos azares sociopolíticos e que posibilite a súa estabilidade e sostibilidade como sector.

OS *DILEMAS ESTRATÉXICOS* DOS
PRINCIPAIS CONCELLOS GALEGOS

1. INTRODUCCIÓN E METODOLOXÍA

Neste apartado tentamos introducir unha nova ferramenta metodolóxica de análise que consistiu na inclusión dun apartado da enquisa dirixido a coñecer a evolución e, eventualmente, a complexidade do marco político valorativo e operativo inspirador das tomas de decisión municipais no campo da acción social en cultura.

Para lograr este obxectivo, inspirámonos na obra de Matarasso e Landry (1999) titulada *Balancing act: 21 strategic dilemmas in cultural policy*, publicada polo Consello de Europa. Despois dunha reelaboración e dunha adaptación dos dilemas, consideramos na enquisa do presente estudo un modo de recompilación de información que nos afasta da esixencia dicotómica do dilema para asumir unha eventual e posible lectura por parte dos políticos locais nunha clave compatibilizadora dos dous polos.

Propuxémonos un modo de puntuación que non esixise necesariamente, aínda que si admitise, unha lectura polarizada de dúas propostas en clave de dilema. O motivo desta revisión metodolóxica nace do recoñecemento por parte de varios autores de que as políticas culturais evolucionaron de xeito que, ao mesmo tempo que estableceron novas e emerxentes polarizacións, souberon tamén ir abrindo o camiño a novas complementariedades. Neste sentido, podemos afirmar con Bianchini (Bianchini e Parkinson, 1993: 2-3) que a consolidación da función político-cultural como unha estratexia para favorecer, por exemplo, o desenvolvemento económico, o *márketing* de cidades ou a rexeneración urbana non significa que os vellos argumentos orientadores da intervención política nesta área de acción fosen abandonados. Máis ben, o vello e mais o novo, o social e mais o económico, os obxectivos de orientación elitista e aqueloutros de tipo comunitario tenden a coexistir, aínda que en xeral o fagan de xeito desigual, na axenda dos distintos responsables políticos municipais.

Os dilemas estratéxicos que elaboramos, e que recollen algunhas das tendencias expostas ao longo do presente estudo, poden ser ordenados en catro grupos fundamentais:

1. Dilemas valorativos relativos ao modelo cultural existente.
2. Dilemas relativos ao nivel de adecuación dos obxectivos culturais do Concello.
3. Dilemas operativos relativos ao modo de financiamento e xestión municipal.
4. Dilemas operativos relativos á imaxe e ao *márketing* municipal.

Os distintos dilemas estratéxicos presentados na enquisa aos responsables políticos de cultura nos distintos concellos analizados son os seguintes:

Cadro 62. Clasificación dos dilemas estratéxicos

MODELO CULTURAL	
Perspectiva cultural	Perspectiva sociocultural máis ampla
Democratización cultural	Democracia cultural
Atención á demanda cultural existente	Promoción da aparición de «novos públicos»
Promoción da creación cultural	Potenciación da difusión cultural
Creación de grandes equipamentos culturais centrais	Descentralización dos equipamentos e servizos culturais
Preferencia pola figura do xestor cultural	Preferencia pola figura do axente dinamizador sociocultural
Consulta dos axentes culturais no deseño da política cultural local	Implicación dos axentes culturais no deseño da política cultural local
NIVEL DE ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS CULTURAIS	
Contemporaneidade	Tradición-Memoria
Priorización da construción de equipamentos	Priorización da programación de actividades culturais
Promoción da obra dos creadores e artistas existentes	Desenvolvemento dun labor de formación artística
Consideración da cultura como valor que se xustifica a si mesmo	Consideración da cultura como factor social
FINANCIAMENTO E XESTIÓN	
Financiamento propio preferente	Procurar activamente o apoio doutras administracións
Financiamento público preferente	Financiamento público-privado
Dependencia da xestión de cultura do Concello	Independencia da xestión de cultura do Concello
Fomento da subcontratación dos programas e servizos culturais	Xestión directa desde o Concello dos programas e servizos culturais
Enfoque empresarial da política cultural	Enfoque social da política cultural
IMAXE E MÁRketing	
Creación dunha imaxe proxectada cara ao exterior	Priorización da vertebración sociocultural interna
Enfoque da acción cultural municipal cara aos visitantes	Enfoque da acción cultural municipal cara aos residentes
Priorización dos investimentos culturais que aumentan o prestixio municipal	Priorización dos investimentos a favor dos colectivos da comunidade local

Fonte: elaboración propia

A nosa pretensión é a de medir o maior ou menor grao de concordancia con cada un dos polos de cada dilema, co fin de estimar variables como:

- A prevalencia de posicións e perspectivas «culturais» ou «socioculturais» nas concepcións político-culturais municipais.

- O nivel de protagonismo xestor e financeiro outorgado ao Concello.
- O nivel de implicación da colectividade no proceso da acción cultural.
- A estimación da prevalencia dun modelo *equipamentalista* ou *dinamizador* da acción cultural no municipio.
- A estimación da prevalencia dun modelo *conservador* ou *promotor de novos públicos*.
- O grao de utilización da cultura como recurso ao servizo do *márketing* de promoción municipal.


A estimación indicada do grao de aceptación das distintas variables²⁹ facultaranos para efectuar diversos cruzamentos de información coas variables descritivas das políticas culturais municipais, ás que xa aludimos anteriormente, que fagan posible coñecer con maior precisión os tipos e contidos concretos das políticas culturais municipais actualmente existentes.

Esta metodoloxía permitirá, na nosa opinión, efectuar unha investigación orixinal que pode representar un modelo complementario para a análise das políticas municipais nunha realidade próxima á galega.

29. Numéranse de 1 a 5, de xeito que o 1 é aquela variable con menos relevancia e 5 aquela con maior importancia. No caso de non existir resposta por parte do responsable de Cultura optamos por poñer cero. Isto non indica un nivel máis baixo, senón o descoñecemento da variable no dilema.

2. DILEMAS ESTRATÉXICOS

Gráfico 2. Dilema Cultura / Sociocultura




Fonte: elaboración propia

O primeiro grupo de dilemas, tal e como se reflicte no cadro 62, fai referencia ao modelo cultural existente en cada un dos concellos en que se levou a cabo a enquisa. O primeiro dos dilemas presenta dúas perspectivas globais que adoitan rexer a dirección da política cultural local. Por unha parte a perspectiva onde a acción cultural facilita o acceso á formación e ao gozo das artes, así como a unha cultura de gran prestixio e calidade. Pola outra, a perspectiva socio-cultural máis ampla, onde é común a promoción da sociedade e dos estilos de vida existentes, aplicándoos ao modelo cultural do Concello.

No gráfico podemos observar unha marcada tendencia cara á segunda perspectiva na maioría dos concellos das cidades máis importantes de Galicia, aínda que en diversas escalas. Aprécianse dúas excepcións no caso de Ourense e Vigo, onde se aposta por unha equidade, aínda que en diferentes niveis de prioridade.

Gráfico 3. Dilema Democratización / Democracia




Fonte: elaboración propia

No segundo dos dilemas preguntouse se a concepción da política cultural municipal estaba orientada cara a unha aspiración de democratización cultural ou cara a unha aspiración de construír unha democracia cultural. No primeiro polo do dilema, a política cultural local daríalle prioridade ao acceso de todos os sectores sociais ás obras excelsas da arte e da cultura como obxectivo primordial. No segundo, pretenderíase ser máis sensible ao recoñecemento das culturas populares existentes e a potenciar a implicación sociocultural dos seus axentes e creadores.

No gráfico apréciase con bastante nitidez a enorme importancia de ambos os dilemas, aínda que a tendencia máis acusada é a que se decanta pola democracia cultural. Esta democracia está, porén, situada cunha escasa vantaxe sobre a visión destes concellos de que a democratización da cultura aínda debe desempeñar un papel importante no modelo de política cultural. Prodúcese unha equiparación entre os dous ámbitos do dilema en concellos como Santiago de Compostela

ou Pontevedra. Existe, non obstante, unha valoración contraria en Ourense, onde o dilema entre democracia e democratización está decantado cara ao segundo polo.

Gráfico 4. Dilema Atender demanda / Crear públicos




Fonte: elaboración propia

Preguntado o responsable cultural sobre o obxectivo social estratéxico priorizado dentro da acción cultural municipal, os ámbitos que se propoñen son, por unha banda, atender a demanda cultural que xa está presente na vida cultural local, ou, por outra, promover a educación popular e a creación de novos públicos e de nova demanda.

Entre eses dous ámbitos do dilema, a tendencia maioritaria inclínase claramente cara á creación de novos públicos, xa que se entende que a demanda está suficientemente atendida e non se precisa de esforzos máis importantes que a creación dunha nova demanda cultural que amplíe aínda máis as posibilidades e recursos culturais da cidadanía. O nivel desta prioridade é menor en Ourense ou Ferrol, e neste último concello produciuse a única equiparación entre a atención da demanda existente e a creación de novos públicos, nun proceso de asentamento do seu modelo cultural aínda non totalmente acabado.

Gráfico 5. Promover creación / Potenciar difusión




Fonte: elaboración propia

Preguntóuselles tamén aos responsables de cultura sobre a estratexia que debería orientar a política cultural municipal en relación aos dous polos do dilema: potenciar a promoción da creación cultural ou potenciar a difusión cultural.

Existe unha unanimidade en outorgarlles a estes dous elementos do dilema unha importancia estratéxica especialmente salientable e obsérvase unha equiparabilidade case idéntica en canto á presentación das dúas perspectivas, aínda que pode apreciarse unha lixeira vantaxe da promoción da creación cultural como elemento dinamizador e orientador da política cultural local.

Gráfico 6. Dilema Equipamentos centralizados / descentralizados




Fonte: elaboración propia

Os resultados do gráfico correspondente ao dilema da localización dos equipamentos culturais, a pesar de ser bastante parciais, dan unha idea das diferentes perspectivas e ideas de ordeación de infraestruturas que cada Concello manexa de forma particular.

No Concello da Coruña, por exemplo, a estratexia principal consiste en establecer uns equipamentos descentralizados unha vez cubertas as necesidades básicas no núcleo principal de poboación no centro da cidade. Os barrios e as periferias do concello deben ser tamén centros receptores da vida e da actividade cultural local. Na banda oposta atoparíase Lugo, que establece como principal perspectiva a centralización de recursos e infraestruturas. No plano intermedio podemos observar o resto das cidades, onde a necesidade de centralizar os equipamentos non está enfrontada coa descentralización das infraestruturas (incluso tamén no caso do responsable político de Vigo, que, a pesar de non responder a este dilema estrutural, si fixo unha puntualización sobre a conveniencia de que se tratasen por igual). Para estes concellos é pertinente que se realicen as construcións máis importantes nos núcleos do municipio, sen desatender culturalmente os barrios e a periferia local mediante infraestruturas axeitadas para esas localizacións (sobre todo centros socioculturais).

Gráfico 7. Dilema Xestor / Animador cultural




Fonte: elaboración propia

Un dos dilemas sobre o modelo cultural existente nos sete concellos máis importantes de Galicia fai referencia a cal debería ser o perfil ideal na contratación dos técnicos de cultura. Un dos perfís faría referencia á xestión cultural, mentres que outro estaría centrado en maior medida sobre a animación sociocultural.

Neste sentido, a maioría destes sete concellos galegos inclínase a favor dun técnico de cultura que desenvolva un labor de xestión cultural máis ca de animación sociocultural. Esta decisión está probablemente influída pola capacidade estrutural dos concellos grandes. Só Santiago de Compostela e Vigo avogan por unha equiparabilidade entre os dous perfís, co fin de traballar nun espectro máis amplo de actuacións no eido da política cultural local.

Gráfico 8. Dilema Consulta / Implicación




Fonte: elaboración propia

Outro dos ámbitos que serve para describir o modelo cultural municipal é o que se refire ao establecemento da política cultural desde o punto de vista dos axentes implicados nas actividades que se desenvolven no Concello. Preténdese saber se para o deseño da política cultural municipal son consultados os colectivos e axentes culturais ou ben se, ademais de ser consultados, os colectivos e axentes participan e son implicados activamente na toma de decisións e nas actuacións relacionadas coa cultura.

A pesar da carencia dalgunhas respostas, o gráfico é o suficientemente clarificador para observarmos unha corrente aberta e implicativa por parte dos concellos con respecto aos colectivos e axentes culturais da cidade. Non obstante, en Ferrol ou mesmo na cidade de Vigo, a pesar da forza e activismo dos axentes culturais, a política cultural do Concello resulta estar máis inclinada a considerar que o ideal sería consultar estes axentes máis que implicalos na toma de decisións no que respecta á vida cultural local.

Gráfico 9. Dilema Tradición e memoria / Contemporaneidade




Fonte: elaboración propia

O gráfico presenta claramente a perspectiva ante un dilema operativo en relación ao nivel dos obxectivos que podería ser aplicable en cada un dos concellos estudados. Este dilema fai referencia á prioridade de atención aos recursos do concello en dúas perspectivas: a primeira é a que prioriza o patrimonio e a memoria cultural herdada; a segunda sería unha posición máis favorable a abrir novas liñas culturais ligadas á cultura contemporánea.

Os concellos, en xeral, valoran moi positivamente ambas as partes do dilema e as dúas ocupan un espazo moi importante nas súas preocupacións cando se articulan as políticas culturais. Non obstante, o peso da memoria cultural local, do patrimonio do municipio, a mirada aos elementos máis caracterizadores da súa identidade urbana están, en boa medida, lixeiramente por riba das novas perspectivas culturais que avogan pola innovación. Isto ocorre en Lugo (o peso de ser unha cidade histórica e cun monumento emblemático como a muralla romana decantan a súa inclinación), Pontevedra e Vigo (estas dúas nun proceso de reconfiguración da súa imaxe e identidade cidadás, nas que se fai fincapé na tradición como elemento unificador dunha historia e cultura urbanas comúns aos seus cidadáns). Como excepción, o concello de Ourense prioriza lixeiramente a perspectiva contemporánea sobre a tradición e a memoria histórica, moi probablemente pola súa situación de forza dentro dunha provincia con entidades poboacionais pequenas, que ten asumida a súa identidade urbana e que mira agora cara a novas perspectivas culturais que melloren a súa imaxe externa.

Gráfico 10. Dilema Construción de infraestruturas / Actividades culturais




Fonte: elaboración propia

No seguinte cadro obsérvase con certa unanimidade o dilema operativo, dentro do grupo en que se avalía o nivel de adecuación dos obxectivos culturais, que se refire á posición do Concello en canto á construción de infraestruturas culturais ou en canto á realización de actividades culturais.

A resposta en practicamente todos os concellos é idéntica, aínda que en distintos niveis de prioridade. Os responsables culturais de Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo e Vigo consideran que tanto a construción de infraestruturas como a realización de actividades culturais son igualmente importantes e necesarias para o correcto funcionamento da vida cultural no seu concello. O de Ferrol, aínda que considera as dúas partes deste dilema na mesma medida, non as presenta ao mesmo nivel de prioridade.

Dúas excepcións aparecen en Pontevedra e en Ourense. No primeiro Concello a prioridade está máis decantada cara á realización de actividades culturais; en Ourense, pola contra, cóidase que a construción de equipamentos culturais aínda resulta máis necesaria que a realización de actividades culturais.

Gráfico 11. Dilema Promoción da obra / Formación artística




Fonte: elaboración propia

Con respecto á pregunta sobre cal debería ser o labor central para promover as artes no concello, concretada na cuestión de se debería centrarse na promoción da obra dos creadores artísticos ou debería priorizarse un labor de formación artística, os responsables da política cultural da maioría dos concellos galegos analizados en xeral conseguiron transmitir unha perspectiva similar, aínda que con diversos matices.

Segundo este gráfico pénsase que, en maior medida, a actuación axeitada para a promoción das artes nos concellos debería ser a formación artística máis que a simple promoción da obra dos creadores, que, aínda que tamén é tomada como referente e obxectivo importante, se deixa nun segundo plano. Unicamente na Coruña, Lugo e Santiago de Compostela igualan a importancia dos dous ámbitos do dilema e consideran que tanto a promoción como a formación son dúas caras dunha mesma moeda.


Gráfico 12. Dilema Cultura como valor en si mesmo / Cultura ao servizo do desenvolvemento



Fonte: elaboración propia

O seguinte gráfico móstranos unha cuestión relativa a como é xustifico o sentido da política cultural que se está a seguir desde os concellos galegos estudados. Un dos elementos consideraría que se toma a cultura como un valor e unha actividade que se xustifica a si mesma á hora de se elaboraren as estratexias de actuación. O segundo elemento do dilema toma unha perspectiva diferente, onde a cultura funcionaría como un factor de desenvolvemento social, comunitario e local.

Os responsables municipais de cultura decántanse por unha perspectiva que valora a cultura como un servizo de desenvolvemento local, inserido nun contexto de evolución de estratexias sociais que terían o obxectivo de mellorar a calidade de vida dos seus concidadáns. A diferenza máis acusada atópase en Vigo, mentres que existe unha maior proximidade entre os dous elementos do dilema no Concello da Coruña, onde a cultura é apreciada tamén como un valor que non precisa de ser xustifico, xa que posúe un sentido de seu.


Gráfico 13. Dilema Recursos propios / Apoio das administracións

Fonte: elaboración propia

Preguntados os responsables culturais da Administración local sobre o modo de financiamento e xestión municipal que máis se podería achegar á realidade do seu concello, en especial sobre o grao de autonomía orzamentaria e loxística do municipio no correspondente ás súas accións culturais, podemos observar parte dos resultados no presente gráfico.

Para un número significativo de concellos, a maior parte do que se realiza en cultura no municipio debería facerse en boa medida co apoio de institucións alleas ao Concello, como poderían ser a Deputación Provincial, a Xunta de Galicia, o Goberno español ou mesmo axudas provenientes de Europa. Isto ocorre especialmente nas cidades da Coruña, Lugo e Vigo. En canto a Ourense, Pontevedra e Santiago de Compostela, os valores que aparecen reflectidos no gráfico tenden a equiparar esta idea do financiamento alleo coa perspectiva de que as actividades culturais tamén deberían realizarse cos recursos propios do Concello. Por último, o Concello de Ferrol valora positivamente o autofinanciamento das actividades culturais como un elemento que podería proporcionar certa liberdade de actuación. Esta perspectiva é coherente con outra expresada máis abaixo, onde a cidade de Ferrol presenta un enfoque máis empresarial que social, procurando a rendibilidade que proporcione o autofinanciamento.


Gráfico 14. Dilema Institucións públicas / Financiamento privado



Fonte: elaboración propia

No concernente ao dilema que considera a perspectiva sobre se o financiamento das actividades culturais debe contar prioritariamente coas entidades públicas ou ben debe procurar o predominio do investimento privado, existen diferentes perspectivas nos concellos estudados. En Ourense, Pontevedra e, sobre todo, A Coruña o responsable cultural do Concello cre que o mellor modo de financiar e xestionar as actividades culturais debería poder facerse, nunha maior medida, a través de capital privado. Pola contra, en Santiago de Compostela, Vigo e, sobre todo, en Ferrol considérase que os recursos financeiros para cultura deberían provir, fundamentalmente, de institucións públicas. Por último, en Lugo cóidase que os recursos e o financiamento destas actividades deberían proceder tanto de empresas privadas como de institucións públicas.


Gráfico 15. Dilema Dependente do Concello / Ente independente



Fonte: elaboración propia

Un último gráfico que reflicte cuestións sobre financiamento e xestión municipal é o referido ao modo de organización dos fondos asignados a cultura. As posibilidades que se barallan son ben unha tarefa que dependa directamente do Concello, o cal debería poder configurar a política cultural local mediante as súas directrices, ben mediante unha xestión que dependa en boa medida dun ente independente do Concello, polo menos organizativamente.

A pesar dos resultados parciais, obsérvase que os responsables de cultura adoitan colocar o Concello como a entidade principal que debe encargarse das cuestións organizativas, da xestión e das actividades culturais, e outorgan moita menos importancia á delegación destas responsabilidades noutras entidades independentes. Non ocorre o mesmo no caso de Ferrol, cuxo responsable de cultura manifestou que o peso da xestión das actividades culturais debería ser responsabilidade dunha entidade independente. Algo que, no caso particular de Ferrol, foi asumido por un Consello Municipal de Cultura, formado por axentes e entidades culturais, entre outros.


Gráfico 16. Dilema Subcontratación de servicios / Xestión directa

Fonte: elaboración propia

Neste gráfico preséntase a valoración acerca do modelo de canalización dos servizos culturais do Concello. Un dos polos do dilema presenta a posibilidade de subcontratar os servizos e programas a empresas culturais que descarguen de traballo e problemas de xestión a Administración local. No outro dos polos propónse a xestión directa dos servizos e programas culturais propios.

As respostas dos responsables políticos volven ser bastante parecidas: nun primeiro plano conviría que a xestión dos servizos culturais fose principalmente do Concello e só nun segundo plano debería subcontratarse esta xestión, sempre para cuestións menos importantes e baixo a tutela e supervisión do concello. Só Vigo, cunha carencia de estratexias culturais (os propios responsables de cultura afirmaron non contar cun organigrama de cultura e ignorar os fondos de que dispón esta área), valora positivamente a equiparación da xestión directa e da subcontratación para poder facer fronte ao desafío que supón administrar os servizos culturais na cidade con máis poboación de Galicia.

Gráfico 17. Dilema Enfoque empresarial / Enfoque social




Fonte: elaboración propia

A pesar das carencias deste gráfico, pode afirmarse que os concellos estudados neste traballo presentan un evidente enfoque social en canto á xestión das súas actividades culturais. Para a maioría dos concellos das cidades máis importantes de Galicia o prioritario, cando se xestionan as distintas actuacións en materia cultural, é dar conta e tentar resolver as posibles desigualdades que vaian xurdindo, así como facilitar o acceso aos servizos culturais por parte de toda a cidadanía. Preténdese chegar a todos.

A rendibilidade das actividades culturais aínda está afastada destes concellos, se excluimos o caso de Ferrol, talvez vinculando o turismo cultural a unha serie de actuacións que terían como obxectivo conseguir a rendibilidade necesaria para que os beneficios poidan reverter na cidadanía. Ademais, o responsable de cultura afirmou que a situación de gratuidade en todas as actividades culturais realizadas no Concello estaría destinada a facer insostible, nun futuro, o tipo de financiamento cultural actualmente existente.

Gráfico 18. Dilema Imaxe externa / Vertebración sociocultural interna




Fonte: elaboración propia

No grupo de dilemas que procuran valorar o impacto da imaxe cultural que se quere ofrecer aos residentes e aos visitantes, así como o impacto producido polo *márketing* cultural no municipio, o seguinte dilema pretendía calibrar en cada concello a importancia da creación dunha imaxe externa e dunha vertebración sociocultural interna.

Os resultados acadados mostran, en xeral, unha estratexia que combina os dous aspectos do dilema dunha forma máis ou menos sinérxica. Por unha banda procúrase dar con esa imaxe de concello como reclamo, como marca de calidade para os visitantes. Pero, ao mesmo tempo, téntase que esa imaxe externa reflicta a identidade ligada cos residentes, a realidade cultural e social característica do Concello.

A pesar de todo, a busca dunha imaxe externa está lixeiramente por riba na orde de preferencias, polo menos en concellos como A Coruña, Lugo ou Santiago de Compostela. Novamente, o único caso diferenciado está na Coruña, onde a creación dunha estratexia que vertebre a identidade local se situa lixeiramente por riba na orde de preferencias.

Gráfico 19. Dilema Visitantes / Residentes




Fonte: elaboración propia

A pesar de que a política cultural local está estratexicamente constituída tanto para a creación dunha imaxe externa como interna, esta percepción está moito máis diluída en case todos os concellos á hora de preguntar se a política cultural municipal debería ir dirixida na súa maior parte ben a visitantes, ben a residentes.

As respostas decantan este dilema cara aos residentes, agás no concello de Ourense, onde se produce unha equiparación de preferencias moi elevada. Seguindo coa estratexia cultural dos concellos importantes de Galicia, a busca dunha identidade local mediante a creación de eventos culturais que permitan realzar a imaxe externa do concello adoita estar organizada para que unha gran parte do público que asista sexa do propio municipio e se cree, dese xeito, unha retroalimentación e un aumento da percepción dos axentes locais como parte dunha cidade cun vizoso fondo cultural.

Gráfico 20. Dilema Investimentos para o prestixio / Investimentos para os colectivos



Fonte: elaboración propia

Na mesma liña dos anteriores dilemas, neste último gráfico preséntase a valoración dos responsables de cultura ante dúas perspectivas estratéxicas da política cultural do seu concello. Preguntouse se se deberían ou ben priorizar o financiamento e os investimentos que aumentasen o prestixio do municipio ou ben dar maior importancia aos investimentos a favor dos colectivos e axentes culturais que configuran a comunidade local.

Novamente, a liña xeral que desde os concellos afirman seguir é conceder unha maior importancia a aqueles investimentos que desenvolven e fortalecen os lazos da comunidade local, conscientes da importancia da participación cidadá na evolución da vida cultural do municipio. Todo isto sen deixar nunca de lado o aspecto máis rechamante do prestixio cara ao exterior, en busca dese equilibrio orzamentario e da sinerxía entre turismo cultural e proxección da cidade como marca de calidade e atractivo para os visitantes de fóra. Unicamente en Ferrol e en Vigo os dilemas están nun perfecto equilibrio, aínda que en diferentes niveis de prioridade; en Ferrol este dilema é de relativa importancia mentres que en Vigo, cidade que procura un espazo e proxección turística salientables, é un dilema de relevancia vital.

3. ANÁLISE DOS *DILEMAS ESTRATÉXICOS* POR CONCELLOS

A CORUÑA

O modelo cultural da Coruña, segundo a análise das respostas ofrecidas polo responsable de cultura do Concello, é un modelo implicativo coa sociedade, na procura dunha democracia cultural participativa, onde a perspectiva sociocultural se sitúe por riba da perspectiva máis culturalista. A pesar disto, no Concello da Coruña tamén se afirma que se busca un nivel de excelencia percibido como máis elevado, que facilite o acceso e formación nas artes e na cultura como obxectivo político-cultural. Polo tanto, podemos falar de dúas formas de entender o modelo cultural municipal, próximas pero diferenciadas, que tentan abarcar un amplo abano de posibilidades e realidades artístico-culturais da Coruña.

A configuración deste modelo realízase mediante a potenciación e a promoción da creación cultural, así como mediante a educación popular, e, por conseguinte, diríxese a conseguir xerar unha masa crítica, unha nova demanda cultural, ademais da creación de novos públicos.

Para completar este modelo, desde o Concello da Coruña sostense a idea de que os técnicos de cultura deben realizar un labor caracterizado máis pola xestión que pola animación das actividades. Todo isto nunha corrente actual de descentralización de equipamentos e infraestruturas culturais, nun momento en que as necesidades básicas están cubertas na zona en que reside o núcleo principal de poboación.

No que respecta aos dilemas operativos que fan referencia ao nivel de adecuación dos obxectivos culturais de aplicación no Concello, confírmase novamente a dualidade de aplicacións do modelo que se manexa na Coruña. Tanto a memoria herdada como a busca de novas perspectivas contemporáneas son elementos claves para configurar a política cultural local. Ademais, o modelo sitúa nun mesmo marco de importancia a promoción da obra dos creadores artísticos e a propia formación artística. Tamén se considera necesario nesta adecuación de obxectivos que a construción de infraestruturas e equipamentos culturais e a realización de actividades culturais teñan o mesmo nivel de importancia. A pretensión última de todo este despregamento de accións é orientar o sentido da política cultural cara a un obxectivo de desenvolvemento social, comunitario e local, que, en boa medida, converta tamén a cultura nun obxectivo intrínseco para toda a colectividade.

En canto aos dilemas que fan referencia ao modo de financiamento e xestión municipal da Coruña, o Concello presenta un enfoque operativo marcadamente social e busca resolver as desigualdades no acceso aos servizos culturais, mentres que o obxectivo da busca da rendibilidade nas actividades queda nun plano moito máis relegado.

No concernente ao financiamento, enténdese que a autonomía orzamentaria e loxística debería levarse a cabo, na súa maior parte, con recursos doutras administracións como a Xunta ou a Deputación Provincial, sendo tamén moi beneficioso a procura de financiamento privado para cultura. Tamén se considera necesario que a canalización dos servizos e programas culturais sexa xestionada directamente polo propio Concello aínda que, en coherencia coas respostas anteriores, se ve conveniente que unha gran parte destes servizos sexan subcontratados por empresas culturais.

O último grupo de dilemas, relativos á imaxe da cidade, retoma a perspectiva da política cultural municipal en aspectos anteriormente mencionados. O responsable cultural da Coruña cre prioritario que os investimentos teñan como obxectivo principal acceder a aqueles colectivos que configuran a comunidade local, para favorecer así unha vertebración interna a través daquelas actividades que irían fundamentalmente dirixidas aos residentes no municipio, aínda que poderían ser englobadas nunha corrente que fose tamén sensible aos intereses dos visitantes, na procura da creación dunha imaxe externa da cidade como referente cultural en Galicia.

FERROL

De acordo coa información proporcionada polo responsable cultural do Concello de Ferrol, o modelo cultural deste municipio está claramente inclinado cara a unha perspectiva sociocultural ampla, onde a prioridade sería non só promover e difundir a cultura, senón tamén a da democracia cultural, aquela que poña de relevo a cultura popular existente e a implicación dos seus axentes e creadores. Non obstante, para os seus responsables políticos, o labor de democratización cultural, como concepción da política cultural local, aínda conta case tanto como o da democracia cultural.

Por outra banda, tanto os dilemas relativos ao obxectivo social estratéxico con máis prevalencia nas accións de promoción da acción cultural, como aqueles que fan referencia ás estratexias de orientación das políticas culturais, áchanse distribuídos dun xeito equilibrado entre os distintos ámbitos presentados. O responsable de cultura en Ferrol cre que a atención á demanda cultural existente e a promoción da educación popular orientada a crear novos públicos son igualmente importantes na política cultural municipal. A mesma relevancia que lles outorga á potenciación da promoción da creación e da creatividade por unha banda e á difusión cultural desas creacións pola outra.

Aínda que os axentes implicados na política cultural local deberían participar activamente na súa construción e deseño, desde o Concello de Ferrol considérase que existen casos concretos nos que ese deseño debería contar unicamente coa consulta dos colectivos e axentes culturais.

A localización dos equipamentos e infraestruturas culturais é outro dos dilemas estratéxicos que suscita bastante consenso no seu nivel de resposta. Considérase que é necesaria unha repartición equilibrada entre os equipamentos situados no centro do concello e aqueles outros localizados na periferia, para que os servizos culturais poidan chegar convenientemente a todos os veciños.

Por último, en canto ao perfil prioritario na contratación de técnicos de cultura, no concello de Ferrol, como no da Coruña ou no de Lugo, a xestión cultural é o elemento principal que se procura á hora de facerse cun técnico, por riba do de animador sociocultural.

O grupo de dilemas que tratan de determinar o nivel de adecuación dos obxectivos culturais tende a ser moi semellante ao do resto das cidades. Tanto a atención ao patrimonio e á cultura herdada como a atención ás novas perspectivas culturais son idénticas no Concello ferrolán. Cóidase tamén que debe ter o mesmo peso estratéxico o repartimento dos recursos entre a construción de infraestruturas culturais e a realización de actividades relacionadas coa cultura. Novamente, a política cultural do Concello de Ferrol está claramente ligada á perspectiva máis social, promovendo a cultura como un factor de desenvolvemento comunitario. Para conseguir isto, a formación artística debe desempeñar un importante papel, xa que a promoción da arte considérase un ámbito cultural moi relevante.

Se nos detemos agora nos dilemas que teñen relación co modo de financiamento e xestión municipal comprobaremos como, ao contrario do que ocorre noutros concellos estudados, en Ferrol pénsase que gran parte do que se realiza en cultura debería facerse cos recursos propios da Administración local, deixando o apoio doutras institucións nun afastado segundo plano, para cuestións puntuais. Ademais, os recursos orzamentarios públicos deberían ser a base do financiamento e a xestión dos fondos debería depender en boa medida dun ente independente do Concello, como por exemplo o Padroado de Cultura. Seguindo a liña da xestión dos fondos culturais, é preferible unha xestión directa dos servizos culturais que a súa subcontratación.

Toda esta liña de actuación e xestión orzamentaria ten como obxectivo primordial a busca da rendibilidade das actividades culturais, aínda que cun marcado enfoque social. No Concello pénsase que non se debería realizar unha actividade tan minoritaria que non fose rendible, considerando que o Concello dificilmente pode asumir tantos gastos en cultura. Para evitar esta situación, a persoa responsable de cultura considera un obxectivo difícil, pero prioritario, que os cidadáns se conciencien de que a gratuidade polo uso e gozo das infraestruturas e dos servizos culturais é unicamente temporal. Non obstante, a xestión deste enfoque empresarial debería pertencer ao Padroado de Cultura ou a algunha entidade en que estivesen representados o Concello e as asociacións ferrolás.

O último grupo de dilemas, que fai referencia ao *marketing* e á imaxe externa do Concello de Ferrol, persegue a mesma liña social, pero bastante mesturada cun enfoque onde o turismo debería desempeñar un papel importante. A creación da imaxe externa da cidade e as actuacións

sociais internas teñen como obxectivo buscar o equilibrio entre o investimento en actuacións que melloren o prestixio do municipio e ao mesmo tempo que revertan nos colectivos que configuran a comunidade local para conseguir, finalmente, que a política cultural municipal acabe focalizando a súa atención nos residentes.

LUGO

Os dilemas relativos ao modelo cultural existente en Lugo ofrecen uns resultados similares aos de concellos como os da Coruña ou Pontevedra: a perspectiva política cultural, segundo os responsables da Administración local, é a dun concello cun enfoque sociocultural amplo, aínda que sen deixar de lado o requirimento de considerar a cultura como un valor elevado. É tamén un concello onde a sensibilidade e o recoñecemento das culturas populares e a implicación dos seus axentes e creadores resultan prioritarios.

Para acadar a democracia e implicación social, o Concello tende a promover a educación popular e a aparición dunha nova demanda cultural potenciando a difusión artística no concello ao mesmo tempo que lle dedica iguais esforzos a promover a creación cultural, para xerar unha masa crítica que poida manter unha constante e fluída transmisión de valores socioculturais entre todos os axentes e creadores locais.

Outros dous aspectos dannos unhas últimas pinceladas sobre o modelo cultural existente no municipio. O primeiro é a aclaración do perfil prioritario á hora de contratar un técnico de cultura. Novamente o perfil máis demandado é o de xestor cultural máis que o de animador. O segundo remite ao modo de localización dos equipamentos culturais do concello. Segundo o perfil xeográfico de Lugo, e atendendo ás súas instalacións, o responsable de cultura respondeu que cumpriría a construción de infraestruturas centralizadas, para ofrecer unha maior calidade de servizos nun espazo próximo e privilexiado.

Aqules dilemas que determinan o nivel de adecuación dos obxectivos culturais de Lugo teñen uns resultados que apoian a liña da política cultural local. Os recursos da área de cultura adoitan ir destinados con certa prioridade a atender o patrimonio e a memoria herdada máis que á apertura de novas perspectivas culturais, pero sen deixar nunca de lado esta perspectiva máis contemporánea. O sentido da política cultural describe esta cultura como un factor clave de desenvolvemento social e comunitario que, ademais, ten un valor propio que debería ser enxalzado mediante, por exemplo, a promoción da obra dos creadores artísticos locais. Outra forma de potenciar esta perspectiva está en saber combinar coherentemente a construción de novas infraestruturas e equipamentos culturais coa realización destas en contornos apropiados.

Os dilemas relativos ao financiamento e xestión municipal determinan unha nova perspectiva da política cultural local que ten como máxima expresión a idea de que a autonomía orzamentaria do Concello debería estar distribuída principalmente en diversas administracións que apoiem a local (Deputación Provincial, Xunta de Galicia, institucións europeas...). En Lugo

opínase que, ademais deste financiamento público, en cultura debería procurarse, igualmente, un apoio financeiro privado. A pesar de todo o comentado anteriormente, pénsase que, dada a situación actual, o Concello debería ter a xestión directa dos fondos asignados a cultura, pero de darse outras circunstancias e outras expectativas culturais existiría unha clara inclinación a optar por crear unha empresa cultural como no caso do Concello da Coruña.

Na mesma liña, a canalización dos servizos e programas culturais en Lugo realízase mediante a xestión directa, aínda que mantendo sempre un enfoque social que resolva as desigualdades de acceso á cidadanía.

O último grupo de dilemas estratéxicos, referidos á imaxe e ao *marketing* municipal, redúndana na mesma perspectiva sociocultural, polo que é prioritario para o concello de Lugo, por exemplo, a promoción daqueles investimentos que favorezan os colectivos que configuran a comunidade local fronte a aqueles outros que priorizan o aumento de prestixio do municipio. Xa que logo, a política cultural do Concello está dirixida principalmente aos residentes, aínda que buscando un certo equilibrio entre a vertebración cultural e social interna e a creación dunha imaxe de marca turística cara ao exterior.

OURENSE

A análise dos dilemas estratéxicos, obtida dos responsables políticos, que fundamentan o modelo cultural existente en Ourense enfatiza a idea de que tanto a perspectiva máis culturalista, que privilexia o acceso a unha forma máis clásica e elevada de cultura, como a perspectiva máis sociocultural, sensible á promoción e implicación das formas culturais existentes, son igualmente relevantes e igualmente asumidas. Para conseguir isto cómpre consultar os axentes e colectivos locais e permitir-lles a miúdo a súa participación e implicación activa no deseño da política cultural municipal. O obxectivo latente estaría en fomentar a democratización cultural mediante a promoción da creación artística e cultural en todos os sectores sociais e mesmo potenciar a difusión destas expresións artísticas. Promovendo deste xeito a educación popular, o obxectivo social estratéxico estaría tamén na aparición dunha nova demanda, de novos públicos, xa que se considera ben atendida a demanda cultural existente.

A construción de equipamentos culturais centralizados é unha das claves para afianzar toda esta perspectiva estratéxica. Ademais, os técnicos de cultura contratados polo Concello deben responder a un perfil en que pese máis a capacidade de xestión cultural que o perfil de animador, como ocorre tamén na meirande parte dos concellos estudados.

Ante a pregunta sobre os dilemas operativos relativos ao nivel de adecuación dos obxectivos culturais, o responsable da área de cultura considera que no Concello de Ourense deberían abrirse novas perspectivas ligadas a unha contemporaneidade cultural, sempre sen perder de vista as referencias histórico-patrimoniais que vertebran a identidade, a tradición e a memoria do Concello.

Esta visión contemporánea da atención aos recursos asignados a cultura pasa pola construción de novas infraestruturas culturais que melloren as actuais, así como tamén por un importante desenvolvemento da promoción e da formación artística que mellor se adecúe á situación actual do concello de Ourense. Novamente, o obxectivo deste enfoque sería xustificar estas actuacións para que a cultura sexa un referente de desenvolvemento social, comunitario e local.

Canto aos dilemas relativos ao modo do financiamento e xestión municipal, en Ourense séguese unha perspectiva que intenta unir esforzos tanto no financiamento dos servizos e actividades ligadas á cultura como na xestión destas. A pesar disto, considérase que a maior parte do que se realiza debería contar co apoio dos investimentos procedentes doutras administracións comarcais, autonómicas, estatais ou mesmo europeas e procúrase buscar, ademais, o financiamento privado para mellorar as expectativas financeiras.

O concello debería ser o principal encargado da xestión dos mencionados fondos asignados a cultura, sen desbotar a axuda ocasional dun ente independente do Concello con carácter consultivo e mesmo organizativo. Polo tanto, a xestión dos servizos e programas culturais do Concello debería pertencer principalmente ao propio Concello, que buscaría, en todo caso, un enfoque social que resolvese as desigualdades e o acceso de todos aos servizos culturais.

Nos dilemas relativos á imaxe e ao *márketing* municipal pódese apreciar en Ourense un esforzo consciente para formar unha imaxe englobada nun proceso de promoción turística, sen perder totalmente a identidade local. Xa que logo, desde o concello determinouse que o eixe sobre o que xira a política cultural municipal é o da creación dunha «imaxe» externa, turística e promocional sobre aqueloutra máis interna e social. Esta política tenta, non obstante, reunir os dous enfoques para orientarse cara aos visitantes e aos residentes por igual e procura, mediante esa vía, unha identificación daqueles valores que se promoven cara ao exterior cos existentes dentro da comunidade local. A pesar de todo o dito, nos investimentos culturais ten un maior protagonismo o financiamento a favor dos colectivos que configuran a comunidade local que aquel que se dirixe a aumentar o prestixio externo do municipio.

PONTEVEDRA

O modelo cultural de Pontevedra comparte grandes semellanzas cos de Lugo ou Santiago de Compostela. Existe unha perspectiva claramente sociocultural, que promove a sociedade e os estilos de vida existentes. Búscase un modelo que poña de relevo o interese pola formación dos públicos e a participación activa máis que polos aspectos relacionados co consumo cultural clásico. Para conseguir estes obxectivos procurouse articular unha política cultural que mantivese as perspectivas de democratización e democracia cultural no mesmo nivel de importancia, pero concedendo un papel importante e significativo aos axentes e colectivos culturais para que participen e se impliquen activamente.

O obxectivo que se persegue, polo tanto, é promover a educación popular e a aparición de novos públicos sen deixar de lado a demanda xa existente. Esa é a razón pola que se debe manter, segundo o responsable de cultura do Concello de Pontevedra, un equilibrio de intereses entre a construción de equipamentos no centro do municipio e a construción de infraestruturas descentralizadas.

Por último, no Concello existe unha preferencia polos técnicos de cultura cuxo perfil sexa máis o de xestor cultural que o de animador sociocultural, aínda que se incide en que debe ser un perfil, en todo caso, moi completo e que poida eventualmente cumprir ambos os papeis.

O grupo de dilemas operativos, nos que se trata de determinar o nivel de adecuación dos obxectivos culturais en Pontevedra, segue a liña da meirande parte dos concellos analizados. Procúrase manter un certo equilibrio entre tradición ou memoria e contemporaneidade, aínda que se realiza un maior fincapé en potenciar aqueles recursos destinados ao patrimonio e á memoria herdada como sinal de identidade comunitaria local. Novamente, a cultura é vista como un factor de desenvolvemento social, comunitario e local, onde cómpre desenvolver un importante labor de formación artística, ademais de priorizar a realización de actividades relacionadas coa cultura, sen deixar atrás o obxectivo da construción de equipamentos, para xustificar a política cultural local. Atendendo a este tema, o responsable de cultura determinou que existe un certo déficit na creación de infraestruturas dedicadas á formación de novos artistas.

O modo de financiamento e xestión municipal que máis se achega á realidade do Concello de Pontevedra ten un marcado enfoque social que busca resolver as desigualdades no acceso aos servizos culturais.

Ante a pregunta sobre grao de autonomía orzamentaria, o responsable de cultura determinou que a maior parte do que se realiza en cultura debería facerse principalmente co apoio doutras institucións, pero sen deixar de lado os recursos propios da Administración local. Así mesmo, aínda que considera importante a existencia deste financiamento público, di que sería máis beneficiosa a busca de financiamento de carácter privado, se ben a xestión dos fondos asignados a cultura debería recaer máis frecuentemente no Concello, que se encargaría de xestionar directamente a maior parte dos servizos e programas culturais propios. A subcontratación destes servizos realizaríase eventualmente, cando fose necesario.

Con respecto aos axentes das entidades privadas, desde o Concello faise constar a falta de coordinación entre a programación privada (sobre todo caixas de aforros) e a pública e que os programas destas entidades responden máis a criterios de rendibilidade económica que a criterios máis sociais.

En canto aos dilemas sobre a imaxe e o *márketing* municipal, en Pontevedra tenta conseguirse certa equiparabilidade entre a creación e a promoción dunha imaxe de concello turístico que ao mesmo tempo xire tamén sobre o eixe cultural e social interno. Preténdese conseguir que, mediante os investimentos que favorecen os colectivos que configuran a comunidade local, o Concello sexa capaz de aumentar o prestixio e a imaxe turística da cidade.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Concello de Santiago de Compostela ten, como capital autonómica e centro cultural por excelencia en Galicia, un complexo equilibrio de valores nos distintos dilemas que a seguir se analizan. Seguindo esta advertencia, podemos ver que nos dilemas relativos ao modelo cultural existente, a pesar de existir unha marcada perspectiva sociocultural, o responsable de cultura coida que debe conciliarse esta postura coa perspectiva máis culturalista.

O deseño da política cultural debería formar parte do consenso entre os distintos axentes e colectivos implicados na vida artística da cidade. Este deseño pasa necesariamente pola potenciación e promoción da creatividade cultural destes axentes e colectivos, e da educación popular e a aparición de demandas culturais innovadoras, de novo público con distintas necesidades de consumo artístico. O proceso de democratización e democracia cultural debe desempeñar un papel que se equilibre en todos os ámbitos de actuación e semella un proceso en continua redefinición.

Seguindo estas características da política cultural local, no Concello de Santiago de Compostela considérase igualmente importante a construción de equipamentos tanto centralizados como nos barrios e periferia do municipio. En canto á figura do técnico de cultura, o labor desenvolvido por este debe responder, en boa medida, ao perfil de animador e mais de xestor cultural.

Con respecto ao grupo de dilemas relativos ao nivel de adecuación dos obxectivos culturais, as respostas obtidas elevan este grupo ata convertelo no máis importante da definición das políticas culturais do Concello compostelán. Esta definición pasa por outorgarlle unha prioridade máxima a equiparar os recursos dedicados á memoria herdada e ao patrimonio, así como a novas perspectivas culturais innovadoras. A construción de novas infraestruturas culturais non debería estar en contraposición coa importancia que supón para o Concello a realización de actividades ligadas coa cultura. E para os artistas que desenvolven estas actividades, o Concello dá a mesma importancia prioritaria á promoción da súa obra que á formación destes. Todo isto revela unha perspectiva cultural fortemente inclinada a entender esta política cultural como un factor de desenvolvemento social, comunitario e local.

Os dilemas referidos ao modo de financiamento e xestión municipal marcan unha realidade caracterizada por unha autonomía orzamentaria que, se ben dispón de certa folgura para autofinanciarse, debe contar necesariamente coa axuda e co apoio doutras institucións e administracións comarcais, autonómicas, estatais ou mesmo europeas. Ademais, a pesar de que se conta normalmente con recursos públicos destas entidades, normalmente recórrese ao financiamento privado para suplir algúns déficits ou carencias nos programas culturais locais. Desde o Concello considérase que gran parte da xestión dos fondos asignados a cultura debería depender directamente do Concello, aínda que tamén consideran positiva a presenza dun ente independente da Administración local que organice a xestión deses fondos (como neste caso, un padroado de cul-

tura). Seguindo esta liña, o mecanismo a través do que se deben canalizar os servizos culturais é mediante a xestión directa dos servizos e programas propios. Por último, o enfoque operativo da xestión cultural é maioritariamente social e busca resolver as desigualdades permitindo o acceso de todos os cidadáns aos distintos servizos de que dispón o concello.

O último grupo de dilemas, que pretende determinar todo o relativo á imaxe e ao *márketing* municipal na política cultural que se desenvolve no concello, ofrece unha perspectiva lixeiramente marcada cara ao cidadán de Santiago, pero sen deixar nunca de lado o turista e o visitante ocasional, tendo en conta que a cidade compostelá ten un elevado índice de turistas durante todo o ano. Xa que logo, as políticas culturais municipais prevén un achegamento de creación dunha marca de calidade da cidade dirixida aos visitantes que aumente a calidade e prestixio do municipio. Non obstante, desde o Concello dáselle unha importancia lixeiramente superior aos colectivos que configuran a comunidade local, nun intento de integralos dentro desa marca identitaria da cidade e de crear unha sinerxía nas actividades culturais, enfocadas sobre o eixe social interno, que deriven nunha mellora da imaxe e do prestixio da cidade como enclave turístico privilexiado.

VIGO

Na cidade con máis poboación de Galicia, a perspectiva das políticas culturais municipais abordadas nos distintos dilemas da enquisa proporciona algúns datos clarificadores canto ao modelo cultural existente no municipio. Este modelo defínese en Vigo como unha mestura equilibrada entre unha perspectiva sociocultural ampla, coa promoción da sociedade existente, e unha perspectiva culturalista onde se facilite o acceso a unha cultura clásica e elevada. Con isto búscase priorizar a sensibilidade e o recoñecemento das culturas populares e a implicación socio-cultural dos seus axentes e creadores artísticos sen desbotar o obxectivo político do acceso á arte e á cultura para todos.

Este enfoque materializárase coa promoción da educación popular e coa aparición dunha nova demanda cultural, sen perder de vista a atención que xa está en marcha, ao mesmo tempo que se utilizaría unha estratexia en que tanto a promoción da creación cultural como a potenciación da difusión cultural orientarían a política cultural municipal. Para conseguir todos estes obxectivos cómpre contar co apoio e consulta aos axentes e colectivos culturais (por exemplo no caso do teatro) e cunha ocasional participación destes colectivos na toma de decisións e deseño da política cultural.

A localización dos equipamentos culturais segue unha estratexia específica do Concello e estes están deseñados en función das situacións máis ou menos conxunturais. Actualmente quérese levar aos barrios todas as programacións culturais que sexa posible, co fin de potenciar actividades e servizos e, en parte, a descentralización dos equipamentos. Así mesmo, á hora de contratar técnicos de cultura, no Concello considérase que o perfil ideal é aquel do que saiba adaptarse ás necesidades do momento, combinando xestión cultural e animación sociocultural.

Dentro do grupo de dilemas sobre o nivel de adecuación dos obxectivos culturais, o concello de Vigo aposta por unha política cultural municipal que atenda os recursos do patrimonio e da memoria herdada sen deixar atrás todas as novas experiencias artísticas ligadas á innovación. Novamente, o sinal de identidade constrúese mediante a potenciación da perspectiva sociohistórica da cidade e xustifícase a política cultural como un factor de desenvolvemento comunitario local.

Os recursos de cultura adoitan ter unha importancia e preferencia similares en canto á construción de infraestruturas e á realización de actividades culturais, mentres que a promoción das artes pasaría, segundo o responsable de cultura do Concello vigués, por desenvolver un importante labor de formación artística e, aínda que en menor medida, tamén pola promoción da obra dos creadores.

Os dilemas de xestión municipal e modo de financiamento debuxan un perfil cun enfoque certamente social máis ca empresarial, onde o grao de autonomía orzamentaria e loxística pasase necesariamente polos organismos doutras administracións e entidades públicas (Deputación, Xunta, Unión Europea...). Non obstante, en Vigo crese que é necesario un maior investimento privado, incluso de particulares, se ben a realidade é que a meirande parte do orzamento provén das institucións públicas.

Por outra parte, considérase que a xestión dos fondos asignados a cultura debe depender directamente do Concello, aínda que cando se pregunta polo mecanismo de canalización dos servizos culturais, desde o Concello respóndese que estes servizos e programas deben subcontratarse, sobre todo para o deseño destes e para o achegamento de novas propostas e ideas. Xa que logo, a xestión destes servizos é normalmente realizada polo Concello.

No grupo dos dilemas referentes á imaxe e ao *márketing* cultural, o Concello ten unha visión turística e promocional da cidade, sen deixar de lado os investimentos a favor dos colectivos e axentes culturais que configuran a comunidade local. Para conseguir manter esta dualidade, o Concello de Vigo organiza distintos programas culturais que teñen obxectivos concretos (a promoción da «imaxe» externa da cidade e a promoción de actividades dirixidas aos residentes).

CONCLUSIÓNS FINAIS

1. A CORUÑA

O modelo de política e xestión cultural do Concello da Coruña representa una liña de traballo moi definida e diferenciada a teor do que acontece no ámbito das restantes cidades de Galicia. Á dimensión equipamental de alto nivel en materia cultural –que a pon en cabeza neste sector na nosa comunidade– vinculáronse estratexias profesionalizadoras que fixeron da actividade cultural do Concello da Coruña un activo económico claro dentro dunha aposta de proxección urbana fundamentada nunha renovación da imaxe da cidade.

A política cultural é para o goberno local da cidade herculina un factor estratéxico da súa xestión local que, xunto cos proxectos urbanísticos, foi concibida para propiciar novas condicións de acceso democrático a todas as manifestacións culturais do noso tempo e para lograr unha estabilidade nas ofertas capaz de permitir a creación de novos públicos. A esta finalidade axudou a dedicación de arredor dun dez por cento dos seus orzamentos anuais ás políticas de cultura e educación, o que contribúe a consolidar un labor adicional de explotación didáctica dos recursos dispoñibles. Este nivel de recursos fixo posible a creación dun conxunto de colectores especializados para cada área de actuación, así como a creación e estabilización na cidade de equipos humanos moi cualificados e profesionais. A vertebración social e a promoción da imaxe cara ao exterior (con políticas de grandes infraestruturas e eventos) son os eixes dos que bota man o Concello da Coruña para concretar este tipo de orientación na súa política cultural.

Neste contexto, o carácter estratéxico da política cultural local pretende maximizar coñecementos, redes e experiencias co fin de lograr unha cultura da excelencia e da concorrencia, claves para a creatividade e o estímulo. É nesta conxuntura onde a política de dotacións dos macroequipamentos constitúe un ámbito que se xustifica a si mesmo sobre a base da amplitude dos seus obxectivos, os cales transcenden con folgura o simple marco cultural en virtude da súa relevancia cívica, turística e socioeconómica.

O grande esforzo realizado triangulando estratexias de equipamentos, recursos de persoal e loxística de difusión cultural dá como resultado un conxunto de servizos culturais do Concello máis profesionais respecto da media do país. Esta circunstancia, unida á diversidade de propostas e ao que desde o Concello se considera como un claro éxito de impacto a nivel de público, semella constatar o logro por parte da cidade dun sinal de identidade corporativa neste eido altamente definido.

Vinculado á dimensión institucional da actividade cultural sitúase, no ámbito da creación e da difusión cultural, un movemento asociativo que anualmente programa unha cantidade moi considerable de iniciativas, das que non están ausentes os diferentes promotores privados e mesmo os empresarios locais. Estas entidades valoran moi positivamente o esforzo realizado polo Concello en materia de equipamentos, así como a axuda proporcionada tanto polas institucións privadas como pola Deputación Provincial, ao mesmo tempo que comparten tamén a opinión acerca do favorable impacto económico que provoca a presenza deste tipo de recursos e actividades.

As asociacións opinan que tanto a construción de novas infraestruturas como o deseño articulado e integral das actividades culturais arredor delas deberían ser tarefas centrais na política cultural do Concello da Coruña, de forma que os colectivos culturais puidesen participar activamente na programación cultural da cidade. Mesmo se considera que algúns dos equipamentos promovidos desde o Concello puideron acadar un nivel máis elevado de eficiencia e idoneidade de seren concibidos co concurso, coa opinión e coa participación dos colectivos cidadáns no seu deseño.

Desde o mundo asociativo cuestiónase a extraordinaria *densidade* de recursos equipamentais e servizos culturais no reducido ámbito do centro urbano, cando ademais estes se orientan a grandes eventos, como por exemplo as festas da cidade, cuxos criterios de programación se polarizan en exceso cara á promoción de macroconcertos de música pop, os cales subtraen extraordinarios recursos financeiros; ou a perennización de actuacións de compañías de Madrid, mentres que as de aquí teñen unha presenza nas programacións excesivamente breve.

Algún dos entrevistados coída que o campo cultural local estaría transido por unha liña imaxinaria que separaría un sector «rico» doutro «precario». O «rico» estaría nas mans de institucións e fundacións que, grazas a que contan cun grande orzamento, poden traer espectáculos e artistas foráneos de moito renome, mentres que outro sector –especialmente o asociativo– se atoparía nunha posición máis fráxil e precaria.

En liñas xerais, os axentes culturais entrevistados comparten a percepción de que se está a privilexiar en exceso unha política cultural orientada á produción da imaxe externa fronte á conveniencia dunha política cultural orientada tamén á vertebración social interna e á potenciación dos colectivos de creación e produción cultural e artística. Este requirimento podería ser afrontado a través dunha maior consideración, e eventualmente dunha maior implicación, das asociacións e dos colectivos de creadores no quefacer cultural municipal. Desde os ámbitos culturais da sociedade civil constátase, en todo caso, a presenza de dinámicas que están a favorecer un labor cultural participativo e implicativo, polo menos naquelas instancias onde isto resulta máis factible e desexable. Do mesmo xeito, resulta tamén constatable o esforzo institucional efectuado de cara ao desenvolvemento dunha cidadanía culta e democrática. Estes mesmos axentes consideran moi acertada a iniciativa do Concello de vincular a programación cultural co servizo de educación, como outro dos eixes que son inherentes aos obxectivos das políticas culturais da cidade: a socialización das novas xeracións e a democratización do acceso á cultura entre todos os segmentos sociais como unha vía privilexiada para o desenvolvemento cívico e a potenciación de cidadáns libres e autónomos.

Pero este vizoso modelo non está exento de feblezas, que moitas veces desorientan os propios traballadores dos distintos departamentos. Unha das debilidades do sistema de xestión percibida por parte do mesmo persoal dos servizos culturais é a que se deriva da excesiva amplitude do seu traballo e, nalgúns casos, da falta de definición deste (tarefas, protocolos...). Tamén se fai notar un certo déficit de persoal para facer fronte á gran cantidade e intensidade dos labores asu-

midos polos servizos. Estes traballadores consideran, polas propias características das tarefas que desenvolven, que teñen necesidade dunha formación continua e de dotarse dunhas habilidades axeitadas para o manexo de ferramentas ligadas ás novas tecnoloxías.

En liñas xerais, bótase en falta unha cooperación moito máis fluída entre os actores culturais asociativos e os creadores coas institucións locais. Despréndese das opinións recollidas que é necesario saber aproveitar o propio potencial cultural e creativo como un activo xenuíno e orixinal na súa calidade de recurso susceptible de ser promovido. Por este motivo, proxectos como converter o Cárcere da Torre nunha *factoría cultural*, capaz de actuar como un espazo intermedio vertebrador dos desafíos emerxentes da cultura a nivel interno, podería constituír unha iniciativa relevante e complementaria de cara a unha política cultural integradora que atendese aos novos requirimentos e ás novas demandas de espazos e recursos en ámbitos como a música ou o teatro. Neste sentido sería pertinente que actividades ben encamiñadas, como o ciclo Raíces, se potenciasen máis, así como que se cubrise tamén a demanda cidadá dunha programación cultural orientada á terceira idade.

O obxectivo da orientación da política cultural urbana, claramente decantada a converter a dimensión cultural da cidade nun activo económico e nun compoñente importante de dinamismo social, deu lugar a que se adoptasen estratexias onde se primou a creación de infraestruturas de alto nivel como primeiro paso para a creación dunha nova imaxe da cidade. Esta circunstancia non pode obviar a demanda explícita do movemento asociativo da Coruña dunha maior atención por parte das institucións, así como a necesidade de crear novos públicos para a cultura, se é que non se quere producir unha creba na cultura entre dúas velocidades: a daqueles espectáculos externos tan excelentes como autoevidentes e a da creatividade e dos artistas locais atuídos nunha posición menos visible e de conformación máis lenta que, a pesar diso, resultan estratéxicos para un futuro desenvolvemento eficiente das políticas culturais.

Por último, normalizar as relacións entre a iniciativa cultural social e as entidades privadas coa finalidade de obter apoios destas últimas sería unha proposta tan necesaria como intelixente de cara ao logro dos obxectivos que subxacen ás propostas en materia cultural defendidas desde o Concello.

2. FERROL

O Concello de Ferrol está a inserir a súa política cultural local dentro do marco de oportunidades que o actual paradigma cultura/turismo ofrece para as dinámicas de desenvolvemento urbano. Esta circunstancia ten en conta as necesidades daquelas entidades locais que desenvolven unha actividade contrastada como se pon de manifesto co financiamento municipal das obras de ampliación do Ateneo Ferrolán ou coa construción dun edificio para o grupo de música Toxos e Frores.

Ferrol ten un Padroado de Cultura con competencias en teatro, danza e promoción cultural e das artes escénicas e un Consello Municipal de Cultura. Conta, ademais, cunha Comisión de Cultura que, malia ter un recoñecemento sociocultural formal, non presenta unha actividade regular e estable.

En canto ao nivel de infraestruturas culturais, a reapertura do Museo Municipal en 2002 (despois de estar pechado desde 1985) e o reinicio da actividade no Teatro Jofre a finais de 2005 están a paliar o actual déficit. Así mesmo, a relativamente recente posta en marcha de dúas bibliotecas e un novo conservatorio así como a descentralización de locais municipais para a actividade cultural municipal ofrecen a posibilidade dun cambio bastante notorio respecto á situación de hai dez anos, ao tempo que contribúen a unha mellora considerable da oferta cultural preexistente. Non obstante, bótanse en falta infraestruturas que dean soporte á demanda e á oferta da produción das artes plásticas e audiovisuais da cidade, así como unha sala de concertos comarcal para dar saída periódica a toda a afección pola música.

Hai que destacar o significativo papel desempeñado por algunhas entidades privadas como Caixanova; tamén é salientable a progresiva presenza no sector cultural da cidade de Caixa Galicia que, no último ano, realizou unha achega financeira moi significativa para apoiar a actividade cultural. Tamén a Sala Sargadelos colabora activamente coa actividade cultural da cidade facilitando o acceso ás súas instalacións a moitos creadores e promotores culturais.

Os axentes e colectivos entrevistados coidan que no Concello de Ferrol existe unha gran demanda de actividades musicais e teatrais que non está satisfeita, ademais da percepción bastante estendida dunha carencia difusa xeneralizable a todo o ámbito da acción cultural existente. Esta situación convive cunha perceptible desconexión entre universidade e sociedade civil, que os entrevistados consideran que é necesario resolver.

O Concello de Ferrol goza de canles sólidas de comunicación e cooperación coas asociacións, que se concretan na existencia de subvencións, convenios e relacións diversas de natureza bastante estable, que as asociacións valoran positivamente. Pero isto non abonda, e o movemento sociocultural deste Concello segue a manter un pulso intenso dentro do panorama local e un dinamismo bastante constante e estable. O tecido asociativo trata de manterse buscando novas maneiras de xerar os seus propios recursos, mesmo procurando o apoio privado, a través de convenios con empresas ou concertando apoios entre elas mediante procesos de axuda mutua, como por exemplo o intercambio de materiais.

As entidades asociativas consideran que realizan en xeral un gran labor de sensibilización social, por iso valoran moi positivamente que se dean pasos para mellorar a coordinación das actividades culturais do Concello como un camiño de avance cara á coherencia dunha política cultural urbana.

Non obstante, estas mesmas asociacións consideran que o actual modelo de xestión na procura das axudas implica un esforzo e unha dedicación de tempo excesivos ao ter que renovar cada ano a demanda e busca de recursos para actividades moitas veces xa consolidadas e cunha

capacidade de convocatoria contrastada. A carga burocrática e a dependencia que isto supón é moi pesada, sobre todo nun contexto onde o futuro das infraestruturas legadas pola Xunta pode condicionar o total dos posibles recursos que se orienten á actividade cultural da cidade.

As repercusións derivadas da implicación das asociacións en problemas cívicos, a retirada de subvencións públicas e a falta de apoios privados, así como a percepción de que o Concello en ocasións representa unha «competencia desleal» dá lugar a que as asociacións non poidan afrontar as súas actividades ao teren tamén que concorrer coa programación de certos eventos que o Concello organiza con carácter gratuito. Ao mesmo tempo, sendo consciente desta crítica, o responsable de cultura do Concello afirma que os cidadáns deberían concienciarse de que a gratuidade destes eventos é unicamente temporal, xa que a Concellaría dificilmente pode asumir tantos gastos en cultura, co risco orzamentario que isto suporía. O concelleiro considera, finalmente, que a xestión debería poder recaer nunha entidade en que estivesen representados tanto o Concello como as asociacións ferrolás para acadar o mellor funcionamento posible.

Algúns colectivos cidadáns consideran que as actividades programadas en Ferrol están demasiado escoradas cara a actividades cíclicas como as festas das Pepitas, a Semana Santa ou o Nadal, algo que coidan que reflectiría a carencia dunha verdadeira política cultural. Tamén resulta preocupante que se financien sen moito reparo actividades lúdicas de alto custo, como os concertos de grupos de música, en función da moda e do impacto mediático, sen ter en conta o parecer e as propostas dos colectivos socioculturais ferrolás. Aventúrase unha tendencia a desarborar as bases da cultura a favor dunha lóxica programadora como elemento de consumo.

Desde un punto de vista técnico podería considerarse que o asociacionismo de tipo cultural pode pecar dun certo rutineirismo susceptible de dificultar a súa capacidade de adaptación nun contexto tan dinámico e cambiante como o actual. Entre os problemas que afectan as asociacións, subliñáronse aqueles derivados da ineficacia no axuste das súas dinámicas de grupo internas. En ocasións unha desas dificultades ten que ver con posicionamentos personalistas por parte de responsables asociativos.

O Padroado de Cultura pode e debe desempeñar un papel cada vez máis importante como referente coordinador cara ao mellor aproveitamento dos recursos en liña coas demandas de máis participación cívica. O feito innovador que supón o xurdimento de actores moi poderosos que se están a converter en catalizadores privilexiados da vida social veríase compensado cunha aposta decidida no apoio ás iniciativas culturais promovidas polas asociacións socioculturais.

Algunhas asociacións botan en falta unha oferta cultural que sexa participativa e consideran que as institucións deberían darlle prioridade e atender precisamente o espazo que elas non cobren. A mesma Concellaría de Cultura, máis alá de programar unha oferta cultural, debería darlle prioridade ao labor de coordinar e apoiar a actividade cultural continuada que é promovida por parte doutros colectivos (creando, por exemplo, unha comisión estable que se relacionase coas asociacións culturais da comarca). Algúns colectivos entrevistados lamentáanse de que

iniciativas que nun principio foron populares –como a Batalla de Brión– chegaran a desvirtuarse e pasasen de ser unha actividade participativa a se converter nun mero evento pasivo.

O Concello debería incrementar o esforzo de colaboración coas entidades socioculturais locais facilitando medios equipamentais e buscando o apoio financeiro para a actividade cultural da cidade, tratando de coordinar ademais todas estas iniciativas. Tamén sería preciso un maior apoio financeiro e loxístico por parte da Concellaría, así como unha maior cantidade de actividades en circuíto e a súa colaboración para a contratación de técnicos de cultura. Igualmente son necesarios maiores equipamentos, máis programación musical, bibliotecas e teatro, e deben tamén potenciarse iniciativas como a exposición «Miradas virxes», na busca da promoción de novos creadores.

Os promotores culturais, en xeral, aprecian positivamente a existencia dun concelleiro de cultura e dun técnico, os cales valoran moito as actividades que realizan os grupos e asociacións e se afirman no seu compromiso de apoiar aqueles colectivos en función das actividades que leven adiante. Esta circunstancia é digna de aproveitarse na busca das melloras necesarias, así como para afianzar as boas iniciativas xa en marcha.

3. LUGO

O patrimonio histórico de Lugo actúa como elemento dinamizador principal para comprender a natureza da política e da vida cultural desta cidade. Vinculado a esta circunstancia sitúase o esforzo que se está a realizar co fin de acadar un desenvolvemento urbano de calidade que permita potenciar un dos seus recursos máis importantes e de maior proxección turística e económica: o centro histórico e monumental da cidade.

A cidade desenvolve unha estratexia cultural orientada ao logro dunha proxección externa de tipo cultural e histórico que contribúa a potenciar as súas posibilidades turísticas e económicas. Por este motivo, actividades como as festas de San Froilán, a recuperación da Semana de Música do Corpus, a mellora nas publicacións culturais, o desenvolvemento do proxecto Civit@s ou as actividades culturais programadas e o éxito de asistencia de público a estas son, entre outros, algúns dos factores que están a favorecer o logro dese obxectivo.

A cultura e o activismo cultural son vistos desde a Concellaría de Cultura (así como por todos os axentes consultados) como factores de desenvolvemento social, comunitario e urbano e, polo tanto, como elementos susceptibles de transformarse en atractivos de interese turístico. Cidades como Lugo están a tomar conciencia da grande importancia, non só interna senón tamén externa, que a cultura ten para elas, debendo potenciar ao máximo esta liña de traballo.

Un dos eixes do actual modelo de política cultural do Concello pasa por priorizar unha xestión dos fondos asignados a cultura dun xeito directo desde o Concello, mesmo tendo en conta a matización achegada pola responsable municipal de cultura, quen se mostrou partidaria de introducir na xestión da acción cultural unha certa mentalidade empresarial considerando o feito

de que «o sistema público non é capaz de asumir o gasto que supón o financiamento total de toda a actividade».

Lugo é das poucas cidades de Galicia que conta cun Consello Municipal de Cultura que está operativo e funcionando como órgano consultivo. Non obstante, son moi escasas as propostas e a intervención real deste Consello na orientación e programación cultural do municipio.

En xeral, nas conversas cos nosos interlocutores reflíctese a percepción de que existen varios aspectos, referidos ao desenvolvemento da política cultural municipal, nos que se fai patente a existencia de carencias e déficits diversos. Entre estes aspectos destacan a nula coordinación existente entre o Departamento de Cultura municipal e os servizos culturais da Deputación, o escaso apoio da Xunta de Galicia en materia de dotación de infraestruturas, que está na orixe da inexistencia dun auditorio/teatro de alto nivel que dea cabida ás demandas culturais da cidade, así como tamén a reducida oferta de actividades de circuío. Todas estas carencias foron expresadas por algúns dos entrevistados como exemplo do abandono en que se sentían no momento en que se realizaron as entrevistas (ano 2005) respecto da Consellaría de Cultura.

Os profesionais de cultura deste Concello consideran que as súas funcións deberían estar máis acoutadas e definidas e botan en falta algún tipo de reciclaxe permanente que sexa compatible coa súa actividade laboral. Técnicos e políticos coidan moi necesarios os foros especializados en materia cultural e a existencia de publicacións especializadas nesta área.

Non obstante, o reducido desenvolvemento en materia de divulgación cultural así como o escaso aproveitamento das novas tecnoloxías potencialmente aplicables neste eido está a cambiar, pois iniciouse un proceso de promoción da investigación e da innovación dirixido a facilitar a incorporación da cidade milenaria aos novos desafíos propios da sociedade da información e do coñecemento.

En canto á xestión da actividade cultural, cuestións como o exceso de gratuidade e prezos moi baixos nas actividades programadas, a escasa presenza da iniciativa privada empresarial xunto ás importantes carencias en materia de xestión administrativa no Departamento de Cultura estarían a condicionar negativamente o proceso de desenvolvemento cultural do Concello.

Hai que destacar a escasa actividade asociativa do municipio, pois conta cun reducido número de asociacións culturais e socioculturais activas, así como tamén cunha pequena porcentaxe destas con niveis de actividade suficientes para poder acceder a algún tipo de subvención ou apoio por parte do Concello. Estas asociacións consideran, pola súa banda, que as axudas que existen son de carácter testemuñal e non representan unha aposta decidida pola promoción dos colectivos socioculturais da cidade.

Respecto da presenza dos actores culturais privados con capacidade financeira, os axentes consultados valoran moi positivamente o apoio dado por entidades como Caixa Galicia, Caixanova ou a mesma Sala Sargadelos á vida cultural da cidade, tanto a través das súas programacións propias ou a súa colaboración co Concello, como pola cesión de espazos para a celebración das actividades culturais das asociacións (como ocorre, por exemplo, coa Sala Sargadelos).

Lugo vén experimentando nos últimos tempos un florecemento da actividade teatral fortemente vinculado ao seu campus universitario e á actividade asociativa xuvenil que se enmarca neste espazo. Pero tamén se dá a circunstancia da existencia dun nutrido grupo de xentes de mediana idade que representa un viveiro moi importante de iniciativas neste ámbito que tamén é preciso atender e apoiar.

Os axentes e colectivos entrevistados fornécennos de datos para a reflexión pero tamén para a acción. En canto a espazos necesarios para desenvolver a actividade cultural, demandan salas polivalentes no centro da cidade cunha capacidade intermedia arredor das 500 butacas e mesmo o fomento da utilización de locais da Administración pública actualmente infrautilizados. Esta opción vai unida á demanda dun auditorio municipal que supere os déficits do actual equipamento existente destinado a este fin.

É unha demanda urxente tratar de establecer canles de comunicación entre os diferentes actores na escena cultural da cidade, a cal pasa tamén por unificar as políticas culturais da Deputación e do Concello de cara a unha maior coordinación e efectividade nas actividades programadas. Tamén debería existir unha maior comunicación co movemento asociativo á hora de confeccionar a axenda cultural da cidade para evitar o risco de coincidir e entrar en competencia unhas actividades con outras.

Promover a participación de todos aqueles grupos locais que poden achegar criterios e cualificación, por exemplo a través do Consello Municipal de Cultura, así como avanzar nalgún tipo de convenio estable que permita consolidar os logros das asociacións (evitando ter que comezar de cero cada ano na procura de fontes de financiamento) son medidas altamente demandadas polo movemento asociativo.

Sería de interese mellorar o uso dos recursos dispoñibles e dinamizar as actividades culturais a través das asociacións buscando fórmulas para lograr unha maior implicación da xente nova. En xeral, os entrevistados coidan que a dinámica cultural de Lugo vai avanzando pouco e sen unha verdadeira planificación, o que dá lugar a que xurdan iniciativas desartelladas e o conxunto fica un pouco etéreo e esvaecido.

En Lugo, a pesar de estar consolidados os seus ciclos de teatro, bótase en falta un marco estable para o financiamento do Festival Internacional de Cine e doutros eventos que, con carácter regular, se celebran na cidade. Pénsase desde algunhas asociacións que certas entidades privadas optan demasiado a miúdo por propostas de teatro comercial sen arriscarse a programar obras do teatro máis moderno e experimental.

Tendo como epicentro, xa que logo, o rico patrimonio histórico da vila milenaria, a proposta dun museo da romanización é percibida como dunha extraordinaria importancia para a cidade; este proxecto debe ser contemplado dun xeito rigoroso e eficiente, pois debería de configurarse como o espazo motor cultural e artístico da cidade. Neste sentido, dificilmente pode pensarse nun museo da romanización como unha extensión ou ampliación dun espazo coma o Museo Provincial, tan necesitado dunha revisión: existe demasiada diversidade interna, demasia-

da falta de criterios, o cal estaría a obstaculizar a adopción dun plan estratéxico. Para iso cumpriría que os seus activos dinamizadores fosen definidos e correctamente orientados, na procura dunha excelencia cultural que unha praza como Lugo está en posición de poder ofertar.

4. OURENSE

O novo estilo da Concellaría de Cultura da Cidade das Burgas está a dar orixe a unha certa racionalización tanto na programación como no xeito de relacionarse cos diferentes colectivos cidadáns e emprendedores da cidade. Constitúe un exemplo neste sentido o esforzo realizado en materia de difusión cultural que se materializou na creación dunha guía cidadá, unha guía turística e unha axenda cultural, así como publicacións diversas sobre cultura, arte e patrimonio. Outro dos movementos neste sentido está a ser a posta en marcha dunha nova forma de relación coa cidadanía a través do Consello Municipal de Cultura, co cal se quere articular e dinamizar a actividade cultural municipal.

O Concello ourensán aposta firmemente por orientar estratexicamente a súa potencialidade termal como un ingrediente específico e complementario dos seus atractivos turísticos que, convenientemente tecidos coas súas propostas culturais (Festival Internacional de Cine, Festival MITEU, festas anuais, etc.), constitúen unha oportunidade para converter a cidade de Ourense en exemplo dun esforzo realizado de cara á atracción de visitantes e á potenciación dun certo desenvolvemento turístico e cultural. Segundo os datos recollidos, a cuestión estaría en conseguir crear as bases para avanzar na consolidación dun compromiso entre todos aqueles axentes culturais e turísticos capaces de percibir o alcance desta proposta. Nesta dirección oriéntanse os obxectivos da acción cultural municipal do Concello ourensán, que pretenden manter as dinámicas das festas anuais xunto co fomento de actividades e formatos culturais das distintas manifestacións artísticas existentes sen descoidar a malla asociativa e veciñal do concello.

Os obxectivos en materia de política cultural do Concello de Ourense concrétnanse polo tanto a través da organización de grandes eventos –que favorezan a promoción turística da cidade–, así como tamén fomentando iniciativas máis modestas que permitan a vertebración socio-cultural da comunidade. Seguindo esta vía preténdese facilitar o acceso ás obras da cultura universal e dar tamén a oportunidade de coñecer o seu legado cultural como elemento complementario para o logro dunha cidadanía plena.

A xestión directa de servizos e programas culturais propios preséntase, desde este Concello, como un medio para conseguir estes obxectivos, dado o incremento da sensibilidade sobre o papel positivo que a acción cultural pode ter na promoción da dimensión económica da cidade.

As liñas de acción en materia de xestión cultural municipal oriéntanse cara aos aspectos máis desatendidos e, ao mesmo tempo, máis demandados pola cidadanía, como é a habilitación dunha política cultural que recolla, articule e dea coherencia ás actividades culturais que se desenvolven neste concello. Unha das eivas máis importantes, recoñecidas polos profesionais de cultura do

Concello, en materia de xestión cultural da cidade ourensá é a escaseza de persoal adecuadamente cualificado para asumir os novos retos como a posta en marcha dun novo auditorio municipal, así como a necesidade dun orzamento axeitado para a dita infraestrutura.

As relativas limitacións en materia de recursos equipamentais, das que sería un exemplo a carencia existente en aspectos tan básicos e estratéxicos como as bibliotecas, estanse a ver compensadas pola creación de novas dotacións que xorden cun afán de apertura e colaboración na xestión cos sectores culturais urbanos máis dinámicos (promotores culturais e asociacións). Neste sentido pronúncianse tamén algúns colectivos en relación coa necesaria reformulación e dinamización do actual Museo Municipal, que debería recoñecer e reflectir a rica e abundante tradición cultural de Ourense, na súa calidade de referencia incontestable no marco da cultura galega. Ao mesmo tempo, a importancia do legado histórico desta cidade apunta tamén cara á conveniencia da posta en marcha dun arquivo municipal á altura da súa historia.

Por outra banda, a gran relevancia de novas iniciativas, como a Fundación Carlos Casares, o legado de figuras e grandes persoeiros da cidade (Risco, Blanco Amor e o mesmo Carlos Casares), así como o dinamismo do Teatro Principal e incluso dos novos proxectos, como o Complexo San Francisco e a Escola de Teatro, crean un escenario de oportunidades para poñer en marcha o necesario desenvolvemento cultural e social da cidade.

Non obstante, a especificidade ourensá, concretada na presenza dunha rede de empresarios emprendedores cunha actividade cultural moi importante no ámbito da música, cine, literatura, cunha elevada sensibilidade cara a esta actividade, outorga a esta cidade un dinamismo que permitiría conxugar e madurar diferentes obxectivos en materia cultural orientados á busca dunha democratización das novas formas de cultura, ao fomento da creación ou da formación e da participación, á beira dos obxectivos máis modernos de potenciar a imaxe urbana da cidade achegándoa a formas actuais de creación artística (como acontece, por exemplo, co proxecto promovido pola Casa da Xuventude, o Outono Fotográfico).

As propostas dos colectivos e iniciativas privadas no eido cultural van na dirección da creación de espazos cuxa finalidade é a difusión das artes plásticas e actividades teatrais, nunha perspectiva máis ligada á cultura contemporánea. Perspectiva que os responsables políticos de cultura consideran actualmente necesaria, aínda que sen perder de vista as referencias históricas e patrimoniais do Concello.

Resulta transcendental iniciar un esforzo por avanzar nunha política cultural centrada no audiovisual en todas as súas fronteiras: potenciar tanto a actividade dos creadores e das súas obras, como promocionar as empresas produtoras; do mesmo xeito, é necesario que no deseño da política cultural local participen e se impliquen activamente os axentes e colectivos culturais da cidade, dado o valor que ten a actividade cultural para o desenvolvemento socioeconómico daquela.

Recoñécese como urxente responder aos vellos desafíos de apoio ás entidades socioculturais vertebradoras do tecido social, así como á necesidade de acoller novas formas de expresión cultural de vangarda susceptibles de crear e seducir novos públicos urbanos.

Os últimos anos viron medrar a sensibilidade sobre o papel positivo que a acción cultural pode ter na promoción económica da cidade e como soporte de imaxe e *márketing* urbano, nun momento en que as dimensións culturais do turismo teñen unha importancia crecente. Esta circunstancia non pode desligarse dunha iniciativa xa consolidada como o é o Festival de Cine. Respecto desta iniciativa, debe propoñerse mellorar a súa eficiencia social, cultural e económica, ademais de tratar de aproximarse ás actividades do Outono Fotográfico, dentro dunha lóxica da excelencia na xestión cultural. Segundo os responsables de cultura, a cidade ten que aspirar a crear unha fórmula de actuacións e investimentos culturais de carácter local que combine o obxectivo de apostar por lograr unha vertebración social da comunidade sen renunciar tamén a acadar unha imaxe externa cultural e turística que resulte atraente.

O denso arraigamento na cidade de formas culturais tradicionais pode e debe ser mobilizado como activo no marco das novas linguaxes comunicacionais. Así pois, semellaría conveniente revisar e promover os modos de expresión das formas da cultura tradicional tratando de promover un folclore vivo capaz de integrar e de dialogar coas formas contemporáneas de expresión cultural e social.

5. PONTEVEDRA

O substancial cambio de imaxe da cidade do Lérez nos últimos anos, coa mellora de habitabilidade da súa zona histórica na procura dunha cidade amable para a vida, non resulta unha iniciativa allea aos obxectivos da política cultural dese Concello. O goberno municipal está a promover e a tentar recuperar a dinámica do gran movemento creativo e vertebrador que caracterizou a vila a comezos de século, sen esquecer dotar de infraestruturas tamén o contorno rural da cidade, buscando un maior equilibrio territorial mellorando unhas dotacións que partían de condicións claramente deficitarias. Nesta lóxica insírese a iniciativa de crear unha ampla rede de centros cívicos nas parroquias do rural como elemento central e dinamizador da integración social da cidadanía, ao tempo que como factor clave favorecedor de dinámicas socioeconómicas positivas. Toda esta maneira de actuar persegue obxectivos que en materia de política cultural son centrais para o Concello pontevedrés: a recuperación da identidade colectiva como base para o fomento da participación e da dinamización social.

En canto á xestión de servizos e programas culturais, desde o Concello afirmase que a formación de públicos e a participación activa da cidadanía constitúen obxectivos prioritarios para o desenvolvemento sociocomunitario da poboación (máis que as actividades vinculadas á demanda e consumo cultural). Para conseguilos, coidan que as accións deben depender directamente do Concello a través da produción de programas propios cun enfoque fortemente social, tratando de resolver as desigualdades no acceso aos servizos culturais.

Os conceptos de base desta política cultural local teñen como fin tanto a procura do acceso de todos os sectores sociais á arte e á cultura, como tamén promover a educación e o recoñecemento

das culturas populares e a implicación sociocultural dos seus axentes e creadores. O carácter estratéxico que a cultura ten para o municipio de Pontevedra dá lugar a que tanto a súa promoción como a súa difusión (tal e como se pon de manifesto coa laboriosa e interesante iniciativa que se desenvolve a través do Seminario Permanente de Jazz) teñan unha importancia transcendental, para o que resulta preciso contar tamén cun maior apoio doutras entidades, entre as que deben incluírse as de carácter privado. O papel de Caixanova e Caixa Galicia é moi importante en Pontevedra, xa que contribúen a outorgarlle unha especificidade xenuína ás actividades culturais municipais, pero tamén resulta insuficiente, dado que a cooperación existente entre elas e o Concello no eido da cultura non é todo o dinámica que se quixera.

Existe a percepción entre os actores locais de que a política cultural desenvolvida en Pontevedra mantén unhas liñas de coherencia e continuidade ligadas en certa medida cos aspectos máis dinamizadores do Pazo da Cultura. Un aspecto que se deriva deste feito é o mantemento de políticas culturais particularmente fecundas, como é o exemplo da complementariedade acadada entre un modelo de desenvolvemento urbano orientado á recuperación de espazos públicos e a procura dunha cidade máis amable e habitable. O esforzo realizado en materia de difusión cultural a través dun boletín municipal, dunha axenda cultural e de publicacións sobre cultura e patrimonio reforza a imaxe dunha política que no eido da cultura evidencia unha clara vocación de promover unha cidadanía activa e participativa.

Non obstante, tamén se recolle a opinión de que en Pontevedra podería poñerse en marcha unha política máis planificada e ambiciosa, con criterios máis integradores, que favorecese tanto a organización e eficiencia da actividade cultural da cidade (con iniciativas do tipo da creación efectiva dun Consello Municipal de Cultura) como a superación de certo déficit equipamental existente (sobre todo en materia de bibliotecas, artes plásticas, etc.), que se podería solucionar en parte coa maior implicación da Consellaría de Cultura e da Deputación Provincial.

O dinamismo na actividade cultural conseguido en Pontevedra pon en evidencia o éxito no labor de creación e fidelización dun público cultural na cidade por parte dos diferentes actores que exercen na localidade. Tanto a gran demanda como a oferta de actividades culturais ten como *caldo de cultivo* a existencia de asociacións cívicas moi activas que canalizan maioritariamente as actividades participativas, formativas e de creación nas parroquias, así como tamén a difusión de actividades, achegando a cultura ás zonas máis afastadas espacial e simbolicamente.

Os axentes culturais consideran urxente a conveniencia de racionalizar e ordenar a actividade cultural para tentar reducir o risco que supón que este tipo de actos se concentren en días e datas concretas, provocando unha crise de públicos nalgúns eventos. Talvez fose pertinente experimentar algún modelo de base informativa, onde os diferentes promotores puidesen consultar as datas xa pechadas ou en vías de pecharse por parte doutras entidades organizadoras de actividades concorrentes, como por exemplo a través da web da Concellaría. Non obstante, son conscientes e valoran o claro avance producido na estabilización das dinámicas de actividade e de programación.

Existen sectores, como a música, que contan cun gran potencial e que supoñen unha vantaxe comparativa da cidade pontevedresa. A iniciativa do Seminario Permanente de Jazz ten particular interese político-cultural polo seu carácter integral e integrador. O Seminario ten entre as súas virtudes centrais a de corrixir os riscos derivados das políticas culturais que se centran exclusivamente na difusión e na presentación de músicos de prestixio de procedencia exterior.

A insuficiencia de dotacións, tanto no ámbito bibliotecario (a pesar de que se fixo o esforzo de creación de dúas novas axencias de lectura municipais) como na rede de museos da cidade, sería un baleiro que habería que cubrir co fin de complementar o abano da oferta cultural local. Neste sentido inscríbese a necesidade de converter as dotacións museísticas da cidade nun obxectivo a curto prazo, co fin de constituírse nun elemento oportuno de dinamización moi interesante para Pontevedra, dada a súa importancia patrimonial.

Respecto das dotacións bibliotecarias cumpriría unha acción decidida que transcendese mesmo os límites competenciais da Administración municipal, implicando a instancias superiores como a Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia. Desa maneira, incluso iniciativas como a Feira do Libro poderían contar con algunha infraestrutura estable que axudase, por exemplo, a consolidar o labor e a transcendencia deste evento.

Tamén se aprecia que tentar superar certo nesgo localista na política cultural local, dotándose dunha maior ambición nos seus horizontes, sería unha estratexia moi positiva para a cidade, aproveitando o feito de ter unha Facultade de Belas Artes no seu termo municipal e un campus universitario que mobiliza unha gran parte do sector social e cultural da cidade do Lérez.

6. SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela é a cidade de Galicia por excelencia, historicamente percibida como núcleo cultural, educativo e relixioso. A súa condición de Patrimonio da Humanidade, as boas comunicacións e o pulo das súas programacións culturais están a facer que a cidade sexa paradigma no país da extraordinaria relevancia que posúen o patrimonio e as actividades culturais como soportes e motores de desenvolvemento urbano.

Neste contexto, as actividades culturais e o patrimonio, unidas á dimensión universitaria do municipio, ofrecen un marco de oportunidades óptimo para desenvolver políticas culturais activas. De cara á mellora da xestión municipal neste ámbito, en xuño de 2004 unificouse a xestión do Departamento de Cultura co Auditorio de Galicia, polo que se unificaron tamén os recursos de ambos.

Entre os obxectivos que persegue a política cultural local están o deseño dunha programación cultural con «marca propia» que ligue e agrande a imaxe de Santiago non só á vila histórica, senón tamén a unha cidade que ten vocación de vangarda. De igual modo, preténdese contar coa súa rica fecundidade social e cultural, procurando o xeito de propiciar unha maior implicación dos axentes culturais locais.

O actual equipo de goberno de Santiago de Compostela outórgalle unha importancia prioritaria á cultura e préstalle unha especial atención –xa for por medios materiais, xa for en orzamento– tanto a aquelas iniciativas que promovan unha boa imaxe do Concello cara ao exterior (grandes eventos, equipamentos, macrofestivais), como a outras que, sendo iniciativas culturais máis modestas, favorezan a vertebración sociocultural da comunidade. Non obstante, a ausencia (ou escaseza) de estratexias dirixidas ao apoio a creadores inclina a opción cara á promoción de eventos e espectáculos de carácter foráneo. Nese senso, habería que subliñar o feito de que Santiago conta na actualidade no eido cultural cunha demanda efectiva e potencial sobre a que sería preciso incidir se se quere preservar e manter unha oferta cultural como a actualmente acadada pola cidade. Para logralo, sería unha boa estratexia complementaria tratar de consolidar a oferta cultural da cidade no mercado cultural emerxente da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Con todo, a falta dun orzamento axeitado para cultura, a irregular distribución dos cartos públicos entre diferentes administracións ou os distintos proxectos culturais implantados así como o elevado custo de mantemento e restauración do patrimonio da cidade constitúen eivas que teñen que ser controladas de cara a unha eficiente programación e unha efectiva dinamización dos recursos culturais da cidade. Da mesma maneira, a falta dunha definición operativa da política cultural do Concello, segundo a opinión dalgúns actores culturais locais, podería estar a condicionar a posibilidade da posta en marcha dunha desexada política cultural activa e participativa.

A incorporación do Auditorio da Galicia á área de xestión da Concellaría de Cultura do Concello de Santiago constituíu un cambio recente que ten a bondade de poder introducir elementos de racionalidade e eficiencia no funcionamento dalgunhas unidades desta mesma Concellaría de Cultura (como a que representa o Teatro Principal) co fin de poder resolver principios de xestión inoperantes como a frecuente multiplicidade de tarefas que realizan os técnicos de cultura desta sección (o persoal de cultura é compartido co Departamento de Festas, o que resta operatividade e tempo de dedicación á área de cultura; ademais, ambos os departamentos teñen distintos concelleiros e programas diferentes). A «limitada» coordinación existente entre concellarías, os problemas derivados da complexidade burocrática e da falta de protocolos de traballo, así como a existencia de importantes carencias de formación en estratexias de animación por parte de moitos profesionais que se dedican a esta actividade representan obstáculos moi serios para o logro dunha xestión eficaz derivada dunha coordinación eficiente no manexo dos sempre escasos recursos dedicados a cultura.

En Santiago conviven as vantaxes dunha elevada dotación de infraestruturas culturais (especializadas para a actividade cultural: Auditorio, Pazo de Congressos, teatros...) cun elevado nivel de participación e de ocupación dos centros cívicos; esta circunstancia, xunto coa potencialidade que supón para a capital de Galicia a presenza dun tecido mesteo de creadores, axentes, promotores e empresarios culturais capaces de alentar a vida cultural, representan un factor clave para propiciar o seu peculiar dinamismo e a súa ostensible vitalidade cultural. Non obstante, tamén é percibida entre algúns entrevistados a falta dalgún tipo específico de equipamentos para

a produción cultural que coexiste cun risco de sobredimensionamento das infraestruturas de difusión cultural existentes, as cales chegan mesmo a verse afectadas por dificultades para a súa sustentabilidade nos períodos intereventos. Esta situación dá lugar a que unha das prioridades da Concellaría de Cultura de Santiago de Compostela sexa a de traballar na definición e na proxección da imaxe dos actuais equipamentos culturais.

Existe unha longa tradición en Santiago de promotores culturais na cidade que representaron un apoio moi importante para creadores e artistas nos seus inicios, arroupando en diferentes momentos a esta comunidade. Tamén foron importantes estes axentes no seu labor de dinamización e axuda á creación de novos públicos, incorporando ademais actividades ligadas á experimentación e a manifestacións artísticas menos coñecidas. Os entrevistados coidan que a vitalidade cultural espontánea existente na cidade deriva desta peculiar situación e permite, nunha estimable medida, compensar moitas das eivas que se están a dar no apoio institucional á cultura e aos novos creadores.

Santiago conta cun viveiro fecundo de creadores (músicos, escritores, actores...), cun sector profesional cultural e comunicacional moi relevante que lle proporciona unha identidade urbana e un dinamismo cultural moi diferente do que poidan ter Vigo ou A Coruña. Así pois, ata hai pouco, Santiago era a terceira cidade de España en número e vitalidade de salas alternativas, cun nivel de programación na liña de cidades como Madrid, Barcelona ou Bilbao.

O evidente impacto da Cidade da Cultura coas súas posibles duplicidades e o reto da reconfiguración da infraestrutura preexistente (teatral, musical, bibliotecaria e museística), así como os posibles problemas para o logro da integración urbana dun proxecto con riscos potenciais de provocar un auténtico baleirado cultural, coinciden coas oportunidades emerxentes que se poden derivar da existencia dunha concorrencia respecto doutras cidades galegas de maior dimensión con novas dotacións infraestruturais e programacións tamén moi competitivas.

Os actores culturais entrevistados consideran que un dos problemas da actual situación da cultura no municipio é que o Concello e a Xunta aínda non se sentasen a pensar que política cultural facer: faltaría definir unha vocación na política cultural da cidade. Algúns consideran que no momento actual o que se estaría a transmitir cara ao exterior sería quizais a impresión de estarse a producir unha serie de actividades heteroxéneas sen un fío temático condutor, o que proxectaría unha imaxe cultural da cidade que podería e debería ser mellorada.

En xeral, falta unha maior sensibilidade sobre a propia capacidade para producir cultura; mesmo algúns dos actores culturais máis novos entrevistados fan referencia aos riscos de exclusión derivados dos custos dunha política cultural moi polarizada cara á procura da excelencia que podería estar a provocar formas sutís de discriminación e mesmo de ineficacia. Neste sentido, cumpriría realizar esforzos dirixidos a compensar unha política cultural excesivamente centrada na difusión da arte e da cultura cun esforzo maior na formación, na promoción de novos públicos e no fomento da creación apoiando con máis bolsas os artistas con talento, detectando os intereses culturais dos grupos de creadores e potenciando a súa presenza e actividades, ao tempo que posibilitando a aprendizaxe e o intercambio de experiencias.

Sería preciso pois mellorar a coordinación entre os actores culturais máis relevantes do concello, buscando sinerxías entre a Administración, as entidades financeiras, as asociacións e os promotores, tratando de evitar o risco de dispersión e illamento dos novos actores culturais locais. Esta coordinación debe ser a base sobre a que se potencien e se reorienten as funcións e tarefas dalgúns equipamentos relevantes actualmente infrautilizados (Museo de Arte Contemporánea e Salón Teatro da Xunta) e mesmo daqueles que son propiedade da institución universitaria.

Malia ter Santiago unha infraestrutura museística con contidos e actividades de relevo, ponse de manifesto unha falta de instrumentos de interpretación que faciliten a lectura dos valores culturais e históricos da cidade (de aí a demanda manifestada por parte dalgúns axentes de que sexa creado un Museo da Cidade de Santiago), así como a escasa presenza das tecnoloxías da información e da comunicación na acción cultural. Outra das carencias manifestadas é a ausencia de institucións públicas para a formación en técnicas teatrais na cidade: os centros existentes son de tipo privado. Algúns dos entrevistados consideran que hai sectores da cultura galega, como por exemplo o mesmo teatro, que conectan con moita dificultade coas entidades financeiras do país, dándose mesmo o caso de que antes se achegasen máis recursos que agora a algúns dos creadores culturais locais.

En opinión dos entrevistados, a aposta do Concello pola tradicional vitalidade cultural da cidade podería compensar moitas das eivas existentes no apoio á cultura. Unha maior sensibilidade xunto cunha máis ampla visión estratéxica por parte da Consellaría de Cultura virían a satisfacer a demanda dunha cidadanía atenta ao tema cultural e a situar a dimensión sociocultural de Santiago dentro dun contexto de progreso social e económico.

7. VIGO

Vigo representa o exemplo dunha cidade cunha gran tradición no activismo cultural, cun movemento sociocultural vigoroso, en relación ao cal as políticas culturais locais non sempre estiveron á altura da súa potencialidade. A demanda dun modelo máis participativo na xestión cultural municipal recolle o afán de vangarda acorde coa vocación da cidade. A institución municipal é consciente da importancia da participación cidadá no deseño e toma de decisións en canto á programación cultural local, pero aínda semella limitado o nivel de implantación de dinámicas e proxectos participativos.

Por outra parte é de destacar o papel de entidades privadas como Caixanova e Caixa Galicia na vida cultural da cidade, así como o de diferentes empresas e grupos de emprendedores, que arrequecen a axenda cultural do municipio dun xeito moi significativo. Tamén hai que sinalar a importante e variada programación cultural que provén das asociacións veciñais e culturais. Neste sentido convén salientar a actividade cultural desenvolvida desde as asociacións reunidas arredor da Federación de Veciños Eduardo Chao, na que están presentes case un centenar de asociacións culturais. Unha das súas iniciativas logra incorporar un plus de racionalidade importante á hora

de xestionar a actividade cultural da cidade, como representa o feito da creación e dinamización de viveiros de inqueda cultural que logra coordinar e difundir unha ampla oferta cultural pola cidade adiante.

Para o Concello de Vigo, a área de cultura ten un carácter prioritario, e mostra disto é o incremento orzamentario do Concello desde o ano 2000, que se materializou na mellora dos equipamentos e na busca de colaboración coa iniciativa privada. Este aspecto positivo non cobre certos déficits como a ausencia dun documento específico no que se recollan as orientacións da política cultural do Concello, a falta dun deseño que oriente as iniciativas (que vincule a acción cultural ao marco das oportunidades do momento e á conxuntura existente) e a ausencia dun organigrama do servizo de cultura, así como de protocolos de traballo e organización.

As opinións manifestadas polos nosos interlocutores invariablemente recollen a sensación da febleza do modelo da política cultural do Concello, a súa dependencia excesiva da cor do goberno municipal e a ausencia dun protocolo de colaboración, ou órgano consultivo estable, entre o movemento cultural da cidade e promotores e a dita institución pública. Os diferentes actores sociais consultados indican que, en xeral, Vigo careceu da estabilidade e da continuidade precisas para a consolidación dos seus proxectos culturais. Coidan ademais que non existe unha política cultural vertebrada, nin de creación de públicos, do que se deriva unha situación onde a dependencia dos azares sociopolíticos adoita ser moi elevada.

Esta circunstancia limita unha das grandes vantaxes que posúe este Concello, que é dispoñer de persoal –técnicos de cultura especializados na área– que achega unha grande experiencia acumulada (xa que xeralmente non hai transferencia de persoal desta a outras áreas), circunstancia que permitiría xestionar cunha certa estabilidade este departamento. Pero o número destes profesionais cualificados e a súa reciclaxe é reducida, situación que non é exclusiva do Concello de Vigo, senón que se fai extensiva tamén ao ámbito doutras entidades que programan actividades culturais na cidade.

Se ben Vigo goza dun número de equipamentos culturais importante, tamén é certo que nestes momentos o feito de non dispoñer dun auditorio e teatro municipal con capacidade e condicións necesarios limita extraordinariamente, segundo os nosos interlocutores, o seu dinamismo cultural. Esta carencia de espazos escénicos impide satisfacer a demanda dunha programación de espectáculos artísticos de escena de carácter estable. A pesar de todo, o proxecto de construción dun grande auditorio pode paliar esa deficiencia sempre que se encontre unha fórmula que consensúe unha aposta de xestión intelixente baseada no interese da cidade. Ao respecto pódese desde xa contar cun activo contrastado: a demostrada receptividade do público vigués e a súa capacidade de resposta positiva ante aquelas propostas que lle chegan cando estas son interesantes e están ben difundidas. Vigo é unha cidade cunha forza e cunha vitalidade creativa inusual, circunstancia que debería ser aproveitada para constituírse nun dos lugares centrais da acción cultural en Galicia.

A necesidade de apoiar os actores culturais locais activos, potenciando o seu labor e partindo do seu pulo e *saber facer*, faise extensiva a todos os ámbitos, con preferencia a aqueles máis

estratéxicos como o teatro, as músicas ou o cine. Unha cidade con capacidade para ser o centro cultural de Galicia e eixe cultural nodal na súa área metropolitana e na Eurorrexión (exemplos son iniciativas culturais sólidas coma ARE-MORE, MARCO, ImaxinaSons, Festival de Teatro Alternativo, etc.) aproveitaría ben o esforzo que se fixese para centrar a súa política cultural dentro dos elementos de definición, estabilidade e sustentabilidade necesarios para converter a dimensión cultural da cidade nun elemento activo e participativo, nun elemento, en fin, de fomento da cidadanía e de progreso social.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ACCARDO, A. e PH. CORCUFF (1986): *La sociologie de Bourdieu*, Bordeos, Le Mascaret.
- AMENDOLA, G. (1995): «La evolución de las políticas culturales europeas», en *Apuntes para el diálogo cultural*, Valencia, Diputación de Valencia, pp. 19-31.
- ANGELO, M. d' e P. VESPÉRINI (1998): *Politiques culturelles en Europe: une approche comparative*, Strasburgo, Consello de Europa.
- (2000): *Politiques culturelles en Europe: régions et décentralisation culturelle*, Strasburgo, Consello de Europa.
- APPLETON, D. (2000): *A place at the table? Culture and leisure in modern local government*, Londres, Local Government Association.
- ARIÑO, A. (1997): *Sociología de la cultura*, Barcelona, Ariel.
- ARPAL, J. (2001): «Cultura y desarrollo urbano: el caso del país vasco», en X. BOUZADA (coord.), *Cultura e desenvolvemento local*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 15-29.
- e I. DOMÍNGUEZ (1997): «La localización urbana de las políticas culturales: bases para un análisis sociológico en la comunidad autónoma del País Vasco», *Papers*, 51, pp. 13-34.
- BASSAND, M. (1992): *Cultura y regiones de Europa. A partir del proyecto Cultura y Región del Consejo de Europa*, Barcelona, Oikos-Tau/Diputació de Barcelona.
- e D. JOYÉ (1992): «Politiques culturelles d' Europe», en M. BLANC, *Pour une sociologie de la transaction sociale*, París, L' Harmattan, pp. 235-259.
- BAUDRILLARD, J. (1977): *L' effet Beaubourg*, París, Galilé.
- BEAUNEZ, R. (1985): *Politiques culturelles et municipalités*, París, Editions Ouvrières.
- BELFIORE, E. (2002): «Art as a means of alleviating social exclusion: does it really work? A critique of instrumental cultural policies and social impact studies in the U.K.», *International Journal of Cultural Policy*, vol. 8, 1, pp. 91-106.
- BENNETT, O. (1997): «Cultural Policy, Cultural Pessimism and Postmodernity», *Cultural Policy*, vol. 4, 1, pp. 67-84.
- BIANCHINI, F e M. PARKINSON (eds.) (1993): *Cultural Policy and Urban Regeneration*, Manchester, Manchester University Press.
- BIASINI, E. J. (1962): *L' action culturelle*, París, Ministère des Affaires Culturelles.
- BILTON, CH. (1999): «Risky Business», *Cultural Policy*, vol. 6, 1, pp. 17-39.

- BONET, LL. *et alii* (1995): *Diversitat cultural i polítiques culturals a Europa*, Barcelona, Fundació Jaume Bofill.
- BOURDIEU, P. (1995): *Las reglas del arte. Génesis y estructura del campo literario*, Barcelona, Anagrama.
- BOUZADA, X. (1996): «Unha cala no oficio da cultura», *Grial*, 130, pp. 183-194.
- (1999): «Cultural Policies in Modern Spain: Origins and Orientations», *Loisir et Société/Society and Leisure*, 22, 2, pp. 453-485.
- (2001): «Los espacios del consumo cultural colectivo», *REIS: Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 96, pp. 51-70.
- (2002): «La globalización cultural: algunas reflexiones desde la periferia próxima», en J. PÉREZ VILARIÑO e X. BOUZADA (eds.), *Las encrucijadas del cambio social. Homenaje al profesor José Luis Sequeiros Tizón*, Vigo, Universidade, pp. 299-329.
- (2004): «Unha cala teórica de carácter sociolóxico nas relacións existentes entre cultura e desenvolvemento», *Cooperativismo e economía social*, 26, pp. 7-33, Vigo, Universidade de Vigo.
- (dir.) (1991): *A situación sociocultural dos concellos galegos*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- (coord.) (2000): *Cultura e concellos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- (coord.) (2001): *Cultura e desenvolvemento local*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- (coord.) (2003): *Cultura e participación*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- BRAMHAM, P. *et alii* (eds.) (1993): *Leisure Policies in Europe*, Wallingford, CAB International.
- BUSTAMANTE, E. (dir.) (2001): *Comunicación y cultura en la era digital. Industrias, mercados y diversidad en España*, Madrid, Gedisa.
- CALLEDE, J. P. e M. FELONNEAU (1982): *Le phénomène culturel à Bordeaux*, Bordeos, Maison des Sciences de l'Homme d'Aquitaine.
- (1983): *Le phénomène culturel à Bergerac (Dordogne). Processus de différenciation des pratiques et politiques de la culture*, Bordeos, M.S.H.A.
- CLINTON, L. (1993): *Community Development and the Arts*, Londres, Community Development Foundation.
- CONSEIL DE L'EUROPE (1988): *Programme européen d'évaluation. La politique culturelle de la France*, París, La Documentation Française.
- CORIJN, E. (2002): «Las políticas culturales en el centro de la política urbana», *Revista Claves de la Razón Práctica*, 119, pp. 62-67.
- CORIJN, E. e H. MOMMAAS (1995): *Urban Policy Development in Europe*, Strasburgo. (Informe encargado polo Grupo de traballo europeo).
- COWEN, T. (1998): *In Praise of Commercial Culture*, Cambridge (Massachusetts), Harvard University Press.
- CUMMINGS, M. C. e R. KATZ (1987): *The Patron State: Government and the Arts in North America, Europe and Japan*, Oxford, Oxford University Press.

- DE SOUZA BRIGGS, X. (1998): «Doing Democracy up Close: Culture, Power and Communication in Community Building», *Journal of Planning Education and Research*, 18, pp. 1-13.
- DIMAGGIO, P. (1991): «Decentralization of arts funding from the federal government to the states», en S. BENEDICT (ed.), *Public, Money and the Muse*, Nova York, WW Norton.
- DJIAN, J. M. (1996): *La politique culturelle*, París, Le Monde Ed.
- DONNAT, O. (1998): *Les pratiques culturelles des Français*, París, La Documentation Française.
- DUBOIS, V. (1999): *La politique culturelle: génèse d'une catégorie d'intervention publique*, París, Belin.
- DUPUIS, X. (1983): «La surqualité: le spectacle subventionné malade de la bureaucratie?», *Revue Économique*, 6, pp. 1089-1115.
- ELLMAYER, A. e B. RASKY (1998): *Cultural Policy in Europe*, Viena, Österreichische Kulturdocumentation in Europe.
- ESPING ANDERSEN, G. (1993): *Los tres mundos del Estado del Bienestar*, Valencia, Ed. Alfons el Magnànim.
- FAURE, A. e E. NÉGRIER (2001): *La politique culturelle des agglomérations*, París, La Documentation Française.
- FEATHERSTONE, M. (1995): *Undoing Culture: Globalisation, Postmodernism and Identity*, Londres, Sage.
- (2000): *Cultura de consumo y postmodernismo*, Bos Aires, Amorrortu.
- FERNÁNDEZ PRADO, E. (1991): *La política cultural. Qué es y para qué sirve*, Xixón, Ediciones TREA.
- FISKE, J. (1989): *Understanding Popular Culture*, Londres, Unwin Hyman.
- FRIEDBERG, E. e PH. URFALINO (1984): *Le Jeu du Catalogue. Les contraintes de l'action culturelle dans les villes*, París, La Documentation Française.
- GARCÍA CANCLINI, N. (1989): *Culturas híbridadas*, México, Grijalbo.
- (1999a): «Políticas culturales: de las identidades nacionales al espacio latinoamericano», en N. GARCÍA CANCLINI e C. J. MONETA (coords.), *Las industrias culturales en la integración latinoamericana*, México, Grijalbo.
- (1999b): *La globalización imaginada*, Bos Aires, Paidós.
- (ed.) (1987): *Políticas culturales en América Latina*, México, Grijalbo.
- GONZÁLEZ SEARA et alii (2002): *Las estructuras de bienestar: propuestas de reforma y nuevos horizontes*, Madrid, Civitas.
- GRIPSRUD, J. (2000): «Learning from Experience: Cultural policies and Cultural Democracy in the 20th Century», *Cultural Policy*, vol. 7, 2, pp. 197-209.
- GRISWOLD, W. (1994): *Cultures and Societies in a Changing World*, California, Pine Forge Press.
- GROSJEAN, E. (1997): *Forty years of cultural co-operation at the Council of Europe, 1954-1994*, Strasburgo, Consello de Europa.
- GUINDANI, S. e M. BASSAND (1982): *Maldéveloppement régional et identité. Pour un développement endogène*, Lausanne, Presses Polytechniques Romandes.
- HEINICH, N. (1988): «The Pompidou Centre and its public: the limits of an utopian site», en R. LUMLEY (ed.), *The Museum Time Machine*, Londres, Comedia/Methuen.

- HOBBSAWN, E. e T. RANGER (1983): *The Invention of Tradition*, Cambridge, Cambridge University Press.
- HUET, A. (dir.) (1994): *L' action socioculturelle dans la ville*, París, L'Harmattan.
- HUGHSON, J. e D. INGLIS (2001): «Creative Industries and the Arts in Britain: towards a Third Way in Cultural Policy?», *Cultural Policy*, vol. 7, 3, pp. 457-478.
- ILCZUCK, D. (2001): *Cultural Citizenship. Civil Society and Cultural Policy in Europe*, Ámsterdam, Boekmanstudies/CIRCLE.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (2004): *Indicadores sociales de España 2004*, Madrid, Instituto Nacional de Estadística.
- JAMESON, F. (1991): *El posmodernismo o la lógica cultural del capitalismo avanzado*, Barcelona, Paidós.
- JOHANSON, K. e R. RENTSCHLER (2002): «The new arts leader: The Australia Council and cultural policy change», *The International Journal of Cultural Policy*, vol. 8, 2, pp. 167-180.
- KARP, I. et alii (1992): *Museums and Communities. The Politics of Public Culture*, Londres, Smithsonian University Press.
- LANGSTED, J. (1991): «Centralizes Decentralization: an Issue in the Cultural Policy of a Small Country: Denmark», en C. SCHUMACHER e D. FOGG (eds.), *Small is Beautiful, Small Countries Theatre Conference. Glasgow 1990*, Glasgow, Theatre Studies Publications, pp. 37-42.
- LASH, S. (1997): *Sociología del postmodernismo*, Bos Aires, Amorrortu.
- LATARJET, B. (1992): *Passion et décloisonnement*, Limoges, Presses de l'Université de Limoges et du Limousin.
- LE PEN, C. (1982): «L' analyse microéconomique de la production dramatique», *Revue Économique*, 4, pp. 639-674.
- LLORCA, C. (1971): *Los teleclubs en España*, Madrid, Colección «Temas Españoles» n.º 511.
- LÓPEZ DE AGUILETA, J. I. (1999): *Política cultural municipal*, Oviedo, Trea.
- LUIS MARTÍN, F. de (1996): «La quiebra de la monarquía (1917-1923)», en J. PAREDES (coord.), *Historia contemporánea de España (1808-1939)*, Barcelona, Ariel, pp. 470-496.
- MALM, K. e R. WALLIS (1993): *Media Policy and Music Activity*, Londres, Routledge.
- MARCÉ, X. (1999): «Construcción de un estado de opinión de la gestión cultural», en X. BOUZADA, *Políticas culturales y sociedad democrática*, Barcelona, AESCA, pp. 21-28.
- MARSHALL, T. H. (1992): *Ciudadanía y clase social*, Madrid, Alianza Editorial.
- MATARASSO, F. e CH. LANDRY (1999): *Balancing act: 21 strategic dilemmas in cultural policy*, Strasburgo, Consello de Europa.
- MCGUIGAN, J. (1996): *Culture and the Public Sphere*, Londres, Routledge.
- MÉNDEZ ROMEU, J. L. (2000): «A política cultural no concello da Coruña», en X. Bouzada (coord.), *Cultura e concellos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 83-88.
- MESAS DE ROMÁN, P. J. (2002): «Política, economía y cultura en la era de la información y el capitalismo global. El caso del museo Guggenheim de Bilbao», en J. M. GARCÍA BLANCO e P. NAVARRO, *¿Más allá de la modernidad?*, Madrid, CIS.

- MINISTERIO DE CULTURA (1991): *Equipamientos, prácticas y consumos culturales de los españoles*, Madrid, Ministerio de Cultura.
- (1996): *La cultura en cifras*, Madrid, Ministerio de Cultura.
- (2002): *Las cifras de la cultura en España*, Madrid, Ministerio de Cultura.
- (2005): *Encuesta de hábitos y prácticas culturales en España*, Madrid, Ministerio de Cultura.
- MINISTRE D'ÉTAT AU DÉVELOPPEMENT CULTUREL (1978): *La politique québécoise du développement culturel*, Quebec, Éditeur Officiel du Québec.
- MIRALLES, E. (1993): «Sistemas de apoyo para la toma de decisiones y la evaluación de las políticas culturales», en VV.AA., *Cultura y corporaciones locales*, Madrid, Federación Española de Municipios y Provincias, pp. 43-57.
- MONETA, J. C. (1999): «Identidades y políticas culturales en procesos de globalización e integración regional», en N. GARCÍA CANCLINI e C. J. MONETA (eds.), *Las industrias culturales en la integración latinoamericana*, México, Grijalbo.
- MORIN, E. (1987): *Penser l'Europe*, París, Gallimard.
- MOSS, L. (2002): «Sheffield's cultural industries quarter 20 years on: what can be learned from a pioneering example», *The International Journal of Cultural Policy*, vol. 8, 2, pp. 211-219.
- MOULINIER, P. (1995): *Politique culturelle et décentralisation*, París, CNFPT.
- MUNDY, S. (2000): *Cultural policy: A short guide*, Strasburgo, Consello de Europa.
- NÉGRIER, E. (dir.) (2002): *Patrimoine et décentralisation*, París, L'Harmattan.
- e F. BARAIZE (eds.) (2001): *L'invention politique de l'agglomération*, París, L'Harmattan.
- NIELSEN, H. K. (1999): «Critical Public Agent or Hired Hand?: Perspectives for Research on Cultural Policy», *Cultural Policy*, vol. 5, 2, pp. 183-198.
- O'CONNOR, J. (2001): «A definición das industrias da cultura», *Grial*, 151, t. XXXIX, pp. 385-404.
- et alii (2003): *Cultural Industries and the City*, Londres, Sage.
- PÉREZ AGOTE, A. (1995): «Reflexiones sobre el multiculturalismo que nos viene», en E. LAMO DE ESPINOSA (ed.), *Cultura, Estado, ciudadanos*, Madrid, Alianza, pp. 81-99.
- PÉREZ RIOJA, J. A. (1971): *Las casas de cultura*, Madrid, Anabad.
- PICÓ, J. (1999): *Cultura y modernidad: seducciones y desengaños de la cultura moderna*, Madrid, Alianza.
- PIÑUEL RAIGADA, J. L. et alii (1987): *El consumo cultural*, Madrid, Fundamentos.
- POIRRIER, PH. (1998): *Société et culture en France depuis 1945*, París, Seuil.
- PONGY, M. e SAEZ, G. (1994): *Politiques culturelles et régions en Europe*, París, L'Harmattan.
- PRONOVOST, G. (1996): *Médias et pratiques culturelles*, Grenoble, PUG.
- (dir.) (1994): *Le public des arts et les pratiques culturelles*, Montreal, Departamento de Sociología da Universidade de Quebec en Montreal.
- RAUSELL, P. (1999): *Políticas y sectores culturales en la comunidad valenciana. Un ensayo sobre las tramas entre economía, cultura y poder*, Valencia, Universidade de Valencia/Tirant lo Blanch.
- RHODES, R. (1997): *Understanding Governance*, Buckingham, Open University Press.

- ROBERTSON, R. (1992): *Globalization, Social Theory and Global Culture*, Londres, Sage.
- RODRÍGUEZ MORATÓ, A. (2001): «Una nueva formación cultural: el complejo cultural local», en X. BOUZADA (coord.), *Cultura e desenvolvemento local*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 41-55.
- SCHUSTER, J. M. (2002): «Subnational cultural policy. Where the action is: Mapping state cultural policy in the United States», *The International Journal of Cultural Policy*, vol. 8, 2, pp. 181-196.
- SKOT-HANSEN, D. (1998) «Between Identity and Image: Holstebro as a Model for Cultural Policy», *Cultural Policy*, vol. 5, 1, pp. 149-167.
- (2002): «Danish cultural policy. From monoculture towards cultural diversity», *International Journal of Cultural Policy*, vol. 8, 2, pp. 197-210.
- SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES (2004): *Anuario 2003 de las artes escénicas, musicales y audiovisuales*, Madrid, Fundación Autor.
- STANBRIDGE, A. (2002): «Detour or dead-end? Contemporary cultural theory and the search for new cultural policy models», *The International Journal of Cultural Policy*, vol. 8, 2, pp. 121-134.
- STREET, J. (2000): *Política y cultura popular*, Madrid, Alianza.
- SWAIN, R. (1997): «The Visual Geometry of Cultural Policy», en F. COLBERT (ed.), *Selected Proceedings: Cultural Policy*, Montreal, Canadá, École des Hautes Études Commerciales de Montreal, pp. 307-326.
- SWIDLER, A. (1986): «Culture in Action. Symbols and Strategies», *American Sociological Review*, 51, 2, pp. 273-286.
- SZERSZYNSKI, B. e J. URRY (2002): «Cultures of cosmopolitanism», *The Sociological Review*, Oxford, Blackwell Publishing, pp. 461-481.
- TITMUS, R. (1958): *Essays on the Welfare State*, Londres, Allen & Unwin.
- TOEPLER, S. e A. ZIMMER (1996): «Cultural Policies and the Welfare State: The Cases of Sweden, Germany, and the United States», *The Journal of Arts Management, Law and Society*, 26, 3, pp. 167-193.
- (1997): «The State and the Non-Profit Sector in the Provision of Arts and Culture: The Cases of Germany and the United States», *Cultural Policies*, vol. 3, 2, pp. 289-304.
- (1998): «The Muse and the State in Western Europe and the United States: An Overview», relatorio presentado á *Tenth International Conference on Cultural Economics*, Barcelona.
- TRESSER, T. (1996): «How do the arts build communities», *Cultural Policy*, vol. 3, 1, pp. 145-162.
- URFALINO, PH. (1989): «Les politiques culturelles; mécénat caché et académies invisibles», *L'Année Sociologique*, 39, pp. 81-109.
- (1996): *L'invention de la politique culturelle*, París, La Documentation Française.
- VIDAL BENEYTO, J. (1981): «Hacia una fundamentación teórica de la política cultural», *Revista Española de Investigaciones Sociológicas*, 16, pp. 123-134.

- VOLKERLING, M. (1996): «Deconstructing the Difference-Engine: A Theory of Cultural Policy», *Cultural Policy*, vol. 2, 2, pp. 189-212.
- (2001): «From Cool Britannia to Hot Nation: Creative Industries Policies in Europe, Canada and New Zealand», *Cultural Policy*, vol. 7, 3, pp. 437-455.
- VV.AA. (1997): *In from the Margins*, Strasburgo, Consello de Europa.
- (2000): *Cultura y poder local: reflexiones y propuestas desde la Mesa de Concejales de Cultura de los municipios de la provincia de Barcelona*, Barcelona, Editorial Milenio.
- (2005): *A Euro-Rexión de Portugal-Galicia no contexto da Política Rexional Europea: Segundos estudos estratéxicos do Eixo Atlántico*, Santiago de Compostela, Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.
- WILLIAMS, R. (1994): *Sociología de la cultura*, Barcelona, Paidós.
- WORPOLE, K. (1992): *Towns for people*, Buckingham, Open University.
- ZALLO, R. (1997): «Estrategias culturales: el caso vasco», *Voces y culturas*, 11-12.
- (2001): «Políticas culturales territoriales: una experiencia rica, pero insuficiente», en E. BUSTAMANTE (coord.), *Comunicación y cultura en la era digital. Industrias, mercados y diversidad en España*, Barcelona, Gedisa.
- (dir.) (1995): *Industrias y políticas culturales en España y País Vasco*, Bilbao, Servicio Editorial Universidad del País Vasco.
- ZUKIN, SH. (1995): *The cultures of cities*, Oxford, Blackwell Pub.

